

**Revista de
Estudios Miñoráns**

Nº 16-17 | 2017



IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)

Redacción e administración:

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”
Avda. da Feira 10, baixo
Apartado 30, 36380, Gondomar
Tel: 986 360 575
e-mail: oficina@iem.gal
Web: www.iem.gal

Director:	Xulián Maure Rivas
Asesoramento lingüístico:	Miguel Anxo Mouriño e X. M. Rivas
Deseño de cabeceira:	Fernando Pol (+)
Ilustración da cuberta:	<i>Melómanos</i> . De Víctor Lorenzo
Fotografías:	Dos autores e do arquivo do IEM
Deseño da capa:	Xosé Manuel Fachal
Deseño interior e maquetación:	Juan Chamorro

Imprime:

ISSN

Depósito Legal:



Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

Índice

PRESENTACIÓN.....	7
ACHEGAS	9
Achegas dos últimos anos de investigación en paleolítico da sección de etnografía e arqueoloxía do IEM	
Eduardo Méndez–Quintas	
Manuel Santonja	
Alfredo Pérez–González	
Mathieu Duval	
Martina Demuro	
Lee James Arnold	
Xosé Lois Vilar Pedreira	
Manuel Ledo Bernárdez	11
O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal	
Eloy Martínez Soto	
Cándido Verde Andrés	
Xosé Álvarez	
Bruno Centelles García	
Xilberte Manso de la Torre	
Xosé Lois Vilar Pedreira	23
Dous desaforamentos na Baiona medieval (1406 e 1445)	
Xulián Maure Rivas.....	77
Porto do Molle como motor de transformación	
José Ramón Ojea Vidal.....	89
A gheada e o seseo no estilo conversacional do Val Miñor: a construción de identidades na interacción	
Jorge Diz Ferreira.....	105

Alarma lingüística no Val de Miñor	
Seminario de sociolingüística do IEM.....	125
A Marcela. Unha bioinvasión europea que empezou no Val Miñor	
Xosé Ramón García Martínez.....	133
Saharauís no Val Miñor	
Henrique Porto.....	141
Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 (1)	
Xose Lois Vilar Pedreira.....	145
Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 (2)	
Calros Solla.....	151
A nosa memoria de 1936 (1)	
Antón Tovar.....	155
A nosa memoria de 1936 (2)	
Montse Fajardo.....	159
ESPECIAL ARTE.....	161
Do espazo e do tempo. Unha conversa con VÍCTOR LORENZO	
Antonio Soliño Troncoso.....	163
O MEU VAL MIÑOR.....	179
Gondomar e o seu primeiro conde	
Victoriano Taibo.....	181
Mitin na Ramallosa (1912)	
Basilio Álvarez.....	185
Armando Guerra. In memoriam	
Fino Lorenzo	
Antonio Soliño Troncoso.....	189
AS NOVAS DO IEM	
María Lemos.....	195
CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS.....	221

Presentación REM 16/17

Estas son as novas “Achegas” que entrega a Revista de Estudos Miñoráns (REM). § Empeza cunha breve memoria das contribucións que a Sección de Etnografía e Arqueoloxía do IEM foi elaborando e que acaba de culminar coa presentación da tese doutoral de Eduardo Méndez–Quintas na Universidade de Burgos: *Caracterización y variabilidad tecnomorfológica de las industrias achelenses de la cuenca baja de río Miño (NO de la Península Ibérica)*. § Esta mesma Sección presenta un adianto dos estudos que ven facendo sobre a presenza dos garranos nos montes das terras miñotas e a súa posible relación temática cos petróglifos desta comarca. § Nestes anos en que os desafuzamentos marcaron a gravidade da crise económica e social, achegamos varios documentos nos que uns veciños da Baiona medieval (século XV) quedan privados do foro que tiñan coa igrexa de Santa María. § No número 12–13 desta revista apareceu un pequeno dossier con varios artigos sobre o Porto do Molle. Agora neste número dáse unha breve pero cumprida información do estado actual deste parque empresarial con cerca de mil novos postos de traballo cunha grande porcentaxe de alta cualificación. § Sobre o proceso sociolingüístico do Val Miñor hai dous estudos de moi distinta natureza. Por unha parte mídese a deriva do uso bilingüe na xuventude miñorana nos últimos trinta anos e por outra estúdase a natureza social da gheada e do seseo en conversas do Val Miñor. § Documentábase a bioinvasión europea da planta medicinal suramericana “marcela” [*Achyrocline satureioides* (Lam.) DC.] partindo da súa chegada ao Val Miñor. § Recóllese neste número un breve informe sobre a presenza estival de grupos infantís de saharauís acollidos por familias miñoranas. § Dúas intervencións sobre *Relixión do mar*, Premio Vitoriano Taibo de 2016 salientan o valor poético e social do mundo mariñeiro na obra de Xosé Iglesias. § Finalmente, nos oitenta anos dos comezos asasinados da ditadura de 1936, inclúense un poema inédito de Antón Tovar e o texto da intervención de Montse Fajardo na homenaxe anual da Volta dos Nove.

Os apartados “Especial Arte” está dedicado ao artista escultor miñorán Vitor Lorenzo e “O meu Val Miñor” recolle dous textos, un de Vitoriano Taibo sobre o primeiro Conde de Gondomar e outro, un mitin de Basilio Álvarez pronunciado en 1912 no piñeiral da Ramallosa. Remata a revista coas seccións “As novas do IEM” e o “Índice de colaboradores”.

- *Achegas dos últimos anos de investigación en paleolítico da sección de etnografía e arqueoloxía do IEM*
- *O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal*
- *Dous desaforamentos na Baiona medieval (1406 e 1445)*
- *Porto do Molle como motor de transformación*
- *A gheada e o seseo no estilo conversacional do Val Miñor: a construción de identidades na interacción*
- *Alarma lingüística no Val de Miñor*
- *A Marcela. Unha bioinvasión europea que empezou no Val Miñor*
- *Saharauís no Val Miñor*
- *Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 ⁽¹⁾*
- *Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 ⁽²⁾*
- *A nosa memoria de 1936 ⁽¹⁾*
- *A nosa memoria de 1936 ⁽²⁾*

Achegas dos últimos anos de investigación en paleolítico da sección de etnografía e arqueoloxía do iem

EDUARDO MÉNDEZ-QUINTAS
MANUEL SANTONJA
ALFREDO PÉREZ-GONZÁLEZ
MATHIEU DUVAL
MARTINA DEMURO
LEE JAMES ARNOLD
XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA
MANUEL LEDO BERNÁRDEZ

RESUMO


A sección de Etnografía e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoráns impulsou nos dez derradeiros anos traballos pioneiros na investigación do primeiro poboamento humano de Galicia no xacemento da Chan do Cereixo, desenvolto no verán de 2006 baixo a dirección da arqueóloga R. Villar Quinteiro (VILLAR QUINTEIRO, 2009); doutro lado están os traballos de escavación desenvoltos entre os anos 2010 e 2012 nos xacementos de O Cabrón (Arbo) e Porto Maior (As Neves) (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017), que serán os que ocupen estas páxinas.

ABSTRACT:

he archaeology and ethnography sections of the IEM, in the last ten years, have been carrying out pioneer research projects about the first human settlement in Galicia, the site of Chan do Cereixo, a project which originated in the summer of 2006 under the direction of archaeologist R. Villar Quinteiro (VILLAR QUINTEIRO, 2009). On the other hand, we have the archaeological diggings taking place between 2010 and 2012 in the sites of O Cabrón (Arbo) and Porto Maior (As Neves) (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017), which can be found in these pages.

ANTECEDENTES

A investigación sobre o Paleolítico galego leva décadas de atraso con respecto ao coñecemento doutras épocas máis habitualmente investigadas, como os castros ou o mundo romano. Cabe sinalar que nos derradeiros 10 anos a sección de Etnografía e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoráns impulsou traballos pioneiros –case que únicos– na investigación do primeiro poboamento humano de Galicia. Dun lado temos as investigacións no xacemento da Chan do Cereixo, ao abeiro dun proxecto da Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, desenvolto no verán de 2006 baixo a dirección da arqueóloga R. Villar Quinteiro (VILLAR QUINTEIRO, 2009); doutro lado están os traballos de escavación desenvolto entre os anos 2010 e 2012 nos xacementos de O Cabrón (Arbo) e Porto Maior (As Neves) (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017), que serán os que ocupen estas páxinas.



Localización dos xacementos escavados recollidos neste artigo.

O XACEMENTO ACHELENSE SUPERIOR DE O CABRÓN (ARBO)


O descubrimento do xacemento do Cabrón debeuse ás incansables e meticulosas pescudas de J. C. Amil Baltasar e un de nós (Manuel Ledo Bernárdez) cando, a comezos da década dos 2000, identificaron grandes cantidades de ferramentas líticas na superficie dunha plantación de viña recentemente feita. Esta explotación vinícola é propiedade de A. Vázquez Blanco, que en todo momento colaborou desinteresadamente para que os traballos de escavación se puideran levar a bo fin¹.

Contexto xeostratigráfico


Dende o punto de vista xeomorfolóxico o xacemento sitúase na beira dereita do río Miño, encaixado sobre unha terraza erosiva que se atopa a 89 m sobre o nivel do mar e a 63 m sobre o nivel de base do río na actualidade. Neste tramo o Miño circula fortemente encaixado no substrato rochoso, composto por granitos de feldespato alcalino de gran medio a fino. Centrándonos na configuración xeomorfolóxica do xacemento podemos identificar a morfoloxía dun pequeno val colgado, que se encaixa sobre a devandita terrazas erosiva a +63 m, cunha cota de base de + 30 m sobre o nivel do Miño na actualidade.

A sucesión estratigráfica identificada no xacemento correspóndese cunha secuencia de natureza fluvial formada durante o funcionamento dun pequeno afluente do río Miño. Esta secuencia caracterízase por presentar unha importante acumulación de “fangos” –sedimentos limo areosos– formados nun medio de baixa enerxía, que na súa base agacha unha importante concentración de materiais arqueolóxicos (nivel OC1a). Unha reactivación da circulación fluvial do paleoval permitiu o desenvolvemento dun novo proceso fluvial máis enerxético, que na porción conservada de xacemento ten unha presenza limitada, e tamén conserva grandes cantidades de materiais arqueolóxicos (nivel OC2). Sobre esta secuencia fluvial desenvólvese un chan holoceno, afectado por actividades agrícolas históricas (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017).

Os datos cronolóxicos dos que dispomos actualmente derivados do uso de diferentes métodos de datación (Resonancia de Espín Electromagnética –ESR–OB– e Luminiscencia estimulada por infravermellos post–infravermello –pIR–IR–) e da posición xeomorfolóxica do xacemento, indican que o xacemento tivo que ocuparse hai máis de 70.000 anos, moi probablemente ao redor dos 100.000 anos (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017).



Emprazamento concreto das zonas escavadas do xacemento do Cabrón.



Secuencia estratigráfica do xacemento do Cabrón.

Escavacións e resultados

Os traballos de investigación no xacemento prolongáronse entre os anos 2010 e 2012, contando durante as dúas últimas campañas coa axuda económica do Concello de Arbo. Nestes tres anos de traballos o total da superficie escavada ascende a 38 m². Esta extensión foise adaptando as necesidades da investigación, así como os resultados dos mesmos. Deste xeito, desenvolveuse unha zona de escavación ampla –30 m²– onde se centraron a maior parte dos esforzos e varias sondaxes, de finalidade estratigráfica e de delimitación da extensión da ocupación do xacemento.

Os resultados non se fixeron esperar e en case toda a superficie escavada se puideron recuperar materiais arqueolóxicos de características paleolíticas. Asemade, a densidade de restos foi especialmente grande o que levou a recuperación de 3142 pezas nos 30 m² escavados –1292 proceden do nivel OC1a e 1850 do nivel OC2–.

As ferramentas recuperadas en ambos os dous niveis teñen unhas características idénticas. Trátase dun conxunto homoxéneo de materiais de tecnoloxía achelese con grandes configurados –LCTs– de aspecto “avanzado”. En xeral estamos perante un conxunto lítico dominado polos produtos de talla –lascas e diferentes tipos de refugallos derivados da talla– e os soportes de obtención de lascas –núcleos–. Ao seu lado temos un número inferior, aínda que variado e representativo, de utensilios retocados –denticulados e raspadeiras esencialmente– e LCTs –bifaces e fendedores fundamentalmente–. Os tipos de rochas empregadas polos habitantes do xacemento foron case exclusivamente cuarcita e cuarzo, introducidos deliberadamente no propio xacemento. Isto supuxo unha inxente achega e aproveitamento



Proceso de escavación do nivel OC2 e detalle coa presenza dun biface.


de rochas alóctonas, que por exemplo no caso do nivel OC1a supuxo a introdución de 184 kg de cuarcita.

A identificación da funcionalidade deste tipo de lugares en ausencia de restos orgánicos é unha tarefa complexa. Trátanse de espazos próximos a fontes de auga, vencellados a cursos menores da rede lateral do río Miño. Obsérvase a introdución en bruto de gran cantidade de cantos rodados cuxa morfoloxía é compatible coa súa utilización como núcleos e en casos como percusores. Estas rochas foron integramente talladas no xacemento, aínda que eventualmente se introduciron grandes lascas e sobre todo LCTs xa configurados, os cales foron sometidos ao “mantemento” dos fíos no propio xacemento. A acumulación de ferramentas neste lugar non responderían a unha ocupación puntual, senón que derivarían de visitas reiteradas ao longo do tempo nun rango temporal difícil de precisar. Aínda que a ausencia de restos de fauna dificulta contrastar este extremo, a interpretación máis plausible é que nos atoparíamos ante un punto de referencia na paisaxe, onde os grupos de humanos introducirían recursos líticos e alimenticios desde a contorna para o seu posterior procesado e consumo.

O XACEMENTO ACHELENSE DE PORTO MAIOR (AS NEVES)

De novo, coma no caso anterior, o descubrimento casual deste xacemento foi obra dun de nós (Manuel Ledo Bernárdez) a causa de obras incontroladas desenvoltas polo Concello das Neves nese lugar (MÉNDEZ-QUINTAS *et al.*, 2006). Tras diversas e diferentes vicisitudes o xacemento púidose escavar por primeira vez no verán do ano 2012 (MÉNDEZ-QUINTAS *et al.*, 2013), escavación que se repetiría en 2014.


O xacemento de Porto Maior converteuse nunha referencia habitual na bibliografía especializada, con máis proxección científica que o famoso xacemento das Gándaras de Budiño (OOSTERBEEK *et al.*, 2010; SANTONJA & PÉREZ-GONZÁLEZ, 2010; SANTONJA *et al.*, 2016; SHARON & BARSKY, 2016). En torno a este xacemento xerouse unha literatura científica significativa, que pretende estudar os diferentes aspectos do xacemento (MÉNDEZ-QUINTAS *et al.*, 2006; MÉNDEZ-QUINTAS, 2008b, a; PÉREZ-GONZÁLEZ *et al.*, 2009; VILLAR QUINTEIRO, 2011).



Fendedor e biface de cuarcita procedentes do nivel OC1a do Cabrón.

Contexto xeostratigráfico

O xacemento de Porto Maior sitúase na beira do río Miño, dentro dos límites administrativos do concello das Neves. Xeomorfoloxicamente, o xacemento está nunha zona de transición entre un tramo do Miño fortemente encaixado no substrato granítico e outro de amplo e ancho val.




Localización da zonas estudadas no xacemento de Porto Maior.

Desde un punto de vista morfoestratigráfico Porto Maior asóciase cos depósitos dunha terraza fluvial a +34 m sobre o curso actual do río. A secuencia estratigráfica presenta un amplo desenvolvemento de máis de 7 m de espesor sobre o substrato granito alterado. Sinteticamente, os depósitos arrincan nunha sucesión de barras de gravas cuarcíticas, sobre o que atopamos tres niveis de sedimentos finos (niveis PM3–5) con abundosas mostras de ocupación humana.

Os datos cronolóxicos derivados dos múltiples métodos de datación numérica empregados no xacemento (Resonancia de Espín Electromagnética –ESR-OB–, Luminiscencia Opticamente Estimulada termicamente transferida –TT-OSL– e Luminiscencia estimulada por infravermellos post–infravermello –pIR-IR–) indican que a ocupación do lugar se desenvolvería hai algo máis de 200.000 anos (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017).

Escavacións e resultados

As escavacións desenvoltas nos xacementos afectaron a dúas zonas diferenciadas. Dun lado estaría o chamado *Locus I* –o inicialmente identificado en 2005– onde se centraría a maior parte dos traballos e o *Locus II*, afastado do anterior uns 80 m, onde se fixo unha sondaxe coa identificación dunha secuencia estratigráfica e arqueolóxica semellante á do *Locus I*.



Secuencia estratigráfica superior do xacemento de Porto Maior.

A pesar de que a superficie escavada entre os dous *locus* é bastante reducida –uns 18 m²– puíéronse recuperar unha inxente cantidade (3077 pezas) de materiais arqueolóxicos. Dada a desigual superficie de escavación en cada un dos niveis identificados na secuencia superior do xacemento (niveles PM3-5), a maior parte dos materiais proceden do último ciclo sedimentario PM5-2586 pezas–. Con todo cabe destacar a presenza de 290 pezas no nivel PM4 e 161 no PM3, ambos escavados en superficies máis reducidas.

As características dos materiais recuperados nos diferentes niveis arqueolóxicos concordan plenamente coa tecnoloxía achelense, onde sobresa e un abondoso e diversificado conxunto de LCTs. Entre todos estes niveis arqueolóxicos destaca de xeito exponencial o nivel PM4, onde se puido constatar, por primeira vez fóra do continente africano, un escenario de ocupación constituído pola acumulación deliberada de du-



Traballos de escavación e rexistro na concentración de LCTs do nivel PM4 de Porto Maior.


cias de bifaces, fendedores e triedros feitos en cuarcita. Estas pezas serían fabricadas na contorna, trasladados e usados neste punto, para posteriormente ser abandonados alí mesmo (MÉNDEZ-QUINTAS, 2017).

APORTACIÓNS DAS INVESTIGACIÓNS NO CONTEXTO DA HISTORIA DE GALICIA

Aínda que non abundaremos neste senso, e como xa se indicou, é ben coñecido que a investigación e os coñecementos reais dos intres máis antigos da presenza humana en Galicia eran case nulos. Sabíase da existencia de conxuntos de materiais arqueolóxicos dispersos pola xeografía de Galicia, con estreita vinculación o val do río Miño. Solo de xeito puntual e esporádico desenvolvéronse traballos de escavación arqueolóxica en xacementos desta cronoloxía, a maioría dos cales foron parcialmente publicados (SENÍN FERNÁNDEZ, 1995; MÉNDEZ-QUINTAS, 2008b; MÉNDEZ-QUINTAS *et al.*, 2013; MÉNDEZ-QUINTAS, 2017).

O resultado das investigacións postas en marcha e desenvoltas pola sección de Etnografía e Arqueoloxía do IEM, no contexto da tese de doutoramento dun de nós (E.M.Q), veñen a presentar a primeira caracterización e periodización cronolóxica fundada da Prehistoria antiga galega. A escavación dos xacementos de O Cabrón e Porto Maior permitiron identificar series de materiais arqueolóxicos, suficientemente amplas, como para identificar as condicións tecnolóxicas dos primeiros grupos humanos. Isto tamén permitiu facer unha aproximación as condicións funcionais dos xacementos.

A extensión de programas de datación numérica permite establecer un primeiro marco cronolóxico sólido sobre o primeiro poboamento de Galicia. Cos datos actuais a primeira presenza humana no noso territorio dataría duns 300.000 anos



Bifaces de cuarcita procedentes do nivel PM4 de Porto Maior.

atrás, non existindo na actualidade probas dunha presenza anterior, se ben esta é máis que probable.

As características tecnolóxicas e cronolóxicas desta primeira ocupación amosa unhas características idénticas ás recoñecidas no resto do mediodía europeo, o que debe levar a superar definitivamente a errada percepción recollida repetidamente entre os investigadores sobre o atipismo e anacronismo do Paleolítico antigo galego .

NOTAS

- 1 Tamén temos que recoñecer aquí a decisiva colaboración de todas e cada unha das persoas que puxeron o seu tempo e esforzo para os traballos de investigación deste e doutros xacementos: Miguel Alvarado López, Xabier Groba González, Patricia Gallego Estévez, Andrea Serodio Domínguez, Sara Covelo Fernández, Tereixa Otero Dacosta, Anxo de Prado Vázquez, Emilio Rodríguez Freire, Estela Colaneri Rodríguez, Roberto Rodríguez Álvarez, Susana Goyanes Hermo, Xosé María Bouzó, Xilberto Manso de la Torre, Álvaro Peralta Techera, Francisco Javier García Vadillo, Anxo Martínez de Alegría, Juan José Álvarez González, Herminia Rodríguez Pérez, Anxo Rodríguez Lemos, Raquel Rojas e Cándido Verde Andrés. Sirva isto como recoñecemento público pola súa inestimable colaboración e amizade.

BIBLIOGRAFÍA

- BÁRCENA Y VARELA DE LIMIA, FELIPE. Garranos: Os póneis selvagens (*Equus ferus* sp.) do norte da Península Ibérica (pp.75-96) Livro de Atas I Congreso Internacional do Garrano, Candidatura a Patrimonio Nacional. ATAHCA, Vila Verde. 138 pp. 2012
- BAS-LÓPEZ, SANTIAGO. A dieta das greas de garranos salvaxes (*Equus ferus atlanticus*) da parte norte da Serrado Seixo (Pontevedra). Branha nº 15 2017 Edición electrónica da revista da SGHN.
- CABADA CASTRO, MANUEL. A Rapa das Bestas de Sabucedo. Historia e Antropoloxía dunha tradición. Ir Indo Edicións. Vigo 1992.
- FAGUNDEZ, LAGO, HERMIDA. Brezales ,lobos y caballos. Revista Quercus nº 377 julio 2017
- IGLESIA HERNÁNDEZ, PEDRO JESÚS. Los caballos gallegos explotados en regimen de libertad o caballos salvajes en Galicia. U. Complutense de Madrid. Facultad de veterinaria. Tesis doctoral. 1973
- LAGOS ABARZUZA, LAURA. O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba, páxs. 29-39. REM nº 12/13 Vigo 2014
- LEITE RODRIGUES, ANA PAULA. Nos dois lados do río Minho. O senhorio transfonteiro do mosteiro de Santa María de Oia (Séculos XII a XV) páxs. 71-72 . Instituto de Estudos Viguezes , Vigo 2017
- MANSO DE LA TORRE, XILBERTE. *Equus ferus Atlanticus*. As burras do monte da Serra da Groba. Revista de Estudos Miñoráns nº 14/15 Gondomar 2016
- MÉNDEZ-QUINTAS, E., 2008a. La industria lítica de las facies coluviales del yacimiento achelense de As Gándaras de Budiño. El Locus V en las excavaciones de Vidal Encinas. *Zephyrus LXIII*, 2, 41-61.

- MÉNDEZ-QUINTAS, E., 2008b. Las ocupaciones achelenses de las terrazas medias de la cuenca baja del río Miño. *Gallaecia* 27, 7-33.
- MÉNDEZ-QUINTAS, E., 2017. *Caracterización y variabilidad tecnomorfológica de las industrias achelenses de la cuenca baja de río Miño (NO de la Península Ibérica)*, Escuela Interuniversitaria en Evolución Humana. Universidad de Burgos, p. 680.
- MÉNDEZ-QUINTAS, E., SANTONJA, M., PÉREZ-GONZÁLEZ, A., DUVAL, M., 2013. *Avance del estudio geoarqueológico de la cuenca baja del río Miño*, in: Baena Escudero, R., Fernández, J.J., Guerrero, I. (Eds.), *El Cuaternario Ibérico: investigación en el S. XXI. VIII Reunión de Cuaternario Ibérico*, pp. 64-67.
- MÉNDEZ-QUINTAS, E., VILLAR QUINTEIRO, R., SANTONJA, M., PÉREZ-GONZÁLEZ, A., LEDO BERNÁRDEZ, M., 2006. Valoración preliminar del yacimiento paleolítico de Portomaior, As Neves, Galicia. *Zona Arqueológica* 7, 1, 184-193.
- OOSTERBEEK, L., GRIMALDI, S., ROSINA, P., CURA, S., CUNHA, P.P., MARTINS, A., 2010. The earliest Pleistocene archaeological sites in western Iberia: Present evidence and research prospects. *Quaternary International* 223-224, 399-407.
- PÉREZ-GONZÁLEZ, A., RUÍZ ZAPATA, B., VALDEOLMILLOS, A., DORADO, M., VILLAR QUINTEIRO, R., MILLÁN, A., BENEÍTEZ, P., 2009. Nuevos datos del entorno: el yacimiento de Portomaior. As Neves. Pontevedra, in: Villar Quinteiro, R. (Ed.), *Chan do Cereixo (Donas, Gondomar): una actualización del Paleolítico Inferior en Galicia*, pp. 111-129.
- SANTONJA, M., PÉREZ-GONZÁLEZ, A., 2010. Mid-Pleistocene Acheulean industrial complex in the Iberian Peninsula. *Quaternary International* 223-224, 154-161.
- SANTONJA, M., PÉREZ-GONZÁLEZ, A., PANERA, J., RUBIO-JARA, S., MÉNDEZ-QUINTAS, E., 2016. The coexistence of Acheulean and Ancient Middle Palaeolithic techno-complexes in the Middle Pleistocene of the Iberian Peninsula. *Quaternary International* 411, 367-377.
- SENÍN FERNÁNDEZ, I.J., 1995. *A investigación do Paleolítico en Galicia: revisión bibliográfica*. Edición do Castro.
- SHARON, G., BARSKY, D., 2016. The emergence of the Acheulian in Europe-A look from the east. *Quaternary International* 411, 25-33.
- VILLAR QUINTEIRO, R., 2009. *Chan do Cereixo (Donas, Gondomar): una actualización del paleolítico inferior en Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
- VILLAR QUINTEIRO, R., 2011. Datos finales del yacimiento achelense de Portomaior, As Neves, Pontevedra. *Gallaecia* 30, 53-66.

O Proxecto Equus: un novo paradigma nas escenas de caza da arte rupestre galega e do norte de Portugal

**Eloy MARTÍNEZ SOTO
CÁNDIDO VERDE ANDRÉS
XOSÉ ÁLVAREZ “O BURACO”
BRUNO CENTELLES GARCÍA
XILBERTE MANSO DE LA TORRE
XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA
MANUEL LEDO BERNÁRDEZ**

RESUMO

A definición tradicional da arte rupestre galega e do norte de Portugal consideraba o cervo como o animal representado case en exclusiva, sendo residuais e anecdóticos outros animais; équidos e serpentiformes, e os primeiros case sempre en función da caza do cervo macho.

Desde o Proxecto Equus desenvolvido polo Instituto de Estudos Miñoráns, logo de intenso traballo de campo, elaboramos un novo paradigma que di que ao sur da ría de Vigo e ata o río Lima, polo momento, só coñecemos doce sitios con cérvidos gravados e uns 115 con équidos, incluídas escena de caza de équidos perseguidos por antropomorfos a pé e dacabalo, axudados por cándidos e capturados vivos ou feridos e matados, ás veces caendo en trampas. Temos así o mesmo discurso iconográfico que ao norte da ría de Vigo, só cambia o actor: un équido.

PALABRAS CHAVE: petróglifos, galego-portuguesa, équidos, garranos, caza, iconografía, arqueoloxía.

ABSTRACT

The traditional definition of rock art in Galicia and northern Portugal considered the deer as the almost exclusively represented animal, with other animals, such as equine and snakelike being residual and anecdotal, and in the case of the equine almost always referring to the hunting of the male deer.

After an intensive fieldwork, the Equus Project, developed by the “Instituto de Estudos Miñoráns”, elaborated a new paradigm in the sense that we know, at this moment, from Vigo estuary to the river Limia, only twelve places with deer engraved and about 115 with equine animals. These contain hunting scenes with horses pursued by anthropomorphic figures on foot and riding, helped by dogs, horses captured alive, injured, killed, sometimes falling in traps. Therefore, we have the same iconographic discourse than north of Vigo estuary, only the actor changes: an equine animal.

KEY WORDS: petroglyphs, Galician-Portuguese, equids, garrons, hunting, iconography, archaeology.

INTRODUCCIÓN

O crecente interese que nos últimos anos suscitaron os petróglifos galegos e portugueses entre arqueólogos e -non menos importantes- afeccionados á arqueoloxía, tivo como consecuencia directa a consideración dunha distribución espacial moito máis dilatada no espazo do que ata hai pouco se sospeitaba¹. Neste senso, non parece casual que a mudanza nesta tradicional distribución espacial dos gravados ao aire libre teña unha estreita relación coa crecente colaboración de ávidos prospectores e afeccionados² á arqueoloxía, que durante os últimos anos “deron de comer” –non sen librarse da crítica máis academicista- aos profesionais desta disciplina, e fixeron posible o estudo de novas estacións de arte rupestre en lugares considerados ata o momento de pouca ou mesmo nula representación na bibliografía especializada.

É precisamente neste caldo de cultivo no que os que subscribimos estas liñas chamamos a atención sobre a existencia non só dun estilo particular de arte naturalista a partir da marxe sur da Ría de Vigo -algo dabondo estudado e recollido na bibliografía existente³-, senón tamén dun comportamento moi diferenciado no que se refire á representación de équidos e veados nesta área; os primeiros deixan de estar supeditados á monta e á caza dos segundos, nun estilo que podemos denominar como o Grupo Galaico-Portugués da Arte Rupestre (GGPAR).

No presente traballo analizaremos algúns dos petróglifos que desde o Proxecto Equus estamos a estudar e que consideramos excepcionais por varios conceptos: a presenza dun tema (a caza do cabalo) moi inusual nos petróglifos do noroeste peninsular, a iconografía empregada nestes gravados, a ausencia do cervo nestes paneis, e o emprazamento destes gravados en enclaves naturais moi concretos.

O PROXECTO EQUUS

O Instituto de Estudos Miñoráns ten unha longa tradición de estudo, conservación, defensa e divulgación da arte rupestre e dos garranos dos montes do Val de Miñor. Co Proxecto Equus quixemos unir e estruturar nun só proxecto estes camiños paralelos e complementarios.

Un dos nosos suxeitos de estudo neste proxecto son os garranos ou burras do monte que viven ceibes nos montes de Galicia e no norte de Portugal, tamén por todo o setentrión ibérico con distintas circunstancias xeográficas, administrativas, medioambientais, etc.

Estamos a colaborar coas asociacións de propietarios no campo da legalidade administrativa, tentando explicarlles ás autoridades autonómicas a realidade das burras do monte no Val de Miñor e no Baixo Miño, para desbotar a falsa etiqueta que as equipara a gando mostrenco, xa que nin son gando nin son mostrencos, senón animais salvaxes con propietario. Por outra banda, seguimos traballando na preparación dunha manda de burras do monte para o estudo evolutivo no seu medio natural coa mínima intervención humana.

O outro pé do proxecto é o estudo da arte rupestre con representación de équidos no sur da provincia de Pontevedra e o norte de Portugal, proxecto co que levamos traballando máis de dez anos e que organizamos nos seguintes pasos:

proyecto
EQUUS



Logo do Proxecto Equus.

- Identificación dos petróglifos con representación de équidos.
- Elaboración dun modelo de ficha descriptiva do representado, soporte e medio micro e macroxeográfico.
- Rexistro gráfico dos petróglifos mediante o emprego de fotografía, fotogrametría, calco e debuxo dos mesmos.
- Elaboración dun museo virtual cos petróglifos que nos ocupan e divulgación dos mesmos na internet.
- Definición do contexto arqueolóxico e área de distribución xeográfica.
- Os datos anteriores valerán para facer unha análise dos estilos, discurso iconográfico, frecuencia de aparición de motivos, etc., deste conxunto de petróglifos.

Detrás desta análise polo miúdo do fenómeno das representacións de équidos na arte rupestre galaica ou atlántica, latexan varias liñas de conclusións que propoñemos como puntos dunha grande hipótese de traballo que temos que corroborar.

Existen équidos nas outras áreas de arte rupestre en Galicia pero en función -case sempre- da caza do cervo, animal este preponderante e masivamente representado. Non obstante, existe un cambio de modelo de representación que ten como fronteira a Ría de Vigo, ao sur da cal os cervos son moitísimo máis escasos e polo tanto tamén os gravados con escenas de caza de cervos; este animal pasa a un segundo plano pola omnipresencia dos équidos.

O équido (cabalo ou garrano) pasa a ser o centro da representación; cázase desde el, é capturado en vivo e tamén matado. Se está montado, está domesticado; valería

para comer, criar, montar, tirar do carro ou tirar do arado. Se cadra tiña tamén valores inmateriais, quizais apotropaicos, de prestixio, totémicos, etc.

Por outra banda, asociados ós équidos, aparecen compartindo ou desenvolvendo o discurso iconográfico unha serie de elementos icónicos con certa frecuencia presencial (espirais, combinacións circulares, reticulados, etc.) Macroespacialmente, as representacións de équidos comparten territorio cos motivos reticulados e cos muíños naviculares de soporte fixo.

Por suposto que xurdirá o tema cronolóxico en relación co outro tema importante que é o da monta; é serodia da Idade do Ferro como se ten proposto ou anterior ao longo do Calcolítico ou da Idade do bronce? Garranos non faltan, nin nos petróglifos nin no monte, vivos e rinchando.

As vertentes etnográfica, reivindicativa/burocrática e arqueolóxica teñen continuidade natural no campo da divulgación a través de publicacións, conferencias, visitas guiadas e vinculación ao mundo do ensino dentro da liña máis xebre, esbruga do ser do Instituto de Estudos Miñorans.

GARRANOS, BURRAS, BESTAS, CABALOS DO MONTE

Son estes os nomes que podemos escoitar cando se fala dos équidos que viven nos nosos montes desde a última glaciación, hai polo menos uns 15.000 anos (Altuna, 2010, páx.6). Serían estes garranos o que queda dunha especie salvaxe que se mantivo ata os nosos días na cornixa cantábrica, Galicia e o norte de Portugal. Segundo o lugar do que esteamos a falar un mesmo animal leva nomes distintos, mais cientificamente falaríamos de *Equus ferus atlanticus*, segundo propón o zólogo Felipe Bárcena (Bárcena, 2011, páx. 92), que podería constituír unha especie ou subespecie de équido, pendente de estudos xenéticos que o confirmen, distinta da dos cabalos *Equus ferus caballus*, os burros *Equus ferus asinus*, as cebras *Equus zebra* (cebra de montaña) ou o *Equus ferus przewalskii*, que serían os équidos que existen hoxe.

Nas serras e montes de Galicia e norte de Portugal aínda podemos ver greas e mandas do que dan en chamar cabalos salvaxes, garranos en Portugal, e burras nas nosas serras da Groba e o Galiñeiro. Estes animais, sexan ou non unha especie de équido distinta da dos cabalos comúns, si teñen unha etoloxía e morfoloxía diferentes que os fan senlleiros e, dependendo da parte de Galicia a que nos refiramos, veremos animais, polo xeral, máis grandes e de maior alzada cara ao norte, e máis baixos no sur. As capas do coiro tamén amosan máis variedade cara ao norte e menos no sur, onde o predominio é a capa castaña e negra, con animais cun característico luceiro branco na fronte e algunha mancha tamén nas patas. Tamén hai exemplares de capa alazán, é dicir, crinas rubias claras e capa tamén máis clara. Son animais barrigudos, de cabeza grande e cuns bigotes característicos que os axudan na tarefa de comer os toxos, comida que os mantén unha parte moi importante do ano, cando escasea outro tipo de pasto. Son capaces de comer o fento e a silveira, e pasan a maior parte do día e incluso da noite comendo, dado que a achega de proteínas do toxo, fento ou silveira, é mínima e necesitan comer moita cantidade, o que os converte nuns rexeneradores do mato no territorio, fertilizando o solo e mantendo a vexetación baixo control. Arredor dos garranos mantéñense uns ecosistemas moi importantes a nivel ecolóxico, e as tur-



Garranos cubertos de neve na Serra da Groba.

beiras son beneficiadas pola súa presenza, así como diversas especies de insectos, aves e mamíferos como o lobo, que ten unha relación moi directa con eles ao ser unha das súas presas preferidas.

Esta presenza ininterrompida durante tantos anos entre nós supuxo que desde moi antigo os nosos devanceiros tirasen partido dos garranos, nun primeiro lugar como presa de caza para comer, e incluso antes de poder ou saber cazalo, alimento cárnico ao ser presa dos carnívoros maiores que convivían no mesmo espazo. Os nosos antepasados primeiro aproveitaron a preada e a carne que podían roubar a outros animais, e despois foron quen de aprender a utilizar técnicas sinxelas de caza, mediante o acoso e cerco dos animais, para capturalos. É moi probable que os propios lobos fosen sen querelo os mestres de caza dos nosos devanceiros. Os lobos cazan en grupo, en mandas xerarquizadas nas que se reparten o traballo para capturar grandes ou pequenas presas. Isto facíanlo antes de que o home tivese o dominio da caza que despois tivo, en anos de evolución e aprendizaxe, igual que outros felinos e cánidos, como os leóns e as hienas. Co paso dos anos e a evolución tecnolóxica (o uso de ferramentas primeiramente simples, pedras, paus, ósos grandes, etc.), o home foi quen de mellorar tamén as súas técnicas para capturar animais e chegou á domesticación. Nesta domesticación o home aproveitou os animais para comer e mais para usar noutros labores que, arredor do cuarto milenio a.C., tamén foron agrícolas. A aparición da agricultura ten unha cronoloxía que varía dependendo do lugar do mundo ao que nos refiramos, segundo o coñecemento que hoxe temos (Eiroa, 1964, páx. 61). Todo isto lévanos ao intre en que



Grea de garranos nas Chans (Burgueira, Oia). Serra da Groba.

os nosos devanceiros se decataron de que os garranos, que probablemente foron abondosos nesta área xeográfica na que nos imos centrar, eran, ademais de carne para comer, un elemento a domear para tirarlle outro partido quizais con máis valor. A domesticación do cabalo, igual que a agricultura, o dominio do lume e outras técnicas que o home vén usando para mellorar as súas condicións de vida, ben puideron darse en distintos lugares do planeta con cronoloxías distintas ou distanciadas, e non necesariamente por aculturación. A falla de datos lévanos moitas veces a aceptar teorías e hipóteses que máis adiante, con novos, son desbotadas. O que si queremos indicar é que polos rexistros gráficos que atopamos gravados nas pedras na zona obxecto do noso traballo, os équidos foron moi importantes na vida dos nosos antepasados, ao seren representados en escenas de monta, caza e captura, seguindo algúns rituais, nalgúns casos, que nos levan a ver reflectidas pautas de comportamento que tiveron pervivencia no tempo e que chegaron ata hoxe, como as festas dos curros e as rapas, nas que costumes ancestrais aínda se amosan como reliquias doutras épocas, mais nas que si se poden ver, comparándoas con culturas e tradicións doutros pobos e latitudes, a súa antigüidade.

Na bibliografía (Warmuth et al., 2011, páx. 2) e falábase da idade do ferro para a domesticación dos équidos, segundo os contextos arqueolóxicos, na meirande parte das veces no oriente medio e no Mediterráneo.

Este feito da captura dos animais salvaxes dun xeito comunitario dáse probablemente, igual que en pobos das estepas rusas, norte de Europa e oriente, África e América, pola necesidade de mellorar a efectividade na procura de alimento de orixe cárnica, e que derivou nun control dos animais salvaxes dun xeito sistemático para telos dispoñibles cando se necesitaban. Aínda hoxe podemos ver mandas de renos que son acompañados nas súas migracións no Canadá, Noruega e Rusia. Hai moita literatura (Martín. Páx. 2) e gravados ao longo da historia nas que se poden ver estas tarefas executadas por distintos pobos e en distintas latitudes. Nós temos algúns petróglifos, como o do Outeiro dos Lameiros en Sabarís, Baiona (Vilar e Méndez, 2008), nos que



Curro de Torroña.

se ve unha escena de caza ou captura de équidos con axuda de cánidos e coa presenza do home tanto a pé como montando. Ao mesmo tempo temos unha especie de valado que cremos que axuda á captura destes équidos e que, facendo un paralelismo co xeito de capturar équidos que aínda se conserva hoxe na nosa tradición, poderíamos falar do curro máis antigo representado na Serra da Groba.

Para entender ben este traballo debemos coñecer, ademais das orixes (de cronoloxía indeterminada) que intentamos explicar sucintamente nas liñas anteriores, o feito etnográfico que chegou ata nós como festa dos curros e rapa das bestas. Dous elementos culturais moi parellos pero que teñen as súas singularidades que os fan diferentes no manexo final das burras ou bestas, termos que usan na Serra da Groba ou en Sabucedo de Montes, por pór dous exemplos.

A festa dos curros leva parella varias actividades que se celebran no propio día e nos anteriores. Tamén hai que indicar que os garranos, bestas ou burras campan libres polos diversos territorios todo o ano; que nacen, morren e están expostos aos perigos de depredación como calquera animal salvaxe e que teñen a singularidade de teren propietario, xa sexa este individual, familiar ou colectivo. A orixe desta propiedade tamén é diversa e ao longo dos séculos foi evolucionando como as propias sociedades posuidoras, o que non foi atranco para que chegase ata nós, na Serra da Groba, en mans de familias que pasan de pais a fillos as marcas familiares, e a colectiva basicamente dos garañóns que son propiedade das asociacións de propietarios de cada curro. En Sabucedo hai o que se chama as bestas do Santo, ademais das propias dos veciños, e



Cordón para levar aos garranos ata o curro de San Cibrán, Gondomar.

temos informacións da orixe e control das bestas por parte da Igrexa (Cabada Castro, 1992, páx. 82). Na Serra da Groba descoñecemos outro tipo de propiedade que non sexa a dos veciños, e no tombo do mosteiro de Oia, contrariamente ao que sucede no caso de Sabucedo, non atopamos referencias claras sobre as burras do monte, o que nos estraña, dado o gran control que sempre houbo sobre todo o que se producía ou aproveitaba nos nosos montes e terras. Temos un traballo pendente de seguir pescudando na documentación antiga para tentar atopar algunha mención específica.

A festa do curro é a culminación do proceso de captura in vivo dos garranos ou burras. Dicimos festa do curro porque ese día os propietarios e a súas familias xuntan para levar a cabo o ritual de subir ao monte, xuntar as burras, guialas ata o curro e cercalas no que hoxe é un recinto de pedra, o curro propiamente dito, no que posteriormente se procederá á identificación dos animais e as súas crías, a rapa e desparasitación e a venda ou troco dos animais que se considere, así como o aproveitamento das crías para consumo propio. Antigamente, cando estes animais tiñan outro valor de uso, as vendas eran importantes e os tratantes mercábanas para levalas ás feiras ou para as carnicerías especializadas. Tamén se vendían as crinas que eran aproveitadas para facer cordas, cepillos e recheos de butacas e sofás.

O día do curro era unha romaría de xente que ía participar de distintos xeitos na serra. Hoxe os veciños manteñen unha tradición que vén de lonxe, co seguinte ritual:

- As semanas anteriores os propietarios soben ao monte ver onde están as súas burras e comprobar se pariron e as marcas que teñen as súas crías. Este labor é importante para identificar con posterioridade as crías propias.
- O día antes xúntanse para facer unha previsión da xente que vai ir facer o cordón e cantos teñen que ir para cada lugar. O cordón é o grupo de xente que se vai distribuír pola área onde viven as burras para ilas levando todas cara a

un punto, onde cercadas pola xente dacabalo e a pé, son guiadas ata o recinto maior do curro, ou curro grande.

- O propio día do curro desde primeira hora da mañá distribúense polo monte e metendo todo o ruído que poden escorrentan as burras pechando un círculo que as levará ata o curro.

- Ao medio día adoitan chegar ao recinto. Aí comeza o traballo de ver as que entraron e cada propietario identificar as súas, e marcar coas tesoiras as crías, pódolle a súa marca para que pola tarde sexa identificada e non se perda.

- Ás cinco da tarde, despois de xantar e descansar un pouco, os animais son guiados cara ao curro pequeno, separando as crías das nais e meténdoas no curro dos poldros.

- Cos animais dentro do curro grande, comeza a tarefa de sacalos un a un. Primeiro os garañóns, porque pelexan, despois as burras preñadas porque poden malparir, e para finalizar a eito. Cada quen coa axuda da vara de encabestrar ou gaxada, da que penduran o cabestro ou cabezada, irán encabestrando as burras para sacalas para fóra, rapalas, desparasitalas e, se se venden, están sen marcar ou trocan de dono, marcalas coa marca propia, co ferro candente que previamente se puxo no lume.

- Despois son ceibadas, ás que teñen cría que queda no monte xuntáselles a cría que está no curro dos poldros e cada animal volve ao seu lugar de campeo, rinchando e formando os grupos familiares nos que adoitan moverse pola serra.



Poldros no curro de Torroña.



As varas de encabestrar, para tirar do curro aos garranos.

Os marcos son as marcas gravadas no coiro de cada animal que identifican o propietario. Estes marcos ou marcas poden ser signos, letras ou números, e cada familia ten os seus, e vains pasando de pais a fillos ou, nalgúns casos, vendéndoos cando se desfai de todos os animais. Son un patrimonio etnográfico e na Serra da Groba son gravados a ferro quente no coiro. Noutros lugares os animais son marcados nas orellas de distintos xeitos. Algúns destes marcos son debuxos moi antigos que semellan algún dos petróglifos que podemos ver gravados nas pedras, e tamén nas igrexas románicas, pontes e castelos, como marcas de canteiro. Hoxe a maioría dos marcos son números e letras, antigamente eran marcas de debuxos. Pode que a alfabetización da propia poboación tivese moito que ver neste troco que se manifestou nos últimos 40 anos e que temos estudado noutro artigo na REM nº 14/15 “As burras do monte da Serra da Groba”.

Dende a ría de Vigo ata o río Miño a presenza dos garranos mesturada coa paisaxe é unha constante e foi reflectida historicamente nos gravados rupestres que aquí amosamos. Tamén o seu manexo e captura é un feito que perdurou, sendo un patrimonio etnográfico e natural con varias caras das que só amosamos unha pequena parte. Si é importante, para finalizar este pequeno resumo, falar da distribución espacial deste manexo nas áreas de influencia de cada curro, que están delimitadas polos propietarios desde antigo, e que non responden a criterios parroquiais, municipais ou comarcais, sendo máis ben áreas de deambulación ou campeo dos propios animais e as súas greas, con límites espaciais unhas veces claros e singularmente algún accidente xeográfico



Ferros de marcar, preparados para pórilles o marco aos garranos.

(río ou regato, corda do monte, etc.) e outras superpóñense áreas comúns ao ser lugar no que se alterna a presenza de distintas greas. Isto dá lugar a que estas greas que habitan os lugares, poderíamos dicir, estremeiros entran ás veces en dous curros, ao atoparse dentro da faixa do cordón dun e doutro.

Asemade, tamén ficou a pegada da presenza dos garranos e o seu manexo na nosa toponimia, que as máis das veces ten por baixo un pouso de miles de anos e na que é moi interesante pescudar, recollendo a máis xenuína que só está na memoria dos nosos maiores que viviron a relación coa natureza e a terra dun xeito moi diferente ao que agora se vive. O perigo de desaparición dese patrimonio leva implícita a perda de moita e valiosa información para as investigacións arqueolóxicas, etnográficas e filolóxicas.

Este resumo do proceso do curro vén ser un intento de explicar sucintamente un feito que moi probablemente se vén dando ininterrompidamente desde hai miles de anos na zona obxecto de estudo deste artigo. A presenza dos garranos ou burras, e o seu aproveitamento, tivo ao longo do tempo fases de maior e menor importancia para a propia supervivencia dos nosos paisanos, e de ser unha fonte de alimento directa, de medio de axuda para o transporte e labores agrícolas, de troco ou venda por outros alimentos ou aparellos, de forza de traballo nas minas e nos labores de carrexo de pedra das canteiras, de madeira dos montes, etc., pasou a ser un simple animal da fauna galega que hoxe é como unha peza arqueolóxica viva que ten o seu reflexo na nosa arte rupestre máis representada do que se coñecía ou tiña estudado.

Este traballo pretende ser só unha pequena mostra dun patrimonio senlleiro que merece un estudo máis pormenorizado e que pretendemos encetar con estas apreciacións e observacións que hoxe expomos ao mundo científico e aos que nos lean.

O TRABALLO DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA NO PROXECTO EQUUS

A integración de novas técnicas de computación no eido arqueolóxico contribuíu enormemente ao crecemento de novas e diferentes aproximacións na investigación arqueolóxica, como é o caso da representación e estudo de xacementos arqueolóxicos e obxectos mediante a restitución dixital en 3D. Todo isto resultou especialmente evidente no caso das investigacións relacionadas cos petróglifos galegos e -máis concretamente- no *Proxecto Equus*, onde a fotogrametría tivo un papel moi importante pola súa capacidade de reproducir de forma moi precisa os motivos artísticos presentes na rocha ademais do seu estado de conservación.

Un achegamento á bibliografía xerada ao longo da historia da fotogrametría permitíranos, de maneira moi sumaria, coñecer cales foron os antecedentes da súa aplicación ao estudo dos gravados rupestres ao aire libre.

A FOTOGRAMETRÍA: UNHA “NOVA” ALIADA PARA O ESTUDO DOS PETRÓGLIFOS DO NOROESTE PENINSULAR

A fotogrametría pódese definir, en liñas xerais, como unha técnica que permite crear de forma semiautomática modelos tridimensionais a partir de fotografías tomadas desde diferentes puntos de vista. Aínda que a súa vinculación coa arqueoloxía virtual⁴ sexa relativamente recente, trátase dunha técnica que remonta as súas orixes a finais do século XIX e ás primeiras décadas do século XX, co desenvolvemento da fotografía estereoscópica primeiro, e máis tarde coa fotogrametría analóxica e a súa aplicación no eido da cartografía. Non obstante, non será ata mediados da década dos noventa do século pasado cando xurda a fotogrametría dixital e con ela os primeiros levantamentos fotogramétricos (modelos 3D, ortofotos, cartografía dixital, etc.) nos que a gran maioría dos procesos son automatizados e se realizan a través dun computador.

Nesta primeira etapa, non obstante, a maioría dos exemplos de levantamentos fotogramétricos -especialmente aqueles de maiores dimensións- foron realizados mediante escáner láser e non mediante o emprego de fotografías, debido -esencialmente- ás limitacións técnicas dos sistemas de computación da maioría dos usuarios naquel momento.

En Galicia atopamos a principios deste século algúns traballos nos que se afonda na reprodución tridimensional de petróglifos mediante escáner láser e fotogrametría dixital⁵. Debemos destacar a iniciativa promovida en 2011 polo Instituto de Estudos Miñoráns -en colaboración co Instituto de Cerámica de Galicia e o Instituto Tecnolóxico de Materiais de Asturias- que levou a cabo o rexistro en 3D dalgúns dos petróglifos do Val Miñor⁶ mediante o emprego de escáner láser.



Levantamento fotogramétrico do panel principal do Outeiro dos Lameiros (Baiona) realizado mediante escáner láser polo Instituto de Estudos Miñoráns en 2011.

Malia todo isto, o desenvolvemento en tecnoloxías de análise 3D non estivo acompañado ata hai pouco tempo polo desenvolvemento de interfaces de visualización⁷ que permitisen ver claros os motivos representados na rocha, especialmente naqueles casos nos que a erosión do soporte era moi forte ou o gravado moi pouco profundo de seu. A información procesada mediante o escaneo 3D non estaba sendo explotada totalmente polas tecnoloxías de visualización e, polo tanto, os códigos visuais empregados ata o momento eran en esencia os mesmos que cando os debuxos e os mapas eran confeccionados a man.

Os avances no desenvolvemento da técnica *Structure from motion* (SFM) e de novas interfaces de visualización permitiron que o estudo e rexistro 3D da arte rupestre galega experimentase un cambio considerable nos últimos anos, chegando a erixirse como unha boísima alternativa ao emprego dos custosos escáner láser, que na maioría dos casos ofrece peores resultados no que á textura fotográfica se refire. A fotogrametría SFM é unha técnica que -aínda que inspirada na fotogrametría dixital- procede do mundo da visión por computador e permite crear modelos 3D a partir de coleccións de imaxes non estruturadas, sen cámaras calibradas, e mesmo usar distintas cámaras, polo que se presenta como unha opción máis polivalente e robusta. Na actualidade, fotogrametría e SFM mestúranse nos diversos programas que dan soporte a este tipo de tarefas, reducíndoo todo a simples procesos de fotogrametría, cando máis ben deberíamos falar de SFM, aínda que finalmente os nosos resultados van ser en liñas xerais moi parecidos⁸.


A técnica *Reflection Transformation Imaging* (RTI), empregada por primeira vez no 2001, tiña como obxectivo fundamental unificar a técnica e o método do levantamento de calcos. Baseada nos chamados *Polynomial Texture Mapping* (PTM)⁹ consistía na captura dunha serie de imaxes tomadas sempre desde a mesma posición e sen variar o ángulo, cos correspondentes cambios na posición de fonte de luz a partir dunhas esferas que teñen que ser incluídas na escena, como punto do que parte a fonte de luz a través do seu reflexo¹⁰. O principal problema desta técnica é que, debido a que as

fotografías deben ser tomadas desde o mesma posición e ángulo, resulta moi difícil de aplicar en superficies de grandes dimensións.

Pola súa parte, a técnica *Morphological Residual Model*¹¹ (MRM), permite representar dunha forma moi clara as diferenzas morfolóxicas existentes na rocha, acentuando a partir dun código cromático as diferentes profundidades dos sucos dos petróglifos. Unha técnica moi similar e tremendamente útil é a aplicación dos filtros *Radiance Scalling* e *Lit Spheres*¹² mediante o uso do software *Meshlab*, o cal permite remarcar os sucos existentes na rocha ao mesmo tempo que podemos cambiar a posición do noso modelo 3D en tempo real para comprobar os motivos gravados.



Modelo 3D e posición das cámaras dun levantamento fotogramétrico realizado mediante a técnica Structure from Motion (SfM) en Photoscan.




Comparación de diferentes modos de renderizado¹⁶.

Na mesma liña que os seus predecesores, o *As Trend*, creado en 2015 por un equipo de investigadores da Universidade de Santiago¹³, combina o sistema SFM con dúas análises visuais propias dos *Modelos Dixitais do Terreo (MDT)*. Esta novidosa técnica está baseada na extracción da nube de puntos LAS¹⁴ dun modelo 3D, que máis tarde é procesada cun software de visualización LIDAR. Unha vez exportada a nube de puntos do modelo 3D en formato *.las*, este debe ser procesado coa técnica *Accessibility Shading* dispoñible no software *Lidar Visualization Toolbox*, para producir unha imaxe que mostra claramente as cavidades da rocha. Paralelamente, mediante a combinación desta técnica e o *Trend Removal Analysis* -dispoñible tamén no software citado anteriormente-, pódese crear un renderizado dos gravados no que os negativos e os positivos dos sucus pódense colorear seguindo un código cromático determinado. A proposta dos creadores deste sistema completárase coa creación dun calco a partir da modificación dos valores de iluminación do renderizado, a través dun programa de edición de imaxe. Desta forma, obtense un rexistro moito máis lexible e simplificado dos motivos que se representan no petróglifo. A pesar de que esta técnica é de gran utilidade para obter unha lectura simplificada dos motivos representados, desde hai tempo vimos observando que se poden obter resultados moi similares -ou incluso superiores nalgúns casos- mediante o emprego do *Radiance Scalling* en *Meshlab*¹⁵. Naqueles casos onde os gravados están moi desgastados ou teñen un suco moi débil, consideramos que esta técnica pode chegar a “simplificar” demasiado o petróglifo, descartando desta forma algúns trazos que tamén poden formar parte dos gravados que son de orixe antrópica.

O REXISTRO 3D NO MARCO DO PROXECTO EQUUS

Existe unha clara falta de estandarización do método de reprodución de gravados rupestres no que se refire a avaliar cales son os mellores procedementos para cada



Modelo Dixital de Elevacións (DEM) e curvas de nivel da Laxe da Presiña (Peiteiros, Gondomar).

caso e cales son os pasos exactos para conseguir unha reprodución 3D dun petróglifo o máis fiable posible. No presente traballo puxemos en práctica algúns dos métodos citados anteriormente para o levantamento 3D dos petróglifos¹⁷, ademais de empregar fotografía nocturna, calco dixital e outros métodos máis tradicionais de corte non invasivo. Malia todo isto, durante o transcurso desta investigación caemos na conta de que, dos métodos mencionados anteriormente, ningún deles se adaptaba en exclusiva aos máis de 100 petróglifos que levamos documentados. Nalgúns casos, por exemplo, cando se trata de superficies moi irregulares con granito de gran moi grosso e cunha erosión moi acentuada, algúns dos métodos presentados no anterior epígrafe resultan cando menos moi confusos, debido á cantidade de “ruído” existente nos renderizados.

Naqueles gravados que presentaron unha lectura confusa, optamos pola comprobación *in situ* dos motivos, o uso dunha focal macro máis curta na toma de fotografías do levantamento microfotogramétrico, ademais do emprego doutro tipo de filtros de postprocesado como o *Minnaert* (similar ao *V-RTI*) e *Quality Mapper* en *Blender* e *Meshlab*. A técnica *Minnaert* permite visualizar os gravados cun sombreado uniforme sen acentuar os motivos, de maneira que o renderizado non está tan contaminado ou cargado coma noutro tipo de filtros de postprocesado; desta forma, o gravado aparece de forma uniforme e coa posibilidade de modificar os puntos de luz. O *Quality Mapper*, pola contra, permite colorear os diferentes desniveis do suco mediante esquemas de gradacións cromáticas modificables, determinando desta forma os motivos máis ou menos profundos. Unha característica moi interesante desta técnica é a posibilidade de combinar as gradacións cromáticas con outros filtros como o *Radiance Scalling*, de maneira que os sucos aparecen ademais moito máis acentuados.

Outra das virtudes da fotogrametría é a posibilidade de escalar e xeorreferenciar dixitalmente os modelos 3D a partir de referencias tomadas *in situ*; isto permitiunos crear *Modelos de Elevacións Dixitais (DEM)* con curvas de nivel, algo que resultou tremendamente útil para analizar os desniveis en superficies moi grandes e avaliar os microrreleivos en superficies de menor tamaño.

A PANACEA UNIVERSAL?

Como xa vimos adiantando, este tipo de técnicas permiten reproducir a rocha en 3D con gran precisión e amosar motivos a maioría das veces invisibles para o ollo humano por mor da erosión; desta forma, contribúese ao paulatino abandono doutras técnicas máis “invasivas” como o tradicional *frotage*, aparentemente inofensivo pero especialmente contraindicado en petróglifos con termoclastos¹⁸, ou o calco sobre plástico, xa que neste caso é necesaria a intervención directa sobre a rocha para o remarcado dos sucos con xiz ou outro tipo de pintura inocua. Ademais -e permítase o ton pesimista- o rexistro 3D dos petróglifos galegos constitúe unha medida preventiva moi eficaz ante a indefensión e a paulatina desaparición de petróglifos en Galicia por mor do desleixo, a inacción das autoridades autonómicas e a incapacidade das administracións locais para protexer uns bens tan singulares coma estes.

O levantamento 3D sería, xa que logo, unha sorte de “copia de seguridade” dun pasado que, se a cousa non cambia -e así o cremos-, está esmorecendo pouco a pouco. De feito, o avance neste tipo de técnicas está provocando de forma inconsciente algo que



Termoclastos existentes nun petróglifo con équidos en Cardielos (Viana do Castelo, Portugal).

consideramos que pode ser moi positivo para a protección dos petróglifos e doutros bens culturais en xeral; a relativa facilidade coa que calquera persoa pode reproducir en 3D un petróglifo simplemente coa axuda dunha cámara ou dun teléfono móbil. Todo isto, non deixa de contribuír un pouco máis á divulgación dun bens culturais pouco accesibles para a maioría dos públicos e, xa que logo, á democratización da arqueoloxía. Nos últimos anos, e debido en gran medida ao uso das novas tecnoloxías, produciuse un certo “redescubrimento” das estacións de arte rupestre en Galicia e no norte de Portugal debido á aparición de novos motivos que coas técnicas tradicionais pasaron totalmente inadvertidos; este feito, é algo que non fai máis que evidenciar a necesidade dunha revisión concienciada dos petróglifos coñecidos.

Por outra banda, a reprodución dos petróglifos en 3D e o seu postprocesado mediante interfaces de visualización permiten eliminar en gran medida a subxectividade propia do proceso de interpretación dos gravados. Desta forma, o camiño a seguir será a creación dun método que, na medida do posible, substitúa paulatinamente o calco tradicional.


Pero a pesar dos moitos puntos ao seu favor, ningún dos métodos mencionados anteriormente constitúen -por agora- un substituto definitivo para o calco (tradicional ou dixital), a fotografía nocturna ou o estudo e comprobación *in situ* dos gravados, este último aspecto de carácter obrigatorio. A nosa experiencia inclínanos a pensar que a información debe ser contrastada co maior número de metodoloxías posibles, sempre e cando estas non comprometan o estado de conservación do soporte. Debemos chamar a atención tamén do feito de que non todos os petróglifos teñen unha lectura fácil, xa que moitas veces isto é algo que está moi condicionado pola erosión, o tipo de granito, o tempo que estiveron expostos ás inclemencias meteorolóxicas, etc.

A todo o anterior debemos sumar a limitación técnica coa que temos que contar se traballamos cuns medios económicos limitados, como é o noso caso, xa que condicionarán en boa parte o resultado dos traballos. O uso de superordenadores para o procesado das imaxes que compoñen o levantamento fotogramétrico, supón un punto a favor neste tipo de investigacións, xa que, a maior potencia, máis precisos serán tamén os modelos tridimensionais.

UN NOVO PARADIGMA DE REPRESENTACIÓN DAS ESCENAS DE CAZA

A zona de estudo é Galicia e o norte de Portugal ata o río Lima cunha extensión ata Varziela; un petróglifo de moita entidade xa na cámara municipal de Felgueiras. Imos entón analizar a arte rupestre de Galicia e do norte de Portugal.

Cando se fala de arte rupestre ao aire libre analízanse os motivos gravados nos varios miles de superficies que se coñecen cunha maioría de figuras abstractas, xeométricas, encabezadas polas coviñas, cunha función semellante ao fósil director, que están presentes en case todos os petróglifos. A segunda figura máis abundante son os circos e as combinacións circulares de distintos tamaños e variedades e as relacións entre elas. Hai tamén, pero moitas menos, espirais, reticulados, pseudo-labirintos e labirintos -ambos moi escasos- e tamén unha colección de liñas que percorren a superficie, máis ou menos longas, con máis ou menos



Mapa representativo de gravados con équidos e cervos.

voltas. Por último, figuras con poucos exemplares na área de estudo, ás veces un único caso ou casos zonais como os motivos oblongos dos gravados de Agolada.

No conxunto dos motivos naturalistas, aqueles que identificamos con algún modelo real que existe ou existiu, hai poucas variacións; só o grupo de armas con modelos de espadas, puñais, alabardas escutiformes e lanzas e os “paus” ou raías que portan figuras antropomorfas a pé ou dacabalo e que polo seu exceso de esquematización non identificamos. Tamén hai trampas ás que aludiremos ao longo deste artigo e unha listaxe pequena de zoomorfos composta por cervos, équidos, cans e algún tipo de ungalado que pola ausencia de grandes cornos non sabemos se son corzos, gamos, ...

Falouse longamente da existencia de serpes. Si parece clara a do castro das Pías (Pontearreas), tan clara como máis moderna que os gravados que aquí nos ocupan. Non consideramos ofidio o que pensamos que é unha sebe e unha trampa de caza na Pedra da Boullosa e non temos moi claro, sen negalo, que sexan serpes outras liñas onduladas existentes.

O animal representado varios centos de veces é o cervo, desde a aldea de Nande en Laxe (A Coruña), na Pedra Xestosa, pasando por Carnota, O Son, a comarca de Santiago, o importante grupo de Rianxo e por suposto Poio, Moraña e a área nuclear, por cantidade e calidade, de Campo Lameiro, Cotobade e Pontecaldelas. Cara ao sur raréase a presenza de cervos. Disto imos tratar polo miúdo. Foi traballo do IEM a análise das escenas de caza que os datos académicos máis entusiastas elevaban a preto de 30 superficies, os resultados do traballo bibliográfico e o de campo fíxonos pasar do medio cento o número de escenas de caza de cervo macho e todas na área xeográfica descrita agás a dos Bidóns (Fig. 01) (Amoedo, Pazos de Borbén), Os Morouzos (Pedornes, Oia) e quizais A Quinta dos Galegos (Verdoejo, Valença).

Pero ao norte da ría de Vigo tamén hai équidos representados e algúns como único motivo figurado do petróglifo; é así na Laxe dos Bólos, A Chan da Carballeira, A Carpinteira, A Laxe dos Cabalos ou A Siribela VI e X. Hai máis équidos e montados como un elemento integrado na narración da escena de caza do cervo macho. O conxunto de elementos son o cervo cazado ou acosado, a arma no corpo do cervo ou na man do antropomorfo, o propio home a pé ou dacabalo atrás do cervo, os cans axudantes e a trampa. O que hai entre o sur da ría de Vigo e o río Lima coa extensión ao Penedo de São Gonçalo (Varziela, Felgueiras) é máis dun cento de petróglifos con representacións de équidos co mesmo comportamento que os petróglifos de cervos ao norte da ría de Vigo. Cambia o actor principal. O animal acosado e cazado é un équido perseguido por homes a pé e dacabalo, riscos a xeito de armas nas mans dos antropomorfos, poucas veces no lombo dos équidos, hai presenza de trampas e valados. Por suposto que hai équidos sos ou montados ou no medio dun bosque de combinacións circulares na Chão do Moinho de Vento (A Breia, Cardielos; Viana). Hai unha multiplicidade de variantes no soporte, no emprazamento, no contorno, etc., que pasamos a analizar.

OS PETRÓGLIFOS

En 2015 propuxémonos estudar os gravados de animais do norte de Portugal e o sur da provincia de Pontevedra para tratar de chegar a algún tipo de conclusión. Para iso consultamos a bibliografía pertinente, aproveitamos o coñecemento do territorio e



Fig. 01. Os Bidóns (Amoedo, Pazos de Borbén).

revisamos as superficies coñecidas. Tamén puxemos a traballar, aínda máis, a Cándido Verde e Xosé Álvarez “O Buraco”, como guías de campo a ambas ribeiras do Miño e poñendo aínda máis empeño neste tipo de gravados. Pronto pasamos dunhas iniciais cinco ducias de petróglifos a máis dun cento no momento de redactar estas liñas.

Este artigo é un adianto dun texto máis longo, que tería que aparecer en forma de libro, polo que aquí non hai espazo para un exame escrito polo miúdo de cada caso. É preciso indicar que todos os petróglifos foron visitados, todos varias veces e todos foron fotografados e tirada unha imaxe dixital para contrastar o estudo in situ e o estudo na pantalla do computador.

As análises e as conclusións aquí expostas son moi meditadas pero mellorables e froito da honestidade profesional así como da experiencia de máis de 35 anos vinculados ao mundo da arte rupestre.

Comezamos a análise polo norte da área de estudo na que denominamos a *zona bisagra*, a zona de contacto entre o mundo da preponderancia do cervo como animal central da arte rupestre e o comezo da zona onde esta función pasa a tela o équido.

Pontecaldelas, no val do río Verdugo, é o espazo con maior concentración de escenas de caza do cervo macho incluso co exemplar de maior envergadura na Afiada dos Legóns (2,65m). A pesar disto quizais haxa caza ou acoso dun équido no Outeiro do Pío (Tourón) e uns metros máis arriba as escenas de monta de équidos da Siribela VI e X. Non moito máis ao sur, na parroquia de San Martiño de Ventosela (Fig. 13) (Redondela), na Pedreira xa temos un petróglifo no que os únicos animais representados son équidos, tanto esquemáticos, cunha soa liña central da que saen os apéndices para formar patas ou orellas, como gravados noutro estilo máis naturalista cun dobre trazo, un para significar o lombo e outro a barriga, creando un espazo de corporeidade, un volume e así máis presenza física, aproveitada incluso para gravar liñas neste corpo,

para montarlle un xinete con máis detalle; as orellas do équido son longas e brevemente ramificadas (Santos-Estévez, 2005). O animal trota, o antropomorfo terma das cinchas da cabezada; todo isto para as figuras centrais da composición de 8 équidos gravados nun bosque de arte abstracta composto por coviñas, combinacións circulares e outras liñas con distintas intensidades de gravación. Pero, o dito, só équidos.

Esa zona que chamamos *bisagra* é no mundo da arte rupestre galega e portuguesa a zona de inflexión, de cambio situada ao fondo da ría de Vigo ao sur do río Oitavén cunha grande área de arte abstracta entre Gargamala e Amoedo/Cepeda. Logo da potentísima concentración de arte figurada de Tourón-Parada-Cuñas, co maior número de escenas de caza de cervos, ao sur hai unha grande extensión de arte abstracta con exemplos puntuais de animais na Pedra das Tenxiñas -afectada gravemente polo lume de 2006 e outra vez polo de 2017 (15/10/2017)- onde hai, agora mutilados polos termoclastos e a desidia, catro cervos, e faltan os dous da escena de cópula publicados por Sobrino Buhigas (1935, Tab XLVII). Estes gravados están na freguesía de Borbén, en todo Amoedo hai un par de zoomorfos (ou 3) na Veiguiña Longa e os gravados ao sur dos Bidóns mal publicada como O Alargo dos Lobos (Fernández Pintos, 2013). Nunha rocha que se ergue menos dun metro da rasante do chan, a súa parte alta está gravada con coviñas ciscadas pola rocha e, entre outros trazos, tres conxuntos de coviñas dispostas xeometricamente, os tres compoñendo figuras distintas. Unha lembra o petróglifo da Legua Seca (Amoedo) ou O Outeiro da Forcadela (Tourón) e outra é semellante ás figuras gravadas no petróglifo da zona do Valongo (Cepeda). A cara vertical do soporte, caída ao norte, ofrécenos un grupo de animais que analizamos de esquerda a dereita: un équido montado ao trote, orellas marcadas, tanxente ás patas largas dun cervo macho executado nun estilo único no GGPAR co corpo estreitísimo e curto, a cornamenta ben indicada, debaixo da barriga un animal de pequenas dimensións que parece un cánido aínda que polo seu emprazamento lémbra-nos a cópula da Laxe das Sombriñas (Tourón) ou a posible da Afiada dos Legóns (Cuñas) xa que hai un trazo que de non ser o rabo do cánido, neste caso, sería o falo do cervo penetrando unha femia moi reducida de tamaño. Na parte inferior hai outro animal ao trote, ou se cadra ao galope tendido con ámbolos dous pares de patas estendidas e orellas ou corniños. Fronte ao cervo hai outro cuadrúpede

estático que semella outro équido con antropomorfo participando no acoso e caza e situado debaixo de dúas liñas rectas que converxen en ángulo agudo e o espazo intermedio está cruzado por cinco liñas paralelas e outras máis a xeito de rede de caza.

Xunta este panel figurado existe unha rocha plana nas Cavadas da Rabadeira con cinco puñais rompendo a monotonía de dúcias de petróglifos de arte abstracta.

ANÁLISE XEOGRÁFICA

Ó sur de San Martiño e Amoedo o mundo da arte rupestre é outro. Estudamos a zona que vai de aquí a Arbo e Monção ata o mar. En todo este espazo hai arte abstracta, coviñas, combinacións circulares, espirais, tres figuras de labirintos e por suposto liñas que percorren a pedra ou que constrúen figuras que non sabemos definir máis alá dunha descrición formal. Nesta zona enorme son moi escasas as representacións de cervos, mentres que se contabilizaban uns 300 exemplares (Peña e Rey, 2001) hai máis

de tres lustros para toda Galicia. Só coñecemos un exemplar no Coto do Corno (Cabeiro, Redondela), un nos Bidóns (Amoedo, Pazos de Borbén) nunha complexa escena de caza, un só exemplar nas Millaradas (Matamá, Vigo), tamén está só o individuo do Sueido (Chandebrito, Nigrán), hai outro na Tomada das Medoñas (Priegue, Nigrán), só un na inmensa superficie das Portaxes (Tebra, Tomiño), un na Chan da Devesa do Rei (Sabaris, Baiona) con outros dous zoomorfos máis compoñendo a escena; dous cérvidos na Chan das Tomadas (Chandebrito, Nigrán); dos vinte e tres animais do petróglifo de Figueiredo no río de Vilar (Pedornes, Oia) só un ten cornas. Ningún ten cornamenta na Quinta dos Galegos (Verdoejo, Valença). Só fican os cervos claros e de moi boa elaboración do Pinal do Rei (Marzán, O Rosal) e da Pedra da Escorrega (Verdoejo, Valença). Estamos entón, a falar de doce superficies con cérvidos contra un cento nas que o animal representado é o équido.

Continuamos coa caracterización temática desta zona na que coinciden os motivos reticulados e os muíños naviculares de soporte fixo. Os primeiros non superan o sur da ría de Vigo cara ao norte (hai un único caso en Marín). Referímonos a reticulados regulares, simétricos que decote teñen 7, 8, 9 casiñas por lado e aparecen sos ou compartindo a superficie con coviñas, combinacións circulares, labirinto (Monção) ou con équidos ou con muíños naviculares ou espirais.

Canto aos muíños naviculares ben sabemos que non son propiamente motivos, son artefactos cunha utilidade cuestionada. O que si constatamos é que moitos comparten superficie con coviñas, combinacións circulares, cervo (O Coto do Corno), espirais (O Outeiro da Campana), reticulados (O Carballoso) e que moitísimos están na mesma área de emprazamento dos demais motivos da nosa arte rupestre. É dicir, que muíños naviculares e arte rupestre son compañeiros inseparables e que na súa distribución dan un pincho do sur da ría de Vigo ata o Morrazo con casos, polo momento illados, no Salnés, Ribeira, Carnota e Agolada.

ESTUDO DE SUPERFICIES

É necesario indicar que para adscribir a denominación de équido consideramos a ausencia de cornas, a presenza de cola longa, a gravación de orellas no canto de cornamenta, a estruturación de pescozo e fociño, aquel inclinado cara a adiante e este apuntando o chan. É doado entender que nesta arte tan esquemática, breve nos detalles, non hai unha precisión total nin sempre se citan nunha mesma figura todas as características devanditas. É por isto que nós mesmos dubidamos, e dicímolos, na definición como équidos dalgunhas figuras si zoomorfas, si cuadrúpedes, pero con espazo para a vacilación.

Hai moitas variedades de aparición, desde o petróglifo máis simple cun só animal, nin cazado nin montado nin co falo sinalado, coroando unha impresionante formación rochosa no Outeiro de Peneites (Chandebrito) presidindo visualmente a ría de Vigo; como nas Pereiras (Monção) (Fig. 02), nun contexto de reticulados nunhas laxes baixas.

A soidade do équido remata cando aparece montado por unha figura antropomorfa na Regueira do Canado (Burgueira) (Fig. 03) ou nos Outeiros (Verdoejo) (Fig. 04).

E hainos sos pero con liña de terra en Lanhelas ou coas orellas voltas, rematadas en circo e co falo gravado na Breia (Cardielos) (Fig. 05).



Fig. 02. As Pereiras (Monção).



Fig. 03. Vilachán do Monte (Barrantes, Tomiño).

Outras veces son pequenos grupos de équidos, como no Alto do Torroso (Salcidos) (Fig. 06) ou O Alto do Coello (Tui) (Fig. 07).

Pode haber algún exemplar cabalgado, así no Alto da Bandeira (Carreço) (Fig. 08) ou na Assunção (Barbeita) (Fig. 09). Aínda no caso de estaren sos como único individuo animal gravado nunha superficie o petróglifo faise máis complexo polo acompañamento de elementos abstractos; en Santo Adrião (Caminha) son un reticulado coviñas (Fig. 10); o reticulado e combinacións circulares na Chã do Cano (Âncora) (Fig. 11) ou só un reticulado en Cardielos. No Monte Morgade (Ganfei) un ovoide con coviña inferior excéntrica e unha espiral moi primaria na execución e unha longa liña que baixa pola pedra escorregadoira na que están gravadas; moi pouco gravadas no Pinar de Porros (Loureza).




Fig. 04. Calco dixital dun dos gravados dos Outeiros (Verdoejo, Valença do Minho).



Fig. 05. A Breia (Cardielos, Viana).



Fig. 06. O Alto do Torroso (Salcidos, A Guarda).



Fig. 07. O Alto do Coello (Randufe, Tui).

No Outeiro Longo (Camos/Priegue) o équido fica na compañía dun cánido nunha sinxela escena de acoso ou caza. Aínda que haxa un só équido no panel ás veces é grande a profusión doutros motivos. Na Pedra da Lan (Mougás) (Fig. 12) a parte plana está ocupada por pías naturais e no espazo que estas deixan libre gravaron coviñas, circos simples e compostos e dous reticulados, un de 6x6 e o outro de 4x4 casiñas, e na cara vertical do penedo un grande équido baleirado, montado. Temos que sinalar, como acontece noutras superficies, a diferenza acusada da intensidade da gravación nos distintos motivos; abonda ollar A Chã do Cano (Fig. 11) ou A Pedreira (San Martiño, Redondela) (Fig. 13). No Pinar de Porros (Loureza, Oia) hai un só zoomorfo representado, pero acompañado dun grupo de coviñas pequenas e circos. No mesmo



Fig. 08. O Alto da Bandeira (Carreço, Viana do Castelo).




Fig. 09. A Assunção (Barbeita, Monção).



Fig. 10. Santo Adrião (Âncora, Caminha).

afloramento pétreo hai dous reticulados e un muíño navicular de soporte fixo. Pero citamos estas insculturas porque nesta zona da Valga hai sete sitios con zoomorfos, cuadrúpedes, e aquí con espazo para a vacilación canto á definición de especie. Dubidamos que sexan équidos porque teñen o rabo curto, o pescozo longo, o fociño pequeno e ausencia de cornos. Ademais destacar que en cinco dos sete petróglifos un dos animais ten dúas coviñas entre as patas, debaixo da barriga (Fig. 14).

Como na extensión deste artigo non imos estudar polo miúdo cada un do cento longo de petróglifos de équidos que coñecemos ata o momento, o que non imos deixar pasar é un comentario longo sobre varios paneis complexos e sobre as escenas de caza de équidos que temos identificadas.

Chamamos paneis complexos a un grupo de gravados cun número elevado de motivos ou cunha variedade grande deles. En Carreço temos A Laje da Churra (A.F. Castanheira, 2013), na que se identificaron máis de 1200 figuras nun panel de 22,1 x 16,50m onde nun mar de arte abstracta (liñas, 651 coviñas, circos segmentados...) hai unha vintena de barquiformes e 23 cuadrúpedes, 10 deles montados. Na subdivisión do conxunto a sección ou panel 11a. amósanos catro cuadrúpedes -équidos-, algún montado, unha espiral e un reticulado, trío de motivos que imos ver nalgunha superficie máis. Ao oeste desta grande superficie emprázanse os gravados da Praia de Fornelos, no mesmo cantil, no mar aberto con dúas dúcias de cuadrúpedes (Fig. 15) gravados en tres caras distintas nunha parede vertical enriba da praia.

Ten certa complexidade o petróglifo do Carneiro (Tui) na beira do río Miño no límite das mareas e asolagado no tempo das cheas. É complexo o seu emprazamento cunha visión do gran conxunto de arte rupestre equídea de Verdoejo (Valença) e contendo un podomorfo esquerdo, circos e coviñas na parte alta das que arrincan liñas que se perden no fondo da pedra e uns 14 zoomorfos en zonas e caras distintas do penedo fluvial, uns équidos naturalistas montados ao pé de individuos esquemáticos ou outro montado co corpo de xinete e besta baleirados.

Se atravesamos o río, na freguesía de Verdoejo, a media ladeira, coroando un penedo, atopamos un dos petróglifos máis complexos do corpus que estamos a reparar;



Fig. 11. A Chã do Cano (Âncora, Caminha).



Fig. 12. A Pedra da Lan (Mougás, Oia).



Fig. 13. A Pedreira (Ventosela, Redondela).



Fig. 14. O Paso de Gordovalo (Loureza, Oia).




Fig. 15. A Praia de Fornelos (Carreço, Viana do Castelo).



Fig. 16. Outeiro dos Fusos (Verdoejo, Valença). Deseño de Eloy Martínez.



Fig. 17. A Breia (Cardielos, Viana do Castelo).

O Outeiro dos Fusos (Fig. 16). En menos de 2x2m., atopamos un grupo de motivos pequeno pero moi heteroxéneo, coincidentes nun conxunto seguramente pola súa unidade ou coincidencia no discurso iconográfico que os autores ou autoras quixeron narrar. Cremos que son uns gravados dispostos para a visión circular, xiratoria, hai que darlle a volta á pedra para lermos toda a mensaxe. Pola cara do nacente un intento, ou non, de circos concéntricos, que máis son cadrados concéntricos de esquinas redondeadas, e dúas figuras moi semellantes que parecen antropomorfos formados polo corpo principal máis volumétrico tendente ao rectángulo da que sae un apéndice a xeito de pescozo que soporta unha especie de toucado do que saen dous apéndices curtos. No sitio do peito, debaixo do presunto pescozo hai nas dúas figuras un circo pequeno que lembra un colar.

A seguir cara ao norte unha grella case cadrada, unhas liñas curvas e a seguir dous équidos, un claramente montado e ao trote, o xinete cos brazos estricados case tanxentes ao outro animal que olla unha espiral de moi boa factura e con apéndice que sae da coviña central e parte todas as voltas do elemento. Cerrando a camiñada xiratoria hai un reticulado superposto a un dos antropomorfos e que fecha o trío équido-espiral-reticulado sobre o que chamabamos a atención ao falarmos da Laje da Churra.

Na mesma cámara municipal, en Ozão, as obras hidráulicas destaparon un batolito na Tapada. De planta triangular a parte plana e o pericoto están ocupados por unha serie de combinacións circulares de ata seis aneis nun aproveitamento mamilar da superficie (Fernández Pintos, 2015). Hai dous tipos de coviñas, unhas grandes doadas de percibir e, entre as liñas que enchen os espazos entre combinacións circulares, hai grupos de coviñas pequenas que nos lembran gravados de Cerveira ou do Valongo (Cepeda, Pazos de Borbén).

Nas caras laterais que xuntan esta planta triangular co chan tamén hai gravados. Por unha baixan as liñas de tres combinacións circulares creando unha impresión artística moi pouco usual, lembrando a arte daliniana. Noutra cara hai unha retícula pouco desenvolvida, e na terceira apreciamos polo menos tres équidos circulando cara



Fig. 18. A Breia (Cardielos, Viana do Castelo).

á dereita; o do centro e o da dereita aparentan montados, e á altura do central apreciamos unha retícula pouco gravada de 5x5 casiñas.

Na Coutada das Aguas, na aldea da Porqueira (Monção), aproveitando un penedo sobre a ribeira que rega a aldea hai un petróglifo que concentra a arte abstracta na parte plana con tres combinacións circulares de distintas medidas, acompañada a maior por catro cuadrúpedes esquemáticos. Pero, como en Ozão, nunha cara lateral hai aquí, tres animais tamén esquemáticos. Sen embargo noutra cara hai un animal de estilo naturalista con dúas liñas que determinan un volume corporal e un bo rematado de pescozo, fociño, orellas, curva dos cuartos traseiros e rabo longo. Atópase na área de zoomorfos dos arredores do Castro da Assunção con seis superficies con cuadrúpedes.

Hai outra zona moi potente artisticamente na Breia en Cardielos (Viana) onde contabamos hai un ano cunha gran superficie pé da autoestrada e descuberta a canda a prospección dela. As prospeccións de Cándido Verde e Xosé Álvarez elevaron a cinco o número de superficies. Era xa coñecido o conxunto da Chã do Moinho de Vento (Fig. 17) con tres dúcias de potentes combinacións circulares e ben gravadas liñas que unen algunhas destas combinacións. No medio delas uns 10 zoomorfos, cinco deles équidos montados, un deles co antropomorfo co brazo dereito no intre de arrebolarse unha arma que vai dirixida a un ovoide que parece conter un animal esquemático no interior. Coa limpeza da pedra nos últimos meses aumentou o número de motivos abstractos e figurados. Monte arriba temos unha pequena superficie gravada con dous ou tres zoomorfos, o maior claramente un équido, e na zona superior outra vez un reticulado de 6x6 casiñas.

Dentro dunha tapada, os lumes recentes produciron termoclastos (Fig. 18) nun baloto alombado que cae á par da ladeira e que contén uns 16 équidos, algún montado



Fig. 20. A Laje da Chã das Carvalheiras (Lanhelas, Caminha).




Fig. 21. Proposta provisional de debuxo da Pedra da Escorrega (Verdoejo, Valença). Autor Eloy Martínez.

e algúns sexuados. Deturpouse abondo un conxunto naturalista descoñecido no intre do incendio.

As análises máis exhaustivas destas superficies definirán mellor a iconografía delas, determinaremos se só son representacións de équidos ou son escenas de acoso e/ou de caza. Esta clasificación témola moi clara para os petróglifos da Telheira (Páx. 69) (Verdoejo), da Tomada da Regueira dos Barreiros (Páx. 60) (Couso, Gondomar) e das Covas de Amorín (Páx. 65) (Santa Baia, Gondomar), que teñen unha análise máis polo miúdo a seguir. Tamén son claras escenas de acoso ou de caza o monumento recentemente descuberto en Verdoejo, A Pedra da Escorrega (Fig. 21) con 30mx12m con máis de 60 figuras gravadas e que combina équidos, reticulados (2) en varias zonas da laxe, con cervos macho ben hastados e antropomorfos a pé; algún cervo con riscos no lombo a xeito de arma cravada. Son os únicos cervos coñecidos, polo momento, no norte de Portugal xa que, como xa dixemos, non temos clara a adscrición da especie dos animais da Quinta dos Galegos ou A Quinta da Barreira tamén en Verdoejo.

Río arriba, no concello de Arbo, formando parte do camiño asfaltado, o petróglifo da Baixada da Barca (Fig. 22) con quizais dez équidos, un cánido e un antropomorfo que lle mandou unha corda, un lazo, a un équido metido coas patas nunha combinación circular de dous aneis e covaña central a modo de trampa. Unha obra de arte deturpada pola desidia das administracións.

Río abaixo hai unha zona homoxénea no estilo, en Lanhelas (Caminha), con seis superficies gravadas que van daquela cun só équido, outras con só dous e as máis complexas da Laje das Fogaças, e nomeadamente a excelente escena de caza rachada pola cantería pero non pola autovía: A Chã das Carvalheiras (Fig. 20). Unha gran laxe lisa inclinada a nacente cunha panorámica sobre o Miño con 15 animais,



Fig. 22. A Baixada da Barca (Arbo).

dous antropomorfos, unha espiral, covañas e dúas longas liñas rematadas en covañas que conteñen o centro narrativo onde está o animal principal, de maior tamaño máis fundamente gravado, case baixorrelevo, cun cánido (?) trabándolle no pescozo, un home na parte traseira e varios cans axudando, na parte baixa, a bater a peza. En fronte de todo, dous équidos diríxense cara ao lugar do acontecemento, un deles montado, e outros dous con xinete, diríxense cara ao lado oposto, quizais fuxindo.

A última superficie na que nos imos fixar foi descuberta en 1988 por Alfonso Posada (IEM). Ten 14mx6m de espazo gravado. É a parede vertical do leste do Outeiro dos Lameiros en Sabarís (Baiona) (Páx. 35). Ao seu pé un chanzo con combinación circular

e reticulado. Ao pé do outeiro, na Chan da Devesa do Rei e arredores, unha trintena de petróglifos. En tres quilómetros á volta máis de 40 reticulados. Ningunha espiral. Na parede, un cento de équidos esquemáticos, uns 10 montados, algún xinete xesticulando arrebolando algo que leva no brazo. Neste *horror vacui* académico tamén un estreliforme dextroxiro de seis puntas, un circo simple partido no interior, figuras trapezoidais, un valado a xeito de escaleira e unha gran figura central, abstracta, ovalada con varios apéndices e divisións internas e covañas. Polo momento, o misterio indescifrábel. Polo momento. Abaixo, no límite da parede, o tríptico antropomorfo armado, o équido e o can.

Da trintena de laxas gravadas unha pequena cunha sinxela, escena de acoso dun cervo macho. A excepción á regra.

TRES EJEMPLOS DE ESCENAS DE CAZA DO GRUPO GALAICO-PORTUGUÉS DA ARTE RUPESTRE

Do cento de petróglifos con gravados de équidos escolmamos tres, A Tomada da Regueira dos Barreiros, As Covas de Amorín e A Telheira. Todas descubertas nos últimos dous anos por Cándido Verde e Xosé Álvarez.

Son paneis pequenos, ao redor do metro de longo, pero cun potente discurso iconográfico con presenza de équidos en todos eles pero tamén armas, cánidos, trampa e os elementos abstractos comúns a varias escenas de caza de équidos: a espiral e o reticulado. Ademais, dúas delas na cabeceira de regueiras ou depresións, no terreo que facilitarían a captura dos animais.

A TOMADA DA REGUEIRA DOS BARREIROS (TRB)


O petróglifo da Tomada da Regueira dos Barreiros localízase na parroquia de Couso (Gondomar, Pontevedra), no lugar da Portela, na marxe norte dunha regueira que baixa polo monte en dirección leste. Os gravados atópanse nun pequeno afloramento granítico de aproximadamente 1 metro no eixo norte-sur e 2 metros no eixo leste-oeste, que sobresaie lixeiramente do chan e conforma un espazo diaclásedo dividido en dúas partes e interrompido polo crecemento dun pequeno eucalipto.

A escasos centímetros da rocha, sobre unha laxa de superficie máis ou menos horizontal que apenas levanta do chan, situada ao pé dunha rocha de maior altura que posiblemente cubra outros motivos, existen dúas covañas unidas por un suco central.

A rocha onde aparecen os gravados é de granito de gran medio con incrustacións de seixo na parte intermedia, varias diáclases e unha fractura que descende cara á regueira pola parte máis meridional; este último aspecto condiciona bastante a lectura natural dos gravados, pois non existe unha plataforma natural sobre a que o espectador poida pousarse para contemplalos.

Todas as figuras gravadas están dispostas horizontalmente con respecto ao espectador e á liña do solo cunha orientación exclusiva cara á dereita, un tipo de disposición moi habitual nos petróglifos galaicos.

Na Tomada da Regueira dos Barreiros podemos distinguir dous conxuntos de motivos -todos eles de difícil lectura por mor da erosión do soporte- delimitados formalmente por unha diáclase central. O grupo da esquerda está composto por un total de tres zoomorfos aos que se lles poden sumar dous máis que, debido ao seu esquematismo ou por atoparse incompletos, son de dubidosa identificación. Chama a atención o feito de que dous dos cuadrúpedes están inseridos dentro dun mesmo círculo aberto no que tamén hai unha figura abstracta de difícil interpretación. Por outra banda, moi próxima á diáclase central, debemos destacar tamén a presenza



Mapa de sombras a partir de MDT da localización dos gravados da Tomada da Regueira dos Barreiros.



Vista xeral a panel da Tomada da Regueira dos Barreiros. Ao fondo, a depresión natural.

dunha espiral e unha serie de trazos inmediatos a esta que quizais poderían conformar unha figura humana.

O segundo grupo sitúase no extremo oriental do panel, e está formado exclusivamente por un motivo reticulado.

A técnica que define a representación dos animais neste petróglifo é a do dobre suco -a máis común na maioría dos gravados galaicos- exceptuando unha das figuras que, de representar un zoomorfo, estaría definida por un único trazo que conformaría un deseño moi esquemático no que unha liña ininterrompida definiría o pescozo, o lombo e o rabo, e varios trazos curtos marcarían a posición das patas.

Na cara occidental advírtese a existencia de polo menos dúas escenas diferentes que parecen estar delimitadas por unha liña de incrustacións de seixo. Na parte superior destacamos a presenza dun équido, con falo marcado e orientado cara á dereita, que aparece representado coas patas dianteiras levemente levantadas; xusto diante del distinguimos unha serie de trazos menos definidos que quizais poderíamos interpretar como outro zoomorfo moi esquemático, o que non descartaría a posibilidade de atoparnos ante unha escena de cópula entre équidos. Outra posible interpretación, levaríanos a pensar que se trata dunha escena de caza ou acoso dun garrano, entendendo que o que antes definíamos como as patas dianteiras da femia, serían nesta nova interpretación as pernas dunha figura antropomorfa moi esquemática; esta figura portaría ademais algún tipo de lanza que estaría cravada no peito do animal erguido.

Se continuamos cara á dereita, atopamos unha serie de trazos moi desgastados que foron gravados nunha pequena fractura da pedra e que, por agora, non fomos quen de identificar con ningún paralelo do grupo naturalista. Podería tratarse dunha figura antropomorfa, pero non estamos en posición de facer vaticinios deste tipo.

A parte inferior do panel está formada por tres cuadrúpedes dispostos de menor a maior tamaño cara á dereita; o primeiro deles, incompleto e moi esquemático,




Fotografía nocturna do panel principal da Tomada da Regueira dos Barreiros.


presenta polo menos un suco vertical nas costas, que ben puidera estar a representar un xinete¹⁹.

O feito de que sexa representado cunha escala inferior á do resto, podería ter a súa explicación no gusto do autor dos gravados polo *horror vacui*, xa que probablemente tivo que adaptarse ás irregularidades e ao reducido tamaño do soporte pétreo.

O segundo dos cuadrúpedes presenta unha cabeza pequena sen pescozo -pegada sen transición ao resto do corpo- orellas e rabo curto; se temos que determinar a especie animal representada, inclinámonos a pensar que é un cánido debido ao seu



Modelo fotogramétrico con postprocesado 3D da Tomada da Regueira dos Barreiros.



Proposta de calco dixital para o petróglifo da Tomada da Regueira dos Barreiros.

reducido tamaño e tamén á súa morfoloxía. Este cuadrúpede está -ademais- inserido, xunto co équido que preside a escena, nun círculo aberto. Chama a atención o trazo curvo que une a cabeza do cánido coa cola do équido inmediatamente posterior, se cadra poida tratarse dun recurso artístico do autor dos gravados para plasmar o ataque do primeiro ao segundo mediante unha trabada aos cuartos traseiros do animal.


O terceiro dos cuadrúpedes, xa mencionado anteriormente, é un grande équido que aparece perfectamente definido por unha cola espesa, falo marcado e grandes orellas. Dentro do círculo no que está enmarcado, aparece unha figura de difícil interpretación en forma de bágoa invertida e catro pestanas cara ao norte. En liñas xe-ras, ámbalas dúas escenas mencionadas anteriormente parecen estar “condicionadas” na composición pola presenza dunha espiral dextroxira²⁰ situada na parte intermedia do panel, cara á cal parece que se dirixen todos os cuadrúpedes.

O discurso iconográfico


Atendendo á clasificación explicada anteriormente, podemos incluír o panel da Tomada da Regueira dos Barreiros dentro do grupo de escenas de caza implícita ou escenas de captura simbólica do GGPARG.

Na escena principal atopamos un gran équido -máis remarcado ca o resto e con falo explícito- inserido nun círculo aberto que podería representar a acción implícita da captura do animal. Detrás del dous zoomorfos de menor tamaño, o máis achegado sen apenas pescozo, o máis traseiro menos definido, máis erosionado. Quizais un par de cánidos.

Completan este discurso iconográfico tres figuras xeométricas, todas elas de difícil interpretación. Unha sorte de bágoa invertida con catro pestanas cara a arriba, preside o circo no que está “atrapado” o cuadrúpede. Unha pequena espiral dextroxira parece ser o punto cara ao que se dirixen todas as figuras representadas, mentres que o reticulado podería representar a trampa que poría o punto e final á cacería. A figura humana estaría ausente no propio acto da captura do animal, e sería substituída por recursos iconográficos (circo, “bágoa” invertida, espiral e reticulado) que condensan o significado da acción.



Detalle dunha posible escena de monta no panel. Modelo fotogramétrico con postprocesado Minnaert (Meshlab).



Un dos gravados con representación de cuadrúpedes a 2 km da TRB. Calco dixital do petróglifo do Sobral (detalle).

A escena superior presenta unha maior complexidade na lectura debido ao alto grao de erosión da pedra. Como xa comentamos, a interpretación variaría enormemente, dependendo da identificación da figura que está debaixo do cabalo macho; se se tratara dun cuadrúpede esquemático, poderíamos estar ante a primeira representación dunha escena de cópula entre équidos da arte rupestre galega. Esta interpretación viría dada pola postura forzada e erguida a dúas patas do gran cabalo macho, que ademais está representado con falo marcado. Unha primeira interpretación dos gravados levounos a pensar que o que agora interpretamos como as patas dianteiras da femia serían as pernas dun antropomorfo que estaría cravando algún tipo de lanza no peito do équido.

A pesar do noso atrevemento nas anteriores afirmacións, debemos recordar que nos movemos sempre no terreo das hipóteses, ao tempo que advertimos de que o estudo da iconografía deste gravado é motivo para análises que exceden de sobra as pretensións deste artigo.


AS COVAS DE AMORÍN

O petróglifo de As Covas de Amorín (ACA) está situado na parroquia de Santa Baia das Donas (Gondomar, Pontevedra). Os gravados atópanse na cabeceira dunha regueira que descende cara ao sur, nun afloramento granítico de reducidas dimensións a rentes do chan e levemente inclinado na mesma dirección, no que os motivos ocupan apenas uns 120 centímetros de lonxitude no eixo leste-oeste e 72 cm no eixo nortesur. A vexetación está formada principalmente por piñeiros e fentos, o que non resta

demasiada visibilidade ao petróglifo. Os elementos gravados atópanse nun pequeno afloramento de granito de gran medio que presenta franxas con incrustacións de cuarzo. As figuras dispóñense de forma horizontal con respecto ao espectador e á liña do solo cunha orientación case exclusiva cara á dereita.

O que constatamos nos gravados é a existencia de 4 cuadrúpedes que identificamos como équidos, debido fundamentalmente á caracterización destas figuras con longas orellas e colas espesas. Os cuadrúpedes distribúense en dous planos diferentes, o superior está definido por dous équidos montados por xinetes movéndose cara á dereita, mentres que o plano inferior caracterízase pola presenza de dous équidos coa cabeza agachada enfrontados entre si.

A técnica que define a representación dos animais neste petróglifo é do dobre suco, presente na maioría dos petróglifos galegos, pero que nalgún caso permítese a licencia



Mapa de sombras a partir de MDT da localización das Covas de Amorín.




Aspecto do entorno inmediato do petróglifo das Covas de Amorín.




Calco dixital do petróglifo das Covas de Amorín (Santa Baia, Gondomar).



Modelo fotogramétrico con postprocesado dixital (LitSphere) do petróglifo das Covas de Amorín (Santa Baia, Gondomar).



Calco dixital dun panel da Chan do Outeiro e outro dos Outeiros Grandes (Couso, Gondomar).



Modelo fotogramétrico con postprocesado 3D do petróglifo do Sobral.

de crear pequenas diferenzas dentro da composición. Desta forma advertimos, por exemplo, que o équido do plano inferior da dereita ten configurada a súa cabeza mediante o rebaixado da rocha, un recurso moi recorrente noutros petróglifos galegos para realzar o exemplar cazado e diferencialo claramente do resto das figuras²¹; curiosamente, este animal é o único que está orientado cara á esquerda. Pola súa banda, o cuadrúpede que se atopa á esquerda deste presenta unha liña do pescozo a modo de colar, o cal podería indicarnos un intento inacabado ou falido do autor para emular a mesma técnica descrita anteriormente.


No mesmo plano inferior e en relación tamén coa definición da cabeza dos équidos, reparamos tamén nunha diferenza clara á hora de representar as orellas e/ou as crinas do animal; ademais das orellas, ámbolos dous cuadrúpedes presentan unha protuberancia entre as mesmas, que se cadra podemos interpretar como unha representación gráfica das crinas do équido en movemento. Polo tanto, descartamos a idea defendida por algúns autores²² de que se trate dunha cornamenta ou a representación dalgún tipo de quimera ou animal mítico, ou ben dun équido con adornos, equiparable ós cabalos con coroas de plumas (Santos, 2005) documentadas no enterramento da Idade do Ferro de Pazyryk (Novosibirsk, Rusia). Na nosa opinión, este tipo de diferenzas responderían a un tipo de licenza artística do autor dos gravados para representar o cabelo en movemento do animal.

O discurso iconográfico

Atendendo ao discurso iconográfico, podemos incluír o panel das Covas de Amorín dentro do grupo das escenas de acoso do GGPARG. A modo de síntese, o



Mapa de situación de A Tomada da Regueira dos Barreiros e As Covas de Amorin con respecto a outros núcleos de arte naturalista.



Proposta de calco dixital das Portaxes 3 (Tebra, Tomiño). Deseño de Eloy Martínez.

panel escenifica o acoso a dous équidos por parte de dous cazadores montados a cabalo.

No plano superior, atopamos unha escena cargada de gran simbolismo; dous xinetes cabalgan cara á dereita montados en cadanseu cabalo, facendo ostentación da equitación; cada xinete aparece de pé sobre a súa montura cos brazos cara a arriba, mentres un deles, armado cun pau ou quizais cunha sorte de gaxada²³, intenta achegarse para poder atrapar algún dos cabalos. Este último xinete, ademais de estar armado, atópase sobre o lombo dun équido debuxado co falo marcado. O plano inferior estaría protagonizado polo par de cabalos que, malia non presentar sinais de que foron cazados, atópanse acurrallados polos dous xinetes de arriba. A escena narra, polo tanto, o momento inmediatamente anterior á captura dos animais; esta captura podería ter como finalidade a obtención dun prestixio social por parte dos seus cazadores, que sería concluída coa matanza do animal ou o seu apresamento para o aproveitamento como materia prima, tal e como segue acontecendo na actualidade a través da celebración dos curros en Galicia.

A través da análise do espazo no que se enmarcan estes gravados rupestres, podemos pensar, sempre con certa prudencia, que a orografía existente neste tipo de localizacións (regueiras ou cubetas) podería facilitar a reunión e acurrallamento de équidos para a súa caza e captura. Este espazo tería polo tanto un significado práctico e se cadra simbólico, que tería a súa plasmación nalgúns petróglifos do GGPAR.

Os petróglifos analizados anteriormente están inseridos nunha área cunha alta densidade de paneis gravados, a maioría inéditos, que nos últimos anos espertou o noso interese. Moi próximo á TRB, en dirección nordeste, nun lugar coñecido como A Chan do Outeiro, existe unha estación de arte rupestre con máis dunha ducia de gravados rupestres de temática naturalista, ademais de cruces de termo e outros gravados modernos.

Se camiñamos cara ao norte, nunha valgada cunha lixeira pendente e situada sobre o camiño forestal, atopamos o petróglifo da Cachada do Millo, con polo menos un zoomorfo e outros motivos xeométricos. Máis arriba, á dereita da pista forestal, chegamos á estación de arte rupestre dos Outeiros Grandes, con máis de 10 paneis con representacións de cuadrúpedes compartindo espazo con reticulados, muíños naviculares, cruciformes e outros motivos xeométricos.

Macroxeograficamente, existen algúns exemplos de gravados con representacións de cuadrúpedes, que podemos enmarcar dentro deste grupo. A algo máis de 2 km. da TRB, tamén na parroquia de Couso, atopamos o petróglifo do Sobral; un gran panel de máis de 5 metros de lonxitude no que conviven motivos xeométricos e polo menos 9 zoomorfos.

A algo máis de 2 km. cara ao sueste, no Monte Tetón (concello de Tomiño), atopamos outra estación con gravados rupestres de temática naturalista, mesturados con outros motivos xeométricos. Trátase dos petróglifos das Portaxes, nos que atopamos unha gran concentración de équidos, algúns con xinete, ademais doutros motivos xeométricos compartindo espazo nos paneis.

O estilo destes gravados, aínda que difire bastante do petróglifo que analizaremos a continuación, garda moitísimas similitudes coa temática deste último, sendo outra vez o équido e as escenas de caza o centro da maioría das representacións.

A TELHEIRA

O petróglifo da Telheira está situado na freguesía de Verdoejo, no concello de Valença do Minho, distrito de Viana do Castelo (Portugal), na marxe norte dunha cubeta que baixa por un eucaliptal cara ao poñente. Os gravados atópanse nun pequeno afloramento granítico irregular que sobresaie lixeiramente do solo en sentido horizontal, no que os gravados ocupan apenas uns 60 centímetros de lonxitude no eixo norte-sur. A rocha onde aparecen os gravados é de granito de gran fino, está composta de varias diáclases e aparece interrompida na súa cara norte polos pretéritos labores de cantería.


As figuras que compoñen os gravados están dispostas horizontalmente con respecto ao espectador e levemente inclinadas sobre a liña do solo, cunha orientación case exclusiva cara á dereita, coa excepción dun dos antropomorfos que aparece orientado cara á esquerda.

O petróglifo da Telleira está composto por un total de catro cuadrúpedes, dous antropomorfos e tres coviñas dispostas nun espazo da rocha moi comprimido. Os 4 cuadrúpedes identificámoslos como équidos, debido fundamentalmente á caracterización destas figuras con longas orellas e colas espesas. Tan só hai un caso no que albergamos certas dúbidas para facer esta aseveración, xa que nun dos cuadrúpedes a cola non é tan espesa coma a do resto dos animais, e a cabeza presenta un estilo significativamente diferente aos demais.

Pola esquerda, irrompe a figura dun équido ao galope, montado por un xinete que porta unha lanza nunha das súas mans. Xusto diante del, vemos outro équido que presenta un trazo que lle sobresaie das costas e que interpretamos coma unha lanza. Debaixo do cuadrúpede, vemos outro équido orientado na mesma posición ca este, pero neste caso presenta un xinete montado mirando cara ao lado oposto e armado -sospeitamos- cun arco. Se seguimos a dirección de tiro do xinete, chegamos ao cuarto dos cuadrúpedes, que unha vez máis presenta un trazo que tamén lle sobresaie das costas e que, por contexto, interpretamos coma outra arma cravada no corpo.



Vista xeral dos gravados da Telheira (Verdoejo, Valença).




Levantamento fotogramétrico do petróglifo da Telheira (Verdoejo, Valença).

A técnica que define a forma dos cuadrúpedes neste petróglifo é a do trazo simple, cun deseño moi esquemático dos zoomorfos que compoñen o estilo figurativo maioritario na área na que se insire o petróglifo. A partir dun trazo ininterrompido deséñase o pescozo, lombo e a cola dos animais; a cabeza, creada a partir de trazos moi simples, é configurada perfectamente coa definición do fociño e das orellas da mesma forma en todas as figuras, agás no cuadrúpede situado cara ao leste. Neste caso, a cabeza está deseñada coma un circo irregular do que sobresaen as orellas. Os dous xinetes sentados sobre as súas monturas, coma no groso dos deseños antropomorfos da arte rupestre do noroeste peninsular, caracterízanse pola súa simplicidade. Non obstante, a pesar do esquematismo dos motivos gravados, as figuras logran acadar, con apenas recursos estilísticos, unha grande expresividade e dinamismo nesta escena de caza.

O discurso iconográfico

Podemos incluír o panel das Telheiras dentro do grupo de escenas de caza explícita do GGPAR. A modo de síntese, o panel escenifica a persecución e caza de dous équidos por parte de dous cazadores montados a caballo.

A primeira vista, atopamos unha escena cargada de acción e dinamismo; un xinete cabalga cara á dereita armado cunha lanza e na mesma liña atopamos un équido cunha lanza cravada no lombo. Ao mesmo tempo, outro xinete armado cun arco de frechas cabalga na mesma dirección pero torce a mirada cara á esquerda, onde atopamos outro cuadrúpede ferido cunha arma arreboladiza. A través dun só golpe de vista podemos, polo tanto, comprender o antes e o despois da acción; por unha parte o momento previo ao lanzamento da pértega e das frechas e, por outra banda, o intre exacto no que as armas impactan no corpo dos animais.



Calco dixital dos gravados da Telheira (Verdoojo, Valençã).

CONCLUSIÓNS

Para rematar este breve adianto dos traballos levados a cabo no Proxecto Equus imos indicar uns puntos que valen á vez como conclusións parciais e como temas a desenvolver como tarefas a máis longo prazo. Son estudos sobre arte, sobre arqueoloxía e prehistoria pero tamén sobre seres vivos, os animais que viven nas serras e os homes e mulleres que fan posible o seu mantemento no tempo.

- Definimos unha área xeográfica desde o fondo da ría de Vigo ata o río Lima polo leste que vai ata o océano Atlántico. Xa existe un caso en Felgueiras que pode indicarnos un baleiro na investigación.

- Nesta área cambia o contido dos petróglifos con zoomorfos, ao norte dela o animal multirrepresentado é o cervo e nas escenas cinexéticas o que se caza son cervos macho; ao sur desta zona bisagra de Redondela/Pazos de Borbén o animal multirrepresentado é un équido e nas escenas venatorias o individuo acosado e cazado é un équido.

- A porcentaxe de paneis con cérvidos non supera o dez por cento sobre máis dun cento de superficies con équidos.

- Cando identificamos escenas de caza de équidos o desenvolvemento iconográfico remeda o que acontece ao norte da ría de Vigo. O animal acosado e cazado é un équido; para esta finalidade cinexética aparecen cánidos, antropomorfos a pé e dacabalo, trampas, valados e motivos abstractos.

- Hai petróglifos con aparición exclusiva de équidos, noutros aparecen os elementos abstractos comúns nesta arte rupestre, as coviñas e as combinacións circulares, e temos que sinalar a presenza de reticulados e espirais acompañando os animais. Supoñemos que o valor iconográfico destas dúas figuras xeométricas é un valor concreto cando aparece asociado a équidos e humanos.

- A zona de alta frecuencia de équidos como animal preponderante coincide coa zona de aparición de muíños naviculares de soporte fixo como artefacto asociado a

- motivos de arte rupestre e á zona de aparición de reticulados. Coñecemos varios centos de casos destes dous elementos e ao norte do fondo da ría de Vigo só se manteñen os muíños no Morrazo e un só reticulado aparecido recentemente en Marín. No resto da área de dominación icónica do cervo hai muíños naviculares de soporte fixo en catro sitios ben distantes.

- Para identificar claramente unha escena de caza de cervo macho buscamos un individuo alanceado aínda que hai casos (Os Mouchos) nos que está cazado sen lanzas ou frechas evidentes, pero son poucos dentro das máis de 50 escenas que coñecemos. Polo contrario na caza de équidos só hai un caso claro de caza e morte na Telheira (Páx. 69) (Verdoejo) e quizais no Outeiro dos Lameiros (Sabarís), o resto son casos de acoso ou de acoso co resultado final da caza en vivo, como na Regueira dos Barreiros ou A Baixada da Barca.

- Hai animais que aparecen sos, montados ou non, e hai grandes composicións, nunhas o équido é o animal dominante e noutras “pérdese” nun mundo de figuras abstractas.

- Defínense varias zonas de agrupacións de gravados con équidos, a maioría das veces cun estilo uniforme moi definido. Son as seguintes áreas ou núcleos: Couso, Tebra, Santa Baia, con figuras esquemáticas e tamén naturalistas.

- Randufe, cun estilo naturalista ben definido.
- A zona de Ganfei (Verdoejo) / O Carneiro (Tui), con dez sitios con équidos e o único caso de cervos de todo o norte de Portugal, A Pedra da Escorrega; fóra claro do caso da Quinta dos Galegos.
- Os arredores do castro da Assunção (Monção) con seis superficies con équidos e individuos esquemáticos e outros naturalistas de boa factura.
- A zona compacta de Lanhelas. Compacta xeográfica e estilisticamente co centro no monumento da Chã das Carvalheiras.
- Segue as características da anterior a pequena área da Breia (Cardielos, Viana) cun gran petróglifo na Chã do Moinho de Vento e outro no interior dunha tapada.
- Unha última zona, polo momento, entre Âncora e Carreço, con superficies pequenas, agás a enorme Laje da Churra e a parede da Praia de Fornelos.

Conscientemente deixamos para un traballo monográfico máis amplo o tema da domesticación e o seu emprego como animal de tiro, cría, carga e monta. A domesticación, monta e uso na caza é evidente nos nosos gravados. Agora falta tentar determinar dúas cuestións, a cronolóxica e a xenética, que son dous eixos de estudo sobre os que iremos traballando.

Ficou sinalado, no eido etnográfico, a importancia da supervivencia dos garranos nestas serras polo seu valor natural e económico ademais da importancia social como nexos relacionais entre as xentes das serras. Aquí os problemas graves son tamén administrativos.

ADDENDA

O sete de decembro de 2017 membros do Instituto de Estudos Miñoráns descubriron na Coutada nos montes de Taboexa (As Neves) varias superficies gravadas. Unha composta por coviñas e cruciformes, outra por tres zoomorfos e a máis interesante duns 25m² de extensión, inclinada cara o oeste e case totalmente cuberta por unha fina cuberta sedimentaria e vexetal nun entorno totalmente queimado polos lumes do 15 de outubro de 2017.

A falta dunha limpeza exhaustiva da laxe temos á vista uns vinte e cinco zoomorfos, uns cinco antropomorfos, figuras circulares, coviñas dentro e fóra destas, outras liñas e dúas gravacións con ferramenta metálica. Nun avance iconográfico e estilístico, antes dun estudo máis a fondo, podemos describir uns once équidos co corpo baleirado e formas redondeadas en todas as partes do campo gravatorio, dous destes équidos tanxentes a dous circos, un con coviñas no interior e outros sen elas; trampas?

Hai media ducia de équidos de execución máis leneal sen perder de todo as formas curvas, son os zoomorfos máis profundamente gravados e con maior tamaño, todos naturalistas tamén pero con dobre liña, agás un gravado con técnica do baleirado total do corpo. Destaca unha grande cola que arranca da parte alta dos cuartos traseiros. Uns destes individuos está montando e co xinete armado en posición de arrebolar o que leva na man. Na parte media/alta central un zoomorfo desta feitura cun trazo longo e dereito sobre o lombo supoñemos que cazado.

É preciso indicar que no ángulo superior esquerdo hai tres équidos xuntos elaborados un esquematicamente, outro de gran tamaño co corpo baleirado e debaixo un terceiro gravado con dobre liña. Tres técnicas para a mesma tipoloxía de animais.

Destaca no centro da composición o maior équido gravado por baleirado de liñas moi curvas no lombo e cola e con superposicións na zona do emprazamento do posible xinete e coviñas nas patas dianteiras.

Polo momento podemos afirmar a existencia de cinco antropomorfos, un baleirado fronte dun gran équido e cunha coviña enriba da cabeza, dous esquemáticos e sexuados e un cuarto, xa citado, montando un équido e exhibindo unha arma, outro máis tamén baleirado.

Hai varios individuos, en dúas partes distintas do panel, de pequeno tamaño posiblemente cánidos que axudan, no traballo da caza, ós antropomorfos que vimos de citar.

Unha nova superficie vella que corrobora o noso novo paradigma para a arte rupestre do sur de Galicia e do norte de Portugal: o animal dominante é un équido.

BIBLIOGRAFÍA

- AGÜERA CARMONA, Eduardo. 2008. *Domesticación y origen de la doma y manejo del caballo*. Córdoba: Facultad de Veterinaria. Universidad de Córdoba. Versión en pdf. https://www.uco.es/organizacion/secretariageneral/images/doc/memoria/2008/0/Ap_0_2.pdf
- ALTUNA, Jesús e MARIEZKURRENA, Koro. (s. d.). 2010. “El caballo al final de la última glaciación y en el período postglaciar del País Vasco”. En http://pottoka.info/files/galeria/Pottoka_glaciacion.pdf
- BÁRCENA, F. 2011. “GARRANOS: os póneis selvagens (equus ferus sp.) do norte da península ibérica” en *I Congreso Internacional do Garrano. Candidatura a Patrimonio Nacional. Livro de Atas*. PAINEL 3 O Garrano e o Ambiente, (pp.75-96). Arcos de Valdevez: ATAHCA – Associação de Desenvolvimento das Terras Altas do Homem, Cávado e Ave. En http://garrano.ipv.pt/files/livro_atas.pdf
- BAS LÓPEZ, Santiago. 2017. “A dieta das greas de garranos salvaxes (Equus ferus atlanticus) da parte norte da Serra do Seixo (Pontevedra)”. Branha nº 15. Edición electrónica da revista da SGHN. 2017.
- BLANCO FREIJEIRO, A. e PARATCHA VÁZQUEZ, C. 1964. “Nuevos petroglifos de Campo Lameiro”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 19, fasc. 58, pp. 129-136.
- CARRERO PAZOS, M., VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A., VILAS ESTÉVEZ, B. 2015. “Sobre as técnicas de reprodución dos gravados rupestres galaicos ao aire libre.” En *Férvedes*, Vol.8, Vilalba, pp. 17-24,
- CARRERO PAZOS, M., VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A., VILAS ESTÉVEZ, B. 2015. “New possibilities to enhance the rock carvings: the As Trend.” En *Tracce Online Rock Art Bulletin*, Vol. 37.
- CARRERO PAZOS, M., VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A., VILAS ESTÉVEZ, B. 2016.. “As-Trend: Towards a new method for the study of ancient carvings” en *Journal of Archaeological Science: Reports*. Volume 9, October 2016, pp 105-119.
- COSTAS GOBERNA, F.J. e PEÑA SANTOS, A. De la. 2002. “A fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres” en *Monografías da*

- Asociación Naturalista “Baixo Miño Nº 13”. A Guarda: ANABAM
- CVARN. Corpues Virtual de Arte Rupestre do Norte de Portugal.
- EIROA, Jorge Juan. 1994. *La prehistoria: paleolítico y neolítico*. Madrid: AKAL, S.A.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., RODÍGUEZ RELLÁN, C., VILASECO VÁZQUEZ, X. L., GÓMEZ FERNÁNDEZ, A. e RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E. (2005). *Descubertas de gravados rupestres na Comarca do Deza: Avance preliminar*. Descubrindo: Anuario de estudos e investigación do Deza, 7, pp. 253-270.
- FAGÚNDEZ, J., LAGOS, R. e HERMIDA, L. 2017. “Brezales, lobos y caballos en Galicia”. *Revista Quercus* nº 377 julio 2017
- GARCÍA ALÉN, A. e PEÑA SANTOS, A. de la. 1980. *Gravados rupestres de la provincia de Pontevedra*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- IGLESIA HERNÁNDEZ, Pedro Jesús. 1973. *Los caballos gallegos explotados en régimen de libertad o caballos salvajes en Galicia*. Tesis doctoral. Madrid: U. Complutense de Madrid. Facultad de Veterinaria.
- LAGOS ABARZUZA, Laura. 2013. *Ecología del lobo (Canis lupus), del poni salvaje (Equus ferus atlanticus) y del ganado vacuno semiextensivo (Bos taurus) en Galicia: interacciones depredador - presa*. <http://hdl.handle.net/10347/8639>
- LAGOS ABARZUZA, Laura. 2014. “O sistema tradicional de aproveitamento dos ponis atlánticos salvaxes nos montes da Groba” en REM nº 12/13, pp. 29-39. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.
- LEITE RODRIGUES, Ana Paula. 2017. *NOS DOIS LADOS DO RIO MINHO O senhorio transfronteiriço do mosteiro de Santa Maria de Oia (séculos XII a XV)*. Vigo: I.E. Vigüeses.
- MALZBENDER, T., GELB, D., & WOLTERS, H. 2001. “Polynomial texture maps”. In *Proceedings of the 28th annual conference on Computer graphics and interactive techniques* (pp. 519-528). ACM. 2001, August
- MANSO DE LA TORRE, Xilberte. 2016. “Equus ferus Atlanticus. As burras do monte da Serra da Groba”. *Revista de Estudos Miñoráns* nº 14/15 Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.
- MAÑANA BORRAZÁS, P., SEOANE VEIGA, Y. e TRONCOSO MELÉNDEZ, A. 2012. *Métodos en tres dimensiones aplicados al registro de Arte Rupestre en Galicia (España)*. DIGITAL.CSIC Humanidades y Ciencias Sociales Instituto de Ciencias del Patrimonio (INCIPIIT)
- MARTÍN FREIRE, Cristina. (sine data) *La cría del reno*. Academia.edu. www.academia.edu/11740108/LA_CRÍA_DEL_RENO
- ORTIZ SANZ, J., GIL DOCAMPO, M., MEIJIDE CAMESELLE, G., MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. y REGO SANMARTÍN, M. T. 2011. “Modelado 3D de una estación completa de petroglifos mediante escáner fotogramétrico de bajo coste: Pena dos Chaos (Antas de Ulla, Lugo)”. *Férvedes*, no. 7..
- PEÑA SANTOS, A. de la, REY GARCÍA, J. M. 2011. *Petroglifos de Galicia..* A Coruña: Ed. Vía Láctea.
- PEREIRA, J. 2012. *Introducción a la fotogrametría con Visual SFM*. En web (<http://www.jpereira.net/software-revisiones-y-consejos/introduccion-a-la-fotogrametría-parte-1>),
- PIRES, H., et al. 2014. *Inspecting morphological residual models with RTI viewer*. Manchester: University of Manchester, UK.

- PIRES, H., GONÇALVES SECO, L., FONTE, J., MAÑANA, P., PARCERO-OUBIÑA, C., FÁBREGA ÁLVAREZ, P., SEÑORÁN J. 2013. "From point clouds to archaeological evidence: Improving visualization and spatial analysis of 3D data". En POSLUSCHNY A.G. de (ed) *Sensing the past: contributions from the ArcLand Conference on Remote Sensing for Archaeology*. Bonn: ArcLand, 2013.
- PIRES, Hugo, et al. 2014. "Morphological Residual Model: a tool for enhancing epigraphic readings of highly eroded surfaces" en *Information Technologies for Epigraphy and Cultural Heritage. Studi Humanisti-Serie Antichista, Sapienza Università Editricie*, 2014, p. 133-144.
- PIRES, Hugo; RUBIO, J. Martínez; ARANA, A. Elorza. 2015. "Techniques for revealing 3D hidden archeological features: morphological residual models as virtual-polynomial texture maps" en *The International Archives of Photogrammetry, Remote Sensing and Spatial Information Sciences*, 2015, vol. 40, no 5, p. 415.
- PORTAS, M. C. P. et al. 2001. "La conservación de la raza equina garrana". *Arch. Zootecnia*. Páx 171-179. Acto de la Academia Nacional de las Ciencia EE.HH. CPNAS <http://www.uco.es/publicaciones/az/articulos/2001/18990/pdf/PORTAS.pdf>
- RIPOLL LÓPEZ, Sergio (coordinador). *Prehistoria. Historia de la ciencia y la tecnología. La prehistoria. Paleolítico y neolítico. Tomo 1*. Editorial Universitaria Ramón Areces. 2014. Madrid.
- SANTOS, A. F CASTANHEIRA. 2013. *A Laje da Churra (Paço, Carreço, Viana do Castelo) Estudo monográfico de um lugar gravado*. Braga: Universidade do Minho Biblioteca da Universidade do Minho BUM - Dissertações de Mestrado
- SANTOS ESTÉVEZ, M. 2015. "Ciervos y Caballos en el Arte Rupestre Atlántico: una interpretación etnoarqueológica" en *XIX International Rock Art Conference IFRAO 2015*. Cáceres: ARKEOS.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. 2005. "La Caza Ritual en la Edad del Bronce y su Representación en el Arte Rupestre de Galicia". En M. SANTOS ESTÉVEZ e A. TRONCOSO ME-LÉNDEZ (coord.) *Reflexiones sobre el Arte Rupestre, paisaje, forma y contenido. Trabajos de Arqueoloxía e Patrimonio*, nº 33, pp. 83-100. Santiago: Instituto de Investigación Tecnológica: Laboratorio de Arqueología y Formas Culturales.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. e BETTENCOURT, A. M. S. 2017. "O Conjunto de gravuras rupestres de Santo Adrião (Caminha, Portugal). Embarcações, armas, cavalos e exvotos" en *Actas do II Congresso Nacional da Associação de Arqueólogos Portugueses*. Lisboa.
- VILAR PEDREIRA, X.L., MÉNDEZ QUINTAS, E. 2009. *A Estación de Arte Rupestre do Outeiro dos Lameiros*. Baiona: Comunidade de Montes en Mancomún de Sobarís.
- VILAR PEDREIRA, X.L. 2014. "Escenas de caza nos petróglifos galegos e portugueses". En *Revista de Estudos Miñoráns*, nº12-13, pp. 119-134- Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns,
- VV.AA., 2012. "Los Principios de Sevilla; Principios internacionales de la Arqueología Virtual". En *Borrador Final del Forum internacional de Arqueología Virtual (Sevilla)*. *Arqueológica*. Sevilla: Forum Internacional de Arqueología Virtual / International Forum of Virtual Archaeology
- WARMUTH, V et al. 2012. "Reconstruting the origin and spread of horse domestication in the Eurasian steppe" en *PNAS* | May 22, 2012 | vol. 109 | no. 21.

NOTAS

- 1 Peña Santos e Rey García, 2001: 24.
- 2 O noso agradecemento especial é para Cándido Verde, Manolo Ledo e José Álvarez (máis coñecido como “O Buraco”), xa que ademais de localizar algúns dos petróglifos que tratamos neste pequeno artigo, levan décadas prospectando os montes de toda Galicia e parte de Portugal, contribuíndo desta forma á elaboración de moitísimos traballos de carácter arqueolóxico.
- 3 Costas Goberna e Peña Santos, 2002: 15.
- 4 VV.AA., 2012:3
- 5 No ano 2009 reproducéase por primeira vez un modelo 3D dun petróglifo mediante escáner fotogramétrico de baixo custe (Mañana Borrazás, P., Seoane Veiga, Y. y Troncoso Meléndez, A., 2010; Ortiz Sanz, J., Gil Docampo, M., Meijide Cameselle, G., Martínez Rodríguez, S. y Rego Sanmartín, M. T., 2011)
- 6 <http://iem.gal/arqueoloxia/artigos/431-os-petroglifos-de-agua-da-laxe-e-outeiros-dos-lameiros-xa-ten-replicas-en-3d>
- 7 Pires et al., 2015:415.
- 8 Pereira, J., 2012
- 9 Malzbender, T., et al., 2001
- 10 Carrero-Pazos, M., et al., 2015.
- 11 Pires, H., et al., 2014
- 12 Carrero-Pazos, M., et al 2015
- 13 Carrero-Pazos, M., et al 2016: 105-119.
- 14 En termos xerais, coñecemos por arquivo LAS un tipo de formato binario estándar da industria para almacenar datos LIDAR aéreos. Neste caso, o arquivo “.las” contería os datos da nube de puntos dun modelo 3D dun petróglifo.
- 15 Mediante a aplicación do shader coñecido como Radiance Scalling en Meshlab e a través da combinación de diferentes lit spheres neste software, obtivemos resultados moi semellantes aos conseguidos coa técnica As Trend. Unha das vantaxes do Radiance Scalling é a posibilidade de mover o modelo 3D en tempo real para analizar os motivos cunha maior resolución, mentres que o As Trend ofrece un renderizado estático dos gravados.
- 16 Pires, H., et al, 2014.
- 17 Na maioría dos casos empregamos o software Photoscan para facer o levantamento fotogramétrico, pero nos últimos meses comezamos a facer algunhas probas en Reality Capture (RC), obtendo resultados moi bos en canto ao tempo de procesado.
- 18 Escamaduras producidas na rocha a causa das altas temperaturas dos incendios forestais.
- 19 A dificultade de lectura deste motivo e do resto dos motivos máis esvaecidos, obríganos a manter unha estrita cautela á hora de identificar con total seguridade os gravados que alí se representan.
- 20 Trátase da primeira espiral coñecida no concello de Gondomar, un elemento pouco frecuente na arte rupestre galega, que a día de hoxe comparte escenario con outra descuberta recentemente polos que subscribimos este artigo na Laxe da Presiña (Peiteiros, Gondomar)
- 21 De la Peña Santos, A, et al, 2011: 151.
- 22 Santos Estévez, M, 2005.
- 23 Peza que nalgúnhas zonas de Galicia se emprega nos curros co fin de agarrar ás bestas polo pescozo para proceder á súa marcaxe e/ou rapa.

Dous desaforamentos na Baiona medieval (1406 e 1445)

XULIÁN MAURE RIVAS

RESUMO

Transcribense tres documentos da igrexa de Santa María de Baiona, do século XV, escritos en dous pergameos. Conteñen os textos de dous desaforamentos, por non poder os foreiros cumprir coas cargas do foro, e dun novo contrato, que mellora as condicións das partes.

ABSTRACT

Transcription of three documents related to Santa María's church in Baiona, dating from the Fiftieth Century. The documents include information about the end of granted privileges, as beneficiaries could no longer sustain the charges. It includes a new contract as well, which improves conditions on both sides.

INTRODUCCIÓN

Na colección de documentos medievais da Igrexa de Santa María de Baiona conservados no Arquivo Diocesano de Tui gárdase un pergameo que contén a “demisión” dunha casa que os dous abades e os razoeiros da dita igrexa tiñan aforada a Domingo Vidal, veciño de Baiona, pedreiro de oficio.

Este foro, en vigor para o titular e para varias “voces” ou herdeiros que o sucedesen, estaba amparado por un documento feito polo notario desta vila, Lourenzo Martíns. Como Domingo Vidal non podía “pagar nin manter” o dito foro vese obrigado a deixar a casa onde vivía e a devolver o documento que amparaba os seus dereitos de foreiro.

No mesmo pergameo, recóllese a continuación, outro documento onde os mesmos clérigos da igrexa de Santa María de Baiona, en carta de aforamento, dan a mesma casa que non podía pagar o pedreiro Domingo Vidal ao un fillo deste, chamado Pero Eanes.

O novo prezo é corenta marabedís, “hũa açübre” de viño toledano, unha galiña ou un bo capón cada ano polo día de san Xoán Bautista. Ademais, segundo o novo contrato do foro, este novo foreiro ou inquilino terá que meterse en obras, reparando e dando unha altura á parte que lle corresponde da casa para igualar coa casa do carnicero veciño “segundo *que* está a dita casa sobradada en *que* mora o dito Gil Peres en sobrado”.

Parece que as novas condicións do foro do fillo non estaban no foro do pai, limitado a “*çertas pesoas*” e por *çerta contía de marauedís* en cada hũa ano “segundo *que* se contén en hũa estormento de foro feito per Lourenço Martins, notario desta dita villa”, condicións beneficiosas para o fillo se herdase directamente o foro do pai. O desaforamento do pai e o aforamento do fillo melloran as condicións económicas dos propietarios da casa.

Noutro pergameo do mesmo Arquivo Diocesano de Tui pódese ler o documento do segundo caso de desaforamento, tamén na Baiona medieval. Trátase máis ben dun cambio de condicións entre un foreiro e os clérigos baioneses do século XV; é unha avinza, un arranxo que se presenta como beneficioso para ambas partes. O documento está tamén na colección da igrexa de Santa María de Baiona. Pero Vaasquez e Costança Dominges tiñan aforado dos clérigos de Baiona un forno na mesma vila. Neste foro, unha vez finados, sucedeulle a súa filla Enés Peres, “por erança legitima dos ditos padre et madre” que deixaran en ruína total tanto a casa como o forno.

Enés Peres e o seu home Afonso de Sea, como herdeiros do foro, poderían ser demandados ante a autoridade eclesiástica, pero “por escusar et quitar de ontre nós odio, rranco, pleyto et contenda *que* ontre nós esperaua seer de et sobre rrasón dos nosos dous terços do forno”, os clérigos promoven esta avinza que é aceptada polos novos foreiros. Enés e Afonso levantarán a casa e poñerán o forno a cocer pola súa conta; durante a vida de Afonso so terán que pagar os décimos a Deus, e ao seu pasamento a súa muller Enés e os seus herdeiros terán que pagar de foro setenta marabedís cada ano.

Toda esta benevolencia explícase “por escusar o dito pleito et custas et avendo *consideración* de algũus vosos anteçesores de vós, a dita Enés Peres, em como *mandaron* et dotaron a as nouessarias da dita igleia de algũus bẽes *que* a nós renden, et creemos *que* eso mesmo vós et o voso dito marido faredes a vosos finamentos, et por vsaremos de beninidade et non de rygor”.

Na lectura destes dous pergameos, que conteñen os tres documentos reseñados, queda constancia do rigor notarial que acompañaba o patrimonio eclesiástico. O cor-

po clerical custodiaba de xeración en xeración as rendas dos bens recibidos e coidaban do estado do seu patrimonio inmobiliario, como consta nestas cláusulas: “(nós)...clérigos rraçoeiros da igreia de Santa María [da villa de Bayona de] Miñor, a esto presentes et outorgantes, fasentes por nós et por llos outros [clérigos rraçoeiros da dita] igreia *que* som absentes et por nosos subçesores”. Aos foreiros pídeselles que a casa aforada “a rreparedes et aguisedes *per* tal guisa *que non* desper[e]sca *per* mingua de laour et de boo *paramento*”.

NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA DO DOCUMENTO

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

- As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.

- Hai palabras que levan supraescrito un ^t como en «ano^t» ou en «mill^t». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.

- O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «moller» ou «fillo», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «villa», que se deben ler “mil” e “vila”.

- As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «Ts» transcríbese como *Testemuñas*.

- Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implorativa, transcríbese cun *n/m* en letra cursiva; por exemplo, «cõ» transcríbese *con*.

- Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vocais e consoantes. Así atopamos «auemos ou leua» que hoxe escribiríamos con <b/v> «habemos ou leva», e tamén «igreia» que na ortografía actual leva o grafema <x> «igrexas».

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

TRANSCRICIÓN DOS DOCUMENTOS

1.- Renuncia do primeiro foreiro

Baiona, 1406, primeiro de xuño

Renuncia de Domingo Vidal a un foro dos tres cuartos da casa en que mora por non poder pagárllelo ós cregos da igrexa de Santa María de Baiona

ACT: Doc. Baiona 5

Anoⁱ do naçemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et seysⁱ anosⁱ, día martes, o primeiro día^[01] do mes de juño, estando enaⁱ igreia de santa María de Bayonaⁱ Domingo Vidal, pedreiro, morador et visiño de^[02] Bayonaⁱ et outrosy, estando y presentes Ruy Martíns, abade con cura da meatade da dita igreia et Fernán

Moogo[†],^[03] Fernán Eanes, Martín Triigo, Gonçaluo Lourenço, Johán de san Domingo, Gonçaluo Dominges, Afonso Eanes, Johán Martíns, Diego Peres, Aluar Rrodrigues, clérigos rra^[04]çoeiros da dita igleia, en presenza de mĩ, Ruy López de Bayona[†], escripuano[†] et notario publico por noso señor el^[05] rrey ena[†] súa corte et en todos seus rregnos et da igleia et çidade de Tui et de todo seu bispado, presentes^[06] as *testemuñas* adeante *escriptas*. Entón o dito Domingo Vidal, pedreiro, disse *que* por *quanto* el tiña aforado dos ditos clérigos^[07] rraçoeiros da dita igleia os tres *quartos* daquela casa en *que* el mora *que* está en esta dita villa, a çerca da carny^[08] çaría da dita villa, junta *con* casa en *que* mora Gil Peres, carniçeiro, por çertas pesoas[†] et por çerta contía de marauedís^[09] en cada hũu ano[†] *segundo* *que* se contén en hũu estormento de foro feito *per* Lourenço Martíns, notario desta dita villa, o qual foro da dita^[10] casa, el non podía pagar nen manteer, *que* el por esta rrasón *que* demetía et demeteu a dita casa, *quanto* monta^[11] dela os ditos tres *quartos* ena[†] dita igleia et clérigos rraçoeiros dela *para* senpre, et *que* fesesen dela súa voontade sem^[12] seu embargo et de súas uoses, entregándolle logo dela o stormento de foro *que* dela tiña feito. Et se o dito^[13] estormento ou tovido[†] del, ou nota del parecer, *que* non valla d' aquí en deante. O qual dito abade et clérigos rraçoeiros da^[14] dita igleia para ella asy rreçebiron. *Testemuñas* : Gonçaluo Eanes, notario de Bayona[†], Fernán Peres, mercador, Afonso Eanes, Esteuo Daualle,^[15] clérigos, Gonçaluo Esteues, criado de Aluaro Peres, abade da outra meatede da dita igleia, et Johán Rrodrigues, notario da çidade de Tui^[16]

Eu Rruy López, notario[†] sobre dito, a esto presente foi et *en* miña presenza esto fiz escreuir et aquí^[17] meu nome et meu synal fiz *que* tal hes.


2.– Novo foro e novas condicións

Baiona, 1406, primeiro de xuño

Foro dos tres cuartos da casa referida no documento anterior, feito polos cregos da igrexa de Santa María a Pero Eanes, fillo do anterior foreiro, por corenta marabedís.

ACT: Doc. Baiona 5

Ano[†] do nacemento de noso señor Jesu Cristo de mill et quatro çentos et seys anos[†], o primeiro día do mes de juño.^[01] Sabean quantos esta carta de aforamento viren como[†] nós, Ruy Martíns, abade *con* cura da meatade da igleia de santa María^[02] de Bayona[†] et Fernán Moogo[†], Martín Triigo, Gonçaluo Lourenço, Fernán Eanes, Johán de San Domingo, Afonso Eanes, Gonçaluo Dominges, Johán Martíns, Diego Peres, Aluar^[03] Rrodrigues, clérigos rraçoeiros da dita igleia, por nós et en nome da dita igleia et clérigos rraçoeiros dela, damos et outorgamos^[04] o foro a uós, Pero Eanes, fillo de Domingo Vidal, pedreiro, visiño de Bayona[†] et a dúas pesoas depois de uós, hũa de^[05] pos outra, *quaes* de dereito herdaren vosos bées; *conuén* a saber, os tres *quartos* daquela casa en *que* moraua Domingo Vidal,^[06] uoso padre, a qual el tiña aforada a nós, ditos clérigos rraçoeiros da dita igleia, o qual foro nos leixou et demetyo[†]; et^[07] da qual dita casa nós auemos[†] o outro *quarto*, o qual *quarto* teemos[†] aforado a mĩ, dito Gonçaluo Lourenço, clérigo rraçoeiro da dita igleia^[08] Et a qual casa parte *per* parede *con* casa en *que* ora mora Gil Peres, carniçeiro, et *con* casa en *que* eu, dito Fernán Eanes,^[09] clérigo rraçoeiro da dita igleia, moro,



que he de nós, ditos clérigos rraçoeiros da dita igleia, et parte per asiñaga^[10] que vay ontre ella et a casa en que mora Pero Eanes, avisiboo, et María Afonso, súa moller. Et os quaes ditos tres^[11] quartos da dita casa uos aforamos como¹ dito he con seu ixido et seído que leua en boca, et con todas súas^[12] entradas et seydas et pertencas et dereituras que lle pertencen et pertencer deuen de dereito; por tal pleito et condiçón que alçedes a dita^[13] casa de fora quanto a uossa parte dos ditos tres quartos, que he a medade dos dous quartos primeiros deanteiros, segundo que^[14] está a dita casa sobradada en que mora o dito Gil Peres en sobrado, deste día de san Johán Boutista do mes de xuño^[15] primeiro que uen em hū ano¹ conprido primeiro seginte. Et a rreparedes et aguisedes per tal guisa que non desper[e]sca per^[16] mingua de lauor et de boo paramento. Et que dedes a nós et a dita igleia et clérigos rraçoeiros dela en cada hū ano¹ por^[17] lo día de san Johán Boutista do mes de xuño, quarenta¹ marauedís de brancos de dez dineiros o marauedí de moeda vella et hūa^[18] açunbre de viño tolleano¹ et hūa galliña boa ou hū bo capón por foro et rrenda et en çençoría¹. Cō os quaes^[19] ditos tres quartos da dita casa et ixido et seído que vós asy aforamos, uos prometemos et outorgamos d' anparar et defender eno^[20] dito tempo a dereito per bēes da dita igleia et nouersarias della que para elo obrigamos. Et a uosso seymento et das ditas pesoas que os ditos^[21] tres quartos da dita casa con seu ixido et seydo que uos asy aforamos fiquen liures et quites et desenbargados de uós et de uosas voses^[22] a nós et a dita igleia et clérigos rraçoeiros dela para todo senpre, con toda súa benfeitoría que en ela feserdes. Et eu, dito Pero Eanes, que^[23] a esto presente sōo, fasente (sōo fasente) por mī et por las ditas pesoas, por as quaes obrigo meus bēes que elas aian esto por firme et esta^[24] uil¹ eno¹ dito tempo, asy rreçebo de uós o dito foro pela maneira et condiçón sobre ditas. Et obrigo meus bēes et das ditas pesoas a uos dar^[25] et pagar a dita igleia et clérigos rraçoeiros dela o dito foro en cada hū ano¹ et faser et conprir todo esto que se aquí contén. Et qual quer das^[26] partes que contra esto for et o non teuer et conprir et agardar que peyte por pena¹ a outra parte que o teuer et conprir et agardar quinentos marauedís da dita^[27] moeda. Et a pena pagada ou non, que esta carta et o que se en ella contén fiquen firme et estauil¹ et valla eno¹ dito tempo en súa rreuor.^[28] Feita a carta en Bayona¹ o día et mes et era sobre ditos. Testemuñas que foron presentes: Fernán Peres, mercador, Afonso Eanes, Esteuo Daualle, clérigos, Gonçaluo Eanes,^[29] notario de Bayona¹, Johán Rrodrigues, notario da çidade de Tui, Gonçaluo Esteues, criado de Aluaro Peres, abade da outra meatade da dita igleia, et outros^[30].

Eu Rruy López, notario público por noso señor el rey ena súa corte et en todos os seus regnos et da igleia et çibda^[31] de Tui et de todo seu bispado, a esto presente foy et en miña presenza esto fy3 escreuiir¹ et a rogo das so^[32] bre ditas partes aquí meu nome et synal fy3 que tal hes.


Baiona, 1445, día 13 de ?

Avinza entre os cregos razoeiros da igrexa de Santa María de Baiona e Afonso de Sea e a súa muller, Inés Peres.

ACT: Doc. Baiona 3.

Este documento está recortado no ángulo superior esquerdo e afecta ó comezo das sete primeiras liñas. A recomposición parcial está baseada en documentos desta mesma colección.

[Ano¹ do nacemento de noso] señor *Jesu Cristo* de mill¹ et quatro centos et quarenta et cinco anos¹, trese días^[01] [do mes de ...saban] quantos esta carta de aviinça et amigauel composición viren como¹ nós, *Gonçaluo Dominges*,^[02] [...Aluaro] de Barrantes, *Johán Gonçálues*, *Johán de Ferreira*, *Afonso Peres*, *Fernán Afonso*, *Aluaro Gonçáluez*, *Aluaro Garçia*, *Johán de Leiras*,^[03] [... Gonçaluo] de Tebra, *Afonso Lourenço*, *Johán Castelão*, *Lopo Afonso*, clérigos rraçoeiros da igreia de Santa María^[04] [da villa de Bayona de] Miñor, a esto presentes et outorgantes, fasentes por nós et por llos outros^[05] [clérigos rraçoeiros da dita] igreia *que* som absentes et por nosos subçesores da hũa parte, et eu, *Afonso de*^[06] [Sea, justiça desta dita] villa, con *Enés Peres*, miña moller, anbos presentes et outorgantes, fasentes por nós^[07] et por nosas voses, da outra parte. Nós, partes sobre ditas, por escusar et quitar de ontre nós odio, rran^[08] cor, pleyto et contenda *que* ontre nós esperaua seer de et sobre rrasón dos nosos dous terços do^[09] forno *que* foy de *Garçia Martíns*, mercador, visino *que* foy desta dita villa. Pero *Vasquez*, neto, et *Costança*^[10] *Dominges*, súa moller, padre et madre de vós, a dita *Enés Peres*, ja finados, a *que* deus perdom, tragiam afora^[11] dos de nós, os ditos rraçoeiros, por tempo das súas vidas et de dúas personas delles por çerta contía de^[12] *marauedís* en cada hũa ano¹, eno¹ *qual* dito foro vós, a dita *Enés Peres*, subçedestes por erança legitima dos^[13] ditos vosos padre et madre. Et por quanto vós, o dito *Afonso de Sea*, con a dita vosa moller, non podiades rre^[14] parar o dito forno, por rrasón da dita casa do dito forno estar danificada et destruída, así de pa^[15] redes como¹ de madeira et tella et carpentería, et por rasón da gram custa et missiom *que* vos em^[16] elo requiçia; por lo *qual* o dito forno non cozia por rasón da dita casa así estar dampnificada et por eso mees^[17] mo non poderdes *aver* forneiros *que* em el quisesem estar por lla dita casa así estar destruída, et por rrasón^[18] das moy caras soldadas *que* leuan de cada hũa ano¹, por lo *qual* nós, ditos rraçoeiros vos quiseramos deman^[19] dar perante o vicario da igreia de Tui a *que* reparasedes a dita casa et fesessedes coser o dito forno et manteuese^[20] des reparado et cosente durante o tempo *que* o vós et vosas voses avedes de teer por virtude do dito foro^[21] em tal maneira *que* ao seymento da postromeyra vosa voz, *que* os ditos nosos dous terços do dito forno fiquasem rre^[22] parados a nós, ditos rraçoeiros, con toda súa bemfeytoria *segundo que* o dereito require em tal caso. Et nós, os ditos^[23] rraçoeiros, veendo et considerando a gram custa et despensa *que* se vos requiçia eno¹ dito reparamento da dita casa do^[24] dito forno et das ditas soldadas *que* leuan os ditos forneiros, et por escusar o dito pleito et custas et avendo^[25] consideración de algũus vosos antecesores de vós, a dita *Enés Peres*, em como¹ mandaron et dotaron a as nouesarias^[26] da dita igreia de algũus bẽes *que* a nós renden, et creemos *que* eso mesmo vós et o voso dito marido faredes^[27] a vosos finamentos, et por vsaremos de benidade et non de rygor, queremos et outorgamos et nos praz^[28] *que* vós, o dito *Afonso de Sea* et a dita vosa moller, façades logo per vosa custa reparar a dita casa et faser^[29] coser o dito forno deste día de natal em diante durante o dito tempo; et *que* para ajuda da custa *que* em elo^[30] festerdes *que* ajades et tenades os ditos nosos dous terços do dito forno, disemo a deus, durante o tempo^[31] da vida de vós, o dito *Afonso de Sea*, et máis non, et *que* ao seymento de vós, dito *Afonso de Sea*, *que* a dita *Enés*^[32] *Peres*, vosa moller, et a voz *que* depois dela este dito foro ouueren de teer, *que* nos dem et paguen em cada hũa^[33] ano¹ durante seu tempo satenta *marauedís* de moeda vella, branqua vella, en tres dineiros. Con a *qual* dita aviinça *que* vos^[34] así fasemos, obligamos os bẽes das ditas nosas nouesarias ao *aver* por firme et estáuel et non yr contra^[35] elo em juiso nen fóra



del, sub pena de dous mill¹ maravedís da dita moeda, *que* outorgamos *que* vos peytemos por^[36] pena et pustura se contra elo foremos. Et nós, os ditos Afonso de Sea con a dita miña moller, Enés Peres, *que* somos^[37] presentes, así o outorgamos et reçebemos et obligamos a todos nosos bées a rreparar a dita casa et faser^[38] coser o dito forno et o manter durante o dito tempo rreparado et cosente em maneira *que* non despereça por^[39] míngoia de coser et rreparamento ena¹ maneira *que* dita he, sub a dita pena dos ditos mill¹ maravedís da dita moeda^[40] *que* outorgamos et queremos *que* vos peytemos por pena et em nome de interesse se o así non teuéremos, con^[41] pliremos et agardáremos como¹ dito he. Et *de*/máis nós, ditas partes, *queremos* et outorgamos *que* a dita pena paga^[42] da de hũa parte aa outra ou non, *que* este contracto fique firme et estáuel et valla em súa reuor, em *testemuño* do qual^[43] outorgamos esta carta et contracto seer feito et outorgado de notario ena dita igleia de Santa María da dita villa de Bayona^[44] ante o notario et *testemuñas* juso scriptos; ao qual notario rrogamos et mandamos faser dúas cartas de hũu tenor^[45] para guarda de nós, ditas partes. Et aos presentes roga-

mos *que fosen delo testemuñas*. Feita eno¹ dito lugar o ano¹ et mes et día^[46] sobre ditos. *Testemuñas que foron presentes, chamados et rogados: Johán Rodrigues, bachiller, et Gonçaluo Rrajo, seu fillo et Lourenço Yanes,^[47] notario, et Rodrigo Aluerez, alfayate, et Gonçaluo Dominges, pedreiro, visiños da dita villa, et outros.^[48]*

Et eu, *Johán Rrodrigues, clérigo rraçoeiro da dita igreia et notario público jurado da igreia et obispado de Tui con as ditas testemuñas^[49] presente foy et escripui et aquí meu nome et signal pugi em testemuño de verdade, que tal he^[50]*

LÉXICO DOS DOCUMENTOS

Aínda que a distancia léxica entre o galego medieval e o actual non é moi significativa, hai algunhas palabras que merecen breve comentario.

Nouersarias (aniuersarias, vniuersarias, enovesarias, nouesarias...)

Esta palabra coas súas variantes está relacionada coa forma latina *aniversarium* e o seu plural *aniversaria*. No ano 1300 o papa Bonifacio VIII convoca por primeira vez a todos os cristiáns a que peregrinen a Roma para celebrar o primeiro ano xubilar. Na bula “*Antiquorum habet*” refírese a todo tipo de indulxencias e perdón dos pecados concedidos anteriormente e que el, “[nos] auctoritate apostolica confirmamus, et approbamus” (Denzinger, 467). Definitivamente están xa incluídas as indulxencias e sufraxios aplicables aos defuntos. Nos testamentos agora aparecen mandas nas que se asignan propiedades a fondos destinados a distintos tipos de sufraxios “*pro remedio animae*”. As Igrexas e mosteiros que reciben estas doazóns establecen a institución das aniversarias ou, como aparece neste documento de Baiona, *nouersarias*. O patrimonio formado por casas, leiras, viñas... podía estar xestionado por un clérigo da igrexa ou mesmo por un ovenzal ou administrador².

Na toponimia asturiana consérvanse as seguintes variantes *La Novesaria* (Xx, Llv), *Prau la Nevesaria* (Uv), *Les Niversaries* (Ri) “que nos recuerdan, quizá, una finca entregada a cambio de la obligación de los clérigos de rezar por el muerto en su aniversariu o cabudañu”³. No buscador de toponimia da Xunta de Galicia están rexistradas catro ocorrencias de *A Aniversaria*⁴.

Razoeiros

O Sínodo de Tui de 1528 no “Título XI. Del oficio del juez ordinario” ten un apartado dedicado a igrexa de Baiona e á súa organización. Son oportunos os seguintes fragmentos.

“Y nos, visto y considerado todo lo suso dicho y que la dicha iglesia de Bayona siempre fue bien servida, y es la mas principal yglesia que aya en el dicho nuestro obispado despues de la nuestra yglesia cathedral... plugonos de numerar y exnumeramos la dicha yglesia y beneficio della para que daqui adelante para siempre jamas aya en ella dos abades y catorze raçoneros, siete de cada coro y un sacristán. Y los abades uno sea abad de Bayona y otro abad de Monte de Boy... y cada uno de ellos aya dos raçones y lleven tanto como dos raçoneros... Excepto los aniversarios que las buenas gentes mandaron o madaren al cabildo de los dichos abades y raçoneros... todas las otras cosas se partan por medio, la una mitad sea para nos, para nuestra mesa obispal y la otra mitad sea de los abades y raçoneros... la qual dicha mitad de los dichos abades y raçoneros y sacristan se parta y divida en diez y nueve raçones yguales, las cuatro

ayan los dichos abades cada uno dos... y las catorze raciones ayan los dichos catorze racioneros, cada uno la suya... y la otra racion, que son ansi diez y nueve, ayala el dicho sacristan, y tenga cargo de proveer de cera y de hostias y de hazer todos los otros officios que a sacristan pertenece. Lo qual todo ansi lo ordenamos y mandamos en este presente sínodo”.

Os razoeiros que aparecen nestes documentos de Baiona non chegan a catorce e antes deste sínodo de 1528 os abades levaban a metade dos ingresos e os razoeiros tiñan que repartir entre eles a outra metade⁵.

Estormento, stormento

Ten o significado de escritura ou instrumento legal. Calquera documento notarial ou sentenza de xuíz.

Avisiboo

Este alcuño está formado polo sintagma latino *ad vice*- seguido dos cualificativos xenéricos *bo* ou *malo*. Toman o sentido do contexto, aquí sería unha sorte de home bo, fronte ao *avizimao* que aparece nas Cantigas de Santa María co sentido de nefasto, infeliz, desgraciado (127, 9)

Asiñaga

Palabra de orixe árabe (*az-zinaiqâ*) designa unha rúa estreita .

Ixido, eixido, seído

Pequeno terreo contiguo á porta da casa. Nestes documentos aparecen xuntas as dúas formas sinónimas o que pode indicar un proceso de substitución da forma arcaica.

Seymento

Eufemismo de morte, finamento ou pasamento. H. Brunswick rexistra *sahimento* co valor de oficio de defuntos, exequias.

CODA

Estes dous pergameos que conteñen tres documentos de principios e mediados do século quince, referentes ás propiedades dos clérigos da igrexa de Santa María de Baiona, dannos unha información de primeira man sobre as posibilidades que tiña a institución eclesiástica para atender ao seu funcionamento con dous abades e unha serie de razoeiros que podían chegar a catorce. Despois da catedral de Tui, a igrexa de Baiona era a mellor dotada da diocese.

Como se pode constatar no terceiro documento aquí presentado, o escribán que redacta a escritura é un clérigo razoeiro da mesma igrexa, que actúa como parte e como notario público deste desaforamento, que se presenta como unha avinza entre as partes “por escusar et quitar de ontre nós odio, rranor, pleyto et contenda que ontre nós esperaua seer”. O clérigo-notario reconece no documento as doazóns da familia recibidas para sufraxios e as que espera recibir dos novos foreiros: “avendo consideraçõn de algũus vosos antecesores de vós, a dita Enés Peres, em como^t mandaron et dotaron a as nouessarias da dita igleia de algũus bẽes que a nós renden, et creemos que eso mesmo vós et o voso dito marido faredes a vosos finamentos”. Pero serán os novos foreiros os que teñan que levantar as ruínas do forno e da casa cos seus propios medios.

Os dous primeiros documentos escritos no mesmo pergameo están asinados por “Ruy López, notario público por noso señor el rey ena súa corte et en todos os seus regnos et da igreia et çibda de Tui et de todo seu bispado, a esto presente foy et en miña presenza esto fy3 escreuir¹ et a rogo das sobre ditas partes aquí meu nome et synal fy3 que tal hes.” Hai un escribán que escribe en presenza do notario público real e o seu estilo está exento das pías consideracións que ten o documento anterior.

NOTAS

- 1 Tollido, tirado, copiado
- 2 “et daredes en cada huun anno ao obençal das nobersarias seys morauedis de foros por día de Natal”. (Lucas, 602)
- 3 <http://mas.lne.es/toponimia/index.php?leer=302&palabra=novesaria>
- 4 <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>
- 5 Ver o Sínodo de Tui de 1482: “De la iglesia de Bayona e commo se ha de dividir” (García y García, 353–356)

BIBLIOGRAFÍA

- DENZINGER, H.: (1960) *Enchiridion symbolorum*. Barcinone. Herder
- GARCIA Y GARCIA, Antonio: (1981) *Synodicon hispanum. I Galicia*. Madrid: BAC.
- LORENZO, Ramón: (1988) “Normas para a edición de textos medievais galegos” e Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie ramanes. T.VI*, Tubingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / Lucas Domínguez, Pedro (eds.) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos)
- METTMANN, Walter (ed.) (1981) *Cantigas de Santa Maria de Afonso X*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- TMILG (*Tesaurus Medieval Informatizado da Lingua Galega*). Universidade de Santiago de Compostela. En <http://ilg.usc-es/tmilg/>

Porto do Molle como motor de transformación

JOSÉ RAMÓN OJEA VIDAL

RESUMO

Nun momento de incerteza, derivada da rapidez coa que se suceden os acontecementos que inflúen nas nosas vidas e nos marcan o noso futuro queiramos ou non, é necesario reflexionar e observar como de vinculados estamos desde a nosa contorna ás tendencias que articulan a sociedade do século XXI. Este é o obxectivo deste artigo. O Porto do Molle é un dos mellores acontecementos que sucederon no noso Val Miñor en moitos anos, representa a oportunidade de que ecoloxía, coñecemento, economía e futuro poidan conxurarse e facer da nosa sociedade máis próxima un modelo de desenvolvemento sustentable. Teñen os nosos políticos esta percepción?

ABSTRACT

At a time of uncertainty, derived from the quick succession of events that shape our life and influence our futures, it is necessary to think about how linked we are, from our backgrounds, to the tendencies that articulate society in the Twenty First century. This is the main aim of the present article. Porto do Molle is one of the greatest happenings in Val Miñor of the last years. It represents the opportunity of ecology, knowledge, economy and future to come together and make our society move towards a model of sustainable development. Do our politicians share this perception?

INTRODUCCIÓN

A globalización da economía é interpretada e explotada polas oligarquías económicas como un gran mercado de man de obra barata non suxeito a normas éticas de funcionamento. Isto sucede grazas á carencia de regulación, materia que xeralmente corresponde establecer á clase política.

A deslocalización da produción industrial a países nos que non se lles aplican custos sociais nin ambientais aos procesos produtivos é un gran negocio. Para moitas empresas a globalización só significa a oportunidade de obter beneficios rápidos e cuantiosos, carentes de ética, baseados na explotación das persoas.

Excluir custos sociais e manter os prezos de venda habituais nas sociedades desenvolvidas dispara as marxes comerciais. En consecuencia hai unha dispoñibilidade de excedente de tesourería que se utiliza en corromper as clases dirixentes responsables da regulación en ambos os extremos da cadea produtiva. O exceso de diñeiro engraxa a maquinaria da desregularización dos mercados, permitindo perpetuar uns sistemas cuxas consecuencias son evidentes: aumento das desigualdades sociais, inxustizas e deterioración das liberdades.

Á globalización mal entendida tamén se debe a aceleración da destrución do planeta por sobre-explotación salvaxe dos recursos naturais, as verteduras incontroladas de substancias contaminantes e a emisión de gases de efecto invernadoiro. Os aspectos máis negativos da globalización teñen a súa orixe en intereses inícuos e destrutivos. Cando se conseguirá a xeneralización da etiquetaxe dos produtos informando sobre a súa pegada social, pegada de carbono, orixe das materias primas, por citar algúns exemplos, para que comprar con responsabilidade sexa unha opción que se poida levar a cabo?

A nosa sociedade actual, a do século XXI, ten unha capacidade creadora e construtiva como nunca antes tivera. Está capacitada para competir nunha economía global, na que saberá aproveitar adecuadamente as oportunidades e combater as perversidades. Os habitantes do Val Miñor estamos mellor preparados para acometer novos retos ao reunir contorna, infraestruturas e coñecementos clave para progresar.

Non nos deixemos enganar. A globalización non ten por que levar implícita a perda dos dereitos polos que como sociedade loitamos. Estamos a ser testemuñas de discursos emerxentes que cuestionan, ao amparo das ameazas da globalización, a nosa forma de vida. Son discursos radicais e proteccionistas para convencernos de que a globalización destrúe os nosos modelos de sociedade. O seu obxectivo non é outro que protexer os intereses de certas clases dominantes, destruír a socialdemocracia para substituíla por un modelo neoliberal. Perseguen a privatización dos servizos básicos: educación, xustiza e sanidade, a través da utilización, ao seu antollo, dos recursos públicos co obxectivo de obter deles uns beneficios económicos que actualmente non lles están proporcionando.

Os que estades a ler estas liñas preguntarádesvos que ten que ver o devandito ata o momento con Porto do Molle. Dende o meu punto de vista, si ten moito que ver, dado que o desenvolvemento local non está en absoluto rifado coa globalización. Esta deberá ser observada e considerada se desexamos seguir progresando de forma equilibrada. Porto do Molle é un claro exemplo do que quero dicir. Foi deseñado



PORTO DO MOLLE

Un espazo onde crecen as ideas

en 1992 polo Consorcio da Zona Franca de Vigo dende unha perspectiva inspirada nas tendencias marcadas pola globalización, que xa se deixaban entrever naquel momento.

Deixando a un lado algo irrefutable, como que os afortunados habitantes do Val Miñor vivimos nun espazo privilexiado, non podemos evitar estar ao tanto dunha actualidade informativa empeñada en situarnos de cheo no mapa da incerteza que caracteriza os inicios do século XXI. O que vén sucedendo non cede moito espazo para o optimismo. Son múltiples os acontecementos globais que nos enchen de inquietude e, lamentablemente, ou mellor, afortunadamente case sempre, non suceden aquí, na nosa contorna, Chandebrito, en Belesar ou en Peitieiros, para que dalgunha maneira puidésemos evitalos. Non, suceden en EEUU, en Siria, ou en Alemaña, e aféctannos de cheo. Non hai opción, hai que convivir con eles e as súas consecuencias.

Agora ben, non todo o que ten que ver coa globalización son ameazas. As nosas vidas están rodeadas de novos coñecementos e produtos que a globalización nos achega de forma inmediata e contribúen ao noso benestar. Grazas ao uso intensivo e distribuído das novas tecnoloxías está a acelerarse o progreso da ciencia da que se esperan grandes avances en diferentes ámbitos. Se o afirmado é certo xórdenme as seguintes



preguntas: A que se debe o pesimismo actual respecto da evolución da sociedade?, ten algo que ver coa clase política?, quen e por que están empeñados en romper a cohesión social?, a quen corresponde promover a adaptación ás tendencias emerxentes que nos afectan?

Pediuseme que fale sobre o que supón Porto do Molle e fareino, pero non sen previamente establecer as conexións existentes entre a nosa realidade, a local, a máis próxima, e a outra realidade, a que representa a influencia da globalización. Se ambas as realidades, coma se de imáns se tratase, se aproximasen nos aspectos positivos, uniríanse e sumarían as súas enerxías. Utilizarei o vocábulo “glocal” (visión global, actuación local), para referirme ao resultado desta unión, é dicir: unha sociedade que progresa tendo posta a súa mirada no que sucede no mundo sen renunciar á súa propia identidade.

Pola contra, se unha destas realidades, a local versus a global, non é aceptada pola outra, se non se responde aos retos que se expoñen, sairemos perdedores, diluídos, sen posibilidade de proxección, ignorados e dependendo da caridade dos demais para sobrevivir. Isto, se sucede, ten un nome: “illamento”. Sinceramente non creo que isto último sexa unha alternativa válida se consideramos o potencial que podemos desenvolver dende a nosa contorna.

DO ENFOQUE LOCAL AO ENFOQUE GLOBAL

Expuña hai un momento unha pregunta sobre a responsabilidade da clase política no progreso da sociedade. Fíxeno porque ao estar moi próximo á xestación do Polígono de Porto do Molle puiden coñecer de primeira man a falta de apoio claro por parte das corporacións locais, dunhas máis que doutras, que houbo ao longo dos dezanove anos que tardamos en ver terminada unha infraestrutura clave para o desenvolvemento futuro do Val Miñor, como se está demostrando actualmente.

Cinguireime só ao Val Miñor para delimitar e concretar o seu impacto na nosa contorna. Pero o seu impacto vai moito máis alá, tanto que me atrevería a dicir que nos sitúa no mundo grazas ao seu potencial de crecemento, calidade das súas infraestruturas e o coñecemento experto que desenvolven as empresas e os centros tecnolóxicos instalados ata o día de hoxe. A Xunta de Galicia, o Goberno Central ou a propia Unión Europea están implicadas en iniciativas que residen en Porto do Molle. Son os casos de: VIAGALICIA (aceleradora de empresas e emprendedores), CINAIE (Fundación Centro de Innovación Aeroespacial), BFA (Business Factory Auto). En pouco tempo xa está marcada unha tendencia e un camiño para o seu desenvolvemento integral como parque de excelencia. Sorprenderanos o seu rápido crecemento.

Como dicía, tiveron que pasar nada menos que dezanove anos entre a firma do primeiro convenio en 1991, entre o Concello de Nigrán, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o SEPES, e a inauguración do parque no ano 2010. Non é o momento de establecer xuízos de valor sobre as responsabilidades relacionadas con esta demostración de torpeza executiva municipal. O sucedido só se entende se o foco destas corporacións implicadas estaba posto noutros intereses, obstinadas con non ver máis alá do local. A burbulla e facilitar a cultura do “pelotazo” urbanístico era máis

rendible que xerar emprego de calidade baseado no desenvolvemento industrial terciario, que era o que se estaba ofrecendo.

Isto sucedía no contorno político en Nigrán. Que sucedía mentres tanto na contorna xeral? Case nada; Xeneralízase o uso do computador persoal, telefonía móbil e internet. Nacen Amazon, Google, Ebay, Youtube, Wikipedia, Google Maps, Skype. Créase a WIFI, os Smartphone (IOS/ Android) e adóptase o euro, iso só por citar uns exemplos e omitir, á mantenta, outros acontecementos tremendamente impactantes que se produciron ao longo destes anos.

Mentres aquí atendiamos outros temas, na área metropolitana inaugúranse e énchense rapidamente os polígonos da Granxa en Porriño e o PTL en Valadares, respondendo a unha gran demanda de solo empresarial, clave para a xeración de novo emprego. En Nigrán segue todo igual, nin sequera o Plan de Urbanismo se saca adiante, ata que por fin en 2009 inaugúrase Porto do Molle.

Dende 2009 empezan a xurdir rapidamente iniciativas en Nigrán, que xa nada teñen que ver coa estacionalidade dos negocios relacionados co turismo, a especulación urbanística ou o efecto dormitorio. Agora xéranse riqueza e emprego todo o ano, empézase a frear a sangría do talento novo e aparecen oportunidades para que moitos retornen a un novo emprego ou mesmo para montar a súa propia empresa. Por fin temos os instrumentos para proxectarnos, para pensar en clave local e global, para consolidar un crecemento sustentable dende todos os ámbitos; o económico, o social e o ambiental. É hora de que todos, cidadáns, empresas e administracións, nos poñamos as pilas, pensemos en clave de futuro e nos sumemos ao empuxe que representa Porto do Molle en todos os ámbitos.

Na sociedade de Nigrán, como noutras moitas, fóronse adoptando as novas tecnoloxías, non podía ser doutro xeito xa que as vantaxes de facelo eran evidentes. O mesmo sucedeu nas empresas, só que neste caso moitas quedaron no camiño pola dura crise iniciada en 2008, ou porque non puideron adaptarse ás esixencias dunha economía globalizada cada vez máis competitiva e esixente.

As novas tecnoloxías están a abrir novos mercados, novas oportunidades. As empresas tradicionais teñen dificultades para percibir os cambios nos seus modelos de negocio, moitas desaparecen ao mesmo tempo que emerxen outras que son capaces de ofrecer solucións innovadoras de base tecnolóxica ás demandas dunha sociedade que require novos servizos. En Porto do Molle danse as condicións para que se instalen moitas destas empresas, empresas que destacan por ser moi intensivas en coñecemento, por achegar servizos de valor innovadores e ser tecnoloxicamente punteiras. Isto está a permitir a consolidación dun emprego moi cualificado e competitivo, que nos permitirá observar o futuro con máis optimismo e superar a incerteza á que me refería anteriormente.

Antes de entrar en detalles sobre as actividades que se desenvolven no parque empresarial de Porto do Molle, é interesante coñecer os criterios nos que se baseou o seu deseño. Unido á importancia da infraestrutura estaba algo moito máis importante: o coñecemento das persoas que integran as empresas e centros tecnolóxicos instalados en Porto do Molle. Todo parece indicar que este obxectivo está a conseguirse, grazas ao cal se cambiará a percepción que dende aquí se ten do mundo e a que o mundo ten de aquí. Se un sabe que dende aquí se fabrican compoñentes para AIRBUS ou BOEING, por exemplo, ou que se controlan e manexan por satélite mi-



les de drones mariños distribuídos por todos os océanos do mundo, ou que se lanzan picosatélites deseñados por equipos que agora están no CINAIE, podemos pensar que dende Porto do Molle, Nigrán, ou o Val Miñor, empézanse a dar motivos para que se nos sitúe no mapa global das capacidades competitivas innovadoras. Algo moi difícil de conseguir.

Hai, dicía, varias razóns polas que o Consorcio da Zona Franca de Vigo puxo especial coidado no deseño do Parque Empresarial e Tecnolóxico de Porto do Molle en Nigrán. Outra delas é que, co fin de apoiar as novas empresas de base tecnolóxica, se concibe como un parque de calidade para usos terciarios e de lecer. Deséñase considerando factores de sustentabilidade, eficiencia enerxética e infraestruturas avanzadas, para lograr a súa harmonía e equilibrio coa natureza que o rodea.

Inmediatamente despois da súa inauguración constrúense as 40 Naves Bioclimáticas, o Centro de Negocios e o Edificio Tecnolóxico. En relación coas naves cómpre destacar que obtiveron a certificación Breeam, unha esixente certificación internacional que clasifica a sustentabilidade construtiva dende múltiples aspectos. Son as primeiras naves en obter esta certificación en España. Os outros dous edificios, ademais de ser deseñados pensando na integración da vida persoal e a actividade profesional, dispoñen de espazos de lecer e mesmo dun lactario, están dotados cos máis avanzados sistemas de domótica, xeotermia e aproveitamento de augas pluviais e residuais.

É evidente que o compromiso do Consorcio da Zona Franca de Vigo non se concretou unicamente na dotación de solo industrial e espazos de aluguer. Vai máis alá, estase implicado a fondo ao converterse ela mesma nun axente dinamizador para que as persoas, empresas e organismos da zona cooperen a través do intercambio de coñecementos, produtos e servizos nas súas instalacións do Centro de Negocios. Este compromiso leva implícito o establecemento, neste centro, dun equipo xestor especializado na promoción económica e empresarial. Pódese pensar que o Val Miñor conta coa súa propia axencia de desenvolvemento, algo relevante para os nosos plans de futuro.

PARQUE EMPRESARIAL PORTO DO MOLLE



En xaneiro de 2017 o número de empresas (arrendatarias e propietarias de solo) no Parque elévase a 118 das cales 109 xa se atopan operando nel (692 empregos efectivos) e 4 están en proceso de instalación (elaboración de proxecto e execución de obras). Estas últimas prevén unha xeración de emprego de 129 persoas en Porto do Molle. A distribución das empresas en función do tipo de actividades que desenvolven é a seguinte:

	Nº empresas	Nº de empregos
Centro de negocios	32	81
Viveiro de mpresas	18	48
Talleres do viveiro industrial	3	11
ViaVigo (Vigo e Lugo)	15	30
Servicios centrais e emprendemento		6
Parcelas comerciais e industria	19	484
Naves industriais	31	161
Total	118	821

CENTRO DE NEGOCIOS

No centro do parque sitúanse as instalacións do Centro de Negocios. Unhas modernas instalacións dotadas con salas multimedia, aulas de formación e un gran salón multiúsos, que están a disposición de todas as empresas instaladas no parque.

Dende o Centro de Negocios promóvense actividades tan interesantes como un Viveiro de Empresas. Trátase de ofrecer un espazo dotado de equipamentos, servizos e asesoramento, ofrecido en condicións moi vantaxosas ás novas empresas (actualmente hai 18 e unha ocupación do 62%). Ademais, outras 32 empresas ocupan un 47% do espazo dispoñible para alugar libremente.

VIVEIROS DE EMPRESAS

En Porto do Molle están a funcionar dous viveiros de empresas. Un, situado no Centro de Negocios, está dedicado ao apoio de novas empresas basicamente de servizos, ás que se lles proporcionan servizos de asesoramento, equipamentos e oficinas en condicións vantaxosas. Na actualidade hai 32 empresas instaladas no viveiro o que representa un 62% do espazo asignado a esta actividade.


Nas Naves Bioclimáticas acondicionáronse nove espazos para albergar outro viveiro, neste caso especialmente deseñado para acoller empresas industriais. Tres novas empresas están instaladas, hai outras tres en trámites, en condicións de arrendamento excepcionais para os seus primeiros anos de actividade.

ACELERADORA DE EMPRESAS E EMPRENDEDORES VIAGALICIA

Situada no Centro de Negocios, trátase dun ecosistema emprendedor promovido pola Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo. VIAGALICIA foi a primeira aceleradora de España de iniciativa pública. Dá soporte e asistencia na súa fase inicial a emprendedores e empresas. Propicia a achega de capital semente de ata 125.000€ por cada proxecto, formación a través dunha rede de mentoring, infraestruturas e asesoramento.

Pódese afirmar que dende Nigrán reactivouse o espírito emprendedor en Galicia. Nada en 2013, está na súa cuarta edición. Recibiu ata a data 880 ideas de negocio, das que finalmente, e tras diferentes procesos de selección, 35 recibiron capital semente e outros importantes apoios. Cunha supervivencia do 88,57% de empresas xeráronse unha media de 5 empregos por empresa dos cales o 50% son de socios traballadores. Todo un cúmulo de talento emprendedor que se proxecta dende Porto do Molle e esforzase a fondo na consolidación dos seus proxectos.





Trátase dun gran ecosistema de emprendemento que se configura arredor dunha rede de axentes integrados a través das seis entidades promotoras principais, dezaseis entidades colaboradoras, e unha rede de máis de 100 investidores de toda España que teñen en Nigrán un dos seus focos de interese. Todo o que sucede en VIAGALICIA ten ampla difusión nos medios de comunicación e nas redes sociais, o que significa que as empresas que nacen no seu seo son rapidamente coñecidas captando o interese de clientes e investidores.

CENTROS COWORKING

Outro aspecto innovador de Porto do Molle é a súa dotación de Centros Coworking nas instalacións do Centro de Negocios e edificio tecnolóxico. Trátase duns espazos deseñados para acoller profesionais autónomos ou pequenas empresas que desexen desenvolver a súa actividade profesional dende unhas instalacións de vangarda con custos reducidos. A facilidade de acceso aos servizos comúns do Centro de Negocios e do edificio tecnolóxico permite desenvolver a actividade profesional nun contorno moderno e competitivo, o que fortalece a imaxe dos negocios ao mesmo tempo que se está convivindo con outras empresas coas que intercambiar ideas e proxectos.



NAVES INDUSTRIAIS

As naves industriais ou bioclimáticas, foron construídas no ano 2010 e inauguradas en 2011. O seu uso está deseñado para fins industriais e de almacenaxe. Foron construídas con criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética, están dotadas de ventilación cruzada, cubertas vexetais, luminosidade natural e paneis solares. Trátase de 40 naves distribuídas en catros módulos. A súa ocupación supera o 80%. A crecente demanda vai ser atendida coa construción de novas naves en breve.

CENTRO TECNOLÓXICO AEROESPACIAL

Este é o nome que recibe o novo edificio situado a continuación do Centro de Negocios. Os seus usos son similares aos que se describiron para o Centro de Negocios, co que comparte parte dos servizos (salón de actos, aulas, salas reunións...) e dispón doutros complementarios. A diferenza entre ambos estriba en que serán as actividades máis tecnolóxicas, máis baseadas na xeración de I+D (investigación e desenvolvemento), as que se irán situando neste edificio, como é o caso das que se describirán a continuación.

De inauguración moi recente, abril de 2006, xa conta neste momento con dúas actividades, a BFA e o CNIO, de significado interese por involucrar en proxectos equipos de investigadores da Universidade de Vigo, empresas de sectores relevantes.

BFA - Bussines Factory Auto.

Trátase dunha aceleradora vertical especializada no sector da automoción. A BFA é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado (Xesgalicia), a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), o Grupo PSA, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFB) e Vigo Activo S.C.R. (Vigo Activo). O seu obxectivo é a aceleración e consolidación de proxectos especializados en automoción e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento; contribuíndo así a fortalecer o sector e incrementar a súa proxección internacional.

CINAE Fundación Centro Aeroespacial de Galicia.

Coa implicación da Universidade de Vigo, Airbus, Delta e a Unión de Empresas Aeronáuticas de Galicia, esta fundación potencia o desenvolvemento do sector aeronáutico de Galicia. O seu obxectivo é converterse no principal foco de innovación e desenvolvemento de todo o noroeste peninsular para este sector industrial.

Con esta iniciativa establécese en Nigrán un novo polo estratéxico industrial nos avanzados sectores aeronáutico e espacial. Está previsto dotalo con equipamento de alto nivel, como a adquisición dunha máquina de fabricación láser coa que fornecer as empresas dun servizo de fabricación aditiva en metal que poidan compartir.

Xa se están incorporando neste momento os primeiros equipos de investigadores. Nun futuro próximo podería acoller ata 300 investigadores.

PARCELAS INDUSTRIAIS

Ao achegarnos a Porto do Molle podemos observar con frecuencia o inicio das obras de novas naves empresariais. Nunha conxuntura de crise como a actual resulta rechamante e contrasta coa escasa demanda existente noutros parques que se estenden por toda Galicia e coa agresiva oferta de solo que se ofrece dende o norte de Portugal.

Que sucede en Porto do Molle para que medre deste xeito? A aparición de novas naves débese basicamente a dous motivos; un é que as empresas xa instaladas necesitan crecer, son, por exemplo, os casos de Marine Instruments ou de Snop Stampación; e outro é que o parque atrae novas empresas. Agora mesmo estanse a construír as naves de Delta Vigo e axiña se iniciarán as de Ecoforest e Brigal.



Están a instalarse en Porto do Molle un conxunto de empresas e actividades que reúnen entre todas os factores que como sociedade necesitamos neste momento. Hai empresas con departamentos propios de I+D, equipos de enxeñaría electrónica e industrial altamente cualificados, deseño de robots autónomos controlados a través satélite en todos os océanos. Empresas que colaboran en proxectos internacionais a través de alianzas estratéxicas. Equipos de investigación en ámbitos como o aeroespacial, a mobilidade ou a eficiencia enerxética. Empresas comprometidas coa sustentabilidade, a economía circular (sempre que están ao seu alcance adquiren produtos e servizos na súa contorna máis próxima) e a xeración de emprego cualificado. Porto do Molle está a acoller no seu seo empresarios comprometidos e respectuosos co desenvolvemento social, ambiental e económico. Empresarios moi distantes dos que só interpretan a globalización dende a perspectiva da vía para obter unha maior marxe empresarial sen importar o como.

PARCELAS COMERCIAIS

Nas parcelas comerciais están instaladas de momento Mercadona, unha estación de servizo e unha inspección técnica de vehículos ou ITV.

ESPAZOS DOTACIONAIS

O Parque Empresarial conta cunha parcela de equipamento deportivo, de titularidade municipal, de 22.746 m². Esta parcela, situada no extremo Sueste do Parque e

moi próxima ao río Muíños, é lindeira con outra de equipamento social do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

A parcela municipal está habilitada, a grandes trazos, para a implantación de todo tipo de instalacións deportivas (cubertas ou ao aire libre), sendo o propio concello o responsable da súa execución e posta en marcha.

CONCLUSIÓNS

Comecei este artigo falando da globalización e dalgúns dos motivos polos que o seu impacto estaba a ser negativo nas nosas vidas. Falei tamén da falta de implicación e da lentitude das nosas administracións locais, incapaces de axilizar os trámites para xerar riqueza na súa contorna. Falei da fuga de talentos, de como mozos moi preparados, en cuxa información investimos todos, teñen que marchar por non atopar un traballo acorde coa súa formación. Mostrei inquietude nos impactos que a globalización estaba a ter na sustentabilidade do planeta.

O coñecemento e a capacidade de transformación xa non teñen fronteiras físicas. Porto do Molle é un punto dende o que observar o mundo e actuar sobre el.

Deixamos aparcada a nosa visión para ser copartícipes da profunda transformación da sociedade na que estamos inmersos, que non perdoa vivir de costas a unha realidade profundamente afectada polo que sucede moito máis alá da nosa contorna.


Acabouse a dependencia, en exclusiva, da estacionalidade no Val Miñor para xerar riqueza e emprego. Porto do Molle é o novo motor económico da zona. O seu crecemento está a xerar emprego de diverso tipo, pero sobre todo relacionado co coñecemento, que é o máis demandado por unha sociedade moderna, inmersa no século XXI.

Os concellos do Val Miñor teñen que estar á altura deste novo escenario. Deles espérase un esforzo maior en ámbitos como a cultura, o coidado do medio ambiente e os servizos en xeral. Pensar máis en clave de futuro. Organizar debate social para a mellora para implicar os seus cidadáns nos seus proxectos de futuro. Corrixir os desequilibrios sociais achegando os recursos necesarios.

É necesario divulgar o que sucede en Porto do Molle. É bo que os alumnos dos centros de ensino do val coñezan o que sucede en Porto do Molle, as súas empresas, os emprendedores e as infraestruturas que axiña estarán á súa disposición. Xa o teñen preto das súas casas, coñecelo pódenos motivar, espertar a súa imaxinación e abrírlles os ollos a novos retos.

Porto do Molle acolle empresarios que basean a súa decisión de instalarse en algo máis que no aforro en custos, en loxística, ou en maiores expectativas de negocio. Hai máis, algo que ten un peso importante nas súas decisións, algo que ademais de beneficiar as súas empresas beneficianos a todos. Son empresas globais capaces de competir sen renunciar á súa identidade e valores locais.

MAPA DO TEMPO DE PORTO DO MOLLE



EMPRESAS INSTALADAS EN PORTO DO MOLLE 2017

1	ACEUVE, S.L.U.	Instalacións eléctricas
2	AINTEGRA, S.C.	Servizos técnicos de arquitectura
3	AISTECH SPACE, S.L.	Servizos de hosting, proceso de datos e portais web
4	ALTUX DRONES & SERVICIOS, S.L.U.	Fotografía
5	ALUVALMI SOLUTIONS, S.L.L.	Carpintería metálica
6	ANUBE I D I, S.L.	Outros serv. relacionados coas TIC (instalación ordenadores e programas informát.)
7	ASESOR.,DISEÑO Y MONTAJES IND. GALICIA	Fabricación de maquinaria para a industria da alimentación
8	ATIGA	Organizacións empresariais, profesionais e outras
9	AUXIAL, S.L.	Actividades de contabilidade
10	BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES ESPAÑA	Outras actividades anexas ao transporte (serv. en aeroportos, axentes de aduanas...)
11	BADER EUROPE GROUP, S.L.	Fabricación de equipos e subministracións médicas e odontolóxicas
12	BAITRA, S.L.	Grosistas doutra maquinaria e equipo non especializado
13	BENDITA COCINA, S.L.	Cáterings e outros servizos de comidas
14	BIALACTIS BIOTECH, S.L.	Elaboración de especias, prebes, preparados alimenticios e similares
15	BIBUS SPAIN, S.L.U.	Grosistas doutra maquinaria e equipo non especializado
16	BPO CONSULTORES, S.L.	Consultorio e xestión empresarial
17	BRIGAL, S.A.	Fabricación de pinturas e vernices
18	CAMP TECNOLOGICO	Educación e actividades auxiliares
19	CARMISA QUARTZ, S.L.	Grosistas de materiais para a construción
20	CENTRO DE ENSINO FAGALI, S.L.	Educación e actividades auxiliares
21	CESPA CIA. ESPAÑOLA SERV. PUB. AUX., S.A	Recollida e xestión de residuos
22	CHANGE 2 IMPROVE OPTIMIZACION PROCESOS	Servizos técnicos de enxeñaría
23	CITIOUS TEAM, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
24	COMBUSTIBLES DEL NOROESTE, S.A.U.	Estacións de servizo e gasolineiras
25	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.	Grosistas de produtos farmacéuticos
26	CONCELLO DE NIGRAN	Administración Pública
27	COUNCILBOX TECHNOLOGY, S.L.	Consultorio e xestión empresarial
28	CZFV-CENTRO DE NEGOCIOS PORTO DO MOLLE	Administración Pública
29	DELGADO ARCE ASESORES, S.L.	Actividades de contabilidade
30	DELTA VIGO AEROESTRUCTURAS, S.L.	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral (extintores, balanzas domésticas...)
31	DEMOLICIONES Y DESAMANTADOS GALICIA,S,L	Demolición
32	DEMOSTRA, S.L.	Deseño especializado
33	DGH ROBOTICA AUTOMATIZACION Y MANTENIM.	Servizos técnicos de enxeñaría
34	DISTRIBUCIONES NACIONALES, S.L.	Grosistas de perfumería e cosmética
35	ECLAD ESPAÑA, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
36	ECOFORST GEOTERMIA, S.L.	Fabricación de cisternas, grandes depósitos e colectores de metal
37	ECONOVIDADES I-D-I, S.L.	Fabricación doutra maquinaria especializ. (industria do papel, plástico, madeira...)
38	EMASE OUTSOURCING, S.L.	Outras actividades de apoio ás empresas (axencias de cobros, taquigrafía...)
39	ESTABILIZA ACUSTICA, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría

40	EXPORT-RADOPA, S.L.	Reparación e mantemento naval
41	FIABLONE, S.L.	
	Comerciantes polo miúdo outros produtos alimenticios especializ. (autoserv., conxelados, gourmet...)	
42	FIBA CATERING, S.L.	Cáterings e outros servizos de comidas
43	FLY BIKES, S.L.	Grosistas de artigos deportivos e bicicletas
44	FORO GRAFICO, S.L.	Impresión de xornais e artes gráficas
45	FORTUNA WINES, S.L.	Elaboración de viños
46	FUNDITESA SANJURJO, S.A.	Fundición de ferro, aceiro e outros metais non férreos
47	G.T.G. INGENIEROS, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
48	GALIVOLTAICA, S.L.	Instalacións eléctricas
49	GDVERDE TECNICAS DE ESPAZOS SOSTIBLES,SL	Agricultura
50	GREDISA INDUSTRIAL, S.L.	Grosistas doutra maquinaria e equipo non especializado
51	GREENCALOR SISTEMAS, S.L.	Grosistas de ferraxerías, fontanería e calefacción
52	H. INVEN GROUP XXI, S.L.	
	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral (extintores, balanzas domésticas...)	
53	HAZLO CONTEMPORANEO, S.L.	Preparación, fabricación e acabado de téxtiles
54	HEALTH BIOMAT TECH	Investigación e desenvolvemento
55	HIJOS DE JUAN VILAS, S.L.	Fabricación doutras estruturas de madeira
56	HORTICULTURA HIDROPONICA, S.L.	Servizos para agricultura
57	IDAWEN SPORTS, S.L.	Deseño especializado
58	IMASDE AGROALIMENTARIA, S.L.	Actividades sanitarias
59	INDUSTRIAS DELTA VIGO, S.L.	
	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral (extintores, balanzas domésticas...)	
60	INMOBILIARIA VARELA CARTERA, S.L.	Promoción inmobiliaria
61	INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFIA	Investigación e desenvolvemento
62	INTO GALICIA CONSULTING, S.L.	Consultorio e xestión empresarial
63	INVERSIONES VIGO REAL, S.L.	Mantemento e reparación de vehículos de motor
64	IXO AERONAUTICS, S.L.	Fabricación doutros produtos químicos (colas, explosivos, tintas...)
65	LA DESPENSA DEL CAMPO, S.L.	Froiterías
66	LESSISMORE OUTSOURCING, S.L.	Consultorio e xestión empresarial
67	LUPEON, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
68	M INTERNACIONAL, S.L.	Axencias de publicidade
69	MARINE INSTRUMENTS, S.A.	
	Fabricación de aparellos de medida, control, óptica e equipo fotográfico	
70	MATADERO COMARCAL GRAL. Y FRIGORIFICO,SA	Fabricación de produtos cárnicos
71	MATERIALES DE CONSTRUC. J.A. MARTINEZ,SL	Grosistas de materiais para a construción
72	MERCADONA, S.A.	Supermercados e hipermercados
73	MONET TECNOLOGIA E INNOVACION, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
74	MULTIBREVES NETWORK, S.L.	
	Comerciantes polo miúdo por correspondencia, internet, a domicilio e en máquinas expendedoras	
75	NATTURA LABS EUROPE, S.L.	Grosistas de perfumería e cosmética
76	NEUMATICOS TEBRA, S.L.	Mantemento e reparación de vehículos de motor
77	NEWMATIC MARINE SOLUTIONS, S.L.	Ferraxerías
78	NORAY MANAGEMENT Y TRADING, S.L.	Reparación e mantemento naval
79	NX MOTORSPORT 2015, S.L.	Reparación de maquinaria
80	OBENZA ABOGADOS	Actividades xurídicas

81	OCEAN VISION GROUP, S.L.	Investigación e desenvolvemento
82	PEOPLE AND MARKET	Consultorio e xestión empresarial
83	PROAYTEL 2014, S.L.	Telecomunicacións
84	PROTOTIPADO Y MECANIZADOS DE GALICIA,S.L	Fabricación de máquinas ferramenta
85	QUANTUM INNOVATIVE, S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
86	R. G. G.	Outras activ. profesionais e científicas (tradución, prevenc. riscos, ax. modelos...)
87	RENUOVA VAL MIÑOR, S.L.	Outras activ. profesionais e científicas (tradución, prevenc. riscos, ax. modelos...)
88	RESETEA, S.L.	Recollida e xestión de residuos
89	ROBOTING AUTOMATION AND PROGRAMMING,S.L.	Servizos técnicos de enxeñaría
90	SANTA RITA 2004, S.L.	Tinturerías
91	SH ROBOTIC, S.L.	Reparación de maquinaria
92	SILA SOFTWARE, S.L.	Programación informática
93	SINFOMAC, S.L.	Programación informática
94	SNOP ESTAMPACION, S.A.	Fabricación de compoñentes, pezas e accesorios
95	STREAMING GALICIA	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
96	SUN AEROSPACE, S.L.	Outras activ. profesionais e científicas (tradución, prevenc. riscos, ax. modelos...)
97	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	Ensaio e análises técnicas
98	TALLERES BADER, S.L.	Fabricación de aparellos de medida, control, óptica e equipo fotográfico
99	TALLERES JOSIÑO, S.L.	Mantemento e reparación de vehículos de motor
100	TEAMSTUDIO	Servizos técnicos de arquitectura
101	TRIOMACHINE, S.L.	Fabricación de maquinaria para a industria da alimentación
102	TUL & YUM, S.L.	Comerciantes polo miúdo outros produtos alimenticios especializ. (autoserv., conxelados, gourmet...)
103	TUPANA - TU CAFÉ	Fabricación de produtos de panadería, muiñeira e pastas alimenticias
104	UNION DISTRIBUIDORA CIES, S.L.	Grosistas de electrodomésticos
105	VALMI ACI-MIR CONSULTING, S.L.	Consultorio e xestión empresarial
106	VIGO ACTIVO SCR REGIMEN SIMPLIFICADO, SA	Actividades financeiras e inmobiliarias
107	VINIA CARGO, S.L.	Outras actividades anexas ao transporte (serv. en aeroportos, axentes de aduanas...)

A gheada e o seseo no estilo conversacional do Val Miñor: a construción de identidades na interacción

JORGE DIZ FERREIRA

RESUMO

Partindo duns textos orais de falantes do Val Miñor, analízanse as características dos trazos dialectais coñecidos como seseo e gheada desta zona sur occidental de Galicia.

ABSTRACT

From a series of oral texts recorded among Galician speakers in Val Miñor, the main traces and dialectal features -namely seseo and gheada- of this South-East Galician area will be analysed.

A Chona da Moghalla.
 Por ir ao baile
 da Ramallosa
 por ir ó baile, morena,
 perdín a mosa.

Perdín a mosa,
 quedei sen ela,
 por ir ó baile
 da Paradela.

1. INTRODUCCIÓN

A gheada e o seseo son trazos dialectais que, a miúdo, están presentes nos repertorios comunicativos (Gumperz, 1964, 1986 [1972]) de moitas falantes e moitos falantes da franxa occidental e do litoral Atlántico. En efecto, segundo os estudos dialectais sobre estes dous fenómenos, tanto a gheada como o seseo postnuclear –aínda que tamén o seseo prenuclear na área de Fisterra, Bergantiños e en zonas do sur de Pontevedra (nas zonas rurais máis occidentais da comarca de Vigo, na comarca d'O Morrazo, etc.)– caracterizan as falas do bloque occidental (Fernández Rei, 1990), do que forma parte a comarca histórica do Val Miñor, de onde son orixinarias as persoas e os participantes das interaccións analizadas.

Dende o punto de vista da sociolingüística interaccional (Gumperz, 1982a, 1982b), o emprego destes trazos dialectais na conversa espontánea definiría o estilo das veciñas e dos veciños do Val Miñor e, ao mesmo tempo, tanto a gheada como o seseo actuarían como *indicios de contextualización* (Gumperz, 1982a), que contribuirían á construción de identidades no propio discurso (De Fina, 2011; Bamberg, De Fina e Schiffrin, 2011). No caso das nosas falantes e dos nosos falantes, persoas vencelladas, nalgunha medida, ao ámbito miñorán e que participan nunha comunidade rurana, a gheada e o seseo indexan identidades máis rurais, debido á rendibilidade comunicativa do estilo dialectal local nas prácticas que se desenvolven no ámbito rural. Neste sentido, nos traballos sobre a gheada na comarca de Bergantiños, Prego Vázquez (2003) defende que as formas e o estilo dialectais indexan identidades rurais, fronte a aqueloutros estilos sen gheada, que constrúen identidades menos rurais, máis urbanas. Nunha liña similar, ao falar das disputas familiares, observamos que a gheada e o seseo, en falantes biculturais, están ao servizo das estratexias de converxencia e diverxencia estilística na conversa e, en consecuencia, da construción de identidades (+/- rurais vs. +/- urbanas) (Diz Ferreira, 2016).

Neste artigo imos analizar como a gheada e o seseo caracterizan o estilo conversacional de falantes do Val Miñor e permiten a construción e negociación de identidades no propio transcurso das prácticas conversacionais. Ao longo dunha conversación, as participantes e os participantes podemos construírnos como veciñas e veciños, traballadoras e traballadores, familiares, mozas e mozos, emigrantes, etc., é dicir, podemos comunicar unha identidade máis rural ou máis (r)urbana, e serán os elementos lingüísticos dos que botamos man os que fornezan a nosa representación identitaria.

2. CARACTERIZACIÓN E XEOGRAFÍA DA GHEADA E O SESEO

2.1 A gheada

A gheada defínese como a realización aspirada farínxea xorda [h] do fonema oclusivo velar sonoro /g/. Como apunta varios investigadores (Santamaría, 1980: 243; Fernández Rei, 1981: 21, 1990: 163-164; Freixeiro Mato, 2006 [1998]: 142), a realización farínxea xorda [h] é a máis estendida na área gheadófona, aínda que tamén se teñen documentado outras variantes, producidas todas na zona anterior da cavidade bucal: fricativa farínxea sonora [ʕ], fricativa larínxea glotal xorda [h] ou sonora [ɦ], fricativa uvular xorda [χ] ou sonora [ʁ] ou, incluso, aproximante uvular sonora [ɣ]. Existe, aínda, outra realización, utilizada, sobre todo, nas rexións do litoral das provincias occidentais (Costa da Morte, O Morrazo, etc.): trátase da fricativa velar xorda [x]. Polo tanto, unha falante ou un falante dalgunha área gheadófona pronunciará [háto] o [xáto] en lugar de [gáto] e [ahóra] ou [axóra] en troques de [agóra].

Cando se trata do grupo consonántico /-Ng-, documentáronse varias posibilidades realizatorias nas áreas de gheada: en primeiro lugar, a consonante oclusiva velar sonora [g] pode conservarse; por outro lado, o [g] pode enxordecerse e realizarse como [k] ([domíŋko]); por último, a oclusiva velar sonora pode presentar algunha das realizacións da gheada que xa comentamos (por exemplo, [domíŋho] o [domíŋxo]). En todo caso, “hai que ter en conta que a gheada no grupo -ng- medial está aínda sen consolidar, polo que a carón de falas nas que se rexistra *dominco*, hai outras de *domingo* ou *domingho*; en un mesmo lugar, nunha mesma familia, pode rexistrarse -ng- ou -nc-, segundo os falantes” (Fernández Rei, 1990: 167). Nos estilos das falantes miñorás e dos falantes miñoráns das nosas conversas aparece, a miúdo, a realización [-nk-].


O fenómeno da gheada esténdese pola totalidade das provincias occidentais (A Coruña e Pontevedra), a franxa limítrofe de Lugo coas dúas provincias atlánticas, así como a metade occidental de Ourense, hasta o val de Verín no Sur. Ora ben, na área non gheadófona quedan aínda rastros do fenómeno nalgunhas localidades orientais de Lugo (Pedrafita do Cebreiro ou As Nogais), así como nos Ancares de León. A gheada no grupo consonántico /-Ng-/ ten unha menor extensión xeográfica, tal como demostraron os traballos dialectais (Fernández Rei, 1981: 21; 1990: 167-168), e está restrinxido, especialmente, a falantes de maior idade. No Mapa 1 móstrase a extensión xeográfica do fenómeno, así como a distribución das distintas variantes da gheada ao inicio de palabra ou en posición intervocálica; no Mapa 2, en cambio, móstrase a xeografía da gheada no grupo consonántico /-Ng-/.

Na actualidade, a gheada (mais tamén o seseo) é un fenómeno en retroceso; como explica Fernández Rei (2004: 310).

A xeografía de ámbos os fenómenos, especialmente no que atinxe á gheada, non variou moito respecto dos anos 70, pero si considerablemente o uso xeracional e de xeito especial na xente nova que moi raramente escoita eses fenómenos na escola ou nos media.


Algo similar ocorre cos neofalantes, que aprenden unha variedade estándar da que se eliminaron as marcas dialectais; as variedades do estándar urbano, que xorden a

MAPA NUM. 1



Distribución xeográfica da gheada. Elaborado a partir dos datos do ALGa (Fernández Rei, 1981: 21)

MAPA NUM. 2



Distribución xeográfica da gheada no grupo consonántico /-Ng-/. Elaborado a partir dos datos do ALGa (Fernández Rei, 1981:22)

partir do modelo de lingua que se configura no ámbito público (política, medios de comunicación...), carecen, moitas veces, de trazos dialectais. Como explica Regueira (2013: 17), “[d]e momento a lingua oral estándar segue a ser o galego con /g/, como se ve en case a totalidade das situacións en que se require o uso do estándar”; o mesmo ocorre co caso da gheada. Polo tanto, resulta evidente que a gheada (e, en menor medida, o seseo) é un trazo dialectal considerado como marca dun estilo non estándar, ás veces asociado co rural, co vulgar e excluído dos ámbitos formais¹.

2.2 O seseo

O seseo é a ausencia de distinción fonolóxica entre os fonemas fricativo interdental xordo /θ/ e fricativo apicoalveolar xordo /s/, como consecuencia dun proceso de neutralización das sibilantes medievais do galego-portugués (Fernández Rei, 1985: 153; Freixeiro Mato, 2006 [1998]: 162-164). A tipoloxía do seseo pode establecerse de acordo cos seguintes criterios (Fernández Rei, 1990: 189-190; Freixeiro Mato, 2006 [1998]: 164):

Posición dentro da sílaba:

a) Seseo prenuclear ou explosivo: trátase da non distinción fonolóxica /θ/-/s/ no comezo de sílaba: [sínko] en vez de [θínko]; tamén se coñece como seseo total, dado que a existencia deste tipo de seseo nunha rexión determinada supón tamén a existencia do seseo postnuclear.

b) Seseo postnuclear ou implosivo: é a non distinción fonolóxica /θ/-/s/ en posición final de sílaba: [dés] por [déth]; tamén se coñece como seseo parcial.

Características articulatorias (concretamente, ao punto de articulación):

a) Seseo apicoalveolar: realización apical [s̟]. O ápice da lingua apoia nos alvéolos e a lingua colócase en posición cóncava.

b) Seseo predorsodental: realización laminoalveolar [s]. O predorso da lingua aproxímase aos incisivos superiores, de tal maneira que adquire unha posición convexa. Existe unha variante predorsointerdental [s̠] desta realización predorsodental como consecuencia dun proceso de interdentalización. Deste xeito, en determinadas áreas seseantes, sobre todo naquelas nas que se pronuncia como predorsointerdental e predorsodental, pode producirse unha realización ceceante (Fernández Rei, 1990: 190).

A extensión xeográfica deste fenómeno é moito máis restrinxida que a da gheada (Fernández Rei, 1990, 2004). Ademais, existen diferenzas na xeografía do seseo prenuclear ou explosivo (seseo total) e a do seseo postnuclear ou implosivo (seseo parcial). O primeiro esténdese fundamentalmente pola costa occidental d'A Coruña (como se mostra no Mapa 3, cuxa isoglosa inclúe dentro da zona con seseo total as localidades occidentais da comarca de Bergantiños, practicamente a totalidade da comarca compostelá e a comarca do Sar) e por algunhas zonas moi concretas do litoral pontevedrés (O Grove e algúns outros lugares do Salnés, a comarca d'O Morrazo, así como Vigo e a comarca do Condado); as falas do Val Miñor tamén se caracterizan pola presenza do seseo total, malia que algúns estudos (como é o caso de Zamora Vicente, ao que alude Fernández Rei, 1990) consideren o caso de Gondomar como unha illa non seseante. Ademais, documentouse o seseo prenuclear en lugares de Ares, Touro e Vedra e nalgúns rexións de Ourense (Baixa Limia e localidades occidentais das Terras de Cela-

nova) (Fernández Rei, 1990: 194). Pola súa banda, o seseo postnuclear é máis frecuente en case toda a provincia de A Coruña (con excepción da rexión nororiental –comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal–) e no noroeste e no sur da provincia de Pontevedra. Nos seguintes mapas móstrase a xeografía do fenómeno e as isoglosas que distinguen as zonas nas que se pronuncia [sínko]/[θínko] e [dés]/[déθ].



A: galego cos fonemas /j/, /s/, /θ/
 B: galego con seseo predorsodental
 C: galego con seseo apicalveolar (maioritario)
 D: galego con seseo predorsodental, predorsointerdental e ceceo
 E: galego cos fonemas /j/ - /ɲ/, /s/ - /ʃ/, /s/, - /ʃ/

— sinco / cinco (seseo prenuclear)
 - · - · - dez / dez (seseo postnuclear)

Mapa 3: Áreas seseantes do galego. Elaborado a partir dos datos do ALGa (Fernández Rei, 1990: 193)

3. METODOLOXÍA

A análise que imos desenvolver neste artigo está baseada nun corpus de traballo integrado por interaccións espontáneas no seo dunha comunidade de prácticas (Lave e Wenger, 1991; Wenger, 2001 [1998]; Eckert e Wenger, 2005; Eckert, 2006) rurbana, constituída por persoas de diversa adscrición cultural: máis rural, máis urbana o mesmo bicultural (por exemplo, no caso dos emigrantes e das emigrantes campo-cidade que participan da comunidade de práctica²). A exploración etnográfica da comunidade permite determinar as situacións comunicativas clave (*key encounters*, Hymes, 1972) nas que teñen lugar as prácticas comunicativas e os eventos comunicativos (*speech events*, Hymes, 1972) máis relevantes para o noso estudo: por exemplo, as interaccións de sobremesa, os encontros casuais no campo, as visitas ás veciñas e aos veciños, etc.

As falantes e os falantes que participan nas interaccións analizadas son, en xeral, veciñas e veciños do Val Miñor, que, dado o carácter rurbano da comunidade, posúen repertorios culturais (e, xa que logo, comunicativos) determinados polo grao de participación en dous mundos culturais, un máis rural e outro máis urbano. Neste sentido, podemos distinguir entre falantes que posúen unha adscrición netamente rural

(persoas que teñen un forte enraizamento no mundo campesiño: veciñas e veciños de idade avanzada cunha socialización exclusivamente rural) e falantes que teñen unha adscripción bicultural, híbrida, mixta (persoas que poderían participar en dous sistemas culturais: emigrantes na cidade e a súa familia, persoas que teñen que se desprazar a Vigo por motivos laborais, xente moza con vínculos máis intensos e constantes co mundo urbano...).

As conversas foron gravadas con micro oculto, a fin de obter mostras de fala espontánea e coloquial. A intervención do investigador como observador-participante (Malinowski, 1978 [1922]; Mead, 1928; ver Spradley, 1979, 1980; Caughey, 1982; Atkinson e Hammersley, 2007 [1983]) resolvería a problemática do paradoxo do espectador (Labov, 1972) e permitiría a obtención de mostras de fala coloquial, do vernáculo. Unha vez configurado o corpus, as conversas foron transcritas conversacionalmente, a partir do sistema de transcripción de Álvarez-Cáccamo (1990). No Anexo I recolleemos as convencións utilizadas neste traballo.

4. A GHEADA E O SESEO NO ESTILO CONVERSACIONAL DE FALANTE DO VAL MIÑOR: A CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE LOCAL

Os trazos dialectais da gheada e do seseo, xunto con outros moitos dialectalismos, caracterizan as falas da comarca miñorá e os estilos conversaiconais das súas falantes e dos seus falantes. Nas secuencias conversacionais que imos analizar neste traballo observaremos, precisamente, a rendibilidade indexical destes fenómenos na construción das identidades no discurso. As eleccións lingüísticas (en definitiva, o estilo conversacional) funcionan como indicios (no sentido de Gumperz, 1982) que fornecen unha determinada representación do *self*; como explica De Fina (2011: 267), “the single most important system of symbols for expressing and negotiating identities is language”.

O proceso de construción e negociación das identidades na interacción constitúe un proceso de categorización, indexical, local e contextualmente situado e relacional e dialóxico (De Fina, 2011). Na conversa, os elementos lingüísticos que definen o estilo de cada falante están asociados a aspectos do contexto social, é dicir, forman parte de representacións social e culturalmente compartidas polas persoas que participan da comunidade; neste senso, os signos lingüísticos (e non lingüísticos) indexan (Silverstein, 1976) categorías sociais en prácticas conversacionais concretas e o seu significado dependerá dun proceso de interpretación localmente situado. Na medida en que a construción de identidades é un proceso de categorización relacional, que depende da relación dialóxica e, máis ou menos conflitiva, entre as autorrepresentacións propias e as atribucións identitarias por parte das interlocutoras e dos interlocutores, o proceso de estilización (Auer, 2007) crea “consistent association between ways of speaking, social categories and context” (De Fina, 2011: 273).

Con todo, non queremos establecer unha correlación estrita entre, por un lado, a presenza da gheada e do seseo nos estilos conversacionais das nosas falantes e dos nosos falantes e unha identidade máis rural e, por outro, a ausencia de tales trazos dialectais e unha identidade menos rural, máis urbana ou rurbarana. Non se trata de conectar categorías lingüísticas con categorías sociais e culturais en abstracto, xa que,

en determinadas circunstancias, poden producirse fenómenos de contestación, reivindicación e revisión de determinadas formas de fala en contextos que, en principio, lle serían alleos; o que queremos é observar como os estilos dos falantes presentan na conversa unha serie de trazos dialectais locais (neste caso, a gheada e o seseo) que indexan unha determinada construción identitaria que, no entanto, pode ser obxecto de negociación, mantemento ou mesmo rexeitamento no transcurso da propia conversa. En palabras de Bamberg, De Fina e Schiffrin (2011: 185), “[i]dentities and sense of self are made relevant in interactions and oriented to by the way talk is conducted. Thus, identities are *done* –emerging in the here and now of the interaction”. É dicir, as identidades, tal e como aquí as entendemos, non son *per se* produtos de discursos ideolóxicos; ben ao contrario, emerxen nas prácticas discursivas contextualizadas da vida cotiá a través da natureza indexical de determinados fenómenos lingüísticos (e non lingüísticos). Deste xeito, a gheada e o seseo non son indicios de ruralidade en si mesmos, senón que construímos identidades máis rurais a través destes trazos dialectais, na medida en que forman parte do estilo local patrimonial que as falantes e os falantes empregamos nas nosas prácticas conversacionais cotiás.

Nesta mesma liña, Gabriela Prego Vázquez (2003: 94) apunta que

a presenza de diversas variedades no repertorio lingüístico: galego dialectal, variedades formais do galego, e, en xeral, os diferentes códigos que se crean e emerxen no continuum que vai dende o galego-portugués ó español, funcionan simbolicamente como evocadores das identidades rural, semi-rural, periurbana, urbana, etcétera dos participantes. (sic.)

Precisamente, as persoas que integran a comunidade de prácticas que investigamos neste traballo posúen repertorios lingüísticos con diversas variedades estilísticas (estilos con trazos dialectais, estilos galegos máis próximos aos estándar urbano, estilos alternantes, estilos casteláns, etc.) que lle servirán para *simbolizar*, indexar ou representar identidades tamén distintas. No proceso de negociación conversacional, as escollas estilísticas de cada falante (por exemplo, o emprego ou non de trazos dialectais, as alternancias de código, etc.) van fornecendo proxeccións do “eu” (ou *self*) que son máis ou menos rurais, ou máis ou menos (r)urbanas. Xa que logo, a gheada e o seseo non só ofrecen información xeográfica, senón que, ao analizarmos os repertorios comunicativos dalgunhas persoas desta comunidade miñorá, podemos observar que ofrecen tamén información sobre aspectos sociais e de adscrición a mundos culturais. No primeiro fragmento analizado, parte dunha secuencia sobre a enfermidade dunha das participantes, observamos como o estilo patrimonial, con gheada e seseo, constrúe identidades netamente rurais.

Fragmento 1: *hai que tomar algo pra iso*. Secuencia de enfermidade.

[Inés tose forte]
 318 Chona cOño ↓
 319 ...hai que tomar algo pra iso ↘ inés ↑
 320 Inés ..empesén onte chona ↓
 321 {[ac] eu non sen ↓}
 322 <2,5>

- 323 Chona bo pra [iso] é- [é::] →
 324 Inés? [L(xx)] ↓
 325 Inés [Lpor iso] que non é →
 326 non- non é conveniente estares aquí no calor e des-
 pois coller [((ese frío))] ↓
 327 Chona [Lé limón] con le- con- limón con
asu- con- con- con mel ↓
 328pr'ó catarro ↓
 329 limón con mel ↓
 330 <1>
 331 pero non hai dios que o traghe ↓
 332 <1>
 333 Inés eu tomo ↓
 334 pero {[f] u::i} \\
 335 dáme un traba[ll]o ↑
 336 (xxx) ↓
 337 Chona [Lai tálo to] mando ↑?
 338 Inés{[f] no ↑}
 339 non o tomén aínda ↑
 340 porque inda empesén onte con este catarro ↓
 341 [non o] tiña \\
 342 Chona [a::h] \\
 343 Inéseu digho que foi de →
 344 <1,5>
 345 de prenderes a estufa aquela que temos ↑
 346 Chona a::h \\
 347 Inés =[f] ou foi} a noite de nontronte pa onte ↑
 348 que →
 349 fun a de letisia a senAr ↑
 350e salimos ó millor d'alí quentes ↑
 351 ..total da de letisia a miña casa foi sinco mi[n]utos
 pero →
 352 Chona [Lsi:i] ↑
 353 Inés{[f] ó millor é} o suficiente xa pra colleres →
 354OU xa'staba chocado porqu'ó meu home tamén anda
 con ela ((e-))
 355ó lombo ↑
 356 e máis::: →
 357 xa a ten de antes ↓
 358 Chona ..bueno ↓
 359 <2,5> [Inés volve toser]
 360 ch'a de curar pouquiño e {[p] pouco} ↓
 361 Inés ..a ver ↑
 362 si no ↓
 363 ..terén qu'ir ó médico ↓
 364 <2>

365 Inés letisia díxome que chamara ó médico pra →
 366 pa ir pero →
 367 ..pasén de todo de chamalo ↓
 368 Chona ...bueno ↓
 369 por si ascaso miras que tal ↑
 370 non te: descuides ↓
 371 <2>
 372 porque →
 373 <2,5>

Este fragmento dunha secuencia sobre o catarro algo máis extensa forma parte dunha conversa que se produce nun encontro de visita entre veciñas. As dúas participantes, Inés e Chona, son dúas mulleres maiores (de 76 e 88 anos respectivamente), que, ademais de parentes, son veciñas³ da parroquia de Santa Baia de Donas, onde levan vivindo toda a súa vida. Como podemos observar no seu estilo conversacional, a gheada e o seseo manifestan a adscripción ao mundo rural e a construción das súas identidades rurais.

No inicio da secuencia, despois de sentir a tose de Inés, Chona mostra enfaticamente a súa preocupación a través dun consello: 318 cOño ↓ / 319 ...hai que tomar algho pra iso\ inés ↑. A formulación de consellos, no ámbito rural, contribúe a reforzar os lazos entre as veciñas e os veciños e o sentimento de solidariedade grupal. Ademais, o emprego dunha variedade con gheada, que nesta primeira intervención queda patente no uso da forma algho, indexa a identidade rural da falante nese marco de veciñanza. Na súa resposta ao consello de Chona, Inés converxe no estilo patrimonial da súa interlocutora e pon de manifesto tamén a súa construción identitaria rural: 320 empesén onte chona ↓.

En 323, Chona comeza a formulación dun novo consello, que é interrompido por Inés (325-326) para explicar unha das posibles causas do seu arrefriado (os cambios de temperatura entre o interior –onde as cociñas de leña ou as estufas manteñen o espazo quente– e o exterior). Trala intervención de Inés, Chona retoma o consello sobre un posible remedio: tomar limón con mel (327 é limón con le- conlimón con asu- con- con- con mel ↓ / 328 ...pr'ó catarro ↓ / 329 limón con mel ↓). Tras unha pausa dun segundo, Chona introduce un enunciado valorativo: 330 pero non hai dios que o traghe ↓. Novamente, a natureza indexical da gheada (utilizado na forma verbal traghe, do verbo tragar) mantén a construción desa identidade local rural que ámbalas dúas veciñas desenvolven dende o comezo desta secuencia e, moi probablemente, dende o inicio da súa interacción.

A presenza da gheada e, como neste caso, do seseo tamén en nomes propios de persoa permite comprobar como estes trazos dialectais están fondamente arraigados nas falas patrimoniais locais. Ao referirse ás causas do seu arrefriado, Inés indica que pode estar orixinado por ter saído ao frío pola noite, despois de cear na casa de Leticia, unha das súas fillas: 347 {[f] ou foi} a noite de nontronte pa onte ↑ / 348 que → / 349 fun a de letisia a senAr ↑ / 350e salimos ó millor d'alí quentes ↑ / 351 ..total da de letisia a miña casa foi sincó minutos pero →. A pronuncia seseante do

nome propio, non sempre habitual nas áreas de extensión do seseo, confirma o valor expresivo do fenómeno nos estilos populares (Freixeiro Mato, 2013: 89), máis rurais, e a súa gran rendibilidade como indicio de ruralidade.

Neste fragmento, no que a actualización dos densos lazos de veciñanza vaise artellando en torno á formulación de consellos por parte de Chona orientados a mellorar o estado de saúde da súa interlocutora, a gheada e o seseo contribúen ao mantemento das súas propias identidades rurais nese marco de proximidade. A converxencia no uso de estilos con gheada e do seseo durante toda esta secuencia implica unha construción conxunta do súa identidade. Tal vez, o forte vencello das dúas falantes coas prácticas rurais, determinado por un proceso de socialización no mundo parroquial, favorece a que, a través do estilo dialectal local, se poidan representar como veciñas.

Agora ben, a construción da identidade no discurso é, como indicamos máis arriba, un proceso dinámico suxeito a unha constante revisión momento a momento na propia interacción. Isto é especialmente relevante en conversas nas que participan persoas con distintos estilos de vida (máis ou menos rurais, máis ou menos urbanos, rurbanos), é dicir, falantes que posúen diversos repertorios comunicativos. Neses casos, a presenza ou a ausencia de gheada e seseo contribuirán a indexar identidades distintas; no fragmento que analizamos a continuación, unha subsecuencia dentro dunha secuencia de conflito, o emprego dos trazos dialectais está ao servizo de estratexias discursivas de acomodación lingüística e de aliñamento entre as interlocutoras e os interlocutores que participan na discusión (Diz Ferreira, 2016). Neste exemplo ponse de manifesto máis nitidamente o proceso de negociación da identidade a cada momento na interacción.

Fragmento 2: *ti que dis jhorghe*. Secuencia de disputa

193 Isabel ti que dis j^horghe ↓?
 194 Paco ..un é o do tedeté ↓
 195 o- ro d'arriba ↓
 196 Pepe ↳cla:ro ↓↓
 197 ? (a partir d'a^rhíγ ↓
 198 Pepe ↳cla:↓ro ↓
 199 pero-
 200 Paco (xxxx)
 201 Pepe paco ↓
 202 ti sábelo ↓
 203 eu tamén ↓
 204 ..pero túa nai no ↑
 205 ...*entonces que pasa* ↑?=
 206 Jorge =é como o mando que xa tiña ↓
 207 non hai problema ↓
 208 funciona ben ↓γ
 209 Paco ↳pero arriba pode estar en↓sendido ↓
 210 Jorge sabe funcionar con ese mando ↓γ
 211 Pepe ↳pero ↓
 212 pero↓ non →

213 non sabe despois encendela↓ [p]paco ↓↓
 214 Jorge L{[f]que si} →↓
 215 que si sabe tío ↑
 216 con ese mando si sabe funcionar ↓=
 217 Isabel =con ese si ↓
 218 con ese ↑
 219 Jorge e- do demais e- xa o tiña antes ↓
 220 é o que tiña antes ↓↓
 221 Pepe L{[f]home} ↓↓
 222 pois é o que estamos a falar↑ joder ↓
 223 <1> [Paco carraspea]
 224 **viste::** →
 225 jorge ↓
 226 **le estamos diciendo que'l-**
 227 **((con el mando)) de la otra no sabía ↓**
 228 Paco mira ↑
 229 a televisión ↓
 230 **calcándole en el botón de abajo ↓**
 231 apaga ↓
 232 vólvele a calcar otra ves ↑
 233 ensírende ↓
 234 Jorge L{[ac]eu si} ↓↓
 235 pero ela non sabe que ten que andar cos dous ↓
 236 Pepeclaro ↓
 237 ten que andar cos dous mandos ↓=
 238 Isabel =claro ↓↓
 239 Paco **escúchame una cosa ↓**
 240 Pepe se quer cambiar de mando non pode paco ↓
 241 <1,5> [Paco tose]
 242 Paco si quer c- ca- cambiar como de:: →
 243 Pepe si quer cambiar de antena no:n →
 244 non vai ↓
 245senó:::n →
 246 Paco con este ↓
 247 vai ↓
 248 Jorge ..con ese si ↓
 249 pero ten que ensendela nEste ↓
 250{[p]ten que ensendela neste ↓}
 251 Paco xa: ↑
 252 Jorge e ela no:n é capas ↑
 253 {[p][p]non s'a[rcorda] ↓}=
 254 Pepe L((chona))↓ con dous mandos: ↓
 255 e- e:: →
 256 cámbiache todo ↓
 257 e despois ↑
 258 vólvese loca home ↓↓

Nesta subsecuencia establécese unha disputa na que participan catro falantes: dous deles, o matrimonio formado por Isabel e Pepe, emigrantes na cidade de Vigo; Paco, o irmán de Isabel que, despois de ter emigrado a varios países do mundo, leva xa máis de trinta anos vivindo na parroquia gandomaresa de Borreiros; e Jorge, un mozo universitario, sobriño de Isabel e Paco, natural de Santa Baia de Donas. A discusión vén provocada por distintas opinións a respecto da instalación dun novo televisor na casa de Chona (nai de Paco e Isabel); segundo o criterio de Pepe e Isabel, o novo televisor facilitaría a súa utilización por parte de Chona; fronte a esta posición, Paco, cuñado e irmán respectivamente, sitúase en contra da instalación dun televisor máis moderno.

A primeira intervención de Isabel, en 193, dirixida ao seu sobriño, introduce xa un primeiro indicio de achegamento ao seu interlocutor: a realización aspirada, similar ás realizacións da gheada, da fricativa velar xorda [x] no nome propio, *ten*, ademais dunha intención clara de involucrar a Jorge na disputa, un xeito de conseguir a súa adhesión a través dun estilo máis local, dada a súa condición de falante máis vencellado ao mundo rural. Habitualmente, as formas con gheada, mesmo sendo castelanismos, contribúen á construcións de identidades rurais e manifestan “pertenza ás redes sociais tradicionais” (Prego Vázquez, 2003: 98). Neste caso, non se trata dun castelanismo con gheada, senón dunha pronuncia gheadófona do son fricativo velar xordo [x] no nome propio *Jorge*, unha emisión excluída das posibilidades realizatorias deste fenómeno fonético. Xa que logo, o valor pragmático desta contribución de Isabel é claramente actualizar a súa identidade local rural, de modo que apela a un sentimento común de pertenza á comunidade miñorá para conseguir que Jorge se poña da súa parte.

Malia ser interpelado dende o comezo da subsecuencia, a participación de Jorge non se produce dun xeito inmediato; pola contra, este falante agarda algunhas quen-das, nas que Paco e Pepe seguen a defender posturas enfrontadas (194-205), para formular a súa primeira intervención. En 206-208, Jorge toma, finalmente, a palabra para apoiar o argumentario de Pepe: 206 é como o mando que xa tiña ↓ / 207 non hai problema ↓ / 208 funciona ben ↓. A través dun estilo non seseante, introduce o seu apoio a Pepe e, en consecuencia, aproxímase a Isabel e Pepe –estratexia de acomodación converxente– e apártase do estilo de Paco –estratexia de acomodación diverxente– (para un desenvolvemento máis extenso desta cuestión ver Diz Ferreira, 2016). Nas quen-das seguintes, tanto Pepe como Paco escollen estilos diverxentes, que revelan construcións identitarias distintas: en 209, Paco formula un enunciado cun estilo patrimonial seseante (pero arriba pode estar en-sendido), de modo que indexa a súa identidade máis rural; a seguir, Jorge (en 210, 214-216) e, sobre todo, Pepe (en 211-213) introducen unha contrarréplica nun estilo menos patrimonial, sen seseo: 213 non sabe despois encendela ↓ {[p] paco} ↓. As intervencións posteriores de Isabel (217-218), Jorge (219-220) e Pepe (221-222) sitúan a estes tres falantes en contra de Paco.

A alternancia de código galego-castelán de Pepe (222 pois é o que estamos a falar ↑ *joder* ↓ / 223 <1> / 224 **viste::** → / 225 *jorge* ↓ / 226 **le estamos diciendo que’l-** / 227 **((con el mando)) de la otra no sabía** ↓), que ten a función conversacional de especificar o destinatario (Gumperz, 1982a: 77), indexa identidades menos rurais. Ao dirixirse directamente ao seu sobriño, tal e como mostran as fórmulas vocativas de 224-225, Pepe muda o código, de modo que acentúa a súa construción identitaria menos local rural, na medida en

que resitúa a disputa nun marco menos ligado á situación de familiaridade. Hai que ter en conta que, ata a interpelación de Isabel (193), Jorge era un simple espectador (Goffman, 1981: 132) da discusión. Isabel e, nomeadamente, Pepe recorren a un participante, en principio, alleo ao conflito, para validar a súa postura. A alternancia de código, xa que logo, lexítima ao espectador (Jorge) como receptor/interlocutor, e reencadra a secuencia conflictiva nun marco de neutralidade, fóra da práctica conversacional familiar.

Por medio dunha estratexia de converxencia no código (ver Auer, 1984), Paco aproxímase aos seus interlocutores e trata de facer valer o seu argumentario: 228 *mira* ↑ / 229 a televisión ↓ / 230 **calcándole en el botón de abajo** ↓ / 231 *apaga* ↓ / 232 vólvele a calcar outra *ves* ↑ / 233 *ensiendo* ↓. O *code-switching* galego-castelán entre 229 e 230 manifesta precisamente esa intención de converxer co código de Pepe para mitigar e atenuar a imposición da súa opinión. Agora ben, malia tratar de aproximarse ao estilo de Pepe, Paco, en 232-233, emprega un estilo claramente alternante (posposición do pronome castelán nunha forma galega do verbo *volver* ou seseo en formas castelás como *ensiendo*). Concretamente, o seseo, tamén nunha palabra castelá, actúa como un marcador da identidade local rural de Paco. Como xa apuntara Prego Vázquez (2003: 98) para o caso da gheada, os trazos dialectais, aínda que estean presentes en castelanismos ou expresións castelás, son moi rendibles á hora de indexar identidades locais rurais e adhesión a comunidades tradicionais.

A continuación, entre 234 e 347, a conversa segue artellándose en torno a disputa que enfrenta a Paco co seu cuñado Pepe (apoiado por Isabel e tamén por Jorge). Ao final, na súa intervención de 248-250, Jorge desenvolve un argumento a través dun estilo dialectal (con seseo), que, dun lado, mitiga a confrontación e, doutro, trata de buscar o acordo. En todo caso, a través deste estilo máis patrimonial, o sobriño establece un novo sistema relacional, ao achegarse a Paco e reconstruírse como membro do mundo rural: 248 *pero ten que ensendela neste* ↓ / 249 { [p]ten que *ensendela* neste ↓ }. Quizabes, o proceso de autoidentificación de Jorge sexa un dos procesos de construción identitaria máis interesantes nesta subsecuencia, na medida en que vai modulando o seu estilo para ir reconstruíndose como falante máis ou menos rural: como vimos, nas súas primeiras intervencións empregaba un estilo sen trazos dialectais, máis próximo á variedade do estándar urbano empregado por Isabel e Pepe; contra o final da subsecuencia, en cambio, adopta o estilo patrimonial das prácticas conversacionais do mundo rural. Este proceso de construción identitaria amosa, en definitiva, a hibridación das falantes e dos falantes que, nesta comunidade rurbarana, están, moitas veces, entre o mundo rural e o mundo urbano.

De feito, a hibridación no espazo rurbarano é moi habitual en falantes con procesos de socialización mixtos. Este é o caso, por exemplo, dalgunhas persoas emigrantes campo-cidade con vencellos constantes cos dous mundos culturais. No seguinte fragmento, unha secuencia de apertura incrustada dentro dunha conversación en curso, observaremos como o uso alternante de formas con gheada e seseo e formas sen estes trazos dialectais é indicio de construción da identidade híbrida. As aperturas constitúen momentos de (re)definición da situación e do marco e, polo tanto, favorecen a renegociación das representacións do *eu* de cada falante.

Fragmento 3: *encarghei unrs nabos pa os chourizos de cebola*. Secuencia de apertura.

[Achégase Pili, cuñada de Charo]

150 Charo a {[f] ver} ↑

151 mI:↗ra ↘

152 e:::: →

153 ..tá josito contigho ↓?

154 vas ir do coche con el pa'rri↗ba ↘?

155 Pili si ↑

156 Charocolle:::: →

157 encarghei unrs nabos pa o:s →

158 {[ac] chourizos de cebola ↓}

159 de- de ma{[a]má} ↑↑

160 ...naquela frutería ↓

161 {[b] que hai alí ó lado da plasa ↓}

162 ? (xxxxx)

163 Pili {[b][ac] que jorge ↓?}=

164 Jorge que tal? ↑?

165 Charo =alí unha bol^lsa de↗les ↘

166 Pili{[b][p] vale ↓}

167 Charo ..son catro quilos me parece ↓

Esta secuencia de apertura, que se inicia dun xeito moi abrupto, prodúcese no interior dunha conversa entre Charo (unha emigrante da parroquia de Santa Baia de Donas, que agora traballa na vila de Gondomar) e Jorge (veciño da parroquia) nun encontro casual na vila. A chegada dunha nova falante, Pili (cuñada de Charo e veciña, tamén, da parroquia de Donas), motiva precisamente a apertura, en forma de recibimento brusco (151 *a* {[f] ver} ↑/ 152 *mI:↗ra* ↘), na que Charo se dirixe directamente á nova falante para formularlle unha petición. Esta forma de apertura podería ser interpretada, noutras circunstancias, como descortés, pero, na conversa entre familiares, actúa como estratexia de abordaxe (Gallardo Paúls, 1993: 75-76), que 1) reconece a presenza de Pili e introdúcea no universo conversacional e 2) prepara á interlocutora para a formulación da petición; en efecto, conxuntamente coas preguntas de 153 e 154 (*..tá josito contigho ↓?* / *vas ir do coche con el pa'rri↗ba ↘?*), a estratexia de abordaxe serve como preámbulo da formulación dun acto de fala directivo impositivo: unha petición.

Trala resposta afirmativa de Pili en 155, Charo inicia a petición en 156 a través do imperativo: *colle:::: →*. Na formulación da petición, poderemos observar o proceso de construción da identidade híbrida ou rurba da falante por medio do uso alternante de formas dialectais e formas non dialectais. En 157, Charo prosegue a súa petición, nun estilo patrimonial dialectal (encarghei unrs nabos pa o:s →) que, porén, cambia a un estilo non seseante en 158-159 ({[ac] chourizos de cebola ↓} / de- de ma{[a]má} ↑↑), para, finalmente, retomar o estilo con seseo en 160-161 (...naquela frutería ↓ / {[b] que hai alí ó lado da plasa ↓}). A alternancia estilística permite comprobar aquí como na conversa entre familiares a falante constrúese a si mesma entre o mundo

rural e o mundo urbano. O mundo rural está representado polos *chourizos de cebola* feitos pola súa nai coa carne do porco criado na casa. O uso de formas non dialectais ([tʃow'riθo], [θe'βóla]) precisamente neste enunciado, despois de terse presentado como a persoa que se ocupou de encargar os nabos (enunciado con gheada) para a elaboración dos chourizos, actúa como un forte valor pragmático como indicio de hibridación cultural.

5. CONCLUSIONES

A gheada e o seseo, xunto con outros trazos dialectais, caracterizan o estilo conversacional de moitas falantes e moitos falantes vencellados ao Val Miñor e, en consecuencia, axudarán á construción das súas identidades interactivamente no desenvolvemento da propia conversa. A análise dalgúns exemplos de fala espontánea permite tirar algunhas conclusións interesantes: en primeiro lugar, o uso da gheada e do seseo nas prácticas conversacionais rurais (por exemplo, *estar de leria* nun encontro de visita) entre persoas cunha socialización fondamente enraizada no mundo rural, indexa identidades netamente rurais. Tal é o caso de Chona e Inés (Fragmento 1), dúas mulleres de avanzada idade de Santa Baia de Donas, cuxos estilos patrimoniais, estilos non marcados na práctica da *leria*, simbolizan a súa adhesión ao mundo rural da comunidade miñorá e a prácticas comunicativas e formas de relación rurais e, en consecuencia, constrúen identidades locais rurais como veciñas.

En cambio, as falantes e os falantes do Val Miñor de mediana idade, máis novos, con procesos de socialización menos vencellados ao mundo rural, máis rurbanos, ou mesmo cunha participación moi intensa en prácticas sociais, culturais e comunicativas urbanas (como pode ser o caso dos emigrantes campo-cidade), posúen repertorios comunicativos parcialmente distintos, quizais máis amplos, que activarán en determinados encontros para indexar a súa adscrición quer ao mundo urbano, quer ao mundo rural. Nesta liña, a escolla dun estilo próximo ao galego estándar urbano por parte de Pepe ou Isabel (emigrantes Gondomar-Vigo) no Fragmento 2 actúa como estratexia de acomodación diverxente e constrúe unha identidade menos local rural, tal vez máis urbana; o uso da variedade dialectal do galego, dun estilo patrimonial, por parte de Paco, pola contra, permítelle presentarse como un veciño do mundo rural. A alternancia entre ese estilo e un estilo próximo ao estándar urbano por parte de Jorge amosa unha construción identitaria híbrida, rurbanda, que lle permite achegarse, alternativamente, a Pepe e Isabel primeiro e a Paco despois. A construción dunha identidade híbrida en falantes da nosa comunidade rurbanda maniféstase, a miúdo, por medio dos seus usos alternantes, tal e como vimos, tamén, no Fragmento 3.

En definitiva, tanto a gheada como o seseo, xunto con outros trazos dialectais, caracterizan o que neste artigo chamamos estilo patrimonial, é dicir, o estilo das prácticas máis ligadas aos estilos de vida rurais, como a *leria* nun encontro casual cunha veciña ou cun veciño, as conversas familiares de sobremesa, etc. Xa que logo, cando nas prácticas rurais as participantes e os participantes empregan estilos sen gheada e sen seseo máis próximos ao estándar urbano, tratan de manifestar a súa socialización menos local rural e os seus vencellos co mundo urbano.

ANEXO I: CONVENCIONES DE TRANSCRIPCIÓN

Normas xerais de transcripción:

- Numeración dos segmentos de fala: cada número indica unha unidade prosódica.
- As falantes e os falantes identifícanse cun nome propio que, en xeral, non coincide co seu nome real.

Tipografía:

- Tipografía: O tipo de letra empregado na transcripción é *Courier new*, 9 puntos.
- Identificación dos códigos:
 - Letra normal redonda: galego.
 - **Letra negra**: castelán.
 - *Letra cursiva*: segmentos non atribuíbles a ningún dos dous códigos.
- Os antropónimos, topónimos e outros nomes propios transcribíense sempre en minúscula.

Fenómenos fonéticos dialectais:

- Seseo: Utilízase a grafía “s” para a realización seseante do fonema fricativo interdental xordo /θ/.
- Gheada: Utilízase a grafía “gh” para as posibles realización deste fenómeno.

O subliñado indica aquelas palabras ou expresións susceptibles de ser analizadas, ben porque presentan gheada ou seseo, ben porque non presentan estes fenómenos fonéticos.

Símbolos de transcripción.

[Lugar onde comeza un solapamento.
]	Lugar onde conclúe un solapamento.
-	Interrupcións e autocorreccións.
..	Pausa breve entre 0” y 0,5”.
....	Pausa breve entre 0,5” y 1”.
<1>	Pausa de máis dun segundo.
Letra maiúscula	Énfases da vogal tónica.
↑↑	Entoación ascendente moi marcada.
↑	Entoación ascendente.
↗	Entoación semiascendente.
→	Entoación sostida.
↘	Entoación semidescendente.
↓	Entoación descendente.
?	Entoación interrogativa.
:	Alongamento dun son.
=	Engarzamento de voces: o falante comeza a falar sen pausa aparente.
[p]	Volume baixo ou piano.

[f]	Volume alto ou fortis.
[ac]	Ritmo acelerado.
[b]	Ton grave.
[a]	Ton agudo.
{}	Segmento afectado polo fenómeno fonético [p], [f], [ac], [b] e [a].
(())	Transcrición dubidosa.
(xx)	Segmento inaudible ou indescifrable: poranse tantas aspas como golpes de voz se aprecien.
[]	Información paralingüística e anotacións do transcritor.
ha ha	Risos

NOTAS

- 1 Regueira (2013) recolle algúns casos da variación dialectal nos estilos de presentadoras e presentadores da TVG; a polémica sobre o uso dunha variedade con gheada por parte da presentadora Lorena Pose e a censura por parte da TVG foi recollida pola prensa galega e mesmo polo xornal español *El País* (http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/03/24/galicia/1332614868_924474.html, consultado o 28/12/2016).
- 2 Nun artigo anterior (Diz Ferreira, 2014), analizaba precisamente o estilo de emigrantes campo-cidade e como as alternancias de código manifestaban unha certa hibridación cultural e unha identidade mixta, híbrida ou bicultural.
- 3 No mundo rural, os vencellos familiares son moi frecuentes, mais, con todo, o elemento nuclear das relacións entre as persoas é o sentimento de veciñanza, que vai máis alá dunha simple proximidade espacial (Lisón Tolosana, 2004 [1979]; Mariño Ferro 2000).

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ CÁCCAMO, CELSO (1990): *The institutionalization of Galician: Linguistic Practices, Power and Ideology in Public Discourse*. [Tesis Doctoral non publicada]. Berkeley, California: University of California at Berkeley.
- ATKINSON, PAUL ANTHONY e MARTYN HAMMERSLEY (2007 [1983]): *Ethnography: Principles in practice*. Londres / Nova York: Routledge.
- AUER, PETER (1984): *Bilingual Conversation*. Amsterdam / Filadelfia: John Benjamins.
- AUER, PETER (ed.) (2007): *Style and social identities: alternative approaches to linguistic heterogeneity*. Berlín: Mouton de Gruyter
- BAMBERG, MICHAEL, ANNA DE FINA e DEBORAH SCHIFFRIN (2011): "Discourse and Identity Construction". En Seth J. Schwartz, Koen Luyckx e Vivian L. Vignoles (eds.): *Handbook of Identity Theory and Research*. Nova York: Springer-Verlag New York, 177-199.
- CAUGHEY, JOHN L. (1982): "The Ethnography of Everyday Life: Theories and Methods for American Culture Studies". *American Quarterly*, 34(3), 222-243.
- DE FINA, ANNA (2011): "Discourse and Identity". En Teun A. Van Dijk (ed.): *Discourse Studies: A Multidisciplinary Introduction*. Londres: SAGE, 263-282
- DIZ FERREIRA, JORGE (2014): "Bilingüismo y biculturalidad: Aproximación a la interacción conversacional de emigrantes campo-ciudad en Galicia (Análisis de dos fragmentos)". En

- Felipe Jiménez Berrío, Ana Jimeno Zuazu, Alberto De Lucas Vicente e Nekane Celayeta Gil: *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Universidad de Navarra, 77-88.
- DIZ FERREIRA, JORGE (2016): “La acomodación lingüística en la interacción bilingüe gallego-castellano: Estrategias discursivas de convergencia y divergencia en secuencia de conflicto”. *Tonos digital: Revista electrónica de estudios filológicos*, 31 <en liña: <http://www.tonosdigital.com/ojs/index.php/tonos/article/view/1511>>
- ECKERT, PENELOPE (2006): “Communities of Practice”. En Keith Brown (ed.): *Encyclopedia of Language and Linguistics*. Amsterdam: Elsevier, 683-685.
- ECKERT, PENELOPE E ETIENNE WENGER (2005): “Dialogue: communities of practices in sociolinguistics”. *Journal of Sociolinguistics*, 9(4), 582-589.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1981): “Gheada”. En *Gran Enciclopedia Gallega*, 16 (1981), 21-23.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1985): “Seseo”. En *Gran Enciclopedia Gallega*, 28 (1985), 150-153.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (2004): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”. En Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 307-336.
- FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2006 [1998]): *Gramática da lingua galega: I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, XOSÉ RAMÓN (2013): *Estilística da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.
- GALLARDO PAÚLS, BEATRIZ (1993): *Lingüística perceptiva y conversación: secuencias*. Valencia: Universitat, Departament de Teoria dels Llenguatges.
- GOFFMAN, ERVING (1981): *Forms of Talk*. Filadelfia: University of Pennsylvania Press.
- GUMPERZ, JOHN J. (1964): “Linguistic and social interaction in two communities”. En John J. Gumperz e Dell Hymes (eds.): *The ethnography of communication. American Anthropologist* 66, 6 (Parte II), 137-154.
- GUMPERZ, JOHN J. (1986 [1972]): “Introduction”. En John J. Gumperz e Dell Hymes (eds.): *Directions in Sociolinguistics: The Ethnography of Communication*. Nova York: Basil Blackwell, 1-25.
- GUMPERZ, JOHN J. (1982a): *Discourse strategies*. Cambridge: Cambridge University.
- GUMPERZ, JOHN J. (ed.) (1982b): *Language and social identity*. Cambridge: Cambridge University.
- LABOV, WILLIAM (1983 [1972]): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra
- LAVE, JEAN e ETIENNE WENGER (1991): *Situated learning: legitimate peripheral participation*. Cambridge / Nova York: Cambridge University Press.
- LISÓN TOLOSANA, CARMELO (2004 [1979]): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.
- MALINOWSKI, BRONISŁAW KASPER (1978 [1922]): *Los argonautas del pacífico sur*. Barcelona: Paidós
- MARIÑO FERRO, XOSÉ RAMÓN (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais.
- MEAD, MARGARET (1928): *Coming of Age in Samoa*. Nova York: William Morrow.
- PREGO VÁZQUEZ, GABRIELA (2003): “Comprando leitugas, leitughas e lechughas. Reformulacións e negociación de identidades na feira”. En Carmen Cabeza Pereiro, Anxo M. Lo-

- renzo Suárez e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.): *Bilingual communities and individuals: Proceedings from First International Symposium on Bilingualism (Vigo, 1997)*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 94-103.
- REGUEIRA, XOSÉ LUÍS (2013): “Estándar oral e modelos de lingua”. *A letra miúda. Revista de sociolingüística da CGENDL*, 2, 1-23. <en liña: http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html>
- SANTAMARÍA, ANTÓN (1980): “Novas consideracións ó redor das orixes da gheada”. *Verba*, 7 (1980), 243-249.
- SILVERSTEIN, MICHAEL (1976): “Shifters, linguistic categories, and cultural description”. En Keith H. Basso and Henry A. Selby (eds.): *Meaning and Anthropology*. Albuquerque: University of New Mexico Press, 11-55.
- SPRADLEY, JAMES P. (1979): *The ethnographic interview*. Nova York: Holt, Rinehart & Winston.
- SPRADLEY, JAMES P. (1980): *Participant observation*. Nova York: Holt, Rinehart & Winston.
- WENGER, ETIENNE (2001 [1998]). *Comunidades de práctica: aprendizaje, significado e identidad*. Barcelona: Paidós Ibérica.

Alarma lingüística no Val de Miñor

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DO IEM

RESUMO

Preséntanse as tres recollidas de 1985, 1997 e 2009 dunha enquisa escolar sobre o tratamento e comunicación familiar e o uso das linguas galega e castelá no ámbito familiar entre os alumnos do primeiro ano de instituto (de catorce ou quince anos) matriculados nos centros do Val Miñor. Analízase a evolución do bilingüismo nestes vinte e catro anos.

ABSTRACT

Presentation of the data collected along three school surveys about communication inside the family and the use of the Galician and Spanish languages. It was carried out among students in the first years of secondary compulsory education (fourteen-fifteen years olds) who take their studies in educational centres in Val Miñor. The results offer an analysis of how bilingualism develops at this stage.


Para procesar os resultados o profesor de Física e Química, Xosé Manuel Reguera, preparou un programa informático que nos facilitou o recuento de datos. O folio preparado para recoller a enquisa levaba por título “Estudio sociolingüístico do tuteo” e como se pode observar na reprodución adxunta, incorporaba outras preguntas sobre a estrutura da familia e a comunicación familiar. É unha enquisa sen moito valor e precisión na escolla da variables e a maior importancia está na eficacia pedagóxica que puidese ter para aqueles alumnos adolescentes.

Doce anos máis tarde, cando xa había tres institutos de bacharelato no Val Miñor, un grupo de profesores volveron pasar polos distintos cursos de alumnos da mesma idade de catorce e quince anos a mesma enquisa, coa intención de comparar os resultados cos obtidos doce anos antes. Fronte ás 125 respostas correspondentes a totalidade de alumnos matriculados en 1985 no único instituto de bacharelato do Val de Miñor, en 1997 as respostas recollidas foron 92, pois quedaron algúns grupos sen ser consultados. Xuntáronse todas as contestacións e, con conciencia de arquiveiros, gardáronse esperando poder facer algún día un estudo evolutivo dos fenómenos presentes na enquisa.

Xa en 2009, outros doce anos máis tarde, outro grupo de profesores dos institutos do Val Miñor deciden pasar unha vez máis a mesma enquisa cos novos alumnos de catorce e quince anos, adolescentes que empezan os estudos de secundaria nos cinco institutos miñoráns. Foron 175 os alumnos que contestaron e as súas respostas foron arquivadas coas anteriores e todas elas encontraron a súa ocasión agora grazas á paciente laboriosidade dos membros do IEM María Lemos e Jesús Rodríguez que pasaron os datos dos 392 folios ao programa EXCEL e o profesor Xenaro García Suárez fixo o seu tratamento informático.

LINGUA HABITUAL NO VAL MIÑOR


Para poder poñer en contexto os resultados destas enquisas aproveitamos os datos que os distintos estudos sociolingüísticos nos ofrecen con referencia a toda Galicia, aínda sabendo que neste tipo de comparacións sempre hai unha marxe de desvío e non un axuste perfecto.



Cadro 1. Usos lingüísticos en Galicia 1995

Neste cadro primeiro presentamos datos tomados do estudo do seminario de sociolingüística da Real Academia Galega *Usos lingüísticos de Galicia* (1995, 94) onde se recollen os resultados referentes á lingua de uso dos 1.- entrevistados, 2.- poboación galega de 16 a 25 anos, 3.- poboación urbana, 4.- poboación vilega e 5.- poboación rural. Poden servir de contraste para interpretar mellor a situación do Val Miñor.

No cadro seguinte temos os resultados das tres enquisas pasadas aos alumnos de quince anos do Val de Miñor en dous intervalos de doce anos, de 1985, 1997 e 2009. Nestas consultas non se mide o uso lingüístico senón a conciencia que ten a poboación adolescente escolarizada no primeiro curso de Secundaria de cal é a lingua habitual na súa casa. Non son datos comparables cos resultados do estudo da Real Academia. Neste caso o entrevistador pode constatar cal é a lingua que está usando nese momento o entrevistado. O alumno entrevistado por escrito no seu instituto pode ceder ante a presión social e incluírse como máis falante da lingua máis prestixiada.



Cadro 2. Conciencia da lingua habitual no Val Miñor 1985, 1997, 2009.

Neste segundo cadro recóllense os resultados da pregunta: “lingua habitual na túa casa” feita á case totalidade dos alumnos escolarizados no Val Miñor no primeiro curso de BUP, unha vez superada a EXB, nos distintos anos de 1985, 1997 e 2007. Dadas as reformas do sistema educativo, cambian os nomes dos cursos, pero mantéñense as idades dos alumnos en catorce e quince anos.

Sumando «só galego» e «máis galego» por un lado e «máis castelán» e «só castelán» polo outro temos unha distribución de 35%/64% en 1985 e de 26%/73% en 2009. Nestes vinte e catro a lingua galega perde case un 10% na conciencia de uso habitual entre os adolescentes do Val Miñor escolarizados no primeiro curso de secundaria. Hai que ter en conta que estes resultados non se poden extrapolar a toda a poboación dos tres concellos miñoráns. A resposta recollida é a dada por adolescentes escolarizados no primeiro curso de BUP, que no ano 1985 estaban todos no instituto «Val Miñor» de Nigrán, único instituto que había nos tres concellos miñoráns e que vivían en Nigrán (79 alumnos), en Baiona (34) en Gondomar (10) e en Vigo (2). Naquela época, dos alumnos que remataban EXB no concello de Gondomar soamente seguían estudos de secundaria o 25%. Esta circunstancia supón un desvío nos resultados, dado que están influenciados polo nivel económico de procedencia; os alumnos de baixo nivel adquisitivo xa non seguían estudos de secundaria.

Nas distintas datas en que se realizou esta enquisa sempre houbo tres ou catro alumnos que indicaban un domicilio urbano. Case todos eran alumnos residentes na área de Vigo máis próxima ao Val Miñor como Canido ou Coruxo. De todos eles, agás un que tiña como lingua familiar «só galego», o resto estaba no grupo de «máis castelán».

BILINGÜISMO

O colectivo máis numeroso está formado pola poboación bilingüe: 74% (1985), 73% (1997) e 62% (2009). Esta perda do bilingüismo no último ano é a favor dun monolingüismo castelán que chega a un 32% fronte a un 17% en 1985. Estes datos sorprenden se os comparamos coa situación lingüística que nos presentaba o estudo da Real Academia en 1995 onde o monolingüismo castelán no colectivo rural era un 3,2% e no vilego un 10,6%. Temos que chegar ao residente urbano para atopar un 21,6% que usan en 1995 unicamente a lingua castelá. Os adolescentes miñoráns de 1997 din ter como habitual na casa o castelán un 23% e a inmensa maioría están repartidos entre residentes de vila e de aldea. Na última enquisa deste traballo (2009) danos para o grupo de lingua habitual na casa só o castelán un 32% dos adolescentes miñoráns; case duplica a media galega do colectivo de 16 a 25 anos que no estudo de 1995 daba un 17,7%.


Aínda tendo en conta os posibles desvíos e faltas de axustes dos datos recollidos no Val Miñor, temos que recoñecer que a nosa comarca está nun proceso de castelanización superior ao resto de Galicia. Hai que advertir que este proceso afecta sobre todo ao compoñente léxico, algo á morfosintaxe e moito menos á fonética. O 32% de adolescentes do Val Miñor que falan só castelán como lingua habitual teñen unha fonética, o vulgarmente chamado acento, propia e singular, como acontece coa poboación de Bouzas ou de Cangas.

Entre as causas desta castelanización están sen dúbida os movementos demográficos como son as segundas residencias da poboación urbana de Vigo, a zona dormitorio de traballadores vigueses e a gran densidade de veraneantes de poboación non galega. Nos últimos trinta anos o crecemento da poboación do Val Miñor contrasta con devalo demográfico de Galicia. Fronte a perda de máis de cento vinte mil habitantes galegos entre 1986 e 2016, os concellos miñoráns medraron significativamente: Baiona 1.980, Gondomar 4.037 e Nigrán 3.584; en total 9.601, un 23,79%, segundo o Instituto Nacional de Estadística.

Tendo en conta os resultados recollidos no cadro 3 podemos distinguir a situación segundo a residencia entre vilas e aldeas. Sumando “só galego” e “máis galego” na aldea en 1985 temos un total de 48%; e se facemos o mesmo para os que viven na vila en 2009 o resultado queda nun 21%. Esta perda do uso habitual da lingua galega nas aldeas do Val Miñor, segundo a conciencia dos adolescentes do primeiro curso de secundaria, hai que relacionala co aumento da poboación urbana que buscou unha nova residencia no hábitat rural miñorán. En 1985 eran o 28% dos enquisados os que se consideraban habitantes de aldea, porcentaxe que en 2009 chega a un 36% dos alumnos. Estamos claramente ante un caso de urbanización cultural do mundo rural do Val Miñor.

Esta análise segundo o lugar de residencia manifesta a trágica situación cultural das novas xeracións miñoranas. Comparando os resultados do último ano dos datos recollidos (2009) cos acadados no estudo do seminario de sociolingüística da Real Academia Galega *Usos lingüísticos de Galicia* (1995) atopamos que, mentres a suma de “máis castelán” e “só castelán” no mundo vilego de toda Galicia é un 34,7% e no mundo urbano chega a un 57,4%, para os adolescentes vilegos do Val Miñor ese resultado chega a un 77%.

Outro dato que podemos ter presente cos resultados recollidos no cadro é un veloz proceso de perda da condición bilingüe na poboación vilega. Se sumamos “máis galego” e “máis castelán” dos tres anos en que se aplicou a enquisa temos a seguinte serie: 76% (1985), 76% (1997) e 60% (2009). A esta baixada da porcentaxe na lingua habitual bilingüe dun 16% no que levamos do século XXI, correspóndelle unha subida dun 10% na resposta a “só castelán” en 2009, que chega a un 36%. Esta situación de crecemento do monolingüismo castelán nunha sociedade bilingüe supón un empobrecemento cultural das novas xeracións que non se emenda cos bilingüismos ou trilingüismos foráneos.




Cadro 3. Lingua habitual doméstica segundo hábitat no Val Miñor

COMUNICACIÓN FAMILIAR


Esta enquisa intentaba tamén medir a comunicación familiar dos adolescentes sobre distintos problemas de natureza familiar, económica, afectiva, escolar, sexual ou relixiosa. Nun simple relato dos resultados pódese advertir que os temas sexuais e relixiosos son os que contan con menos facilidade para compartilos cos pais e nais. Tamén se nota un pequeno descenso de comunicación familiar nos resultados referentes aos comezos deste século. Nos seis apartados temáticos de conversa a porcentaxe máis baixa corresponde sempre ás respostas de 2009.

En xeral os adolescentes miñoráns do primeiro curso de secundaria falan menos facilmente cos seus pais segundo os datos de 2009. Sobre os problemas cos amigos e os problemas escolares os mozos son menos comunicativos na casa que as mozas.



Cadro 4. Comunicación familiar segundo temas tratados

DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O XÉNERO E ANOS 1985-2009



Cadro 5. Comunicación familiar segundo xénero

Tamén no caso dos temas relixiosos, onde só un 31% de mozos de 2009 tratan os seus problemas cos seus pais. Os problemas sexuais seguen sendo tabús para o 75% de todos os enquisados.


CODA

Moitas conclusións máis poden derivarse da análise dos datos destas tres enquisas. Esta primeira entrega recolle a singularidade lingüística das novas xeracións miñoráns, que sofren, nun hábitat de vila e aldea, a presión do monolingüismo urbano de lingua castelá. Ante a posibilidade dun bilingüismo culto galego e castelá, esta sociedade está caendo nun modelo de trivialización bilingüe, dotado maiormente de castelán básico con fonética galega e inglés de actividades lúdicas, turísticas e similares.

Fronte aos cambios motivados polo incremento das segundas vivendas, da po-boación na temporada turística e da condición de concellos dormitorio da cidade de Vigo, esta comarca do Val Miñor necesitaba que se aplicase cando menos o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004.

A Administración cultural e educativa da Xunta de Galicia incumpre este mínimo Plan xeral de normalización e traballa en contra do que acadaron as Administracións doutras comunidades lingüísticas como a finesa ou a islandesa: integrar as linguas propias en sistemas de bilingüismo culto.

Cos datos que temos e a Xunta que sufrimos, as tendencias do noso antibilingüis-mo está patente no cadro seguinte. O galego como lingua habitual doméstica pode desaparecer antes de 2040, substituído por un bilingüismo en decadencia que en 2030 se cruza coa liña ascendente do uso doméstico do castelán en exclusiva. Evitar a nosa deleiba como colectivo non é posible cunha Administración secuestrada polos interes-es que se achantan tras a lingua do imperio.



Cadro 6. Liñas de tendencia dos resultados das tres enquisas.

BIBLIOGRAFÍA

Seminario de sociolingüística RAG *Usos lingüísticos en Galicia*. Real Academia Galega: Vigo 1995.

A Marcela. Unha bioinvasión europea que empezou no Val Miñor

XOSÉ RAMÓN GARCÍA MARTÍNEZ

RESUMO

Achyrocline satureioides (Lam.) DC. (marcela) é unha especie da familia das Compostas que, procedente de Sudamérica, aparece no Val Miñor, reportándose aquí por vez primeira para Europa.

ABSTRACT

Achyrocline satureioides (Lam.) DC., a species of Compositae from South America. It started to grow in Val Miñor to later expand through Europe. This means a novelty in the continent.

A ORIXE DAS BIOINVASIÓNS

Con independencia dos mecanismos de introdución de especies exóticas que se deran en tempos anteriores –de certo, en todas as épocas houbo, en maior ou menor medida, transferencias voluntarias ou involuntarias de seres vivos –, os inicios do século XVI supuseron un cambio cuantitativo nestas introducións. A época das grandes viaxes e grandes exploracións fixo que se incrementara de maneira notable a introdución de especies exóticas.

A miúdo a aparición destas especies (arqueófitas, diríamos hoxe) fixeron dubidar aos botánicos acerca da súa orixe real, en tempos previos ao actual paradigma da Tectónica Global. Así lembremos a afirmación de Merino (1909: 99) desconfiando de que fose exclusivamente americana a procedencia de *Triglochin striata* (Ruiz & Pavón), naqueles tempos, como hoxe, ben extendida pola beiramar de Portugal e Galiza. Outras veces, sabemos que plantas consideradas autóctonas “de toda a vida” teñen en realidade unha vida curta entre nós, coma os nosos populares ‘paxariños’ (*Cymbalaria muralis* P. Gaertn., B. Mey. & Scherb. subsp. *muralis*), que vemos en calquera muro vello e son de procedencia subalpina.

Seguramente é preciso ter unha diferente perspectiva –que só o tempo nos pode proporcionar– para que poidamos relativizar estes aspectos, sen entrar aquí en consideracións que podemos ver recentemente tratadas con ollo crítico en Thompsom (2016).

O aumento das relacións entre países lonxanos, por intercambios comerciais ou turismo, que se dá a partir do século XX fixo que aumentara asimesmo o número de especies alóctonas en todo o planeta. Lembremos a recentes alarmas acerca da intro-

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



***Achyrocline satureioides* (Lam.) DC.**

Planta da familia das compostas que apareceu en Baiona por vez primeira para Europa en 2004. É natural de Sudamérica, onde é coñecida como marcela ou alecrim de parede. En Galicia estase a estender a favor das autoestradas, espallándose especialmente –igual que no seu hábitat orixinal– en dunas de beiramar e lugares secos e asollados, onde forma poboacións densas que impiden o crecemento doutras especies. Dende a primeira cita, espallouse cara o norte da comunidade: Nigrán (2012), Moaña e Sanxenxo (2014), chegando xa ata a provincia de A Coruña no 2016. Colabora no Atlas escribindo a botanica@ighn.org
http://www.ighn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html 

ducción en lugares tan distantes entre sí, como Nova Zelandia e Colombia, do noso toxo arnal, *Ulex europaeus* L. que se manifesta naquelas contornas coma unha perigosa invasora.

O densidade de poboación do Val Miñor, así como o feito de estarmos situados nunha área ben comunicada, nó entre o próximo Portugal é o resto de Galicia, fai que o listado de alóctonas que se inclúe como Anexo I (seguramente incompleto) sexa longo. Boa parte destas especies, así como os seus efectos xerais, teñen sido tratadas por Pérez Pintos & Bouzó Fernández (2004), Sanz Elorza & al. (2004) e Fagúndez & Barrada (2006).

A MARCELA E A SÚA ECOLOXÍA

Como é habitual en florística o método de traballo consistiu na contínua exploración do territorio, así como en recollida de exemplares, conservación en prego e determinación dos mesmos. Esta actividade dou lugar a que fixáramos a partir de 2004 a nosa atención en diversas poboacións dunha planta composta que en principio consideramos próxima ao xénero *Helichrysum*, ao tempo que constatamos a súa extensión polo Val a partir das principais vías de comunicación. A insuficiencia das floras e monografías ao uso para a determinación levounos a contactar coa monógrafa do devandito xénero para *Flora iberica*, Mercè Galbany (U. Autónoma de Barcelona). A súa determinación, posteriormente ratificada por Susana Freire (U. Nacional de La Plata, Arxentina) levounos a *Achyrocline satureioides* (Lam.) DC.

Posteriormente apareceron máis poboacións na zona e na provincia de Pontevedra que detallamos en Silva-Pando & al. (2015), continuando neste momento a súa expansión por A Coruña. Este taxon non aparece entre as especies consideradas alóctonas en Fagúndez & Barrada (2007) nin en Sanz Elorza & al. (2004) para Galicia nin España, respectivamente.

Achyrocline satureioides (Lam.) DC. é unha composta que ten a súa área de distribución natural por gran parte de Sudamérica (Arxentina, Brasil, Bolivia, Chile, Colombia, Ecuador, Paraguai, Perú, Uruguai, Venezuela), (Cabrera, 1963: 154s; Cabrera & al., 2000), con interese etnobotánico. As súas inflorescencias desecadas son empregadas en medicina e industria farmacéutica como antidiabéticas, dixestivas, antiespasmódicas, antiinflamatorias, antiasmáticas, emenagogas, expectorantes, hepatoprotectoras e inmunoestimulantes (Gattuso et al., 2008: 248), mesmo dando lugar a veces a adulteración con outras especies semellantes, como *Achyrocline flaccida* (Lam.) DC. e *Gnaphalium gaudichaudianum* DC. (Retta, 2014). Unha aplicación moi popular é a de encher coas follas pequenos cabezais para os meniños, aos que induce o sono.

Esta popularidade é seguramente a razón dos moitos nomes populares que com-



<p>ANTROPOPHYTA: especies sinantropas de orixe exótica:</p>	<p>Metaphyta: permanentemente establecidas.</p>	<p>Archaeophyta: chegadas antes de 1500 d.C.</p>	<p>Archaeophyta adventiva: introducidas.</p>
			<p>Archaeophyta anthropogena: creados polo home.</p>
		<p>Kenophyta: chegadas despois de 1500 d.C. (=Neophyta <i>sensu</i> Meusel, 1943)</p>	<p>Archaeophyta resistentia: superviventes só en hábitats antropóxenos.</p>
			<p>Epoecophyta: establecidas só en comunidades ruderais e/ou arvenses.</p>
<p>Diaphyta: non permanentemente establecidas.</p>	<p>Eu-apophyta: permanentemente establecidas en hábitats antropóxenos.</p>	<p>Apophyta ephemera: introducidas temporalmente.</p>	<p>Agriophyta: establecidas en comunidades naturais ou seminaturais.</p>
			<p>Hemiagriophyta: en comunidades seminaturais.</p>
			<p>Holoagriophyta: en comunidades naturais</p>
<p>AOPHYTA: especies sinantropas de orixe nativa:</p>	<p>Oekioophyta: escapadas de cultivo</p>	<p>Ergasiophygophyta: escapadas de cultivo.</p>	<p>Ephemeroophyta: introducidas temporalmente.</p>
			<p>Ergasiophygophyta: escapadas de cultivo.</p>

parte con especies próximas e de similares propiedades: alquitrán, marcela, macela hembra, marcelita, vira-guazú, eloyatoi caá, alecrim de parede, viravira, virabilona, hierba de chivo, suso, cenizo, pirayu, huir huir, ... (Gattuso et al., 2008: 247).

O mapa de distribución mundial da especie, que atopamos en http://eol.org/data_objects/21082942, marca un punto en Europa que se refire a prego de suposta procedencia portuguesa (“Portugal, Pantano Grande, 29 50000E 4483255N, *Grazziotin*, G. 26/02/1990, SALA 94203-1”) que se custodia no herbario da Facultade de Bioloxía de Salamanca. Postos en contacto con este herbario (SALA) comunicámonos que se trata de erro informático dunha herborización americana, polo que as nosas localidades son novidade para Europa.



Verbo da súa ecoloxía, semellante á observada aquí, lembremos a Cabrera (1941: 152): “Especie frecuente en suelos secos del sudeste de América del Sur. En la provincia de Buenos Aires vegeta en las dunas marítimas, en las sierras y en los campos secos”. Outros autores (Cabrera & al., 2000) refiren que se cría “En dunas, vertientes, faldas y cumbres de las sierras hasta los 1160 m.s.m., y bordes de caminos”. A diferenza de hemisferio fai que na súas poboacións orixinais florece a partir de marzo, mentres que no noso Val Miñor faino en xuño-xullo.

O criterio máis empregado para clasificación de plantas sinantropas (“plantas venciadas á acción voluntaria ou involuntaria do home, que xeralmente modifica a súa distribución natural por extensión”) é o de Kornas (1990), que se expón no recadro.

Dado o comportamento observado da marcela e a súa implantación en varios tipos de comunidades nestes anos consideramos que o seu comportamento é dunha típica Agriophyta.

Segundo algúns autores (Richardson & al, citado por Sanz Elorza & al., 2004) a naturalización sería o proceso inmediatamente posterior á introducción, e supón que a especie introducida é quen de superar barreiras bióticas (meiose, polinización, fecundación, embrioxénese, produción de diásporas, supervivencia a depredadores, etc), e abióticas (adaptación as novas condicións climáticas, edáficas, etc). O termo invasora suporía que a especie naturalizada é capaz de xerar novas poboacións reproductoras alonxadas da inicial tanto no espazo como no tempo, independentemente do grao de alteración do medio.

Dado que estas condicións parecen terse dado de maneira evidente, como demostra a distancia entre as diversas poboacións existentes, e o tempo de 13 anos desde que estudiamos as primeiras poboacións, consideramos que nos atopamos diante dunha auténtica bioinvasora. Que, neste caso, entrou polo noso Val Miñor.

Anexo I. Plantas alóctonas no Val Miñor.

Acacia dealbata Link.
 Acacia longifolia (Andrews) Willd.
 Acacia mearnsii Willd.
 Acacia melanoxylon R. Br.
 Ailanthus altissima (Mill.) Swingle
 Amaranthus albus L.
 Amaranthus blitum L. subsp. blitum
 Amaranthus deflexus L.
 Amaranthus hybridus L.
 Amaranthus powelli Watson
 Amaranthus retroflexus L.
 Arctotheca calendula (L.) Levyns
 Arundo donax L.
 Aster squamatus (Spreng.) Hieron.
 Azolla filiculoides Lam.
 Bidens aurea (Aiton) Scherff
 Bidens frondosa L.
 Bidens pilosa L.
 Bidens tripartita L.
 Buddleja davidii Franchet
 Calendula officinalis L.
 Carpobrotus edulis (L.) N.E. Br.
 Chenopodium album L. var. album
 Chenopodium ambrosioides L.
 Chenopodium polyspermum L.
 Conyza bonariensis (L.) Cronquist
 Conyza canadensis (L.) Cronquist
 Coronopus didymus (L.) Sm.
 Cortaderia selloana (Schult. & Schult. Fil.) Asch. & Graeb.
 Cotula australis (Spreng.) Hook. fil.
 Cotula coronopifolia L.
 Cyperus capitatus Vand.
 Cyperus eragrostis Lam.
 Cyperus esculentus L.
 Cyperus fuscus L.
 Cyperus longus L.
 Cyperus rotundus L.
 Datura stramonium L.
 Dittrichia graveolens (L.) Greuter
 Dittrichia viscosa (L.) Greuter subsp. viscosa
 Eleocharis bonariensis Nees
 Eleusine tristachya (Lam.) Lam.
 Erigeron acer L. subsp. acer
 Erigeron karvinskianus DC.

Fallopia baldschuanica (Regel) Holub
Fallopia convolvulus (L.) Á. Löve
Galinsoga ciliata (Rafin (S.F. Blake)
Galinsoga parviflora Cav.
Gamochaeta spicata (Lam.) Cabrera
Helichrysum foetidum (L.) Cass.
Ipomoea purpurea (L.) Roth
Mirabilis jalapa L.
Oenothera glazioviana Micheli
Oenothera rosea Aiton
Oenothera stricta Link
Oxalis acetosella L.
Oxalis articulata Savigny
Oxalis corniculata L.
Oxalis incarnata L.
Oxalis latifolia Kunth
Oxalis pes-caprae L.
Paraserianthes lophantha (Willd.) I. Nielsen
Paspalum dilatatum Poir.
Paspalum paspalodes (Michx.) Scribn.
Paspalum vaginatum Sw.
Pennisetum clandestinum Hochst. ex Chiov.
Petasites fragrans (Vill.) C. Presl
Phytolacca americana L.
Reynoutria japonica Houtt.
Robinia pseudoacacia L.
Senecio angulatus L. fil.
Senecio mikanioides Walp.
Setaria faberi Herm.
Setaria pumila (Poir.) Schult.
Setaria verticillata var. ambigua (Guss.) Parl.
Setaria viridis (L.) P. Beauv.
Solanum chenopodioides Lam.
Sorghum halepense (L.) Pers. var. halepense
Spartina patens (Aiton) Muhl
Sporobolus indicus (L.) R. Br.
Stenotaphrum secundatum (Walter) Kuntze
Tradescantia fluminensis Vell.
Tritonia x crocosmiflora (Lemoine) G. Nicholson
Tropaeolum majus L.
Veronica persica Poir.
Vinca difformis Pourr. subsp. difformis
Vinca major L.
Xanthium strumarium subsp. italicum (Moretti) D. Löve
Zantedeschia aethiopica (L.) Spreng.

BIBLIOGRAFÍA

- CABRERA, A.L. (1941). Compuestas bonaerenses. Revisión de las Compuestas de la provincia de Buenos Aires, la capital federal y la isla Martín García. *Revista del Museo de la Plata. Nueva Serie*, IV (Sección Botánica): 1-450.
- CABRERA, A.L., CRISCI, J., DELUCHI, G., FREIRE, S.E., GIULIANO, D.E., IHARLEGUI, L., KATINAS, L., SÁENZ, A.A., SANCHO, G., & URTUBEY, E. (2000). *Catálogo ilustrado de las compuestas (Asteraceae) de la provincia de Buenos Aires, Argentina. Sistemática, ecología y usos*. Secretaria de Política Ambiental U.E.L.P. Buenos Aires. 136 pp.
- CAPDEVILA ARGÜELLES, L., IGLESIAS GARCÍA, Á., ORUETA, J.F. & ZILLETI, B. (2006). *Especies exóticas invasoras: Diagnóstico y bases para la prevención y el manejo*. Organismo Autónomo Parques Nacionales. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid
- FAGÜNDEZ DÍAZ, J. & M. BARRADA BEIRAS (2007). *Plantas invasoras de Galicia. Biología, distribución e métodos de control*. Xunta de Galicia. 208 pp.
- GATTUSO, S.J., & GATTUSO, M. (1998). Caracteres anatómicos y exomorfológicos distintivos de *Achyrocline satureioides* (Lam.) DC. (Asteraceae-Inuleae). *Acta farm. Bonaerense* 17(4): 255-261.
- GATTUSO, M., CORTADI, A., RODRÍGUEZ, M.V., MC CARGO, J., RETTA, D., BANDONI, A, FERRARO, G & GATTUSO, S. (2008). Caracteres florales en la identificación de *Achyrocline satureioides*, *Achyrocline flaccida* y *Gnaphalium gaudichaudianum* (Asteraceae-Inuleae). *Bol. Latinoam. Caribe Plant. Med. Aromaticas* 7(5): 247-256.
- KORNAS, J. (1990). Plants invasions in Central Europe historical and ecological aspects. In Di Castri, F., Hansen, A.J. & Debussche, M. (Eds.) *Biological invasions in Europe and the Mediterranean Basin*: 105-133. Kluwer Academic Publishers, Amsterdam.
- MERINO, B. (1909). *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia,- III*. Tipografía Galaica. Santiago. 695 pp.
- PEREZ PINTOS, X. & X. BOUZÓ FERNÁNDEZ (2004). *As Bioinvasión na Galiza*. Edicións A Nosa Terra. Vigo. 156 pp.
- RETTA, D. S. (2014). Determinación de calidad de “marcela” *Achyrocline satureioides* (Lam.) DC. (Asteraceae). Parámetros fitoquímicos. *Dominguezia*, 30(2): 5-17.
- SANZ ELORZA, M., E.D. DANA SÁNCHEZ & E. SOBRINO VESPERINAS (2004). *Atlas de las Plantas Alóctonas Invasoras en España*. Dirección General para la Biodiversidad. Madrid. 384 pp.
- SILVA-PANDO, F.J. , X.R. GARCÍAMARTÍNEZ, F. GÓMEZ VIGIDE, R. PINO PÉREZ, J. BALADRÓN GONZÁLEZ, J. J. PINO PÉREZ, J. TABOADA MARTÍNEZ & E. MARTÍNEZ SABARÍS (2015). Aportaciones a la Flora de Galicia, XI. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 22: 75-87.
- THOMPSON, K. (2016). *¿De donde son los camellos? Creencias y verdades sobre las especies invasoras*. Alianza editorial. 357 pp.
- VILÀ, M., VALLADARES, F., TRAVESET, A., SANTAMARÍA, L. & CASTRO, P. (Coord.). *Invasiones Biológicas (2008)*. C.S.I.C. Madrid. 215 pp.

Saharauís no Val Miñor

HENRIQUE PORTO
(COOPERANTE E DELEGADO DE SOGAPS NO VAL MIÑOR)

RESUMO

Hai case trinta anos que se fundou o movemento solidario co Pobo Saharauí e dende 1991 vén funcionando o programa “Vacacións en Paz”. Proxecto de acollida temporal de nen@s saharauís durante os meses de xullo e agosto, que en Galicia desenvolve SOGAPS (Solidariedade Galega co Pobo Saharauí), a petición expresa do goberno da República Árabe Saharauí Democrática (RASD). O obxectivo concrétase en tres temas básicos: atención médica, alimentación física e cultural e sacar o maior número de cativos dos cincuenta graos de calor no deserto.

ABSTRACT

The solidarity movement in behalf of the Saharawi people was founded thirty years ago. The programme “Vacacións en Paz” has been in progress since 1991. This project implies the temporal asylum of Sahrawian children during July and August, which in Galicia is taken to practice by SOGAPS (Galician solidarity towards the Sahrawian people), as a result of a direct petition from the Sahrawi Arab Democratic Republic. The main goals of the programme address three basic topics: medical attention, nurture the physical and cultural needs of the children and maintain the greatest number possible of children away from the high temperatures of the desert.

Hai case trinta anos que se fundou o movemento solidario co Pobo Saharauí e dende 1991 vén funcionando o programa “Vacacións en Paz”. Proxecto de acollida temporal de nen@s saharauís durante os meses de xullo e agosto, que en Galicia desenvolve SOGAPS (Solidariedade Galega co Pobo Saharauí), a petición expresa do goberno da República Árabe Saharauí Democrática (RASD). O obxectivo concrétese en tres temas básicos: atención médica, alimentación física e espiritual e sacar o maior número de cativos dos cincuenta graos de calor no deserto.



Galicia participa nesta iniciativa, ofrecendo ás familias saharauís a posibilidade de que as súas fillas e fillos gocen dunha estancia agradable, humana e culturalmente rica, baixo a supervisión e os cuidados de familias de acollida. O programa lévase a cabo grazas á colaboración da Xunta de Galicia co apoio dos concellos. A alma do mesmo son as familias acolledoras. A aportación dos concellos, colaborando a través dos servizos de acción social, básico. Pensemos na busca de familias, publicidade, visualización da acollida na institución... Tamén é fundamental a rede de delegadas que a ONG ten polas comarcas do país para a implementación e o seu seguimento.

No Val Miñor perdura un traballo óptimo de acollida e a solidariedade da bisbarra foi notábel, aínda que a resposta dos tres concellos sexa desigual. Nigrán sempre tivo unha resposta familiar ampla. Delegadas como Clarita Valverde e María Xosé Andrade tiveron anos a colaboración do concello. En Baiona houbo menos familias e a política da institución municipal non estivo a altura das circunstancias. Gondomar foi e segue a ser un concello participativo e solidario. Alcaldes, concellería de benestar e familias, atenden de xeito cordial ás crianzas verán tras verán. Mesmo algunhas autoridades teñen viaxado aos campamentos de refuxiados.

Dez anos levo como delegado da Asociación no Val. Substituíñ a M^a Xosé Andrade. Nunca deixaron de acudir nenas saharauís á bisbarra. Por enriba da ducia de familias acolledoras; algúns anos aínda máis. Dende que estou no programa petei na porta do Concello de Baiona, e non perdemos a esperanza da resposta. No de Nigrán agardamos volver aos mellores tempos da cooperación solidaria. Seguimos insistindo coa causa humanitaria que nos move e conmove. Cando se traballa a prol das persoas indefensas, coa razón e sen ánimo máis có da xustiza, nunca se pode ceder.

SOGAPS non só leva a cabo este programa. Realizamos no Val outras actividades que contaron coa complicidade da cidadanía. Tras 41 anos de resistencia, o Estado Saharauí recoñecido por máis de oitenta países e da Unión Africana, representa a vontade dun pobo para exercer o dereito lexítimo á autodeterminación. A ONU recoñécelle aos países baixo dominación colonial. Conforme ao máis estrito respecto a dereito, a presenza marroquí no Sahara Occidental é ilegal. A ONU definea na Resolución 3437 (1979) como mera “ocupación militar“. Asemade, prolóngase no tempo con consecuencias de violencia e atropelo dos dereitos humanos, diante da pasividade vergoñenta da Comunidade Internacional. Aínda peor, o Pobo Saharauí padece o silencio cómplice de España. Quen, como Potencia Administradora, come-

te abandono irresponsábel, sufrindo a poboación esta traxedia política e humana de xeito ilegal. O goberno do Estado Español podería remedialo por lei e xa, se quixera.

A vida de máis de douscentos mil saharauís abandonados na “hamada” de Tinduf, só pode subsistir coa cooperación internacional; sobre todo pola axuda das asociacións humanitarias. Por iso SOGAPS propón diversas campañas por xeiras: recollida de roupa, caravanas de alimentos, material escolar para as madrassas e tarbías, recollida de medicamentos, produtos de hixiene... As campañas miñoranas ligámo-las coa acción cultural: concertos musicais, espectáculos teatrais, ceas solidarias, festivais, mesmo algún “serán” con gaiteiros, etc. A finalidade é recadar e dar apoio aos irmáns saharauís que subsisten exiliados no deserto. Loitan polo retorno a súa terra, no Sahara Occidental, onde eran a cincuenta e tres provincia española. Desexo xusto por deixar de seren a última colonia de Africa. Unha nación libre, independente, coa propia cultura, territorio e Estado constituído, a RASD (República Árabe Saharai Democrática) agarda a xustiza do retorno. Só precisan que se cumpra o acordo da ONU, sobre o aceptado, pero adiado, referendo de autodeterminación.

SOGAPS realiza todos os anos viaxes aos campamentos de refuxiados. Familias acolledoras miñoranas compartiron a experiencia da convivencia coas familias saharauís, nas súas propias “jaimas” do deserto. Asemade, este último verán, no Val Miñor, gozamos a enriquecedora experiencia de colaborar co Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) Convidados por esta asociación cultural as nenas, ademais da integración nas vilas e parroquias a través da calor das familias, participaron nun intercambio de narracións orais. As cativas saharauís escribiron relatos de tradición oral escoitados no deserto, no seo familiar ou escolar que contrastaron con nenas galegas do Val que aportaron as súas. As narracións seleccionadas foron lidas en galego, traducidas do hasaní. O encontro resultou entrañable. Unha experiencia na que casaron culturas de lonxe pero próximas no aspecto social e vivencial. Tamén agradecemos ao IEM o agasallo ás nenas de libros e material educativo que recibiron. Un acto de cooperación cultural que acordamos manter e afondar moito máis os vindeiros anos cos cativos, verdadeiros embaixadores do pobo saharauí no mundo. A irmandade entre os pobos saharauí e miñorano non só non vai mermar senón que debemos agrandala ao máximo. Desexamos que a política institucional se sitúe ao nivel que debe corresponder. Polo cal seguimos loitando dende a bondade solidaria do humanismo e a interacción cooperante entre pobos e culturas.



Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 (1)

XOSE LOIS VILAR PEDREIRA

10/XII/2016S.-

Vai por Nerea.

Hai 2500 anos un home sabio en Grecia deulle por sentenciar que sobre a terra había tres tipos de seres: vivos, mortos e mariñeiros.

Xosé foches premiado polo concello de Gondomar e polo Instituto de Estudos Miñoráns que tivo as súas primeiras xuntanzas no colexio de orfos de mariñeiros de Panxón. Nacemos para contribuír ó estudo, promoción e conservación do patrimonio natural e cultural do Val Miñor e por extensión de toda a República Galega. Entre as nosas actividades contamos coa travesía, coa derrota nocturna polo mar do Val Miñor rememorando naufraxios, repasando talasónimos, ollando as marcas en terra, exhibindo un sebeiro, lembrando o vocabulario mariñeiro.

Son moitas as maneiras de relacionarse co mar. Ti sábelo. Cunha simple cana dende Sansón á procura de robalizas ou movendo rítmicamente a cana india coa poteira na procura de luras no peirao de Baiona. Centos de miles de galegos só se relacionaron co mar sentíndose transportados con billete de terceira cara América no XVIII, no XIX e por suposto no XX. Un destes barcos, o Highland Pride saíu de Vigo pasadas as doce da noite do xa 9 de setembro de 1929 e pouco máis dunha hora máis tarde espetárase polo norte da Negra nas Estelas. Non morreu ninguén bípedo. Salváronse tripulantes, pasaxeiros, ovelas e galiñas de raza selecta que a compañía Nelson Lines levaba da metrópole británica cara Arxentina. Ó trousaren de barco a barco caíu a-l-agua un boi inglés que non sabía nadar nestas augas e finou. Deu boas maragotas. En Vigo só subira un ourensán ocupar un posto de correos en Canarias. Xa Manolo Rivas literaturizara magnificamente o afundimento do Palermo na Touza da Balea fronte Corrubedo, o barco alemán non levaba emigrantes galegos, levaba caixas que embalaban acordeóns que soaron toda a noite. Todos resultaron inservibles. Todos menos un...

Do mar tirouse e tírase o argazo para esterco das veigas, comida dos porcos, para a industria... e arríncanse os percebes e as lapas, escárbanse ameixas e croques, cultívase mexilla na corda das bateas.

A relación pode ser navegante lúdico ou navegante de oficio mariñeiro, para facer un aproveitamento dos seus recursos vivos arriscándose diariamente nunha embarcación sobre esa masa de auga a simple vista homoxénea, pero realmente imprevisible, cambiante e chea de significado para o mariñeiro experto. Isto tamén o contamos nas nosas derrotas nocturnas, e dicimos que o mariñeiro mariñeiro, non o eixaleiro acompañante é un home que ten que combinar cinco saberes básicos:

- Coñecer, como biólogo de campo, a etoloxía animal
- Deseñar a embarcación para achegarse os recursos
- Deseñar e armar as artes de pescar para enganar e cazar
- Predicir, como meteorólogo, o tempo para ir pero tamén voltar.
- Dominar o seu mar, talasonimia e topografía, saber da natureza do fondo, a profundidade, os cabezos, as beiradas, alladas, olgas, regos, limpos, ... moito mundo meu rei.

Xa o escribíu Ferrín:

O Vello que Sabe
cantou e no lonxe as illas arderon
as labaradas (...)
tu ves que o Vello ergueito
aquele que Sabe finxe
no toutizal de torga e pedregullo
fronte ás illas
coma se el o Vello que Sabe fose o primeiro
en tallar a carballeira (...)

En tallar a carballeira. O Vello dende as alturas do Galiñeiro sentenciou había de haber catro tipos de seres: vivos, mortos, mariñeiros e mariñeiros-poetas. Aquí nesta categoría entras ti definitivamente, logo de catro anos de ensaios serios, xa con aquel

Estou preso na rosa dos ventos (...)
Estou encravado no casco (...)
Enmallado nun aparello (...)
Durmo coa man sobre o temón
aspirando o perfume da rosa do vento.
(*nos Dez anos da Porta Verde do Sétimo Andar*)

Esta *Relixión do mar* e esta entrega do IX premio de poesía Victoriano Taibo xa é mito fundacional da poesía galega.

Díxose e escribiuse que sempre tiveron que vir de fóra:

- O Sáñez Reguart no último terzo do século XVIII describir as artes de pesca e no mesmo tempo o brigadier Vicente Tofiño describir e debuxar as nosas costas. No S. XIX, Mariano de la Paz Graells; no XX Benigno Rodríguez Santamaría, outravolta coas artes de pesca e a descrición dos nosos mariñeiros; e Ruth Matilda fotografarnos, logo Staffan Mörling desentrañar Ons e a dorna.

Agora na segunda década do s. XXI un rapás de Cee é o ñodaguía, es o ñoño do corvo, a vultureira que coroa o máis alto da tradición poética mariñeira da República Galega, nesa tradición dos poetas e trobeiros medievais tan citados e como no Manuel Antonio, con máis ou menos horas de mar, máis ou menos acompañante de lustre Rivas con

Fomos ficando sós
o Mar o barco e máis nós
Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frío
E ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós.

Un universo literario que se vai forxando obra a obra coas bocarribeiras de Otero, os tesos cumes de Novoneyra, os Ancares de Fole, os percabelleiros ou gavieiros de Rosa Aneiros, a Arousa e o Padrón de Anxo Angueira e Rosalía, Cangas de Bernardino e do Mar de Bronce do Pintor, o mar da Coruña e de Irlanda de Xurxo Souto e moitas e moitos máis ... E agora ti dende dentro do oficio de mariñeiro un GRANDE POETA que aprendeu cos vellos en Cee e nas escolas da Coruña e Vigo, que sentiu rinchar a armadura do barco no Gran Sol e agora é mariñeiro, patrón, armador e poeta no porto de Oza coa ilusión diaria da pesca de peixes, centolas e palabras que logo da *Transfusión oceánica* xa recitada no interior de Galicia naquelas xornadas de literatura de tradición oral sorpréndenos agora con esta homenaxe laica ó mar e ós teus devanceiros. Comeza a poesía na prosa do prólogo:

- “Na pía de bautizo non había auga, había mar, o seu mar”.
- “Escoitei os seus rezos atando as redes coma se estivese reparando as roupas do mesmo deus”.
- ... “a boina coma cúpula protectora do azoute dos ventos”.

E a continuación poesía mariñeira como profesión de fe radical no mar que lle dá a vida ó autor.

Creo no mar
 Nas liñas de fe (...)
 Creo nos cardumes (...)
 Creo no mar
 útero azul
 patria dos ronseis
 do meu sangue
 amén.

E que, como bo mariñeiro realista, sabe que pode ser a súa morte

Entramos na dimensión
 da dúbida (...)
 Xa non gobernamos nós
 Nunca quereremos ser
 a nova da alba.

E no texto desfilan a lonxa e a subhasta do peixe, o xeito, os percebeiros, redeiras, O Gran Sol, ...

Habitantes do arneirón
 Carlous que brúan na xerfa
 a derradeira onda

E sobre todo unha homenaxe ampla e sentida ós carpinteiros de ribeira que Xosé eleva a categoría épica, de demiúrgos como Francisco Fran que sentenciou

Dádeme unha árbore e navegaredes
que na carballeira en crecemento con visión teleolóxica afirman

Escoitar entre as árbores
o asubío da rosa
A voz de mando do capitán
O ruxir dos cabalos de gasoil

Xerardo Triñáns pontificou:

Dádeme un lapis e serei capaz de pintar o voso deus!, aquí o deus
é o barco.
Construír un barco
É tallar na árbore a historia dun pobo

É despois máis libro para vós e para o artista, o mariñeiro, o poeta nesta sesión inaugural dunha nova xeira da literatura da República Galega.

Eu remato xa, ti bisneto de Francisco Miguéns e neto de Lucía e Paco O Carramón, eu neto de Manolo O Gardés e fillo da comunidade piscatoria de Baiona, remato regalándoche palabras de noso:

labañeira, boleardo, marrucho, cángaro, carrancholo, eixaleiro,
farracatín

e nomes do noso mar:

Rapapandullos, A Bombardeira, A Xangada, O ABC, e como
non A Enseada dos do Peito Ancho e claro A Volta dos Nove.

Presentación do Premio Victoriano Taibo 2016 (2)

CALROS SOLLA

Co gallo da presentación en Pontevedra d'A *relixión do mar* de Xosé Iglesias (Librería Paz, 26-5-2017).

Calros Solla

O Sr. Paco dos Praseres, mariñeiro retirado, taxista retirado, taberneiro retirado, daquela, home sabio entre os sabios; patrón aínda hoxe dun chiringhito azul seleste fondeado hai corenta anos nas areas de Moghor, díxome un día, enchendo a canghrexo do peito, que a súa nai pobriña o parira descalsiño no fondo do mar.

Atendo decote a conversa do Sr. Paco, criatura anfibia, setáseo en extinsión; mírolle en fite prós ollos azul selestes e asómome sen peitoril ao abismo do Deep Challenger, na fondeira do Pasífico. O falar do Sr. Paco faime sentir xemelgho no seu antípoda.

Si o vello Sinbad volvese ás illas, Al-Faris Ibn Iaquim Al Galizí relataría polo miúdo historias de leviatáns e de sereas cantoras, historias de naufraxios e de redes ao cope, historias de raqueiros e caíucos, e de piratas con patente de corso.

Miro en fite prós ollos de Xosé Iglesias Lamela, mariñeiro en activo, poeta en activo, sidadán en activo, e o sonar reflecte o eco dun ser humano feito a si mesmo, curtido na febre dos caladoiros, abensoado, asemade, coa inspiración da misteriosa ardora, co chíop-ranto das ghaivotas. A escrita de Xosé, mariñeiro da Ghalisa, faime sentir xemelgho no seu antípoda.

Benvido a porto, Xosé Iglesias, poeta-naveghante, naveghante-poeta; benvido ao peirao da Moureira. Ao abrigho do mar de Pontevedra, abarloaches o teu *pailebote branco* a par das naos de Colón e Paio Gomes Charinho, a carón dos ghaleóns de Sarmiento de Gamboa e de Benito Soto, a son da dorna de anónimo vai e vén.

Amarraches a deus nun norai de esperanza e aghora, home xeneroso, has partillar connosco o teu quiñón ben ghañado. Que ninghén ouse disir que o peixe é caro, mais teñan conta das espiñas.

Benvido, chimán!, oh meu chimán!; xa sopra na arroutía o rorcual místico que anunsia a túa venturosa arribada.

Creo, creo, creo no mar que nos alimenta e nos esfolo, que nos expande e nos achica, que nos enxendra e amortalla. En sinal de reverensia, role a miña cabeza tallada do corpo; role polo varadoiro abaixo até bicar a tona da maré.

Teño fe nos mariñeiros bos, nos pescadores de almas, nos demiúrxicos mareantes que multiplican os peixes para faser da nesiedade fartura. Creo no seu credo.

Hai peixe, hai peixe!!

A diario, póxanse nas lonxas do fresco os nosos despojos, o que de nós rexeitarían mesmo os cans. Así e todo, das miudansas porfiamos na construción dunha patria, caderna mestra do noso ser multiplicado. *Calquera patria é nosa ante a porta que colapsa as aghullas.*

E de norte ou de sur, a bonansa ou a temporal, aproamos os camiños da vida, apeitamos na amura de babor e na de estribor a inclemente singhradura; ora na vereca que nos leva ao cumio, ora no traso serto da derrota.

Deixamos atrás o conforto da terra firme e entreghámonos ao chou dos meteoros. O ronsel dos proscritos é unha estrela fatua e, dende a cofa, abesullamos o horisonte na procura do peixe noso de cada día, porque *sen peixe non hai retorno.*

Non nos entende quen nos desghoberna, quen nos encaia o temón, quen nos embafa a bitácora, quen nos abandona á deriva, á nosa sorte, nun oséano ateighado de

quenllas. Quixen ser o persebeiro do teu corpo acantilado, apañar a mans cheas os asios do chope, xoghar ás aghachadas co lobo da rompente. Envolveume o mar. A merghullo, respiramos pola ferida.

Medra a flor na bitácora das soidades, tan só as 32 pughas ferintes dunha rosa irta de pétalos desnortados. Tan só a soidade: *o barco e mais nós*.

Patria de cadaleitos, na nosa carta de naveghasión, paralelos e meridianos tesen e destesen unha arañeira intanxíbel. A parca é a suprema redeira, a viúva de todos.

Quixen fuxir de min, e xacando construín un barco destinado ao afundimento. Cando se espregghisa a ghalerna, o meu espiñaso renxe e rincha coma carro do país, abatida osamenta de estaleiro. *Construír un barco é tallar na árbore a historia dun pobo*. Acumularon os séculos tanta obra morta...

Quixen fuxir de min, e á navalla labrei unha arca de dioivo. Enchín a adeggha *con anacos do meu interior*, enroleinos de dous en dous, estibeinos, e investido capitán e polisón, craveime de mans e pés ao pau maior para ir ao fondo co aparello.

Quixemos fuxir de nós, e o mar nas medras rescatou a nosa inersia. Acordamos Robinsons no dourado areal dunha illa inédita, bicados pola escuma e agharimados por un sol equinocsial. Estamos vivos, meu chimán; oh meu chimán!! Convertémonos á túa relixión de esforso e vixilia, á túa doutrina de solpores adoesidos. O noso espírito, pasado pola quilla, arela faserse ao mar novamente.

Sempre deixamos todo pola popa. E nós, avante!! Sempre avante!!

Que o destino vos bendigha:

Proa
Babor Estribor
Popa

Norte
Oeste Leste
Sur

A nosa memoria de 1936 (1)

ANTÓN TOVAR

AS ENCOSTAS DO FURRIOLO E A VOLTA DOS NOVE

Cando en 1980 se editou na colección de poesía «Ventobranco» de Edicións Xerais de Galicia o libro de Antón Tovar *Calados esconxuros*, o autor, antes do proceso de produción, quixo retirar algúns poemas; uns porque non lle gustaban moito e outros porque o “seu contido aínda ten que esperar. Cando eu falte con estes calados esconxuros fai o que queiras”. El mesmo dez anos máis tarde incluíu tres destes poemas adiados en *Berros en voz baixa* (1990), publicado por Edicións Sotelo Blanco.

Cando, grazas a Lei da memoria histórica, o nosa sociedade está descubrindo a ruína de valores que supuxo calar e agochar as feridas ocasionadas polo crimes da guerra civil, pode ser útil recordar, despois de oitenta anos, os valores perdidos e deixarnos revitalizar polos potentes versos dun poeta ferido pero non derrotado.

ANOS 1936-1940

Aqueles asasinados ás camionetas
 que fungaban polas encostas do Furriolo;
 a lúa detida, esganada na gorxa inocente
 do meniño filósofo que pousaba preguntas como brasas
 ou estrelas alcendidas abrindo a noite pecha
 que os maores formais afogaban cun estate quieto;
 a voz do misioneiro no cadafalso dos charlatáns
 con aforcados corpos de cera en éxtase
 anunciando visionario falso a salvación da ialma;
 a ialma que eu non vin, que ninguén viu,
 soio na radiografía das hostias sagras da comunión
 se podía albisca-lo seu saibo de estafa e de freganzo;
 e na saba de cine –toleradas– os peitiños,
 as curvas dos peitazos que anunciaban
 as cancións inmediatas presentidas do pecado;
 e o misioneiro do taboado –cadafalso
 que nos limpaba os dentes co dentífrico
 de pasta xesuítica infalíbel, infalíbel
 como o Papa Santo que andaba en taboleiro
 sobre as moitedumes largacías da cristiandade pura.
 E estoiraba unha bala de cazata
 na tempa quente acugulada de pensamento
 e de orgullo proletario
 de obreiro descoñecido sementado de súpeto
 nos fondos caboucos da terra, da miña terra.

E na saba de cine americano non aparecía nunca
 o obreiro aquil que elí quedara derrubado
 comungando cos labios ensanguentados
 a hostia vermella dunha nicha do monte.
 Tempo da adolescencia encalatrada
 roubada nas palabras mentireiras

de ignorantes apóstolos da morte.
E meu pai e miña nai axudaron de ignorantes cómplices
a ista comedia que o frade predicaba
rubido ó taboleiro da condena
no que estaban escritos a maotenta
os nomes distes homes tan anónimos
que agora son pra min os verdadeiros santos.
Que noxo e que tristeza sen vingar!

As encostas do *Furriolo* que lembra Antón Tovar no seu poema teñen no Val de Miñor topónimos que comparten a mesma desgraza, desde a *Volta dos Nove* ata *Pego Negro*.

A mellor vinganza que queda á sociedade herdeira é recuperar a memoria que esperta este poema, este “Calado Esconxuro” esquecido longos anos entre os papeis arquivados dun vello editor.



Antón Tovar. Ilustración de Manuel Prego (1980)

A nosa memoria de 1936 (2)

MONTSE FAJARDO

HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DO 36

Biona, 2016

Luís e José tomaban o alcume do nome da súa nai, Inés, e cando chegou o tempo do medo e ela xa non estaba, acadaron o acubillo doutra muller.

Dolores Samuelle Álvarez, Perfecta como lle chamaban na aldea, sabía de coidados. Xa atendía ao señor Ventura, que era maior e estaba cego, e a partir daquel xullo coidounos aos tres. Cada día, co pan, leváballes aos Ineses o periódico, porque eran xente estudada que estivera en América e viñera con ideas progresistas e ecolóxicas. Un era vexetariano e o outro ensinaba esperanto aos labregos.

Perfecta, en cambio, non sabía nin ler. Din que por iso sospeitaron, porque levaba o periódico sendo analfabeta e vivindo cun cego. Así que foron alá e matáronos aos catro, a Luís, a José, ao señor Ventura e a ela, polo delito de coidalos. Logo, mofándose dos mortos, como facían eles, enterraron a Perfecta, -que xa pasara dos setenta, que daquela era ser ben vella-, no medio dos dous, cun home por debaixo e outro por riba do seu corpo, querendo converter en algo sucio o seu ventre de nai.

Porque iso fixeron eles durante décadas. Contar outra historia. Levamos oitenta anos escoitando falar dun alzamento que puxo fin ao suposto caos, cando o que houbo foi un golpe de Estado que destruíu a loita por un mundo máis xusto que levaba a cabo xente como Luís e José López, os Ineses. Xente como Generoso, Manuel, Felicísimo, O Ghonda, o Lijó, o Rei Chiquito, o tío Félix, o Pelonio, o Ferreiro do Burgo, os mártires da Volta dos Nove, os da República enteira.

Por iso hoxe ten que ser un día de memoria, pero de memoria reivindicativa. É a nosa obriga sacar da tumba do silencio o nome de José, de Luís, de Perfecta, cuxo asasinato nin sequera aparecía ao día seguinte na crónicas do xornal que ela mercaba. Quixeron borrar a historia e nos temos que romper o silencio para lembrar a súa solidariedade, para facer xustiza, para desterrar as mentiras que se converteron no último castigo das vítimas do fascismo.

Non basta con lembrar os seus nomes, temos que coller o seu “testigo”: O “testigo” da denuncia que durante anos fixeron as persoas que debuxaban cruces nun chan manchado de sangue.

Temos a obriga de loitar polos dereitos que eles acadaron para nós e que estamos deixando esmorecer sen sequera piar.

Temos que lembrar os seus nomes pero tamén os dos seus asasinados, como o cabo Pena. E sobre todo temos a obriga de lembrar as súas ideas. Debémosllo a Antonia Rial, a Angelina Veiga, a Eugenia Mijón, a Rosalía Rodríguez, a Sofía Vieites, a Clementina Freire, a Julia San Juan, a Aurelia Rodríguez, ás viúvas de todos os mártires. Debémosllo a Víctor, a Isabel, a Oto, a Eva, a Gloria, a Lidia, a África, a Manuel, a Elodia, a todas as orfas e orfos que creceron en escolas onde os crucifixos podían máis que os libros, rodeados de medo, de silencios cómplices, abafados polas ideas que asasinaron aos seus pais.

Debémolos a nós mesmos porque a súa memoria, a memoria dos Ineses, de Perfecta, dos nove, a memoria dos mártires da Galiza enteira é a mellor das nosas herdanzas.

Montse Fajardo

- **Do espazo e do tempo.
Unha conversa con VÍCTOR LORENZO**

Do espazo e do tempo. Unha conversa con VÍCTOR LORENZO

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

Son as doce do mediodía dun día de 2016. Acordara atoparme con Víctor Lorenzo nunha cafetaría próxima ao seu lugar de residencia, pero non se presenta. Mentres espero camiño distraído á beira do mar sen ir a ningunha parte. Persisto. O termómetro do coche no que me despracei confirmaba con catorce graos centígrados que hoxe volve estar un día agradable neste sorprendente final de outono nas Rías Baixas, isto, a pesar da farturenta chuvia de onte. Un día luminoso e solleiro conquistado aquí por ducias e ducias de gaivotas inquedas e ruidosas, contempladas a non moita distancia por unhas poucas nais mozas en tanto seus fillos xogan na terra do parque ao que sempre xogaron os rapaces miúdos con terra preto. Pouco despois, derrotado, decido achegarme ata o lugar onde mora e traballa en Borreiros.

Segundo baixo do vehículo oíu con nitidez o roncar dunha motoserra non afastada que de inmediato imaxino manipulada polo escultor. Cabía a posibilidade, secasí non me equivoco. Apenas un par de minutos máis tarde escoito como con palabras intenta explicarme o que vexo sen necesidade delas. De súpeto para e retira algúns elementos da obra na que traballa mentres me di que están de máis. Por que, senón, os ía retirar? penso. Nese intre fágome consciente de que todas eran palabras pronunciadas coa única intención de rachar ese muro invisible que sempre se eleva molesto, translúcido, ao inicio de toda conversa.

Hai uns días que lle propuxera a posibilidade de reunirmos para falar de distintos aspectos do seu traballo con vistas á confección dun posible artigo para publicar na REM. A meditada aceptación foi quen motivou o meu desprazamento, aínda ben daquela sen saber que a memoria de Víctor fose tan caprichosa. Sentamos.



Cranio. 64x32x24 cm. Foto Beatriz Collazo.

antonio soliño troncoso - Víctor, coñecémonos dende hai moitos anos, así e todo non sei que che atraeu antes como manifestación artística, foi a plástica ou a música?.

victor lorenzo - A plástica.

a.s.t. - Lembras por que? Algunha vez pensáchelo conscientemente?

v.l. - Porque crecín nun ambiente onde este tipo de arte sempre estaba presente. O meu pai pintaba e na miña casa conviviamos co debuxo e

a pintura. En clase sobresaíamos nesta disciplina e de feito, asistimos a diversos premios. En canto á música, chegou máis tarde, a través do meu irmán César. Este empezou no conservatorio e interesouse pola guitarra; eu seguín os seus pasos. Aos 16 anos, ambos os dous tocábamos coa Xuventude Antoniana, en Vilariño. Aí xurdiu o meu interese por Bob Dylan, empecei a tocar os seus temas... e foi nese momento cando empezou o meu contacto coa música. Foi unha aprendizaxe natural e moi autodidacta.

A escultura chegou despois, aos 30 anos. Crecín no taller de artesanía de meu pai e o meu tío, en Sabarís, entre cunchas e madeira que daban forma a pezas de “suvenir”. Cando era pequeno, o meu irmán e eu adoitábamos facer algunhas pezas para xogar, como diversión. Máis tarde, empecei a facer traballos en barro cun ceramista e pasaba a madeira os obxectos que tallaba. Este material sempre me pareceu moi cálido. Paralelamente, descubrín os traballos de Álvaro de la Vega, un dos meus referentes polo seu estilo basto.

a.s.t. - Que tipo de música che atraía daquela? E agora? Que autores e bandas son referencia para ti?

v.l. - Atraíame a música importada: Rolling Stone, Pink Floyd, Janis Joplin, Bob Dylan, Tom Waits... aínda que recoñezo que me gustaría criarme tamén con música tradicional galega. Creo que esta é unha das razóns polas que este estilo non calou entre as nosas xeracións: porque tiña certo carácter deostado entre nós. Actualmente, sigo escoitando música importada pero hoxe en día valoro máis a música nacional e a galega: Radio Futura, Narf, Sés, Cro, Dios ke te crew, etc.

a.s.t. - No mundo da música, sempre participaches como vocalista? De que grupos formaches parte?

v.l. - Empecei como vocalista e guitarrista en “La banda del predicador”. Era un grupo de rock, onde tocábamos cancións compostas por min. Despois veu “Mojo Blues” na que facíamos versións de blues e rock&roll. Estiven con moi bos músicos que agora gozan de recoñecemento, como Guillermo Fernández, Paco Dicenta, Nacho Muñoz e Isaac Palacín. Máis tarde chegou “Doctor Harapos”, onde cantaba as miñas letras coa música de Pablo Carrera. Con este grupo mesmo gravamos un disco pero co tempo, acabou diluíndose. Na actualidade toco periodicamente en “Harapos Ensamble” onde versionamos cancións de “Dr. Harapos” e algún tema traducido ao castelán de clásicos do rock.

a.s.t. - Estás interesado na elaboración de letras, polo que vexo. Interésache a creación literaria? Exerces, inda sexa de xeito privado?

v.l. - Si, sempre me interesei polas letras e cando formamos o primeiro grupo buscaba cancioneros de Bowie, Dylan... pero, sinceramente, non me considero un gran lírico, as miñas letras dilátanse moito no tempo. Vou collendo ideas do meu día a día, ordénoas e fago unha canción. Son como un pintor, neste sentido, fago unha colaxe de múltiples cousas para crear unha letra, de aí que demore tanto para darlle forma.

a.s.t. - Estarías disposto a ceder algún pequeno texto para incorporar á transcripción desta conversa?

v.l. - Ben,... pásosche dous. Dúas cancións. A primeira titúlase **Palabras cruzadas**:

**BOAS NOITES señoras, señores
DAMOS COMEZO AO SHOW
co apaixonante xogo das palabras X
atención, atención, última chamada**

OBXECTOS, MÁQUINAS, ESTATÍSTICAS
ESTADO, ESTRUTURAS, ECONOMÍA
CIFRAS, CONCEPTOS, MEDIDAS
ERIXINDO TODO EN EVIDENCIA

**Anímese, ANÍMESE, é moi doado
véndese, cómprase**

ADICCIÓN, SEDUCCIÓN, RISCO
COMISIÓN, POSESIÓN, DEPENDENCIA
PRESIÓN, FUSIÓN, FRICCIÓN
INFLACIÓN... REACCIÓN EN CADEA
TOLEA, ESTÍMULO, DESEXO
TOLEA, tanto X cen
SELECCIONAR, ESCOLLER, ELIXIR
TI PODES FACELO

**Visite as nosas sesións de TECNO-TRANCE colectivo
agora tamén en formato dixital
axítese e divírtase connosco
fagan xogo... FAGAN XOGO**

PROGRESO, CIENCIA, TECNOLOXÍA
XUSTIZA... FILOSOFÍA
PRODUCCIÓN, INXECCIÓN, ALTA TENSIÓN
CONSUMO... DIVISAS
OCIO, INFORMACIÓN
CULTURA, COMUNICACIÓN
PATROCINADO, PRECOCIÑADO, PREFABRICADO
.....ABDUCCIÓN

Cómprase, véndese ¿VIDA? Fotomontaxe XXX

TÓXICO, ÉXITO
HIPER-SUPER-MÁXIMO
LÉXICO, XÉNICO
...Directo á vea
OFERTA, INVERSIÓN ¡Fagan xogo!
LIBRE MERCADO
PROMOCIÓN, EXPLOTACIÓN, ESPECULACIÓN
...EXPROPIACIÓN

**Anímese e xogue connosco
se non queda satisfeito tramite unha reclamación
déixese levar, é moi doado
podes facelo..**

TÓXICO... ÉXITO... ÉXTASE
HIPER-SUPER-MÁXIMO
ADICCIÓN, SEDUCCIÓN
COMISIÓN, POSESIÓN
PRESIÓN, FUSIÓN, FRICCIÓN
INFLACIÓN... REACCIÓN EN CADEA
¡fagan xogo! ESTÍMULO, DESEXO
¡abran fogo! TOLEA
SELECCIONAR, ESCOLLER, ELIXIR
...TI PODES FACELO

**Divírtase e xogue connosco
deixe a súa mente divagar
calquera parecido coa realidade é pura coincidencia
déixese levar... Déixate levar
sobre o ritmo... hipnótico corrosivo
Están a escoitar RADIO HARAPOS
emitindo en directo dende....**

Sintonice connosco

A segunda, **Á carreira**, di así:

QUINCE EXPERTOS DECIDEN UNHA GUERRA MUNDIAL
FONTANEIROS BUSCAN FUGAS EN REACTOR NUCLEAR
OS FUNCIONARIOS RECLAMAN A PAGA DE NADAL

OS CANDIDATOS OPTAN Á PRESIDENCIA
OS MEDIOS DIFUNDEN ENTRE A AUDIENCIA
EMITINDO PROGRAMAS DE LAVADO DE CONCIENCIA

E XESÚS APARECE DOBRANDO A ESQUINA
FACENDO PROMOCIÓN DA SÚA MORTE CON ESTAMPIÑAS
CON SABA BRANCA E COROA DE ESPÍNAS.

**QUE VAS FACER? ARRANXA COMO POIDAS, TODO VAI BEN
MENTRES NON SAIAS NA ESQUELA.
SE O VES MOI MAL SAL Á CARREIRA**

MARGARIDA APUNTOUSE NUN EQUIPO DE COUCHING
OS SEUS COMPAÑEIROS FIXÉRONLLE BULING
AGORA COMBINA COOWORKING CON JOGGING

OU DEVORAS OU ES DEVORADO
SE NON FAS NADA MELLOR BÓTATE A UN LADO
CANDO ENTRA EN ACCIÓN O EXÉRCITO ALIADO

TOMA UN, DEBES CATRO
SUMA E SEGUE, XOGA UN ANACO
TODO OU NADA,.... A BANCA SEMPRE GAÑA

**QUE VAS FACER? ARRANXA COMO POIDAS, TODO VAI BEN
MENTRES NON SAIAS NA ESQUELA.
SE O VES MOI MAL BUSCA ENTRE AS PEDRAS**

INXECTO PALABRAS NO MICRÓFONO
COMPROBA O SEU EFECTO ANALXÉSICO
RELÁXATE CON RITMO HIPNÓTICO

E QUÉIXANSE NA VECIÑANZA
PORQUE ESES VÁNDALOS TEÑEN ESBORRANCHADA
TODA A MOBLAXE URBANA RECÉN INAUGURADA

E SABES QUE CHE DIGO, COMPAÑEIRO
COMO AMIGO VERDADEIRO
NON DAMOS GRANDES PASOS, DAMOS SALTOS AO BALEIRO

**QUE VAS FACER? ARRANXA COMO POIDAS, TODO VAI BEN
MENTRES NON SAIAS NA ESQUELA.
SE O VES MOI MAL CÁMBIATE DE BEIRA**

a.s.t. - Dentro da plástica, vexo que os teus esforzos se encamiñan case en exclusiva á escultura. Utilizas bosquexos preparatorios? Por que? Aplicas algunha metodoloxía de traballo concreta?

v.l. - Si, preparo algún bosquejo previo en papel, plastilina ou, na maioría dos casos, en cera porque me permite fundir a peza en bronce. A miña creatividade funciona por impulso; non teño un proceso creativo definido ou concreto. Teño ideas que vou forxando na cabeza e que plasmo posteriormente. Poden pasar anos dende que penso a idea ata que a desenvolvo. Dependendo do proxecto, o proceso pode ser máis ou menos dilatado no tempo.

a.s.t. - Observando a túa produción escultórica vense unha serie de constantes sobre as que volves a miúdo. Refírome á ensamblaxe e á mestura de materiais. Tes algunha resposta consciente para isto?

v.l. - Esta mestura de material realizábaa ao principio da miña carreira como escultor pero implicaba un traballo intenso e non eran pezas doadas de distribuír, polo que decidín apostar solo pola madeira. A reciclaxe funcionaba como prótese no contexto da figura e o corpo sempre o realizaba en madeira. Estas pezas recreaban guerreiros dunha época indefinida, “retrofuturista”. Nestes momentos, cambiei esta técnica por series de pezas talladas nunha postura similar ou combinadas; por figuración, sobre todo.



Cibor. 186x36x65 cm. Foto Beatriz Collazo.

a.s.t. - Tamén é notoria a túa insistencia na repetición, con mínimas variantes, na seriación. Que podes contar sobre o tema?

v.l. - Nisto contribúe moito a sorte que tiveron por facer as pezas que se entregan aos galardoados nos premios da música galega. Este proxecto deume a posibilidade de facer unha gran cantidade de figuras similares ao ano, o que me axudou a reafirmarme como escultor e a asegurar as miñas capacidades de resolución. Por outra banda, este traballo tamén me motivou a crear novas pezas, como “Somnábulo”, unha serie de figuras que parecen gabear pola parede. Actualmente, estou a experimentar con este tipo de pezas, estou probando a facer variacións, a crear composicións... Neste senso,

quero aclarar que poderían catalogarse como seriadas porque en todas se repite un patrón pero, en realidade, cada unha é diferente e en conxunto forman unha obra única e dinámica, suxeita a unha transformación continua.

a.s.t. - Coñeces a obra de Juan Muñoz? Interésache?

v.l. - Si, coñezoo, pero non afondei na súa obra, a verdade. Valóroa porque unha peza humana sempre causa certo impacto no espectador pero non podo dar unha opinión sólida sobre o seu traballo porque non seguí a súa traxectoria profesional nin teño un coñecemento amplo dos seus proxectos.

a.s.t. - Na obra escultórica estás próximo á figuración, inda con incursións na abstracción. Parece que este sexa o xeito de expresarte con maior dominio. Estás de acordo?

v.l. - Si, para min a figuración é fundamental. Podería dicirse que teño un sentir clásico e dende sempre me atraeu moito a obra de Álvaro de la Vega. O meu traballo non se caracteriza precisamente pola abstracción pero, aínda que non a desenvolva nos meus proxectos, recoñezo que me apasiona este estilo na escultura.

a.s.t. - Tamén é unha constante o dominio da madeira como material base. Existe algunha explicación?

v.l. - Porque, como xa sinalai, a madeira paréceme un material cálido, é doada de traballar se se compara con outros materiais, como a pedra e o ferro, que implican a utilización de multitude de ferramentas, así como a disposición dun amplo espazo de traballo. Non obstante, non descarto experimentar ou traballar estes materiais no futuro. No meu proceso de traballo realizo un corte directo coa motoserra; os cortes que creo con esta forman parte da talla, son parte do acabado da peza. Posteriormente, lixo estes cortes e intento deixar as marcas nas partes nas que funcionan para crear certa proximidade na peza. Estas partes pulidas transmiten certo erotismo e sensualidade, mentres que as que están en bruto teñen certa connotación agresiva.

a.s.t. - E a memoria? Es consciente da súa utilización?

v.l. - Imaxino que te estas a referir a se teño preferencia polo almacenamento consciente de ideas e coñecemento, para aplicalo ao traballo, respecto do almacenamento inconsciente. Pois, utilizo os dous sistemas. Gustaríame usar máis o inconsciente, pero tamén uso caderno de viaxe. Tempo máis tarde, a utilización desta información ás veces e buscada e outras nin me decato de como aparece.

a.s.t. - Que influencia lle asignas ao cine de Paul Verthoeven e James Cameron sobre a túa obra inicial?, se é que lle asignas algunha.

v.l. - Si, influíronme, gústanme algunhas das súas películas de ciencia ficción e os elementos que aparecen nelas. Aínda que hei de confesar que a primeira referencia foi de neno, vendo “Mazinger Zeta”, entusiasmábame! Xa dende pequeno, tiña unha predilección polo ámbito tecnolóxico.

a.s.t. - Realmente, cales foron as túas primeiras influencias no mundo da escultura? Que permanece daquilo?

v.l. - Álvaro de la Vega, como xa comentei máis dunha vez, George Segal, Rodin, traballos abstractos diversos, e tamén podería citar a Chillida, Oteiza, Xavier Cuiñas e Manolo Paz, as súas obras parécenme moi interesantes.

a.s.t. - Que personaxe internacional das artes plásticas che interesa? Por que?

v.l. - A nivel internacional, decantaríame por Barceló ou Richard Serra, aínda que teñen unha concepción da arte moi espectacular. Tamén me interesa moito a obra naturista ou “land art”, e dentro desta, Andy Goldsworthy.



Cabalo. 160x63x250 cm. Expo en Teatro Ensalle. Vigo. Foto T. Ensalle.

a.s.t. - *Faláchesme dunha obra en preparación para instalar nun espazo público. Que valores da arquitectura cando pensas en intervir nese tipo de espazos?*

v.l. - Os espazos urbanos son puro artificialio. A natureza, pola contra, achega grandes sensacións anímicas, de beleza, benestar. Ás veces, a arte é unha especie de imitación da natureza e nesta hai puntos de alta enerxía, por exemplo, un manancial, un canón ou unha atalaia. No espazo urbano, non obstante, necesítanse crear puntos de referencia, xa sexan físicos ou ideolóxicos para poder moverse nesa artificialidade da cidade: fontes, esculturas ou arquitecturas diferentes en edificios.

Cando fixen o cabalo a tamaño natural, desenvolvín unha idea, fixen unha escultura que podería situarse en calquera espazo, é dicir, esta obra non estaba condicionada polo lugar no que se ía situar. Ademais de creacións que non se sitúan nun espazo concreto, procuro desenvolver solucións que non impliquen un gasto innecesario. Por exemplo, para a obra do cabalo decidínme por unha solución inocua, que non danase ningún medio. Gústame que se respecte o medio no que se vai situar a escultura

a.s.t. - *A obra e o lugar. Existe relación? Que pensas do concepto de localidade? Que opinas sobre a influencia do medio no individuo e as posibles repercusións na produción plástica?*

v.l. - O artista plástico actual é un concepto novo adaptado á nosa sociedade de consumo. Vese obrigado a sorprender, idear, avanzar, superarse. As súas fontes de inspiración ou de influencia están na propia sociedade; límitase a recoller elementos que o rodean.

O artista plástico de hoxe en día está suxeito a moitas esixencias, del espérase que sorprenda, que dea vida a algo espectacular. Non obstante, aínda que o respecto, creo que non é necesario recorrer a esta espectacularidade, a ese dispendio de material ou a un tamaño grande para crear unha gran obra. O problema é que, na actualidade, moita xente só valora ou goza con este tipo de proxectos e non con outros de menor envergadura xestual.

a.s.t. - Para rematar, propóñoche o seguinte: elixe entre un mínimo de seis e un máximo de dez fotografías de pezas significativas da túa produción escultórica e acompañaa dunha frase ou unha soa palabra que, para ti, resalte a súa esencia.

v.l. - Coido que o título sempre fala da peza. Utilizareinos para o que me pides.



Cabeza ciborg. 23x18x25 cm. Foto Ollomol Audiovisual.



En taller con peixe. Foto Ollomol Audiovisual.



Homiños. 38x14x16 cm. Foto Jesús Figueirido.



Corredores e somnábulo con cadro de Gabi. Expo conxunta no Mercado da Tía Ni. Sabarís.
Foto Ollomol Audiovisual.



Home con sombra. 60x23x31 cm. Foto Fino Lorenzo.



Lector. 43x18x14 cm. Foto Ollomol Audiovisual.



Asemblea de mulleres.
Fotos Ollomol Audiovisual e Fino Lorenzo.





O MEU VAL MIÑOR

- *Gondomar e o seu primeiro conde*
- *Mitin na Ramallosa (1912)*
- *Armando Gerra. In memoriam*

Gondomar e o seu primeiro conde

VICTORIANO TAIBO

Rezan non vellas crónicas que, aínda non hai moito, a hoxe pulcra e urbana vila de Gondomar era apenas un vilar, un feixe de humildes casas labradoras absortas na quietude do val. Entón, máis ca Gondomar, chamábaselle popularmente Paradela. Era a “paradela” dos labregos, que baixaban ao val dende as alturas lindeiras, rumorosas de carballos e milleirais, abrazadas aos pés, bordados de verdores, do Galiñeiro granítico e espido, atalaiando as belas chairas do Miñor e as rutas saudosas do Atlántico. Paradela, refrixerio e descanso; folgo de viñateiros, pescantinas e feirantes no camiño á foz da Ramallosa, punto de afluencia ao mercado dos caldos fresco, criados ao sol manso das terras contiguas; calzadas ao Berbés; acceso ás vereas ribeiregas de Baiona, a pescadora.

Era aquí, aínda, Paradela, talvez en función de colo acolledor do fillo da gleba e do trasfegante, que camiña agradecendo intencións e acha un hospitalario lugar, de repouso na xornada; pero en España, no mundo, había xa moito tempo que se denominaba Gondomar. Xa non estaba só o casarío escuro e ignorado. A sonora e poética toponimia camiñaba vinculada a un personaxe ilustre, con tal carga de merecementos, que o seu nome esclarecido, exemplario de fondas e raciais virtudes e de feitos próceres e inmarcescibles, é un dos máis xebres brasóns da súa estirpe e da súa terra, testemuña, no albor da súa xenerosa mocidade, dos seus primeiros feitos marciais e políticos, inicio augural de ulteriores e brillantes empresas.

Transcorreron tres séculos dende que floreceu no mundo don Diego Sarmiento de Acuña, primeiro conde de Gondomar, e o seu nome aflúe con farta frecuencia á pluma e aos beizos dos eruditos e historiadores da nosa terra; a Prensa rexional reproduce as súas máis soadas cartas ou discursos, e o Xurisconsulto e escritor Francisco Fernández del Riego trazaba hai pouco, entusiasta e versado, unha afervoadada esexese do miñorán insigne, nun dos seus magros e fluídos ensaios. No ano 1913, o marqués de Villaurrutia faino tema do seu discurso de ingreso na Academia da Historia; o ilustre pensador e catedrático da Universidade de Salamanca, Francisco Elías de Tejada Spinola, afortunado mergullador na entraña da alma de Galicia, conságralle un capítulo do seu interesante libro “La Tradición Gallega”, e a editorial “Emecé”, de Buenos Aires, saca á luz “Cinco cartas político-literarias”, que o historiador Gayangos seleccionara da voluminosa correspondencia do conde de Gondomar, e publicou no ano 1869. Nos anais dos máis poderosos monarcas da súa época, brilla Sarmiento de Acuña coa luz esplendorosa da súa valía. Historiadores ingleses, franceses e españois cubriron moitas páxinas reveladoras e suxestivas, en relatos das súas andanzas e actuacións afortunadas.

Sarmiento de Acuña é xa para sempre figura de perenne actualidade, abrochando na roseira do recordo e da fama. Vive inmortalizado na lumieira que nel acendeu o afecto á súa terra, e no halo luminoso que arredor do seu nome deixaron os seus feitos admirables, acendidos en amor ao catolicismo, a España e á monarquía, para quen viviu en constante e leal servizo patriótico e xeneroso.

Militar, estadista, literato, erudito, políglota, bibliógrafo apaixonado, paradigma de embaixadores, cabaleiro sen tacha, deixou detrás de si un ronsel de tan lexítima e gañada gloria que o tempo non a embaza nin a mingua. A súa figura cimeira acrecéntase e ennobrece a medida que transcorren os anos e os séculos.

Paradela xa non é o anello casarío. O bosque e o milleiral abriron paso ás vías de comunicación, en cuxo bordo xurdiu, como un don dos camiños, a vila de Gondomar, bela, comercial e laboriosa; mais, cando era Paradela, Gondomar existía xa na pleni-

tude da súa máis alta gloria. Vivía en boca de reis famosos e magnates ilustres. Era termo de cortesáns, expresivo dun espello de cabaleiros. Vivía e perdurará no prestixio do seu primeiro conde, partícipe da limpidez da súa executoria, brillando con el no timbre dos seus méritos e virtudes, en honrosa perpetuación histórica. El é a soleira onde se concentra e conserva o vigor e a graza da súa crónica lonxincua, no fulgor da súa tradición.

Gondomar conta actualmente cun alcalde dinámico, comprensivo e intelixente, que sabe ir máis alá da sinatura de trámite, do cartapacio e do balduque. Posúe o don estimable de converter en louzás realidades as cuestións que ofrece o digno e necesario. E un cadro de persoal de concelleiros cultos, laboriosos e entusiastas.

A praza da vila, encadrada pola Casa consistorial e os edificios de máis prestancia do cúmulo urbano, está a se converter, pola súa xestión e iniciativa, en belo xardín.

A Gondomar preséntaselle agora a máis propicia das oportunidades para erixirse en gonfaloneira e animadora no saldo dun deber incumprido, unha homenaxe ao gran Sarmiento de Acuña; non de corte e usanza aldeá e espírito parroquial, senón amplo e transcendente, no que estean presentes, no afán e a achega, Galicia e España; que se o conde de Gondomar foi un “galego a carta cabal” presto á defensa e pródigo no eloxio da súa terra, é tamén un español egrexio, que ofrendou nos altares da Patria o seu fondo saber, as súas virtudes raciais, a súa habilidade extraordinaria, a súa prudencia exquisita, a súa honradez sen mácula e o seu carácter firme e perseverante.

Envío: A don Vicente Vázquez, rexedor da vila, aos seus compañeiros de Concello, Faustino Álvarez, José Quintas, Manuel Núñez, Domingo R. Méndez, Antonio de Lis... brinda esta iniciativa o que, na escala dos merecementos, considérase o máis modesto admirador do preclaro fillo de Gondomar.

No centro da remocicada praza, un monumento sinxelo, a salvo de todo evento económico: un busto, un obelisco, un simple monólito artisticamente concibido e tallado no granito azul de Nande, rexo e belo como o tempero do corazón de Sarmiento de Acuña, extraído da entraña mesma da terra que o viu nacer e que el tanto amou.

Publicado en FARO DE VIGO (4-6-1949)

Mitin na Ramallosa (1912)

Basilio ÁLVAREZ

O MITIN DO VAL MIÑOR

Celebrouse o domingo 22 de setembro, ás catro da tarde, no Piñeiral da Ramallosa, e calcúlase que asistiron dez mil agricultores.

Miñoráns, unha aberta. Agricultores, saúde!

Xa estamos fronte ao mar que roxe, xa nos vemos baixo estes piñeiros que xemen eternamente como as nosas arelas incontestadas.

E ao volver a vista atópome co exército de escravos, de vexados, de oprimidos.

Do Centralismo non chegou a nós máis có son dos axóuxeres da brida, coma se a nosa Patria, coma se España enteira fose unha inmensa eguada. E o erro foi noso, porque nós debemos desfacer o bocado, non debemos resistir tanto tempo o freo, non debemos aguantar tantas veces a espora cando tan doado nos foi derrubar o xinete. E que xinete, campesiños!

Do Val Miñor, como de Galicia toda, fixo o caciquismo unha parada, unha enorme parada abatida e triste onde só eles, os caciques¹, os viláns eran os sementais. Pero isto tiña que rematar. Algún día habían de levantarse trotadores que anunciasen o camiño da liberdade. Eu creo que a xente da *Liga Acción Galega* somos iso, é posible que non sexamos outra cousa, pero bos precursores ao xeito do Bautista, sacamos xenerosos o noso peito, ao combate, e sentiríamos un vivo pracer se no bando dos opresores houberse homes dispostos a segar as nosas cabezas. Pero non sucederá iso, desgraciadamente, porque sempre a maldade e a covardía foron plantas que creceron xuntas para afogar toda labarada de paixón. O día que me maten será cando crea que no fondo putrefacto do noso caciquismo, na súa cotra, quedaba algún latexo. Pero cando vai suceder iso! Son covardes, son miserables. Bos escépticos os nosos caciques, nin sequera fanáticos son -que iso sería nobre porque dignificaría a equivocación cun selo de sinceridade- senón que verdadeiras quenllas das laceiras públicas, friamente, xordamente e caladamente, nútrense á conta dos naufraxios familiares provocados pola súa estudada rapacidade.

Para estrangular o caciquismo galego non se precisa unha enchente de enxeño, como as xentes cren, e vencelo coas armas da súa propia retranca. É inútil, como inútil sería irlle á man á raposa coas súas astucias caloteiras. Para cazar esta, coma aquel, eu non sei de máis procedemento que a trampa ou a batida. E notade que digo isto aínda que me poña preto do atentado persoal, que non quero predicar, do que abomino con furia, pero que fatalmente, ben a meu pesar, flota a nivel da táctica que preconizamos.

Toda opresión brutal sinálalle aos oprimidos a ruta da violencia, porque as revolucións só estouran cando hai no ambiente plétora de tiranía.

Se agora mesmo non estivese sobre unha terra onde a fame puxo borrhanchos sanguentos, seguramente que esta linguaxe que a traxedia salpica non atoparía nos vosos corazóns a acollida cariñosa con que subliñades as miñas imprecacións. Pero aquí sempre estamos na hora da verdade porque a fame xamais entendeu de operetas, nin soubo xamais de frases.

O que facía falta era o que xa temos: Un disco enorme onde recoller as nosas arelas illadas, as nosas odiseas silandeiras, o noso sufrir calado, a nosa escravitude infaman-

te, e xa o temos, porque o campo e a praza, cansos de ser testemuñas mudas do noso infortunio, constituíronse en tribunas dos nosos queixumes. O que convíña, tamén, era que ao tacto de cóbados, ao comercio entendido dos de arriba, contestásemos nós coa aperta ardorosa de todos os oprimidos. E vede como tamén o imos conseguindo.

Agora só falta que tendamos os brazos en rexa e grande aperta cara aos emigrantes, cara aos nosos irmáns de América que un día sentiron o frío da patada e abandonáronnos por non ser espectadores de tanta deshonra. E notade que falo deles aquí, no Val Miñor, nesta terra venerada que, mercé á munificencia daqueles perseguidos, levantan centros de cultura que son o noso orgullo. Ben está o diñeiro que envían, xa que lembro que unha vez escribín que para atopar parecido á súa bela obra habería que remover con presteza as cinzas de Marco Aurelio, pero eu case me alegraría máis de que, no canto do diñeiro, mandasen, eles, que tiveron aquí un Calvario e alá unha odisea, eles, que tanto sufriron, un aceno das súas rebelións. E como deben figurar á vangarda deste exército de oprimidos, pido que nun cablegrama lles enviemos un saúdo clamoroso.

O noso labor, neste momento, queda reducido a ser o clarín que nos agrupe. Cansos de lle dar aldrabadas ao irto corazón dos nosos políticos, lanzámonos á pelexa. En todas as portas atopamos oídos de mercador, pero se algunha vez oímos o indelicado dunha promesa, era tan só para irritar a nosa paciencia porque, ao non cumprirse o ofrecemento, botaban a rodar as nosas esperanzas, multiplicando a nosa tortura.

Hai poucos días aínda escoitei dos beizos de Canalejas a promesa de que en outubro sería presentado ás Cortes o proxecto de Redención de Foros que figura no noso programa. E podería aínda acontecer que as palabras presidenciais nos enganasen novamente burlándose dese anaco do Romanceiro escrito a golpe de legón polos loitadores de Teis. Faría mal. Porque se agora falta un Pedro Padrón que se achegase a Xoán II coa noticia dos agravios do pobo, aquí estou eu, aquí me tedes a min disposto a dicirlle ao Rei: Maxestade, o pobo, o meu pobo galego, demanda que suprimades esa aldraxe do foro; e se o Rei non me quixese escoitar, xa sei que no Val Miñor, xa sei que no medio do campo me agardades todos vós.

Non hai xente de peores entendedeiras que os mangoneadores do cotarro público. Hai máis de catro anos que o latexo social máis vigorosamente acusado consiste en pedir a desgravación arancelaria do millo, do centeo e das patacas. E notade que clase de representantes temos. Hai quince días que ao expoñerlle ao Presidente do Consello este desexo, despois de pintarlle con cores carraxentas este cadro de desolación que a fame debuxou no noso país, contestoume con tan inxenua afabilidade como sobra de candor: “Confésolle que diso da desgravación non sei unha palabra”.

E todo isto despois de estarmos apelidando sen cesar, e todo isto despois de gastar mares de tinta en artigos e desfacer os nosos pulmóns con inflamadas alocucións. Dídeme, non credes chegado o momento de afogar todo lirismo, de dar unha tregua ás palabras, para tomar o campo da acción, único camiño viable nestes tempos en que tanto abundan os xordos?

Que fixeron os vossos representantes, que fixeron esas xentes, que a título do artigo 29 -outra afronta que debe desaparecer deseguido xa que enche a nosa abulia de sarcasmos, e que parece feito exclusivamente para esas familias parlamentarias-, que fixeron, repito?

Xa o sabedes. Mancomunarse entre si para defender os seus feudos cos arcabuces dun caciquismo groseiro. Arriba está o bando dos oligarcas, dos plutócratas, dos nosos

eternos explotadores. Embaixo, os escravos, os perseguidos. Aqueles queren metralarnos co ouro que escraviza. Nós somos pobres pero xentes de limpa conciencia, que vimos espertar as vosas enerxías para que non vos escarnezan. Dabondo sabemos que a elección non é dubidosa. E ao colocarme neste plano, non fago outra cousa máis que cumprir co deber de sacerdote de Cristo, xa que a Relixión Católica, polo seu avoengo, é gloriosa e divinamente humilde. Sirva este recordo para recoller a alusión do meu entrañable amigo, o arquitecto diocesano Sr. Franco que, con sobra de amabilidade, e seica, seica con exceso de celo, arrebatouvos buscando en min virtudes que todos os sacerdotes, absolutamente todos, posúen en grao máis extraordinario.

Ao facer o que fago, asómome á obra gloriosa dos santos Padres, que por seren insignes e por seren grandes, fuxiron sempre de servís claudicacións.

Canto dixen e vos poida dicir non é máis ca un indicio do que eu contemplo abraiado no Evanxeo. E aínda polo que atinxe á nosa España, ningún de vós pode esquecer que a Patria tivo un século que se chamou de ouro polos frades e os curas, precisamente. Por frades e curas como Juan da Cruz, como os Luís de Granada e de León, como Tirso de Molina, como Calderón de la Barca e como Lope de Vega. Pero que digo? se no século pasado houbo un cura que se chamou Balmes e foi máis grande que o seu século? Pero que digo, se aínda onte, cando Barcelona paseou chorando o cadáver do bardo máis inspirado, tivo que exclamar: Morreu o sacerdote Verdager!

E quen, querido Franco, son eu para limpar o po dos zapatos deses homes egrexios?


E termino. A dor tanto tempo amoreada acumulou en nós enerxías eléctricas. Fartos de ser chiscos nesta riada que todo o traga e todo o leva, agrupámonos para ser diques. Que veñan agora tempestades. Que veñan agora, que somos raios. Raios que diremos aos catro rumbos, traxicamente se a iso nos empuxan, a sangue e lume, se é preciso: morran os caciques, abaixo os tiranos, viva Galicia redimida!

NOTAS

- 1 No orixinal, a cláusula está incompleta, pois hai suxeito pero non verbo. Debe faltar algo semellante a “se divertían”.

Armando Guerra. In memoriam

FINO LORENZO
ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO



ARMANDO GUERRA CON OLLO EXIPCIO

Fino Lorenzo

Lápis e colaxe sobre papel

45x32 cm

2006

MEMORIA DE ARMANDO GUERRA

É moi cedo aínda.

Só sei que, na memoria da miña relación con Armando, non son quen de diferenciar as cuestións artísticas dos aspectos emotivos, dous mundos que desde o primeiro intre se mantiveron en perfecta cohesión e dependencia. Dese xeito, pintura, artistas, exposicións, tendencias, teorías ou prácticas podían ser o tema único dun longo xantar, a razón central dunha tarde preguizosa, sempre salpicada de referencias persoais. Parrafeos interminables ao longo dos anos que non foron senón un só e intenso pali-que alongado no tempo, logo partido polos días e as noites, por separacións e ausencias sempre xustificadas.

Unha conversa que, fose cal fose o momento de retomala, sempre partía de posturas persoais opostas. Unha condición imprescindible para que o xogo teña lugar. Así, mentres Armando valoraba ante todo a pegada persoal, a caligrafía na que o autor se descobre e constrúe a si mesmo, quen isto escribe cuestionaba a coherencia da identidade, alegando a afamada perda da aura e suxerindo unha pegada de autor agochada ou ciscada. Con todo, e malia os esforzos, o mundo quedou sen arranxar.

Unha imaxe concreta. A ledicia de semanas de traballo compartido na cociña do gravador. Un sinxelo troco de ingredientes. Ácidos, pranchas, tintas e tórculo cociñados con vitalidade de adolescente. Con seriedade, como xogan os nenos. Como a acuarela, gravar é pensar ao revés, reservar brancos, espazos sen raiar. Deixar pasar a luz que está alí detrás, no fondo. Como nunha película, o papel, ou a tea branca, vén a ser o espazo luminoso onde todo sucede.

Aínda é moi cedo para que a memoria atope acougo e sentido. Se o tempo reside na nosa percepción, a velocidade preséntase como un antagonista que aos poucos vai inspirando respecto. Desde a ollada individual, na idade confirmase a brevidade da vida. Noutra escala, o tópicos fala da vertixe dos cambios sociais. En todo caso, a velocidade amosa un escenario que sempre vai un paso por diante. Que sempre nos sorprende. A mesma velocidade, intensa, voraz e agresiva, que nos deixa un baleiro inconcibible hai só dous meses. Entón aínda existía un futuro, novo, escintilante, luminoso como esa tea branca que agarda polos trazos, as liñas e as manchas.

Desculpade, mais teño as miñas reservas sobre este tipo de actos. O meu carácter prefere o comentario polo baixo a pé da caixa, a anécdota que queda aboiando no oído ou esixe un contrapunto. Unha memoria, plural, fragmentada e incompleta, entendida como un conxunto de sumandos heteroxéneos. Unha miscelánea nunca pechada polo entendemento. Unha colaxe que medra e se multiplica nas persoas, os encontros e as xuntanzas. Hoxe e mañá. E o ano que vén. Mentres quede algún de nós, lembraremos a Armando nalgunha exposición, nun encontro furtivo nas beiras do paso de cebra, en ceas e sobremesas cun viño na man. Así é como, intuitiva, natural e veloz, a verdadeira homenaxe corre por diante da nosa comprensión. E este acto de hoxe non é máis que un conxuro, necesario seica, para sentir que dominamos a situación, que ollamos o tempo de cara, que controlamos a velocidade.

Unha velocidade que me suxire outra imaxe. Se cadra podemos rematar cun sorriso. Deberíamos. Chamada telefónica de Armando advertindo dunha exposición de gravados de Durero no Guggenheim. Proposta de viaxe rápida a Bilbao. Viaxe de traballo por suposto. Na seguinte media hora, xa na súa casa de Morade, cara a cara,

asoman outras opcións interesantes. O certo é que unha vez atravesas o Padornelo, todo queda a man, todo esta próximo, preto. A Bilbao vaise por Madrid, con obra de Le Corbusier no Reina Sofía, e por Barcelona, claro, cunha excelente retrospectiva de Sean Scully na Fundación Miró. Obrigado deterse tamén en Alzuza, a poucos kilómetros de Pamplona, no Museo Oteiza, unha pequena xoia que ningún dos dous coñecía, e que recomendo aos presentes. E o Chillida Leku, en Hernani, coido que pechado na actualidade. E, como final de festa, a cenoria primeira, os pequenos gravados do mestre Durero, precisos e fráxiles, dispostos sobre os muros do Guggenheim tinguidos para a ocasión de cor verde botella. Unha rápida e intensa viaxe de catro días. Unha metáfora seica.

Saúde Cristina
Saúde Iria
Saúde Antía
Saúde aos vivos

Transcripción e adaptación da breve alocución realizada no acto de despedida a Armando Guerra, no Aula de Cultura Ponte de Rosas, o mércores 24 de xaneiro de 2018, ao día seguinte do seu pasamento.

EMOCIÓN CONXELADA

Hoxe, para min, é un día triste.

Dende 1990 e durante varios anos, María José, Fino Lorenzo e eu tivemos como punto de encontro e discusión o taller de cerámica “Círculo y Cuadrado”, de Alfredo Acuña, en Sabarís, un lugar con nome debedor das ocorrencias de Torres-García e das súas investigacións vangardistas na pintura dos anos trinta do século pasado. Nese lugar, nese tempo, atopeime por primeira vez con Armando Guerra. Máis tarde, recordo os comentarios do meu irmán Alfonso respecto ás interminables e fabulosas discusións que na súa presenza levaba a cabo con Pepe Mantilla no Catro Camiños, en Gondomar, sobre pareceres pictóricos. Algo máis acá no tempo, coa desculpa inicial da pintura, a escultura e a arquitectura, establécese entre nós unha intensa relación que remata por desembarcar en franca amizade: Armando gozaba falando; eu nunca tiven prexuízos para escoitar.

Por momentos reconcentrábase, pero iso só era un distraído vento de artista. En realidade tiña bo fondo, unha esencia de persoa boa e desprendida segundo a vida me deu ocasión de ver e comprobar. Aquí, agora, nada vou a dicir da súa coñecida actividade de pintor e gravador, chegará a quenda, tan só insistir nalgún trazo de como o percibín na certa condición de individuo.

En tanto persoa intelixente, era amigo do bo viño e do bo xamón, só do bo, e entre os seus temas recorrentes, ademais da gastronomía, estaban o cinema, a economía, a política, o tenis, as artes plásticas e a arquitectura, a vida social, o traballo no Santa Irene, o mundo feminino,... e o EMPALME.

Lembro que nunha das pequenas viaxes tras pezas de arquitectura contemporánea con interese, nesa ocasión a Porto, decidín encamiñar o reducido grupo ao “Salta o Muro”, unha tasca emprazada no porto pesqueiro de Matosinhos, de aspecto humilde, onde se come excelente peixe á prancha, á brasa ou en caldeirada. Unha taberna de mesas corridas á cal me dixera Jorge Carvalho, arquitecto portuense que ma deu a coñecer, levaba a Rem Koolhaas cando, como arquitecto director das obras da Casa da Música, visitaba a cidade.

Armando xantou a total satisfacción, así o declarou sempre que tivo oportunidade, e xa na sobremesa preguntame: *Antonio, conoces el EMPALME?* Tras uns segundos de silencio e ante a miña indecisión cóntame que se trata dun restaurante, exteriormente de peor aspecto que aquel de Matosinhos, situado en Rionegro del Puente, a non moito de Mombuey, terras de Zamora, de imprescindible visita, coa caza e os cogomelos como especialidades. Ata que máis dun ano despois lle confirmei a visita non parou de recordarmo. Armando sempre tiña un ás para matar un tres. Pero xa non pode telo.

Hoxe, para min, é un día triste.

Aula de Cultura Ponte de Rosas. Gondomar, 24 de xaneiro de 2018
antonio solión troncoso

AS NOVAS DO IEM

Texto: María Lemos (IEM)

As novas do IEM

MARÍA LEMOS

NOVEMBRO 15

6, 8, 20, 22, 27 e 29 de novembro de 2015

INAUGURACIÓN DA I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DO VAL MIÑOR E OIA



O Auditorio Municipal de Gondomar “Lois Tobío” acolleu a I Mostra de teatro afeccionado do Val Miñor e Oia. O evento pretendeu fixar os alicerces dun encontro anual que nesta ocasión congregou a elencos dos concellos de Gondomar e Oia. Todas as obras que integran a mostra serán postas en escena por primeira vez polas delegacións teatrais: *Non hai ladrón que por ben non veña* do grupo Bertorella, *Os animais do paraíso*, e *O asasino anda solto* a cargo de Xente aquí e dacolá.

13 de novembro de 2015

PRESENTACIÓN UN CESTO DE MAZÁS- Montse Fajardo.



Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu, da escritora e xornalista Montse Fajardo. O libro foi presentado pola autora e contou cunha introdución a cargo de Luis Bará, investigador da Memoria Histórica, membro de Iniciativa Galega pola Memoria e concelleiro de Cultura e Patrimonio de Pontevedra.

“A idea de poñerlle este título ao libro naceu cando, non hai moito, Luís Bará (...) tivo o aceno de levarlle a Tucha, filla dun represaliado, un cesto de mazás”. Advirtenos que ese cesto “representa a ofrenda que lle facemos todas ao lembrar esa parte do pasado colectivo, pero tamén individual e profundamente íntimo, que determinou negativamente a vida de tantas persoas.

20 de novembro de 2015

SABEMOS O QUE COMEMOS?- FALADOIRO GRUPO DE ALIMENTACIÓN VALMIÑOR



Con este ciclo de faladoiros relativos a industria alimentaria, comezou o primeiro con: “Alternativas á Industria Alimentaria”, no que se debate o consumo responsable, a soberanía alimentaria, e o sistema participativo de garantía (SPG). Convidados: Galo Escanero (Horta Fresca, A Ramallosa) Tendeiro, Ricardo Gómez (Horta do Val, Chandebrito) Produtor, Ánxeles Bouzó (DesPensa, Val Miñor) Grupo de Consumo. A presentación do acto correu a cargo de Pablo Casal Núñez.

26 de novembro de 2015

SABEMOS O QUE COMEMOS?-FALADOIRO CESAR LEMA



Neste mes continúa o ciclo con “Pesticidas nos alimentos e nos envoltorios, alternativas”. Tratáronse temas como os límites legais, e riscos para a saúde. O noso convidado, César Lema (Doutor en Bioloxía, Máster en agricultura Biolóxica, Agricultor) A presentación do acto correu a cargo de Pablo Casal Núñez.

27 de novembro de 2015

INAUGURACIÓN “A REVOLUCIÓN DOS GLOBOS” de Alfonso Álvarez Cáccamo



Alfonso Álvarez Cáccamo inaugurou “A revolución dos globos”. A exposición foi presentada na Aula de Cultura Ponte de Rosas e contou coa intervención de Xosé María Álvarez Cáccamo.

A mostra recolle unha obra artellada a partir dun mundo imaxinario “Alphosezia”, que medrou xunto co autor dende a infancia. A carón do seu irmán Xosé María foron xurdindo textos e pinturas inxenuas que xunto a maquetas e pequenas esculturas foron materializando ese espazo imaxinado que por primeira vez será amosado ao público.

Novembro- Decembro 2015

**XORNADAS EDUCATIVAS “A ARTE RUPESTRE COMO RECURSO DIDÁCTICO”
CONVENIO CEFORÉ-IEM**



Estas xornadas “A arte rupestre como recurso didáctico” foron realizadas a través dun convenio de colaboración entre o IEM e CFR de Vigo (Centro de Formación e Recursos de Profesorado). Baseadas nun proxecto intercentros “A arte rupestre e a súa aplicación na aula” realizado nos centros CEIP de Barrantes, Ceip Humberto Juanes, CEIP da CRUZ e Centro Juan María. Un total de 25 mestres de distintos centros educativos de infantil, primaria e secundaria participaron nestas xornadas que constaron tres relatorios (María Lemos, Xosé Lois Vilar e Elisa Pereira) e unha saída didáctica ao local do IEM e a estación de arte rupestre Outeiro dos Lameiros en Baiona con Xosé Lois Vilar e Bruno Centelles.

DECEMBRO 15

12 de decembro de 2015

ENTREGA DO VIII PREMIO DE POESÍA VICTORIANO TAIBO A IÑAKI VARELA PÉREZ, COA OBRA “DO OUTRO LADO DAS PORTAS”



O día 12 de decembro, tivo lugar no auditorio municipal Lois Tobío de Gondomar a entrega do VIII Premio de Poesía Victoriano Taibo, consistente en 3.000 € en metálico, unha peza escultórica conmemorativa, da autoría do artista miñorán Fino Lorenzo, e a publicación do libro premiado, o poemario *Do outro lado das portas*, que foi presentado neste acto.

Na gala participaron, ademais do autor, Iñaki Varela Pérez, a poeta gondomareña Marta Dacosta, que conduciu o evento, o grupo de gaitas Balcón do Miñor, de Morgadáns, e o grupo de teatro afeccionado Bertorella, que, dirixido por Luís Carballo, puxo en escena unha dramatización de *Contos pequenos*, obra inédita de Victoriano Taibo. A entrega física do galardón correu a cargo do alcalde de Gondomar, Francisco Ferreira, e clausurou esta actividade, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

13 de decembro de 2015

XEIRA ALÉN MIÑOR- TERRAS DO MEDIO (AGOLADA)



Unha nova xeira levounos polas Terras fronteirizas de Pontevedra e Lugo á igrexa de Santa María de Ventosa (sc.XIII), nomeada por moitos a “Catedral rural de Galicia”. O interior acolle unha marabillosa colección de escultura medieval, escenas bíblicas frescos do XVI, a faciana de dous “green mens” ou homes verdes, propios do imaxinario de diferentes culturas medievais europeas. Terra inzada de arte rupestre coma no Val Miñor, elixiuse o petróglifo de Aspra na parroquia de Asiaz como mostra. Puñais e alabardas destacan sobre os demais motivos, sendo un dos máis recoñecidos da Bisbarra do Deza. Dous elementos arquitectónicos referenciados coa revolta dos Irmandiños, coma A Torre de Borraxeiros e de Amaranite, paseo polo Sobreiral de Arnego e visita aos Pendellos de Agolada. Fixo de guía o escritor Xosé Vázquez Pintor.

25 de decembro de 2015

AFUNDIMENTO ASLAUG-SANTA CASA DA MISERICORDIA



Na noite do 24 de decembro para o día de noiteboa de 1929 no Poste do Norte dos Carallóns bateu o mercante noruegués Aslaug-Haaland, afundiuse e morreron todos os seus tripulantes.

O instituto de Estudos Miñoranos (IEM) e a Santa Casa de Paz e Misericordia de Baiona inicia unha colaboración para encher de actos culturais a Capela da Misericordia.

Comezamos cunha charla de Xosé Lois Vilar Pedreira ás 18h. do día 25 de decembro, para falar do afundimento do Aslaug o mesmo día de hai 86 anos. Tamén se falará dos naufraxios do T.H. Skogland no ano 1923 e do Highland Pride o 9 de setembro de 1929.

Estes tres naufraxios produciron unha cantiga lamentando a morte duns 20 mariñeiros noruegueses que tripulaban o Aslaug. A cantiga leva música do tango La última copa cantado daquela por Carlos Gardel con letra de Caruso e música de Canaro.

XANEIRO 16

4 de xaneiro de 2016

CORAL POLIFÓNICA DE BAIONA EN SANTA CASA DA MISERICORDIA



O Instituto de Estudos Miñoranos organizou o luns 4 de xaneiro coa Coral Polifónica de Baiona un concerto na Santa Casa de Paz e Misericordia para inaugurar as Xeiras Culturais de 2016 que presentamos no mes de febreiro. A Coral estivo dirixida por César Lorenzo, irmán do ilustrador para estes eventos Fino Lorenzo, e interpretou “Concerto de Nadal” e obras do seu repertorio anual. A hora de comezo foi ás 19:45H.

22 de xaneiro de 2016

PRESENTACIÓN DO LIBRO “OBRA PLÁSTICA PARA O IEM 2002/2015 DE ALFONSO SOLIÑO”



O venres 22 de xaneiro, na sede do IEM, nun acto aberto, Antonio Soliño, arquitecto e membro da xunta de goberno do IEM, como autor, presentou un libro promovido e editado polo Instituto de Estudos Miñoráns que recolle o traballo pictórico e, sobre todo, escultórico que Alfonso Soliño Troncoso elaborou por encargo da citada entidade, ao longo destes últimos trece anos, para distintos eventos por ela promovidos. O autor do libro estivo acompañado e foi introducido polo artista Fino Lorenzo. Ao acto asistiu Alfonso, o escultor glosado.

29 de xaneiro de 2016

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “TRAVESEOPRAGMATISMO” DE Alfonso Soliño Troncoso



O venres 29 de xaneiro, Alfonso Soliño Troncoso, inaugurou “TRAVESEOPRAGMATISMO”. A exposición foi presentada na Aula de Cultura Ponte de Rosas (Avda. da Feira,10- Gondomar) e puido visitarse de luns a venres de 18:00h a 21:00h ata o 18 de marzo de 2016

“Sirva isto para comprender este traveso inquieto e nervioso, temeroso e tamén dubitativo para acadar un fin sinxelo de trazo, forma e cor sobre o concepto. A importancia do concepto. Concepto para o espírito que o vulgo considera malo por definición e ao que eu quero darlle procura de bondade para deleite propio, mediante un discorrer con algo de enxeño e viveza, con desenvolvemento, coma se dun trasno se tratase. Os soños. Procura esta difícil, con resultado vario que ás veces me parece inverosímil acadar. Desacougo prós achados.” Alfonso Soliño Troncoso

FEBREIRO 16

5 de febreiro de 2016

CONFERENCIA DE XURXO MARIÑO “CIENCIA, AVENTURAS E SORPRESAS DUNHA VIAXE ARREDOR DO MUNDO”



O venres 5 de febreiro de 2016, tivo lugar a conferencia de Xurxo Mariño “Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo”.

A conferencia foi presentada por Xosé Ramón García Martínez na Aula de Cultura Ponte de Rosas ás 20:30H.

Breve nota biográfica

Xurxo Mariño Alfonso (Lugo, 1969) é biólogo, Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1998) e profesor do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña. Membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega. Especializado en neurofisioloxía, fai parte do

grupo de investigación Neurocom da UDC, así como de varias sociedades científicas estatais e internacionais. Ten publicado traballos de investigación en revistas especializadas e colaborado co Massachusetts Institute of Technology (MIT), onde desenvolveu as súas investigacións de posdoutoramento.

9 de febreiro de 2016

PRESENTACIÓN 6 POEMAS 6



O Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, presentou en Gondomar o libro colectivo “6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca”. Trátase dunha homenaxe aos 6 poemas galegos do poeta granadino, poemario que contribuíu a prestixiar a literatura galega do século 20 dada a importancia literaria do autor e a súa universalidade. Pero tamén é unha homenaxe a Ánxel Casal, o editor, con quen o poeta compartiu a aventura de dar a luz este libro e outra aventura incompreensible e trágica: o seu asasinato en agosto do 1936, unidos para sempre por unha mesma data. E, non podía ser doutro xeito, este libro é tamén unha homenaxe ao editor.

20 de febreiro de 2016

XEIRA POBOADO DE FONTAO



Centrouse a xeira nos arredores do Poboado e a Mina de Fontao. Este enclave mineiro tamén é coñecido como “Minas da Brea”, en alusión ao núcleo de poboación máis importante da parroquia de Santiago de Fontao, onde se localiza o conxunto mineiro, pertencente actualmente ao concello de Vila de Cruces (antigamente Carbia), lindando cos concellos de Silleda e Lalín. Todos eles, con Dozón, Rodeiro e Agolada, constitúen a Comarca do Deza.

Visitouse o senlleiro conxunto arquitectónico do Poboado, formado polas vivendas (xerarquizadas por rangos de traballo), a escola, o campo de fútbol, a igrexa e o cine, formando estas últimas o Museo da Minería. Outra das visitas foi ao espazo natural do Coto Gurugú ou Ghurughú e o Mosteiro de Carboeiro (ano 936) no Territorio de Trasdeza (Silleda). Constitúe un dos monumentos máis característicos da arte medieval Galega, influenciada polo estilo que o Mestre Mateo desenvolveu na Catedral de Santiago.

MARZO 16

10 de marzo de 2016

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL “SEGUINDO OS PASOS DO OURO NEGRO”- Diego Casal Ramos



Diego Casal Ramos recolle nesta presentación “Seguindo os pasos do ouro negro” as peculiares circunstancias deste poboado. A mina de Fontao atópase no corazón de Galicia, concretamente no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra. Aínda que hai que esperar ata o século XIX para atopar as primeiras referencias formais en relación coa súa explotación, diversos indicios apuntan a un posible aproveitamento dos recursos da zona dende antigo.

A intensa actividade extractiva xerada á calor da alza das cotizacións dos principais metais extraídos nesta mina durante o século XX, propiciou que unha pequena aldea do interior de Galicia se convertese nun fervedoiro de xentes de diversa orixe e condición.

Presos, mineiros, estraperlistas e personaxes de todo tipo déronse cita en Fontao, configurándose unha especie de far west á galega.

O aproveitamento dos recursos desta mina foi posible grazas a un capital financeiro, humano e técnico suficiente, ata o punto de que nos períodos nos que os prezos dos metais baixaban, o negocio mineiro seguía sendo posible pola decidida aposta da empresa explotadora por unha modernización e mellora continua, mentres o resto de minas se vían abocadas ao peche.

11 de marzo de 2016

PRESENTACIÓN DO LIBRO “GONDOMAR 1914-2014”



Identidade e representación da vila condal a través da evolución dunha sociedade artístico-deportiva”.

O venres día 11 de marzo, no auditorio “Lois Tobio” de Gondomar ás 20:30 horas, tivo lugar a presentación do libro GONDOMAR 1914-2014. IDENTIDADE E REPRESENTACIÓN DA VILA CONDAL A TRAVÉS DA EVOLUCIÓN DUNHA SOCIEDADE ARTISTICO-DEPORTIVA, editado pola Deputación de Pontevedra, do cal son autores Antonio Soliño Troncoso, María Xosé Pérez González, Rosa Mouriño Pérez e José Alonso González.

Este traballo, dividido en nove capítulos, desenvolveuse como parte integrante das actividades de conmemoración do centenario da aparición do fútbol na vila condal e abrangue a temática deportiva na bisbarra dende distintos puntos de vista. O eixe condutor é a xénese e desenvolvemento do club de fútbol e para estudalo contextualízase nos ámbitos sociais, económicos e urbanísticos da vila nese período.

Outros capítulos recollen os distintos recintos deportivos nos que se desenvolveu esta actividade, a variante feminina desta práctica deportiva local, biografías dos máis importantes deportistas do club, curiosidades e comentarios de todo o Val Miñor, e remata a publicación cun caderno gráfico de aproximadamente 130 fotografías que recollen todas as épocas do club.

18 de marzo de 2016

ACTO CONMEMORATIVO DO CINCUENTA ANIVERSARIO DO FALECIMENTO DE VICTORIANO TAIBO. PRESENTACIÓN DE CONTOS PEQUENOS DE VICTORIANO TAIBO



Hai cincuenta anos, o día 13 de marzo de 1966, falecía en Vigo Victoriano Taibo, poeta da Fala, que tanto agarimo, dedicación, entusiasmo e ben facer lles dedicou á nosa lingua e á nosa literatura. O Instituto de Estudos Miñoráns organizou un acto conmemorativo desta efeméride, que aproveitou, ademais, para dar noticia do proxecto de publicación dunha nova obra que o mestre de Morgadans deixou inédita: Contos Pequenos. Trátase dun opúsculo que lle regalou a Hixinio,

fillo dos seus amigos Antón Beiras e Antía Cal, cun motivo entrañable. A familia do oftalmólogo e a pedagoga decidira ter como lingua doméstica o galego, pero atopábanse con que non había material para que os nenos aprendesen adecuadamente. E Taibo, amigo, mestre e escritor, quixo pór á súa disposición un anaco dese material en forma de contos populares sublimados pola súa pluma, coidadosamente manuscritos e encadernados, con debuxos dun seu amigo chamado Rial. Participaron no acto Xesús Alonso Montero, Gonzalo Navaza, Camiño Noia e Armando Requeixo. O acto pretendeu ser, tamén, reivindicativo da concesión dun Día das Letras Galegas a un ilustre académico, lingüista, narrador e poeta, o único da téttrade das Irmandades da Fala (Cabanillas, Noriega Varela, López Abente e Taibo) que non obtivo tal distinción. No mesmo acto foi convocado o IX Premio de Poesía Victoriano Taibo.

13 de marzo de 2016

INTERVENCIÓN DE ARMANDO REQUEIXO NO ACTO CONMEMORATIVO DE VICTORIANO TAIBO



Publicado o 13 Marzo 2016 por Armando Requeixo

Tal día coma hoxe, hai exactamente medio século, finaba na súa vivenda de Palencia 37, no vigués barrio de Lavadores, o compostelán Victoriano Taibo. Os seus oitenta anos de vida déronlle para se converter nun dos poetas máis representativos das Irmandades da Fala, das que este ano celebramos o centenario e das que foi o seu secretario en Compostela. Poemarios como *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925) dan fe disto. Mais Taibo foi tamén un importante membro do Seminario de Estudos Galegos (no que ingresou en 1926) e do Instituto Histórico do Minho (do que pasou formar parte en 1930).

Mestre de profesión, sufriu como nacionalista as represalias das autoridades franquistas, que o desterraron á escola valisoletana de Villalar dos Comuneros (1938-1942). Narrador en *Da agra aberta* (1956) e fino ensaísta de temas lingüísticos, deixou dous poemarios inéditos que tiven a honra de editar no seu día: *Abicedo. Cabrinfolas* (2008). Todo este labor a prol de Galicia tivo o seu recoñecemento coa designación como numerario da Real Academia Galega o 3 de febreiro de 1946, a proposta de Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Ángel del Castillo e Eladio Rodríguez González. Na institución ingresou o 15 de outubro de 1948 coa lectura do discurso Rosalía de Castro, precursora da fala, ao que respondeu Otero Pedrayo. Esta lección maxistral tardou case un cuarto de século en ser publicada pola RAG, que a deu á luz en 1972. Hoxe pode descargarse neste enlace do web corporativo.

Aínda lle debemos a Victoriano Taibo unha grande homenaxe nacional. No remate dos anos dez e ata finais dos vinte, catro eran os poetas unanimemente aplaudidos na nosa terra: Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo. Os tres primeiros gozaron xa do xusto recoñecemento á súa traxectoria coa dedicación dun Día das Letras Galegas. O cuarto deles agarda pola reparación dun esquecemento xa mediuosecular. Deixo aquí, como recordatorio de quen foi un entregue académico, a súa acta de nomeamento, ata hoxe inédita. Oxalá sirva para devolvelo á honra da casa á que pertenceu.

<http://armandorequeixo.blogaliza.org/2016/03/13/no-cincuentenario-de-victoriano-taibo>

19 de marzo de 2016

CONCERTO DO GRUPO “OLLOS PRETOS” NA CASA DA MISERICORDIA



A Santa Casa da Misericordia e o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) organizaron un concerto do grupo de música tradicional Ollos Pretos na Capela da Misericordia o sábado 19 de marzo.

Ollos Pretos...canta e raíces, música popular e tradicional... fundado por Cándido Martínez, alá pola primavera do 2012 en Peireiras, Mos. Naceu co propósito de divertirse cada xoves de ensaio pero tras contar con Míngos Lorenzo como director da formación, actual compoñente de Treixadura e un dos fundadores da Roda, fóronse consolidando como un grupo de música popular e tradicional. A esencia de Ollos Pretos e gozar da música e transmitir esa paixón ó público. Cun vestiario de deseño moi coidado teñen un repertorio variado que vai dende A Foliada dos morenos de Lavadores, A Muiñeira de Sabaxáns ou O Verdegaió.

ABRIL 16

1 de abril de 2016

PRESENTACIÓN DA TOPONIMIA DE MAÑUFE



O venres 1 de abril tivo lugar a presentación da recollida de toponimia en Mañufe “ Os nomes de Mañufe. De Fontán á Portavedra” , no Centro Cultural de Mañufe.

Pódese visitar esta recollida en toponimiademanhufe.esmiweb.es

2 de abril de 2016

XEIRA DA LAMPREA NO RÍO MIÑO E TEA



Unha visita ó río Tea, co cometido de estudar o xeito de pescar a lamprea entre A Barra e a presa da Frieira. O mesmo peixe, dependendo da orografía do río, péscase de maneiras distintas: tramallos, fisga, cabaceiras, vituróns. Foi unha visita cunha forte carga etnográfica. As artes citadas empréganse dende embarcacións, pontes de madeira, cotos e... pesqueiras, as construcións, quizais milenarias, que modificaron a paisaxe do río.

Os netos de Aquilino de Barcela armaron un viturón en Canelas debaixo da Estación de Sela e dende o puntal da pesqueira largaron a rede cabeceira.

Na Ponte da Fillaboa, Miguel de Arantei amosounos como se traballa coa fisga na estacada número cinco.

Na Pasaxe de Camposancos Víctor e Víctor largaron o tramallo entre O Muelle do Serrucho e As Lobeiras.

7 de abril de 2016**XOGOS DO MUNDO-Cedric Boucher**

O 7 de abril na sede do IEM tivo lugar a presentación do material didáctico “Xogos do Mundo” (Kapla, Makedo, billares, xogos de mesa...) por Cedric Bouchard impulsor do proxecto A casa dos xogos, e actualmente do proxecto ARTLUDIC.

Forman parte dunha escolma de xogos de todo o mundo construídos a man en madeiras nobres de gran resistencia.

A tipoloxía dos xogos céntrouse en :

- construción e creatividade,
- psicomotricidade e habilidade
- mesa e pensamento

www.artludic.com

8 de abril, 15 de abril, 22 de abril de 2016**CICLO DE FALADOIROS SOBRE AUGA E TERRITORIO**

A partir do venres 8 de abril, deu comezo un ciclo de tres faladoiros que tiveron como fio condutor a auga e territorio.

Organizados polo IEM, foron presentadas na Aula de Cultura Ponte de Rosas os seguintes:

Venres 8 de abril, Xurxo Pérez Pintos, biólogo, iniciou o ciclo de faladoiros con “O papel da auga na configuración da paisaxe do Val Miñor”

Venres 15 de abril, Enrique Seoane, arquitecto impartiu “ A auga nun territorio intensamente antropificado”

Venres 22 de abril, Begoña Bas, etnógrafa UDC, finalizou este ciclo con “Auga para a vida. Unha visión dende a etnografía”

29 de abril de 2016**XORNADA INFORMATIVA-A ACCESIBILIDADE É COUSA DE TODOS**

Este ano cumpriuse o X aniversario da Convención dos dereitos das persoas con discapacidade, que se aprobou o 13 de Decembro do 2006.

Por este motivo, O Centro Juan María, de atención a persoas con discapacidade e Jacinto Lareo Jiménez, profesor de dereito administrativo na Universidade de Vigo organizaron esta xornada informativa, invitando a unhas horas de reflexión sobre a situación actual dos dereitos das persoas con discapacidade, especialmente en materia de accesibilidade.

Abril 2016**IX CONVOCATORIA PREMIO VICTORIANO TAIBO**

O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) convocou o XIX Premio de Poesía Victoriano Taibo ao que puideron concorrer calquera autor que enviara, antes do 31 de xullo de 2016, ao enderezo Apartado 30, 36380, Gondomar, un libro de poemas escritos en galego (normativa da RAG), cunha extensión mínima de 300 versos. O premio dotouse con 3.000 €, unha peza escultórica do

artista miñorán Fino Lorenzo, creada especialmente para este certame, e a publicación da obra premiada na colección *Victoriano Taibo* do IEM; o galardón sería entregado nun acto cultural que se celebraría durante o terceiro trimestre deste ano, do que se dará información pública suficiente.

Poden consultarse as bases no seguinte enderezo da web do IEM: www.minhor.org/images/stories/Victoriano_Taibo/bases_ix_premio_victoriano_taibo.jpg

MAIO 16

1 de maio de 2016

MÍNIMA XUSTIFICACIÓN PARA UN NOVO LOGO. O autor Fino Lorenzo



Moitas cousas sucederon nestes quince anos de vida do IEM, unha comunidade cultural moi activa que se define no traballo desinteresado e o compromiso co lugar. Quince anos nos que desenvolveu con acerto todo tipo de prácticas ligadas á recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial do Val Miñor, ademais de dar entrada a novas xeracións de socios e membros colaboradores, acadar unha sede estable e ampliar as súas actividades á rede, amosando a dimensión universal dun labor inscrito no ámbito local.

A idea de renovar o logo non é nova, pois leva anos asomando nas conversas a conta dun folleto impreso, unha charla divulgativa ou calquera outra actividade. En todo caso era menos un problema de imaxe como de falta de criterios ou protocolos no seu uso. E cando o IEM estableceu a súa sede en Gondomar, na Aula Ponte de Rosas, esas carencias fixéronse visibles. Así, dende esa lóxica multidisciplinar que define as súas actividades, axiña foi evidente a necesidade dun novo logo que, ademais de presidir e asinar proxectos e traballos, tentase responder ás moitas cuestións que sobre a imaxe e funcións da institución foron xurdindo nestes últimos anos.

Se cadra vivimos un tempo que estimula a formación de iniciativas que xorden de xeito exponencial aquí e acolá, e abranguen campos, intereses e temáticas moi ricas e diversas. Neste contexto cómpre pensar no IEM como unha referencia inmaterial, estable e aberta, que ofrece visibilidade, apoios, complicidade e compromiso. Así, recoller, acoller, canalizar ou fomentar son accións que expresan moito mellor, coido, o sentido dos traballos e funcións actuais do IEM. Dese xeito, se aceptamos que a perspectiva crea o marco, podemos pensar nun logo que abandona o aire limpo dos cumes, descende das alturas e bota a rodar pola cunca.

Este é o novo logo do IEM. Se cadra unha imaxe con pretensións icónicas para un tempo dixital. Un logo que, con excepcións, prescinde do título completo, Instituto de Estudos Miñoráns, concepto distante e anacrónico seica, e vén centrarse só no anagrama. É esta unha decisión avalada pola tendencia global imposta pola comunicación nas redes sociais, mais tamén polo necesario achegamento ao uso cotián e coloquial. IEM. O IEM. Unha idea de síntese formal que se prolonga na unificación de figura e texto, -ler a figura, escenificar o texto- o que lle presta maior visibilidade e presenza, sobre todo no pequeno tamaño e no papel impreso. Lonxe da saturada estética que nos abafa, esta proposta, máis núa e austera, máis atenta ao ritmo, vén defender aquela vella tese pola que o ollo, por razóns de economía e eficacia visual, prefere as formas

sinxelas e plásticas que integran continente e contido e provocan a interpretación cómplice na mente do espectador.

Autor
Fino Lorenzo

21 de maio de 2016

ACTUACIÓN DE “4 GHATOS” - Relatos Atlánticos



O Instituto de Estudos Miñoráns presentou o sábado 21 de maio na sede do IEM a actuación de 4 Ghatos coa súa obra “Relatos Atlánticos”.

Este colectivo está formado pola escritora Clara do Roxo, o escritor Amadeo Cobas e os músicos Fernando Blanco (guitarra) e Ignacio Ojea (contrabaixo).

XUÑO 16

3, 4, 11, 19 e 23 de xuño de 2016

CICLO DE ACTIVIDADES “O MONTE E NÓS”



A Asociación Forestal e Educación Ambiental A Jalleira, organizou o Mes da Conservación baixo o título ‘O monte e nós’, en colaboración co Centro Social Fuscalho, S.O.S. Groba e o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM). As actividades desenvolvéronse no mes de xuño comezando o venres día 3, na Casa Cultural de Oia onde se estreou ‘O Monte e Nós’ coa inauguración da exposición ‘Ceibes no monte’, unha magnífica mostra sobre o cabalo galego, patrimonio cultural vivo das nosas Serras. Nesta inauguración contou coa presenza de Santiago Velloso, director do proxecto didáctico ‘Ceibes no Monte’, que mostra unha das tradicións dos nosos montes.

Proxectouse un pequeno documental sobre o cabalo do monte en Galicia e para rematar, palestra a cargo de Xilberte Manso, ‘O Garrano’, unha posta en valor do noso patrimonio. A exposición pudo visitarse ata o 3 de xullo.

10 de xuño de 2016

CONFERENCIA ARQUIVOS, TOPONIMIA E TRADICIÓN ORAL. Xosé Lois Vilar Pedreira



Impartida por Xosé Lois Vilar Pedreira, Licenciado en Xeografía e Historia pola USC, membro da xunta directiva do Instituto de Estudos Miñoráns e membro de Agon (Asociación Galega de Onomástica). Gran coñecedor da toponimia, como o demostran as súas múltiples publicacións e conferencias, e pioneiro no estudo da talasonimia. Achegas sobre toponimia e documentos do material existente nos arquivos públicos e privados, coa recollida da tradición oral.

11 e 12 de xuño de 2016

XEIRA ALEN MIÑOR: OPORTO



Foi intención desta xeira, durante dúas xornadas, poñer de relevo algúns dos valores da arquitectura contemporánea; quizais, tentar sensibilizar nas características, recursos e paradigmas utilizados por algúns dos arquitectos actualmente máis influentes do mundo a un colectivo non vinculado directamente con este oficio, para, dese xeito, ademais do goce inmediato que tales encontros poidan xerar, facerse cun minúsculo catálogo de criterios que permitan mirar con novos ollos ámbitos cotiáns, territorios coñecidos. Guía: Antonio Soliño Troncoso, arquitecto

Visitáronse obras de Fernando Távora, iniciador da arquitectura do Movemento Moderno en Portugal e primeiro expoñente dun novidoso xeito de facer nesta arte coñecido como “Escola de Porto”. Tamén obras dos grandes mestres Álvaro Siza Vieira, Eduardo Souto de Moura e Rem Koolhaas. Algunha destas pezas foi declarada Monumento Nacional en vida do arquitecto.

Álvaro Siza e Souto de Moura son portugueses. Ambos os dous obtiveron o Pritzker, máximo galardón desta bela arte. Son os máximos expoñentes da “Escola de Porto”.

Koolhaas é holandés. Antes de traballar como arquitecto fíxoo como xornalista e guionista. Tamén recibiu o premio citado para os casos anteriores, non obstante desenvolve unha arquitectura formalmente moi diferente á defendida pola Escola de Porto. A Casa da Música leva a súa sinatura.

16 de xuño de 2016

A CABAQUEIRA. A FABRICACIÓN ARTESANAL DA TELLA DO PAÍS



O xoves 16 de xuño no Instituto de Estudos Miñoráns presentouse a exposición A CABAQUEIRA, dedicada á fabricación artesanal de tella do país con todo o material empregado polos telleiros.

O telleiro e investigador, José Álvarez Alonso, “O Buraco”, impartiu unha conferencia sobre o tema e fixo unha demostración de fabricación de tellas e ladrillos de xeito manual.

A exposición permaneceu aberta ó público un mes.

17 de xuño de 2016

PRESENTACIÓN DO LIBRO “TRAS OS PASOS DO CONDE DE GONDOMAR”



O venres 17 de xuño, na sede do IEM, nun acto aberto, Antonio Soliño Troncoso, arquitecto e membro da xunta de goberno do IEM, presentou un libro de viaxe por terras de León e Castela escrito baixo o pseudónimo X Mourisca. O libro, que abrangue personaxes, paisaxes, historia, historias, gastronomía e lendas dos territorios atravesados mesturadas con diferentes vivencias dos compoñentes da viaxe, ten como fío condutor a don Diego Sarmiento de Acuña (1567-1626), I conde de Gondomar. O relato recolle as eventualidades da primeira experiencia da que naquel intre, hai agora un ano, era unha nova sección do IEM, “Xeiras alén Miñor”, que se quixo inaugurar cunha visita guiada polas terras e históricos asentamentos urbanos próximos ao Douro emprazados entre Gondomar e Valladolid,

poboacións, ambas as dúas, nas que Sarmiento de Acuña posuía residencia propia: o Pazo de Gondomar e a Casa del Sol, respectivamente. O relato complétase cun caderno gráfico a cor que compendia algúns aspectos das antigas vilas e cidades camiñadas ao longo da viaxe e, ao tempo, actúa de notario mudo dos camiñantes.

O autor do libro estivo acompañado e foi introducido por Miguel Anxo Mouriño, poeta, membro da xunta de goberno do IEM e máximo responsable da sección Filoxía e Literatura da citada asociación.

29 de xuño de 2016

OBRADOIRO “TELEARQUEOLOXÍA 2016”



O IEM acorda participar en Telearqueoloxía. O obxectivo principal destes obradoiros de investigación arqueolóxica e vídeo investigación é poñer en valor un conxunto de traballos de investigación en formato audiovisual sobre o patrimonio arqueolóxico da provincia de Pontevedra. Pódese atopar toda a información e as bases de participación na seguinte ligazón.

telearqueoloxia.museo.depo.es

XULLO 16

1 de xullo de 2016

PRESENTACIÓN DA REVISTA REM-Capela da Misericordia



O venres 1 de xullo, na Casa da Misericordia en Baiona, presentouse a revista REM do Instituto de Estudos Miñoráns.

O acto contou coa colaboración e actuación de alumnas do Conservatorio Elemental de Música de Gondomar e a intervención de Xulián Maure Rivas, director do IEM, Anxo Rodríguez Lemos, Xilberte Manso de la Torre, Marta Dacosta Alonso e Gonzalo Navaza Blanco, que fixeron unha breve presentación das súas colaboracións. Conduce o acto María Lemos Cerqueira.

Neste número de REM recóllense tamén artigos dos catedráticos Historia da Universidade de Santiago de Compostela, Ofelia Rey Castelao e Gerardo Pereira Menaut). Hai ademais colaboracións de Antonio Valverde e Natalia Jorge; un fermoso traballo sobre os fentos do Val Miñor, asinado por Alfredo López, Afonso Rodríguez e Xosé Ramón García.

O apartado Especial Arte estivo dedicado a artista baionesa Lula Goce. Traballos de Ramón Chao Rego (pai de Manu Chao), Anxo Ratel, Fino Lorenzo, Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Marta Dacosta completan o contido desta entrega da revista REM, na que nas primeiras páxinas Fino Lorenzo xustifica o novo logo do IEM.

Xullo, agosto 2016

AS XEIRAS DO VERÁN:



O Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) organizou as súas Xeiras para o verán, unha serie de visitas guiadas a distintos lugares de especial interese histórico, artístico, natural e paisaxístico do Val de Miñor e a súa contorna, dirixidos por especialistas no tema da visita. Este ano 2016 foron 12 os percorridos a realizar dos cales tres serán en barco.

2 de xullo de 2016

PASEO LITERARIO POLA RÍA DE VIGO E ILLA DE ONS

6 de xullo de 2016

CAMIÑANDO POR DONAS. TOPONIMIA, HISTORIA E PATRIMONIO



6 de xullo de 2016

MONTE TETÓN



13 de xullo de 2016

CAMIÑANDO BORREIROS. TOPONIMIA, HISTORIA E PATRIMONIO



15 de xullo de 2016

TALASONIMIA, NAUFRAXIOS E ARTE RUPESTRE EN MONTEFERRO



19 de xullo de 2016

XEIRA NOCTURNA POLO MAR DE BAIONA E NIGRÁN

20 de xullo de 2016

MONTE TETÓN. TOMIÑO

21 de xullo de 2016

ANTONIO PALACIOS E O REXIONALISMO ARQUITECTÓNICO EN NIGRÁN

29 de xullo de 2016

VISITA DIÚRNA AOS PETRÓGLIFOS DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DE TOURÓN (PONTE CALDELAS)

AGOSTO 16

3 de agosto de 2016

CAMIÑANDO POR MAÑUFE. TOPONIMIA, HISTORIA E PATRIMONIO



10 de agosto de 2016

OURO, ESTRELAS E LOBOS POLA SERRA DA GROBA. PINZÁS



12 de agosto de 2016

AUGA, GRAVADOS E ESTRELAS-CHANDEBRITO

17 de agosto de 2016

MONTE TETÓN. TOMIÑO

23 de agosto de 2016

XEIRA NOCTURNA EN BARCO POLO MAR DE PANXÓN. TALASONIMIA E NAUFRAXIOS.

26 de agosto de 2016

CONTOS SAHARAUIS EN GALEGO



O venres 26 de agosto tivo lugar o acto cos nenos e nenas saharauís e as súas familias acolledoras que foron recibidos/as no IEM para facer entrega duns agasallos, e presentar os contos saharauís. Algúns destes nenos e nenas compartiron con nós os seus contos de tradición oral para traducilos á nosa lingua galega: “Río de bágoas”, “Hadala”, “A manta da jaima”, “O paxariño da jaima e as tres nenas”, “Os tres irmáns e o mendigo”.

Todos estes contos foron publicados na páxina web da Biblioteca Virtual da Asociación de Tradutores Galegos.

SETEMBRO 16

5 ao 9 de setembro de 2016

CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA “AVANZANDO NA DINAMIZACIÓN LOCAL CON RECURSOS PROPIOS: “O MONTE”



Dende o 13 ao 16 de setembro tivo lugar na Aula Ponte de Rosas o Curso de Extensión Universitaria “Avanzando na dinamización local con recursos propios: “O monte”. Organizado por GIEEA (grupo de investigación en economía ecolóxica e agroecolóxica), financiada pola Universidade de Vigo e Concello de Gondomar e entidades colaboradoras IEM e uvigotv.

Para máis información en ecoecoagro@uvigo.es e webs.uvigo.gal/economiaecoloxica

10 de setembro de 2016

CONCERTO DO GRUPO “SON DO VAL” - CAPELA DA MISERICORDIA



O Instituto de Estudos Miñoráns e a Santa Casa de Paz e Misericordia de Baiona organizaron un concerto do grupo de corda e voz Son do Val na Capela da Misericordia o sábado 10 de setembro, dando así continuidade ó proxecto de colaboración destas dúas entidades na programación de actos culturais.

17 de setembro de 2016

PASEO LITERARIO POLA RÍA DE VIGO E ILLA SAN SIMÓN



A Concellaría de Normalización Lingüística organizou en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns, un paseo literario pola ría de Vigo e a illa de San Simón. A lírica medieval, os trobadores da ría de Vigo e a presenza de Verne na nosa cidade e ría serán os temas desta “singradura”.

Xosé Ramón Pena e Eduardo Rolland guiaron esta ruta literaria.

OUTUBRO 16

8 e 9 de outubro de 2016

XEIRA ALEN MIÑOR: Terras de Chantada e o Saviñao.



Esta xeira enmarcada dentro do ciclo Ribeira Sacra, sendo esta a segunda proposta, contemplaron durante dous días as visitas de: San Salvador de Asma (antigo Mosteiro Bieito, s. XII), Santa María de Camporramiro (s. XII), Santa María de Pesqueiras (Mosteiro Bieito, frondoso paseo de aproximación con vistas á ribeira do Miño, interesantes pinturas do s. XVII), San Pedro de Bembibre. Visitouse unha Adega da contorna.

Vinculada á obra do Mestre Mateo, percorreuse o Mosteiro de San Estevo de Ribas de Miño (s. XII), atalaia fermosa onde se albiscan os viñedos cos socalcos e parte do encoro do mesmo nome, San Paio de Diomondi (Románico rural, s. XII), breve paseo polos Codos de Belesar e a pequena Igrexa Románica de Santa María de Seteventos, cun interesantísimo conxunto de pinturas murais de finais do s. XV, un retablo barroco, unha cruz de prata do s. XVIII e pinturas góticas do s. XV no seu interior.

Seguindo a nosa liña doutras xeiras, mesturáronse elementos artísticos e históricos con pequenos percorridos por lugares de gran beleza paisaxística e natural.

7, 14, 21, 28 de outubro de 2016

CICLO CINE E MEMORIA



No mes de outubro de 2016 lembráronse 80 anos máis tarde o asasinato dos Ineses, Pepe e Luís, máis de Dolores Samuelle o 13 de outubro de 1936. O 15 de outubro seguinte na Volta dos Nove en Baiona foron asasinados nove homes.

Os actos conmemorativos deste ano xiraron ó redor do mundo da muller represaliada a partir do golpe de estado do 36. Por elo o IV ciclo de Cine e Memoria levou o título de REPRESALIADAS. Celebráronse todos os venres do mes no Auditorio da Casa do Concello de Nigrán. O programa foi o seguinte:

IV Cine e memoria

Represaliadas

Auditorio do Concello de Nigrán

7 outubro 2016 venres 20h. Conferencia

MONTSE FAJARDO

“A represión sobre as mulleres tras o golpe de estado do 36”.

14 outubro 2016 venres 20h. Documental

Guillena 1937

Director: Mariano Agudo. Vídeo-tertulia: Leonardo Alanís Falantes.

21 outubro 2016 venres 20h. Documental

Silenciadas

Director: Pablo Ces.

Investigación e guiión: Aurora Marco.

28 outubro 2016 venres 20h. Documental

Digna rabia

Directores: María Victoria Martínez e Ángel Rodríguez Gallardo.

15 de outubro de 2016

A VOLTA DOS NOVE



Neste mes de outubro cúmprense 80 anos do asasinato dos veciños de Sabarís Ventura Pérez, Dolores Samuelle Álvarez e os irmáns Luís e José López Luís, “Os Ineses”, en mans da represión franquista na mañá do 13 de outubro de 1936. Cúmprense tamén un novo cabodano da execución de nove mariñeiros do Val Miñor acaecida días despois, na madrugada do 16 de outubro, no lugar de Baiona que agora os lembra, A Volta dos Nove. En honor á memoria destes veciños e veciñas da nosa bisbarra, o Instituto de Estudos Miñoráns convoca a unha serie de homenaxes que terán lugar este sábado 15 de outubro, e que contarán coas intervencións de Montse Fajardo Pérez, María Xosé González Chamorro e Cristina Fernández Ameal, e as actuacións instrumentais de David Arroyos Juan no fagot e Margarida Mariño Suárez no violonchelo.

18 de outubro de 2016

ASEMBLEA DE SOCIOS/AS



A Xunta Xeral de Socios/as do IEM quere ser algo máis ca unha xuntanza anual obrigada polos nosos estatutos. A Xunta Directiva quixemos non só dar conta das nosas actividades e presentar o estado de contas deste Instituto de Estudos Miñoráns. Cremos todos nós que é unha obriga achegarnos todos os socios/as para agradecer todo tipo de colaboración que fai posible as distintas creacións culturais deste instituto. Temos a esperanza de que destes encontros xurdan novas posibilidades que poidan suplir as deficiencias que as crises económicas ocasionaron nos últimos anos. Coñecemos a nós mesmos e a nosa historia será o mellor instrumento para planificar unha vida colectiva, presidida pola alegría de compartir o patrimonio natural e cultural do noso Val de Miñor.

30 de outubro de 2016

PRESENTACIÓN DO LIBRO “OS CONTOS PEQUENOS” DE VICTORIANO TAIBO



No ano 1955 o doutor Antón Beiras García, oftalmólogo de gran prestixio internacional, recibiu un entrañable agasallo: un volume manuscrito que contiña oito contos populares aos que Victoriano Taibo lle dera forma literaria. O doutor, totalmente comprometido coa causa galeguista, teimaba en educar os fillos en galego e por esa época debía estar introducindo o primoxénito na lectura e escritura nesta lingua que carecía de material axeitado, polo que mercaba libros en portugués. A dobre condición de mestre e escritor do académico, amigo seu, non debeu ser allea á súa decisión de escribir, encadernar e regalarlle ao médico aquela obríña única que titulou *Contos pequenos*, dedicada ao fillo Hixinio.

O IEM ofreceu este opúsculo na súa versión orixinal acompañado de catro artigos de diversa índole; así, Hixinio Beiras Cal falou dos seus recordos daquela época; Camiño Noia Campos incardinou os contos dentro do folclore internacional; Gonzalo Navaza Blanco fixo un estudo do léxico e das expresións empregadas; e Xesús Alonso Montero contounos a historia externa do manuscrito. Leva, tamén, unha versión actualizada (cun vocabulario, ao final, das palabras que, sendo galegas, non se atopan no dicionario da RAG) do texto dos contos coa dobre finalidade de facilitar a lectura do manuscrito e de que sirva como libro de lectura para cativos en idade escolar, ilustrado por Fino Lorenzo.

Este volume, concibido como unha unidade, desmémbrase en tres libros que poden ser lidos independentemente, facilitándolle ao lector o uso que desexe facer da información aquí ofrecida. Conteñen, respectivamente, as partes comentadas máis arriba, é dicir, a edición facsimilar, o conxunto de artigos de acompañamento e a versión actualizada. Unha faixa envolvente que serve de portada do conxunto, deseñada igualmente por Fino Lorenzo, consegue a unidade antes mencionada.

A presentación desta obra, dirixida a escolares e a adultos, tivo lugar o día 30 de outubro, domingo, no Auditorio Municipal “Lois Tobío” de Gondomar nun acto dirixido por Marta Dacosta que constou da lectura creativa de varios contos a cargo de alumnos do CEP “Neira Vilas” (Peitieiros), do CEP de Sabaris, dos alumnos Xián, Pablo e Antía, do grupo de teatro afeccionado “Xesta Vermella” (Borreiros) e de Paco Barreiro; houbo tamén un concerto do último citado, Paco Barreiro, cantante, músico, compositor e actor.

NOVEMBRO 16

10 de novembro de 2016

PRESENTACIÓN DE CONTOS PEQUENOS NA CASA DAS CAMPÁS DE PONTEVEDRA



O xoves día 10 de novembro, organizado polo Ateneo, tivo lugar na Casa das Campás de Pontevedra o acto de presentación do volume titulado *Contos pequenos*, un manuscrito inédito de Victoriano Taibo, consistente en oito contos, que o Instituto de Estudos Miñoráns sacou do prelo. No acto, presentado por Miguel Anxo Mouriño, participaron Xesús Alonso Montero, Camiño Noia Campos e Gonzalo Navaza Blanco, autores de senllos artigos que tratan diversos aspectos do texto.

19,20,26,27 de novembro de 2016

I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO DE BAIONA



Dende o sábado 19 de novembro o Auditorio V Centenario de Baiona acolleu a I Mostra de teatro afeccionado de Baiona. Organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns co apoio do Concello de Baiona.

“Polos pelos” foi a obra que abriu esta parte da mostra organizada polo IEM, a cargo de A Moura de Chaín.

O programa continuou o domingo 20 de novembro con “Sopa de pedra” a cargo de Xente aquí e dacolá (Mañufe).

O grupo de Xesta vermella (Borreiros) saíu á escena con “Todos á escola!” o 26 de novembro e para finalizar o día 27 de novembro unha segunda obra de Xente daqui e dacolá, “Quen nos manda facer teatro?”.

11 de novembro de 2016

FALADOIRO: “QUE SON OS GARRANOS SALVAXES QUE HABITAN NOS MONTES DE GALICIA? POR FELIPE BÁRCENA VARELA DE LIMIA”



O venres 11 de novembro iniciáronse “Os faladoiros do IEM” con “*Que son os garranos salvaxes que habitan nos montes de Galicia?*” a cargo de Felipe Bárcena Varela de Limia, especialista en mamíferos silvestres e investigador asociado do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía; Bioloxía Celular e Ecoloxía do Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias na Universidade de Santiago de Compostela. Ten sido coordinador de máis de doce proxectos científicos de larga duración financiados con fondos públicos e privados; é autor de máis de cincuenta artigos en revistas científicas, de numerosos informes oficiais e de tres libros; ten presentado cerca dun centenar de comunicacións en congresos científicos. Dende 2006 a súa actividade científica está centrada na investigación da historia natural dos garranos.

Foi na Aula de Cultura Ponte de Rosas.

DECEMBRO 16

3 de decembro de 2016

XEIRA ALÉN MIÑOR: TERRAS DE COVELO-ETNOGRAFÍA



A nova xeira alén Miñor tivo un carácter sobranceiramente etnográfico, temas como a relación do home cun animal que dende séculos lle proporciona un alimento extraordinario, a garantía de polinización de moitísimas especies vexetais e, neste caso que nos ocupa, luz para alumar os fogares e sobre todo unha relación co máis alá, coa espiritualidade e a devoción, grazas a un elemento fundamental que as abellas melíferas europeas (*Apis mellifera* L.), e especialmente as novas, de entre 10 e 20 días de vida, producen dentro das colmeas: A cera.

As características físico-químicas tan especiais que ten a cera, facilitan que teña innumerables usos e posibilidades, en diferentes sectores produtivos.

Covelo é un concello cereiro por tradición, especialmente a parroquia de Paraños, onde dende hai máis de tres séculos moitas familias fixeron da cera unha forma de subsistencia.

Toneladas de candeas e exvotos fabricáronse artesanalmente nestas terras que fornecían a numerosas localidades tanto de Galicia coma do resto da península. Infinitas de romarías tiñan postos de venda de produtos feitos en Covelo. Incluso o sector da cosmética e do calzado se interesaron polas posibilidades da cera, e abriron canles de comercialización de diferentes xéneros.

10 de decembro de 2016**ACTO DE ENTREGA DO IX PREMIO DE POESÍA “VICTORIANO TAIBO” A XOSÉ IGLESIAS LAMELA COA OBRA “A RELIXIÓN DO MAR”**

O xurado do IX Premio de Poesía Victoriano Taibo, formado polos profesores e escritores Xulián Maure, Gonzalo Navaza, Marta Dacosta, Iñaki Varela e Miguel Anxo Mouriño, acordaron concederlle o galardón ao poeta fisterrán de Cee Xosé Iglesias Lamela polo poemario titulado *A relixión do mar*. Trátase dun libro que, sen abandonar a linguaxe poética, constitúe un auténtico tratado sobre a vida en e relacionada co mar. Desfilan por estas páxinas aparellos, artes de pesca, coñecementos de navegación, embarcacións, carpintería de ribeira, lugares, sucesos e un grande etcétera que o autor aproveita habilmente rebordando a súa intención didáctica e presentándonos, a través de imaxes ricas e suxestivas, un proxecto de vida na que cicela a súa propia identidade. Versos con recendo a marúsia que evidencian coñecemento profundo e vivencia delongada do mundo mariño nesta “homenaxe á fe infinita que teñen os nosos mariñeiros por este anaco de océano. Unha fe a se representar en distintos rituais que van converxendo ao longo da costa e do tempo”, en palabras do autor.

O premio está dotado con 3000€ e unha peza escultórica da autoría de Fino Lorenzo. O acto de entrega, conducido por Marta Dacosta, tivo lugar o sábado día 10 de decembro no auditorio municipal Lois Tobío, co seguinte programa:

A banda de gaitas Balcón do Miñor, de Morgadáns, abriu o acto.

Marta Dacosta fixo unha breve lembranza da figura de Victoriano Taibo e recordou tamén a recente publicación da súa obra inédita *Contos pequenos*.

O CEP Neira Vilas, de Peitieiros, interpretou dous destes contos.

Xosé Lois Vilar fixo un breve comentario sobre o libro premiado.

O autor recibe o galardón da man do alcalde de Gondomar, Francisco Ferreira, e recitou algúns poemas da súa obra.

Actuación da banda de gaitas Balcón do Miñor, de Morgadáns.

Despois da queda de agradecementos clausurou o acto o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

VIDEO DO ACTO

<https://app.box.com/s/mk4dnkrtsyxjzv3nsaiej6ff7getgq3x>

INTERVENCIÓN DE ALONSO MONTERO

<https://app.box.com/s/5hvi76bt20r9st8tssko07lkf6rxvzta>

FOTOS EVENTO

<https://app.box.com/s/amtsgbyetq50lzq0sxgm1rbrxa400z6e>

ENLACE PERIÓDICO DIXITAL

<http://grupoescomunicaciongalicia.com/?p=49372>

16 de decembro de 2016**2º PREMIO TELEARQUEOLOXÍA 2016: EQUUS FERUS ATLANTICUS**

Fallado o concurso de premios para vídeos de temática arqueolóxica promovido polo Museo de Pontevedra e baixo o patrocinio da Deputación de Pontevedra.

Nesta primeira edición concorreron ao premio un total de 49 curtas, 25 e 24 respectivamente, que participaron en dúas categorías: Lascas, para menores de 18 anos, e Bifaces para maiores.



O IEM participou na categoría Bifaces cunha curta que non podía sobrepassar os 15 minutos, e que titulou *Equus ferus atlanticus*, logrando o segundo premio da categoría, despois da curta titulada “Os restos do pasado: unha viaxe pola Lanzada”, que se fixo co diploma e 3000€ de premio.

A curta do IEM, que foi presentada en colaboración con Arraianos producións e Zinemusic producciones, que se encargaron da parte técnica e do son do vídeo, logrou 2000 € de premio que foron compartidos polas asociacións que colaboraron na realización.

A curta é un resumo breve dun traballo que o equipo do IEM vén realizando sobre o estudo dos garranos da Serra da Groba e a súa representación gráfica nos gravados rupestres que se teñen atopado na nosa contorna e na bacía do río Miño, tanto na beira portuguesa como galega.

Como traballo de curta duración e aínda en fase de investigación, no vídeo non se amosan tódalas representacións que se coñecen, nin algunhas novidades que o IEM ten pensado facer públicas en breve. Si se indica o gran valor que teñen os garranos como patrimonio natural e cultural, senlleiro das nosas terras do sur e do norte de Portugal, e dos petróglifos con escenas de monta e caza de équidos que se coñecen e outros de novo descubrimento nos que hai patróns gráficos e estéticos novidosos no mundo da arte rupestre galega.

O IEM vai dedicar integralmente a parte que lle corresponda do premio a investimento no patrimonio do Val Miñor e a seguir colaborando con Arraianos producións noutros proxectos sobre arqueoloxía e etnografía, para difundir e dar a coñecer a gran riqueza patrimonial que temos no Val de Miñor e que en moitos casos está en perigo de desaparición ou de estragarse.

O IEM quere facer pública a colaboración desinteresada de persoas e de entidades que colaboraron para que este proxecto chegase a bo fin, e vai facer en próximas datas proxeccións e charlas explicativas coa curta, para divulgar este rico patrimonio, ofrecéndoa en primeiro lugar aos colexios, institutos, a asociacións, comunidades de montes e outras entidades que amosen interese polo noso patrimonio.

23 de decembro de 2016

PRESENTACIÓN DO BLOG UN DÍA PARA TAIBO



O Instituto de Estudos Miñoráns está a desenvolver unha campaña para conseguir un Día das Letras Galegas para Victoriano Taibo, e nela insírese o inicio do blog que se presenta titulado, con esta intención, UN DÍA PARA TAIBO, no que se irán publicando todo tipo de documentos relacionados coas actividades que arredor da súa figura se realizasen nalgún momento pasado ou vaian realizarse no futuro. O acceso é a través do enlace existente na barra superior da páxina de Inicio da web do IEM: www.iem.gal.

**CATÁLOGO DE
COLABORADORES E
COLABORADORAS**

DIZ FERREIRA, JORGE

(Gondomar, 1988)

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Vigo. Despois de cursar un Mestrado en Investigación en Lingua Española na Universidade Complutense de Madrid, comezou o Doutoramento en Estudos Lingüísticos (Universidade de Vigo/Universidade da Coruña) coa tese titulada “Fala bilingüe e biculturalidade: prácticas discursivas e identidades rurbanas en familias emigradas do municipio de Gondomar á cidade de Vigo”. As súas principais liñas de investigación son, por tanto, o bilingüismo e a sociolingüística interaccional e principalmente temas sobre os que ten escrito artigos e capítulos de libro.

GARCÍA MARTÍNEZ, XOSÉ RAMÓN

(Pontevedra, 1950)

Licenciado en Ciencias Biolóxicas pola USC. Catedrático xubilado de I.E.M., vive no val Miñor desde 2002. Ademais de publicar diversos artigos de contido pedagóxico participou na redacción dos primeiros libros de texto de Ciencias Naturais para 1º e 3º do vello BUP (os primeiros textos para este nivel feitos para Galiza e desde Galiza). Só ou en compañía doutros publicou unha trintena de artigos sobre taxonomía e coroloxía de plantas galegas. Resumo destas investigacións son os libros Pequena Flora de Galicia (1979), Guía das plantas con flores de Galicia (1990) e Guía das plantas de Galicia (2008).

Desde a súa incorporación ao IEM é coordinador de Xeiras e membro da Xunta de Goberno. É premio “ANTÓN LOSADA DIEGUEZ”, VII Edición, 1992.

LEMONS CERQUEIRA, MARÍA

(Vigo, 1964)

Mestra de Educación Primaria pola Escola Universitaria de Maxisterio de Vigo. Adquire posteriormente a especialidade de Educación Infantil. Realizou tamén estudos de Medio Ambiente e Educación pola UNED, e Experta Universitaria en Asesoría Medioambiental polo Departamento de Cristalografía e Mineraloxía, Estratigrafía, Xeodinámica e Petroloxía e Xeoquímica da Universidade de Cádiz, e ampla formación en educación.

Actualmente exerce de mestra no ensino público en primaria e é secretaria da Xunta Directiva do IEM

LORENZO, VÍCTOR

(Baiona, 1968)

Dende neno séntese atraído polo debuxo e ten contactos coa expresión plástica, se ben publicamente o primeiro camiño ensaiado será o da música. Formará parte de diversos grupos de música contemporánea nos que achegará, principalmente, voz e letra. Mais tarde decide investigar de xeito autodidacta

no campo da escultura influído dende o inicio pola obra de Álvaro de la Vega. Tamén, por proximidade, en ambos os dous campos recibe algunha influencia de seus irmáns, ambos os dous maiores ca el.

Despois de anos de traballo buscando unha expresión propia chégalle o encargo de crear a peza representativa dos “Premios Galegos da Música <Martín Codax>”, que vai pola 4ª edición.

En 2015 inicia a idea-proxecto de eloxio á parroquia, de descrición do concello en Galicia a través da parroquia. A peza, co aceiro cor-ten como material base, titúlase “Asemblea de mulleres”.

Na actualidade vive e traballa en Borreiros, Gondomar.

Escolma de exposicións:

- 2002 Colectiva “Arte no Morrazo” (Cangas)
- Individual Galería Juan Camacho (Baiona)
- Colectiva Galería Visor (Ourense)
- 2003 Colectiva Conxemar (Vigo)
- 2004 Individual Fundación Nautilus (Vigo)
- 2005 Individual Liceo Marítimo (Baiona)
- 2006 Individual Teatro Ensolle (Vigo) -dende entón todos os anos-
- 2009 Individual Arte Bronce (A Guarda)
- Individual IEM (Gondomar)
- 2010 Individual Casa da Cultura Manuel Loureiro Rey (O Grove)
- Colectiva Xardín do Pazo de Castrelos (Vigo)
- 2012 Colectiva Arte no Morrazo

2013 Individual Foto Galery Javier Teniente (Vigo)

1º Premios Galegos da Música, Estatuíñas Martín Codax

Colectiva Exposición Internacional de Artes Plásticas. Vendas Novas (Portugal)

2014 2º Premios Galegos da Música

2015 Víctor Lorenzo e Gabi Carrera. Mercado de la tia Ni (Sabaris – Baiona)

2016 3º Premios da Música <Martín Codax>

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual www.bivir.com, promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do IEM.

MÉNDEZ QUINTAS, EDUARDO

(Nigrán, 1982)

Arqueólogo e doutor en Evolución Humana. Centra as súas investigacións no campo da Prehistoria antiga da península Ibérica, nomeadamente no estudo das primeiras ocupacións humanas con tecnoloxía achelense. A súa tese de doutoramento “Caracterización y variabilidad tecnomorfológica de las industrias achelenses de la cuenca baja del río Miño” centrouse no estudo do poboamento humanos con esta tecnoloxía lítica na bacía do río Miño. Participou na escavación dos principais xacementos desta cronoloxía a escala peninsular: Amborna e Torralba (Soria), Cuesta de la Bajada (Teruel), Atapuerca (Burgos), Puente Pino (Toledo), Pinilla del Valle (Madrid)... En Galicia e Portugal desenvolve traballos de escavación nos xacementos paleolíticos de O Cabrón (Arbo), Porto Maior (As Neves), As Pedreiras (Monção) e As Veigas (Melgaço). Na actualidade forma parte do equipo de investigación do proxecto internacional Minho-Miño: Estudio das ocupacións plistocénicas da cunca baixa do río Minho e recentemente do TOPPP: The Olduvai Paleoanthropology and Paleoecology Project. Asemade forma parta da xunta de goberno do Instituto de Estudos Miñoráns, do Clube Espeleolóxico Maúxo e da asociación “El Hombre y el Medio”.

OJEA VIDAL, JOSÉ RAMÓN

(Pontearreas)

Natural de Pontearreas, reside desde 1977 en Nigrán. Adquire a súa formación informática na Escuela Oficial de Informática en Madrid na sede de IBM España. No seu campo profesional desempeñou diversos cargos en empresas como Coren, Pescanova e Indugasa. Actualmente é director de Sistemas de Información do Consorcio da Zona Franca de Vigo. As iniciativas seguintes encóntranse entre as súas responsabilidades máis destacadas.

Ardan (www.ardan.es) Servizo de Información de negocio desnvlovido polo Departamento de Servizos Avanzados Consorcio da Zona Franca de Vigo. Creado desde 1989, a súa principal misión é achegar ó público en xeralinformación empresarial con alto valor engadido.

Gaelic nace en 2001 como PRAI (Programa de Accións Innovadoras), baseado na estratexia da Unión Europea de Lisboa de marzo de 2000, conducido polo consorcio Zona Franca de Vigo. Co obxectivo de mellorar o acceso aos mercados de empresas galegas desenvolveu máis de 40 iniciativas para os sistemas de produción pesqueira e pedra natural. Foi desenvolvido en colaboración con vinte asociacións empreatoriais, administración rexional, administración central, cinco corpos intermedios, tres bancos, tres colexios e cinco profesionais de Galicia.

Lignum facile (www.lignumfacile.com). Rede promovida polo Consorcio, en colaboración con outras partes interesadas, creada para promocionar os valores diferenciais no uso e aproveitamento da madeira.

PORTO VARELA, XOSÉ HENRIQUE

(Malpica, 1952)

Mestre de 1º Ensino. Especialista, coma profesor de EXB, en Galego por cursos homologados. Profesor da ESO. Licenciado en Ciencias da Educación pola UNED. Fundador con outr@s colegas do Sindicato de ensino da CXTG. E tamén do sindicato da Administración na mesma central. Onde exerceu cargos de delegado sindical coma na Executiva. Membro do movemento de renovación pedagóxica, Nova Escola Galega.

Exerceu como profesor ata o ano 2012, no que se xubilou, no Centro Educativo de Panxón, tanto na época do ISM, coma na Xunta de Galicia, unha vez transferido. Dende o 1º curso escolar dese centro no ano 1975-76. Sendo Secretario e Director de residencia varios anos. Tamén dinamizador da Biblioteca ata a xubilación, entre outras actividades; como por exemplo director de colonias e campamentos de verán, etc.

Dende o ano 2006, pertence ao movemento solidario participando como delegado para o Val Miñor na ONG Solidariedade Galega co Pobo saharauí, así como responsable para

temas de educación e cultura e voceiro na organización de SOGAPS. Ademais de Familia acolledora de nen@s saharauís, visitou reiteradas veces os campamentos de refuxiados de Tinduf, os Territorios ocupados da RASD, e participa en diversas misións colaborando co traballo do Frente Polisario: observador internacional no xuízo dos presos saharauís de Gdeim Izik en Rabat, congreso de cultura de Smara, campañas de atención á educación e conferencias diversas por centros de ensino e universidades de Galicia...

SOLIÑO TRONCOSO, ANTONIO

(Gondomar, 1958)

Arquitecto pola F.A.A.U.L. do Porto, onde obtivo premio especial como número dous da licenciatura. Tamén, titulado en arquitectura técnica pola E.U.A.T. da Coruña. Realizou viaxes de estudo por algúns países de Europa. É membro de número do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, da Ordem dos Arquitectos Portugueses -SRN- e do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra. Forma parte da Xunta de Goberno do IEM dende o ano 2011.

Ten gabinete propio en Gondomar, vila natal, dende o ano 1984, e realizou proxectos de arquitectura, só ou en colaboración, para distintos puntos de Galicia e Portugal. Preocupado polo patrimonio, participou na re-

cuperación, posta en valor e rehabilitación dun número considerable de pezas arquitectónicas de interese histórico, etnográfico, ou monumental, emprazadas no Val de Miñor e Baixo Miño. Neste mesmo ámbito, foi o autor da documentación e argumentación para a declaración de Ben de Interese Cultural (B.I.C.) para o Pazo de Gondomar, acadada con categoría de monumento no ano 1999.

A súa obra foi seleccionada na VIII Bienal Internacional de Cerveira (Portugal), no apartado de escultura, e a produción arquitectónica tenlle sido recoñecida e premiada en varias ocasións e exposta ou difundida nalgunhas outras.

Ademais, ten publicado artigos dentro da temática profesional e artística en distintos medios, e o interese pola conservación e divulgación da etnografía e demais bens patrimoniais téñeno levado a publicar estudos específicos e a conducir diversas visitas guiadas. É coautor do libro *Gondomar. Historia, Arte e Territorio* (1995) e coautor e coordinador de *retallos de GONDOMAR DE MIÑOR* (2012) e *GONDOMAR 1914-2014. Identidade e representación da vila condal a través da evolución dunha sociedade artístico-deportiva* (2014). En solitario publicou ALFONSO SOLIÑO TRONCOSO. *Obra plástica para o iem 2002/2015* (2015) e *TRAS OS PASOS DO CONDE DE GONDOMAR. Unha viaxe alén Miñor* (2016), este baixo pseudónimo.

SOLLA, CALROS

(Pontevedra, 1971)

É profesor de historia e lingua galega, etnógrafo e escritor. Membro fundador do colectivo cultural e ecoloxista Capitán Gosende. Membro da Sección de Literatura de Tradição Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Polo seu traballo incansable de promoción e posta en valor da lingua e da cultura galega e nomeadamente do patrimonio natural e inmateral do concello de Pontevedra, concedéuselle o Premio Cidade de Pontevedra 2015.

No eido poético, é autor dos poemarios *Xábreggho* (1999), *Mel de arañas* (2000), *Terras raras* (2001) -todos tres recollidos na antoloxía *Ras e tritongos* (2003)-. Os versos de *Xábreggho* e *Mel de arañas* foran galardoados co 1º Premio de Poesía no I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo (1992). É autor tamén de *Cerdedo in the Voyager I* (2004) e *Libro de reclamacións* (2005), coleccións de poesía visual, e mais dos libros de “retrónicas” *reGaliza e outras chuches* (2008) e *O orgullo do gurgullo* (2012), tributo á Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) no seu 25 aniversario. En 2010, saíu do prelo *Pan prós crocodilos*. Ese mesmo ano, foi merecente do Premio de Poesía Johán Carballeira polo poemario *MazinGZ* e, en 2011, do Premio de Poesía Victoriano Taibo polo poemario *Holocausto zaoe*.

VILAR PEDREIRA, XOSÉ LOIS

(Baiona, 1965)

Licenciado en Historia pola USC aínda que se dedica á venda de froita en tendas e feiras. Como arqueólogo escavou castrexo en Portugal, neolítico nas Campurras (Santa Baia, Gondomar), represaliados da represión franquista en San Xián (O Rosal), Baiona e Vilarmaior. Con Eduardo Méndez musealizou o conxunto de petróglifos no Outeiro dos Lameiros e O Grichouso. Con Roberto Rodríguez recolleu os nomes do mar desde Salcidos (A Guarda) ata Priegue (Nigrán) que serviu de base á súa

obra: *Talasonimia da costa sur de Galicia* (2008). Cunha visión eminentemente divulgadora considera que a información recollida sobre petróglifos, talasónimos, non é para gardar nas gabetas polo que ten participado en numerosas exposicións, charlas, visitas guiadas, diúrnas e nocturnas, e asistido a congresos. Neste labor de difusión ten publicado tamén *Os nomes do mar de Baiona e Panxón* (2008, con ilustracións de Pepe Carreiro) dirixido á xente miúda. É subdirector do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) e membro da Asociación Galega de Onomástica e da Asociación SOS GROBA.

